CÁTEDRA

Revista eumesa de estudios

Pontedeume *Nº 18*



PRESENTACIÓN

Un ano máis xa temos entre nós un novo exemplar da nosa Revista eumesa de estudios Cátedra. Como cada ano na revista amósanse unha variedade de traballos, trece en total, nos que os seus autores/as intentan achegarnos a diferentes temáticas da nosa historia local. Son a estes/as profesionais aos que temos que agradecerlles ano tras ano o seu tempo adicado á investigación sobre a nosa vila e comarca.

Na presentación do ano pasado prometiamos que a revista podería ser consultada en Internet a través da páxina web do concello de Pontedeume (http://catedra.pontedeume.es), pois ben, isto hoxe é unha realidade. Tamén poden consultar nesta páxina os Premios de Investigación Concello de Pontedeume en temas etnográficos.

Animo dende esta páxina de Cátedra a todas aquelas persoas que queiran sumarse a esta importantísima iniciativa a colaborar enviando os seus traballos para os futuros números, que nos axuden a descubrir o noso pasado recente e antigo e, así, poder saber algo máis de nós.

Grazas e noraboa por todo.

Gabriel Torrente Piñeiro
Alcalde de Pontedeume

OS CRUCEIROS COA IMAXE DO APÓSTOLO SANTIAGO NO CONCELLO DE PONTEDEUME

José Mª Fonte Sardiña

1. A PRESENZA DOS POBOS CELTAS EN TERRAS GALEGAS NO TEMPO DO APÓSTOLO SANTIAGO E A POSTERIOR CRISTIANIZACIÓN DOS SEUS MONUMENTOS E AS SÚAS XENTES DESPOIS DE SER ROMANIZADOS

Cando, segundo a tradición, chegou á Península Ibérica o apóstolo Santiago para evanxelizala, vivían en terras de Galicia os pobos celtas[1]. Non sen certa esaxeración asegura Manuel Murguía que no tempo no que "as tribos celtas puxeron o pé en Galicia e se apoderaron do extenso territorio que compoñía a provincia galega, á que lle deron nome, lingua, relixión, costumes, nunha palabra, vida enteira, ese día rematou o poder dos homes inferiores no noso país […]. O celta é o noso único, o noso verdadeiro antepasado"[2].

Aínda que, segundo Couceiro Freijomil, "a terra eumesa non foi explorada prehistoricamente e, polo tanto, non podemos dicir nada dela neste sentido […], hai probas abondas de que os celtas existiron nela"[3]. Estes os nosos devanceiros utilizaban como elemento defensivo os castros[4] e nas Terras do Eume está moi documentada a presenza desta cultura castrexa que deixou, ademais, unha fonda pegada na toponimia, como o demostran as actuais denominacións de lugares como O Castro, na parroquia de San Cosme de Nogueirosa; Os Castros, na de San Martiño de Andrade; ou de Castro de Ombre[5]. Pola súa parte, o topónimo Castrelo, na parroquia de Santa María de Centroña, provén do diminu-

1. Como asegura Vicente Risco, "os celtas entraron en Galicia no século VI antes de Cristo […] e pertencían ao grupo indoeuropeo ou indoxermánico procedente da Europa Central […]. Coa invasión celta comeza en Galicia a Idade do Ferro. Os celtas trouxeron a cultura chamada de Hallstatt, característica da Europa Central, que produciu aquí a cultura indíxena á que se lle dá o nome de cultura Norte dos Castros, que dura até a dominación romana"; tomado e traducido de Risco, V.: *Historia de Galicia*, 1952, Editorial Galaxia, Vigo, terceira edición 1976, p. 18 e 19.

2. Tomado e traducido de Murguía, M.: *Galicia*, t. I, Santiago de Compostela, 1985, p. 21 e 22.

3. Couceiro Freijomil, A.: *Historia de Pontedeume e a súa comarca*, Pontedeume, 1995, cuarta edición, p. 12-14.

4. Véxase, entre outros, Risco, V.: *Historia…, op. cit.*, p. 22.

5. O conde de Quirós confirma que o topónimo Castro de Ombre procede, "sen discusión, de UMEBRIGS, que significa o castro ou altura fortificada do río Ume [hoxe Eume] […], que flúe nas inmediacións do castro, abrazando nunha revolta do

tivo de castro[6]. Ademais, o conde de Quirós asegura que a localización da cidade celta de Adrobrica coincide "co populoso castro que ao sudoeste da actual Pontedeume, nos confíns de Centroña, se acubillaba no alto cumio do Breamo"[7]. Entre os pobos celtas que habitaban Galicia, cita Vicente Risco "os ártabros, que debían comprender varios grupos entre o golfo da Coruña e o cabo de Fisterra"[8]. O actual golfo Ártabro abrangue as rías de Ares −onde verte as súas derradeiras augas ao mar o río Eume−, Ferrol, A Coruña e Betanzos. Estas terras ártabras foran descritas xa por Pomponio Mela, contra o ano 40 −coincidindo cos tempos nos que Santiago, segundo a tradición, predicaba por estes lugares−, na súa *Chorographia*[9].



Vista do Breamo e das rías do golfo Ártabro desde o Castelo de Andrade

seu leito e lambendo coas súas ondas os declives últimos do terreo sobre o que se erguía o poboado forte prerromano"; tomado e traducido de MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *Toponimia del Concejo de Pontedeume y cartas reales de su puebla y alfoz*, A Coruña, 1987, p. 30.


6. O conde de Quirós di que "o lugar de Castrelo contempla ao sueste a alta cima do Breamo (305 metros), en cuxa pendente noroeste se asentan Os Castros −idéntica forma plural, aínda que distinta realidade que Os Castros de San Martiño de Andrade−. Creo posíbel, por iso, que o diminutivo denote, no noso caso, o patente contraste con aquelas entidades castrexas ao seu fondo, máis elevadas e extensas"; *idem*, p. 138.

7. *Idem*, p. 13.

8. Tomado e traducido de RISCO, V.: *Historia…, op. cit.*, p. 19 e 20.

9. Nesta obra, Mela aseguraba que "in ea [ora] primum Artabri sunt, etiamnum Celticae gentis, deinde Astyres. In Artabris sinus ore angusto admissum mare non angusto ambitu excipiens Adrobricam urbem et quattuor amnium ostia incigit: duo etiam inter accolentis ignobilia sunt, per alia duo Anaris exit et Iubia". O filólogo Isidoro Millán recolle esta cita de Pomponio Mela e nós poñemos en galego a tradución que el fai a castelán: "Naquela costa, están primeiro os ártabros, que son eles mesmos de estirpe celta, despois, os ástures. Entre os ártabros, un golfo no que penetra o mar por unha estreita boca, pero cuxo contorno se ensancha considerabelmente para recibilo no seu interior, abraza no seu xiro a cidade de Adrobrica e as desembocaduras de catro ríos: dúas delas non alcanzan sona nin entre os seus habitantes [refírese ás dos ríos Lambre e Baxoi] e polas outras dúas desaugan o Anaris [hoxe chamado río Eume e con cuxo nome latino evolucionado en romance se nomea a ría de Ares na que desemboca] e o Iubia [o actual río Xubia]"; cfr. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *Toponimia…, op. cit.,* p. 25 e 26.

No tocante á cultura das artes que os celtas deixaron nestas terras, destaca Vicente Risco −ademais dos monumentos funerarios, as rudimentarias esculturas e o fino traballo cos metais na elaboración de armaduras, espadas e outros obxectos guerreiros− "as abundantes xoias de ouro, principalmente os torques ou colares ríxidos, que talvez fosen insignia de dignidade, e os brazaletes de diversos tipos, os colares, as arracadas, as diademas"[10]. Segundo Couceiro Freijomil, "compróbase, así mesmo, a existencia dos celtas na comarca [eumesa] por algúns obxectos atopados aquí, como un torques de ouro, que apareceu na parroquia de Centroña, no ano 1912, no lugar de Castrelo, nome ben significativo xa en por el"[11].



Torques de Centroña

Así e todo, Vicente Risco constata que "os monumentos máis dignos de nota na nosa arte popular son os cruceiros, que inzan por toda a nosa Terra cunha profusión somentes igualada na Bretaña peninsular, ou Armórica"[12]. É moi posíbel que os cruceiros galegos e mais os da Bretaña francesa veñan da cristianización dos *crómlechs* bretóns, que eran uns monumentos megalíticos formados por pedras ou menhires chantados na terra que adoptaban unha forma circular ou elíptica e rodeaban un espazo, que proliferaron na Gran Bretaña, na Bretaña francesa e tamén en terras de Galicia e mais de Portugal, e que foron cristianizados coa cruz.

Otero Pedrayo asegura que "a primeira idea da Galicia nace na historia cando dunha orixinaria terra ignorada saíron os primeiros celtas migradoiros. A primeira idea,

10. Tomado e traducido de Risco, V.: *Historia..., op. cit.*, p. 25 e 26.

11. Couceiro Freijomil, A.: *Historia de Pontedeume..., op. cit.*, p. 15.

12. Risco, V.: *Etnografía*, t. III, Galaxia, Vigo, 1994, p. 717.

neboenta, confusa, elemental da Galicia, e da Bretaña, e da Irlanda, e da Escocia, e da Auvernia, e da Cisalpina e de todas as patrias célticas […]. E foron poboadas a Bretaña e a Irlanda, a Escocia e a Galicia […]. Foron os celtas estes homes e nelas asosegaron o seu angurioso andar e as terras falaron por primeira vez na verba dos homes"[13]. Pero coa romanización, as tradicións celtas foron cristianizadas e, como di Otero Pedrayo, "cando a cruz latina foi coroa do dolmen estivo a Galicia criada. A cruz, na alma anterga xa debuxada como esperanza e promesa"[14]. Asegura, ademais, Otero Pedrayo que "non se debe esquecer que a conquista de Galicia polos romanos coincide coa formación do Imperio e a aparición do cristianismo […]. É o primeiro Imperio[15] e a primeira influencia estraña que sofre a Galicia celta […]. Polo camiño chega e na cidade fala a Boa Nova, o Evanxeo de Cristo, pola vía romana e tamén polo mar. A traxectoria da barca de Santiago non toca costa ningunha até aquela predestinada, onde o Ulla e o Sar senten o amargor da onda mariña. Como se o apóstolo da oriental Xudea quixese levar directamente o seu Evanxeo até o remoto Occidente […]. Galicia empápase, asemade, de Evanxeo e de latín. Sen deixar de ser celta, entra na familia dos pobos da cultura"[16].

Tamén intúe o noso historiador Couceiro Freijomil que "a predicación do cristianismo en terra eumesa quizais se remonte ós tempos apostólicos. Isto non é unha conxectura infundada. Aínda que non se queira admitir, con Gándara, que o apóstolo Santiago evanxelizou en terras de Betanzos e que nelas deixou ó seu compañeiro Natel […], non está demais lembrar que o referido López Ferreiro, tras mencionar algunhas cidades importantes da diocese de Iria nos primeiros séculos da Igrexa […], se pregunta: Non se deberán contar algunhas destas cidades no número daquelas moitas sés que, segundo Afonso IV, edificaron os apóstolos nestas partes occidentais de España, ou daqueles moitos tabernáculos e habitacións que, segundo san Hilario de Poitiers, dedicaron estes apóstolos ó nome do Señor, ata nas illas do océano? Polo menos −contesta− é moi verosímil"[17].

Segundo Manuel Murguía, "os castros, os túmulos, pedras e fontes, sagrados aínda aos ollos do labrego, as virtudes das que se lles cre dotados, as lendas que a eles viven adheridas son outras tantas probas da orixe céltica, e mesmo puidera engadirse só céltica, das nosas xentes […]. Convén, repetimos, deixar consignado dunha vez e para sempre que a base étnica de Galicia é céltica e que as condicións especiais nas que se desenvolveu como organismo social lle permitiron e mesmo obrigaron a permanecer fiel ao espírito e

13. OTERO PEDRAYO, R.: *Morte e resurrección*, en CASARES MOURIÑO, C. (ed.): *Ramón Otero Pedrayo (1888-1976). Día das Letras Galegas 1988*, A Coruña, 1988, p. 93-95.

14. *Idem*, p. 100.

15. Refírese ao Imperio Romano.

16. Tomado e traducido de OTERO PEDRAYO, R.: *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*, A Coruña, 2004, p. 23-26.

17. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia de Pontedeume..., op. cit.*, p. 22.

tendencias da súa raza"[18]. Pero tamén fala Murguía da cristianización de moitas lendas celtas, entre elas a que fai referencia á *translatio* dos despoxos de Santiago desde Jaffa a Iria Flavia polos seus discípulos Teodoro e Atanasio, para enterralo na terra onde predicara o Evanxeo; sinala "como unha proba máis do noso indelébel celtismo, que a lenda do apóstolo Santiago está por completo impregnada do vello espírito da nosa raza [...]. Hai na vida de Ronán ou Renán, apóstolo de Cournouailles, trazos que semellan pertencer a unha tradición dada ou que ten un mesmo fondo histórico que os que se refiren á do Apóstolo […]. Santiago, como Ronán, é perseguido por unha muller que o aborrece, Keban na lenda armórica, a Lupa na de Galicia: a primeira reina no bosque sagrado, a segunda reina tamén na vasta comarca iriense. Cando morre Ronán, queda a mercé dos bois que conducen a carreta na que vai o cadáver, que sinalen o lugar no que o santo quere ser enterrado. Atravesan o bosque e, ao chegar ao sitio no que se levantan as máis robustas aciñeiras, alí se deteñen e alí, xa que logo, cavan a sepultura. Así tamén acontece na lenda de Santiago Zebedeo. Os seus discípulos conducen os venerados restos nun carro ao que xonguen touros salvaxes, e no lugar onde estes paran, alí depositan o corpo inanimado do Apóstolo"[19].





Ponte e cruceiro gótico de Francos, no antigo Castro Lupario (Teo, Camiño Portugués)

Murguía pensa que Santiago foi enterrado nun "vasto edificio consagrado ao deus celtogalego que se adoraba no lugar onde se detiveron os bois que conducían no carro o corpo do Apóstolo"[20], aínda que no primeiro cuarto do século IX, cando o bispo

18. Tomado e traducido de Murguía, M.: *Galicia, op. cit.,* p. 112 e 113.

19. *Idem*, p. 509.

20. Ibidem.

Teodomiro (¿810?-847) descobre os restos do apóstolo Santiago e dos seus discípulos Teodoro e Atanasio alertado polo eremita Paio, "xa non quedaba do esquecido burgo dos pobos tamaricos máis que a vaga lembranza do seu primitivo santuario celta, de cuxa sona e relativa importancia son testemuñas os castros que o rodean, as rudas fortificacións de que dan fe tamén algúns extensos movementos de terra que a cada paso se observan e sobre todo o feito de que a catedral se levanta nun castro nun monumento funerario, como tantas outras igrexas celtocristiás"[21].

Nesta mesma idea insistiu Otero Pedrayo cando afirmou que "na Galicia, a Igrexa apoiada polo César non destruíu Irminsul ningún, como no bosque xermánico […]. A barca do Apóstolo lembra os milagrosos esquifes de pedra de que foron proeiros os taumaturgos da Celtia insular e no sartego, na Arca Marmórica da emocionada xeografía medieval, está a anta celta, o túmulo patrio, co peristilo e os mosaicos romanos como os santos corpos que se unxen cos óleos latinos, simbolizando a continuación dun Imperio noutros"[22].

Un exemplo da cristianización dos lugares sagrados dos celtas pódese atopar en terras eumesas na fermosa capela románica de San Miguel de Breamo, construída no cumio do monte. Xa deixou dito Manuel Murguía que "o celta galego, como todos os seus demais irmáns, aparece en cuestión de crenzas relixiosas apegado ao seu extenso naturalismo, que é como a súa pegada indelébel. O sol, a lúa, as múltiples estrelas que tremen e brillan nos espazos celestes; o mar, os ríos, as fontes e tamén as fragas e a montaña; canto está no cumio; o que se atopa aos seus pés; o que o rodea, o que teme, todo, todo ten para el voces e misterios, todo encerra un algo do espírito divino […]. As primeiras habitacións do celta atópanse nas alturas naturais ou artificiais e de aí que a tradición nos fale desta súa antiquísima morada, que o sentimento relixioso, as mesmas prácticas e crenzas do cristianismo corran unidas en máis dunha ocasión ás cuíñas e montañas, e que a historia e as lendas dos nosos santos estean intimamente ligadas a elas […]. Semella que os cumios tiñan algo de divino para o ario e talvez por iso os celtas galegos facían alí a morada dos deuses superiores"[23].

A vila de Pontedeume aparece protexida pola ampla sombra do monte de Breamo e desde o seu cumio se poden ver as rías do golfo Ártabro. O orónimo celta era Brigamo, que se compón da forma brig, que significa monte ou lugar elevado, e o sufixo superlativo –amo, que equivale a supremo −monte supremo ou lugar moi elevado, xa que logo−. A tradición dos celtas de render cultos pagáns nos montes máis altos do territorio −porque

21. *Idem*, p. 351.

22. Tomado e traducido de OTERO PEDRAYO, R.: *Ensayo..., op. cit.*, p. 34-36.

23. Tomado e traducido de MURGUÍA, M.: *Galicia, op. cit.*, p. 139 e 200.

así se sentían máis preto dos deuses−, os restos etnográficos −que aparecen a moreas nestes lugares− e a presenza dos antigos poboadores −testemuñada na toponimia da comarca− fanlle pensar ao conde de Quirós na moi alta probabilidade de que no cumio do monte de Breamo houbese algún monumento deste tipo. Ao seu ver, ademais, estes indicios están reforzados polo "propio feito de que se construíse en 1187, neste cumio desasistido e solitario, o fermoso templo que se conserva hoxe alí. En 1236 aparecen servíndoo os cóengos regulares de Santo Agostiño. Sen excluír a súa vontade relixiosa de vida eremítica, é razoabel inferir [...] que coa súa presenza e a advocación ao arcanxo san Miguel, patrón das alturas, pretendían unha cristianización [...] do monte Breamo, que debía de concentrar aínda, seguramente na propia cúspide onde se erixiu o templo, tenaces celebracións de culto supersticioso [...]. Unha indagación obxectiva e coidadosa de todos os residuos etnográficos non dubido que nos permitiría entrever mellor o carácter do culto precristián que se tivo un día na cima do Breamo [...]. Probabelmente, estaría coroada esta por algún monumento megalítico que veu ser substituído en 1187 polo templo que hoxe vemos"[24].

É ben coñecida e aceptada a teoría da cristianización dos montes a través da figura de san Miguel. En Pontedeume, ademais, celébranse dúas romarías nas que se sobe andando ao coto os días oito de maio −aniversario da milagrosa aparición do arcanxo no monte Gárgano, no ano 492− e vinte e nove de setembro −no que a Igrexa celebra a súa festividade−. O romeiro, como destaca a cantiga de Pepe Fonte, transmitida por vía oral e logo recollida por Paz Fernández, tiña que "primeiro dar as tres voltas, acompañadas dun trago, e logo roer o cravo"[25]. A tradición de dar tres voltas arredor da capela, como recolle a cantiga, ou nove segundo outros, era a adaptación cristiá do rito da deambulación numérica que se daba nos territorios celtas para obter un beneficio ou

Pequenos romeiros poñendo o santo coa cruz celta na capela de San Miguel de Breamo



24. Tomado e traducido de Millán González-Pardo, I.: *Toponimia..., op. cit.*, p. 117-126, especialmente a 124.

25. Cfr. Paz Fernández, X.: *Cancioneiro Popular Eumés*, Pontedeume, 1994, p. 127.

unha protección por intercesión divina; tamén acontecía isto coa práctica de "roer o cravo", que se facía para escorrentar un maleficio ou calquera outra influencia negativa; ou a de poñer o santo bendicindo os romeiros coa cruz celta que insire no seu círculo central a imaxe de san Miguel.

Así e todo, Vicente Risco asegura que "as primeiras centurias do cristianismo en Galicia aparecen envoltas na maior escuridade. O feito de que, de súpeto, no século IV, a cristiandade galega se presente tan forte e organizada, non se explica sen unha longa e profunda penetración do Evanxeo, pero non sabemos como se fixo esta"[26].

Segundo Couceiro Freijomil, "a primeira noticia que atopamos da Terra Eumesa como agregada á diocese iriense remóntase ó ano 569, época na que o rei suevo Teodomiro […] demarca, nun concilio celebrado ese ano en Lugo, os termos do territorio de cada diocese, sinalando á de Iria, entre outros que se consignan no *Cronicón Iriense*, os de Prutios e Bisancos, cos que, na súa meirande parte, está formado o partido de Pontedeume […]. Esta demarcación podería ser, se cadra, unha ratificación da que en tempos anteriores abranguía a diocese de Iria, probablemente case desde a época apostólica"[27].

Así e todo, un rigoroso traballo de Carriedo Tejedo fala da asistencia do primeiro bispo britoniense Mailoc (561-572), sendo o monarca do Reino Suevo de Galicia Teodomiro (559-570), ao I Concilio de Braga no ano 561[28]. Segundo José Orlandis, "un grupo de emigrantes […] estabelceuse compactamente nunha franxa costeira de Galicia, entre Ferrol e o río Eo. Estes bretóns de Galicia conservaron a súa típica organización eclesiástica, formando unha diocese centrada en torno a un mosteiro −Britonia−, cuxo bispo […] tiña un nome celta inconfundíbel, Mailoc"[29]. As conclusións dos devanditos concilios da Igrexa Metropolitana de Braga, da que a diocese de Iria era sufragánea, foron plasmadas pouco máis tarde do ano 572, no *Parrochiale Suevorum*.

Pola súa banda, Baliñas Pérez e González Paz constatan tamén a chegada a terras galegas dunha diáspora dos cristiáns da Igrexa céltica bretoa e destacan, ademais, como aspecto máis singular desta Igrexa céltica "o seu carácter monástico e misioneiro, centra-

26. Tomado e traducido de Risco, V.: *Historia…, op. cit.*, p. 53.

27. Couceiro Freijomil, A.: *Historia de Pontedeume…, op. cit.*, p. 24.

28. "As actas non mencionan as sés dos bispos asistentes […], pero sabemos que de Britonia era bispo Mailoso, corrupción de Mailoc, cabeza dun grupo de bretóns que se estableceran na mariña galaica tras a invasión anglosaxona da súa illa no século V"; cfr. Carriedo Tejedo, M.: *Episcopoloxios britoniense (séculos VI e VII) e mindoniense (séculos IX e X)*, en Singul, F. (dir.): *Rudesindus. A terra e o templo*, Santiago de Compostela, 2007, p. 56 e 57. Si recollen as actas a asistencia de Mailoc ao II Concilio de Braga no ano 572, sendo Miro (570-583) o monarca do Reino Suevo de Galicia, "reunido cando xa había dous metropolitanos: o bracarense Martiño de Braga […] e o lucense Nitigis […], de quen dependía, entre outras como Iria, Astorga, Ourense e Tui, a Britonia de Mailoc"; cfr. *idem*, p. 57.

29. Tomado e traducido de Orlandis, J.: *Historia del reino visigodo español*, Madrid, 1988, p. 200.

do no *clas* ou igrexa principal, presidida por un abade ou bispo, que combina na súa persoa tanto o liderado espiritual dunha comunidade de base pactual […] como a dirección canónica de fieis e presbíteros, amais de ser, en moitos casos, o dirixente político, económico e social da súa freguesía"[30]. Estes dous autores, aínda que de xeito indiciario, circunscriben "a extensión da primitiva diocese de Britonia entre as rías do Eume, ao Occidente, e do Eo, ao Oriente, mentres as serras do Xistral e Meira marcarían o límite meridional da diocese"[31]. Así e todo, malia que os territorios non estaban ben delimitados, a meirande parte da Terra Eumesa, xa desde o tempo dos suevos, figuraba como agregada á extensa diocese de Iria.

2. A POSÍBEL ORIXE CELTA DAS CRUCES DE PEDRA OU CRUCEIROS DE GALICIA E A SÚA PRESENZA NOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

Mesmo en tempos do emperador Carlomagno (800-814), que non permitía que se lles rendese culto ás árbores, as pedras, as fontes e a outros elementos da natureza, baixo a ameaza de excomuñón, e malia os séculos de ocupación destas terras polo Imperio Romano, non desaparecera na Armórica o culto polos menhires e dolmens. Segundo Castelao, "o culto ás pedras ten raíces tan fondas na ialma celta que cicais as cruces primitivas da Bretaña non sexan máis que menhires aínda […]; unha relixión nova ampárase dos moimentos consagrados pola vella […]. A cruz aparece en moitos monumentos megalíticos, ofrecendo enxemplos variados de cristianización de pedras […]. Os evanxelizadores celtas non destruíron os moimentos de crencias antergas, moi enraizados no corazón dos armoricanos, senón que os cristianizaron. E do mesmo xeito que o lume aceso en honor do sol foi trocado en lume de san Xoán, eisí os menhires e dólmenes foron trocados en soportes da cruz"[32].

Para Castelao, o cristianismo asimilou a cruz "dos cultos antergos para trocala, ao fin, en símbolo fundamental da súa lei"[33]. Así pois, moitos monumentos megalíticos que os celtas lles dedicaban aos seus deuses foron cristianizados co signo da cruz. Semella que a pedra dende a que, segundo a tradición, o apóstolo Santiago predicou o Evanxeo en terras de Padrón, en Santiaguiño do Monte, ben podería deberse a un dos monumentos que os celtas construíran na honra dos seus deuses no cumio dos montes, no lugar máis próximo entre o ceo e a terra. Para cristianizalo, chantouse alí unha cruz de pedra e máis tarde a imaxe de Santiago erguido sobre unha peaña. Preto desta ara sobre a que puido ter pre-

30. Cfr. Baliñas Pérez, C. e González Paz, C.A.: *De Mailoc a san Rosendo: as orixes da sé mindoniense*, en Singul, F. (dir.): *Rudesindus. A terra…, op. cit.*, p. 36.

31. *Idem,* p. 40.

32. Rodríguez Castelao, A.D.: *As cruces de pedra na Bretaña*, Galaxia, Vigo, 1992, p. 15 e 16.

33. *Idem*, p. 70.



Cruz e imaxe de Santiago chantadas sobre a pedra onde, segundo a tradición, predicara en Padrón

dicado o Apóstolo hai unha ermida dedicada ao santo e unha fonte milagreira. Conta a lenda que, estando Santiago no monte, tivo sede, bateu na terra o seu báculo e comezou a manar auga de socato.

Castelao, en *As cruces de pedra na Galiza* e *As cruces de pedra na Bretaña*, dous engaiolantes traballos tanto pola súa calidade literaria como polo seu rigor científico, aventura a posible orixe celta dos cruceiros[34], presenta a súa diversa tipoloxía e acompaña as explicacións cuns ilustrativos debuxos dos monumentos pétreos primitivos e dos actuais.

Outro dos costumes celtas relacionados coas pedras que Castelao considera como unha reminiscencia dos ancestrais ritos fúnebres son os amilladoiros; así, "na Escocia os

34. "Nas Illas Británicas nasceron as cruces outas de pedra como asimilación dos menhires e trasposición dos cultos antergos […]. Os megalitos que se erguen nas terras británicas ou bretonas, chamados menhires (men-hir, pedra outa), tal vez non eisistan en Galiza; pero é probabel que antigamente eisistiran, e cómpre que falemos deles, porque a moitedume de cruces outas (croaz-hir, cruz outa) que inzan os países celtas –Irlanda, Escocia, Gales, Cornualla, Bretaña e Galiza− proveñen do menhir e teñen o seu orixe no chamado culto das pedras"; cfr. *idem*, p. 44.

suicidas entérranse aparte, e cada camiñante bota unha pedra enriba da sepultura. Nunha parte de Irlanda, cando se leva un morto ao cimeterio, os portadores detéñense na metade do camiño e arranxan un pequeno moimento de croios, que dispois ninguén se arrisca a chiscar. En toda Irlanda o sitio en que morreu un home de morte violenta cóbrese cunha morea de pedras, que os camiñantes fan medrar coa súa aportación. Na Escocia créese que o logar onde se cometeu un crime é removido por paxaros noitébregos, e por iso se cobre a terra con pedras. Na Outa-Cornualla (Bretaña), cando se pasa diante das cruces da disgracia, bótase unha pedra na morea que hai ao seu pé. No monte Menez-Hom (Bretaña) –que nós visitamos– hai un amilladoiro que, según a lenda, é a sepultura de Marc'h, un rei lexendario que morreu en pecado mortal e que non pode salvarse entramentras a morea de pedras non sexa tan outa que dende o seu curuto se albisque o campanario da capela que hai detrás do monte"[35]. Pola súa banda, Vicente Risco afirma que, aínda hoxe, en moitas romarías de Galicia, os devotos "recollen unha pedra do monte, canto máis pesada mellor, para bola nun dos amilladoiros, as moreas de pedras que tan postas en comparanza teñen sido cos cairn célticos; algúns dos que o fan din que é unha carga imposta ós romeiros para axuntar pedra para un santuario novo; os homes de ciencia din que o fan seguindo un costume prehistórico"[36].

Antes de entrar o Camiño Francés en Galicia, os peregrinos deixan unha pedra ao pé da Cruz de Ferro, como testemuño do seu paso por este punto da ruta xacobea. Nos últimos tempos, vén sendo igualmente costume de moitos peregrinos a Santiago deixar, a xeito de lembranza, unha pedra que se amorea sobre os fitos quilométricos pétreos do Camiño, que se utilizan tamén para sinalizar a ruta coa cuncha de vieira, facendo así pequenos amilladoiros que lembran o vello rito ancestral.

Segundo a tradición, tamén os peregrinos do Camiño Francés collían unha pedra da canteira de Cotelos, en Triacastela, e levábana no seu zurrón ata os fornos da Castañeda, en Arzúa, que subministraban o cal que logo serviría para a construción das obras que se realizaban na catedral de Santiago de Compostela. Este costume é recollido no *Códice Calixtino*; "Triacastela, na aba do mesmo monte en Galicia, onde os peregrinos collen unha pedra e lévana consigo ata Castañeda para facer cal para a construción da basílica do Apóstolo"[37]. López Ferreiro afirma, así mesmo, que, "pode, pois, dicirse, que a argamasa empregada na fábrica do Templo Apostólico, foi en boa parte amasada coa suor dos peregrinos de Santiago"[38].

35. *Idem*, p. 76.

36. Risco, V.: *Etnografía, op. cit.*, p. 235.

37. López Díaz, X. (trad.): *Códice Calixtino. O Codex Calixtinus en galego*, Vigo, 2009, p. 472; a versión en castelán, en Moralejo, A., Torres, C. e Feo, J. (trad.): *Liber Sancti Jacobi. "Codex Calixtinus"*, Santiago de Compostela, 2004, p. 536.

38. Tomado e traducido de López Ferreiro, A.: *Historia de la Sta. A. M. Iglesia de Santiago*, t. III, Santiago de Compostela, 1900, p. 27.

Sobre o primeiro cruceiro do Camiño de Santiago, asegura Castelao que "contan as vellas crónicas que o César europeo[39] entrou con gran exército en Hespaña e mandou erguer unha cruz de pedra no paso de Cise, como memorial da súa incursión guerreira e como moimento-guia dos pelegríns xacobitas. Esta cruz de Sant-Iago é a máis vella de que temos aviso, e sexa ou non obra de Carlomagno a cruz eisisteu […]. Foi a nai de todal-as cruces que marcaban o Camiño Francés, dende Roncesvalles a Compostela"[40]. Este cruceiro foi chantado no cumio do monte do Port de Cize, onde, segundo conta Aymeric Picaud no capítulo VII do Libro V do *Códice Calixtino*, "a súa altura é tal que […] a quen sobe parécelle que pode apalpar o ceo coa súa man […]. No curuto dese monte hai un lugar chamado Cruz de Carlomagno, porque nel, noutro tempo, Carlomagno abriu un paso con machadas, picañas, aixadas e outras ferramentas cando ía camiño de España cos seus exércitos e levantou unha imaxe da cruz do Señor e a continuación, posto de xeonllos en dirección a Galicia, fixo oración a Deus e a Santiago. Por iso os peregrinos, dobrando alí os seus xeonllos en dirección á terra de Santiago, adoitan rezar e todos chantan senllos estandartes da cruz do Señor. Poden acharse alí ata mil cruces, e polo mesmo considérase como o primeiro lugar de oración a Santiago"[41]. Xa é ben sabido que os celtas lles rendían culto aos seus deuses nestes lugares elevados –logo cristianizados coa cruz– porque pensaban que así estarían máis preto da divindade.

Afirma Castelao que "os celtas ainda hoxe evitan pol-as noites os camiños vellos e fuxen das encrucilladas, e tanto na Bretaña como na Galiza é nos trivios onde se chama pol-o demo, para ter comercio con él. As encrucilladas, especialmente as de tres camiños, siguen sendo, para os nosos aldeáns logares de perigo, onde rondan as almas ruíns. E para escorrentar aos nemigos compría erguer cruces, porque, como dí san Martiño Dumiense, cando precede o siño da cruz nada é o do diaño. [...]. Os primeiros pelengríns que visitaron o sepulcro de Sant-Iago atravesaban a Hespaña do Norte […], no camiño tamén había malfeitores en axexo e a pouca distancia acampaban os sarracenos […]. Por eso nas crónicas desta romaxe abondan as referencias de cruces de pedra ourelando a roita, tanto para cristianizala como para marcala, tanto para confortaren o ánimo dos camiñantes como para guialos con ben a través dunha Hespaña invadida de mouros. En ningún outro vieiro de pelerinaxe serían tan necesarias as indicacións, pol-o que resulta asisado coidar que a cruz dos pelengríns tomou vida no Camiño Francés e que este novo obxeto da cruz moimental enxendrou o calvario e o cruceiro"[42].

39. Refírese a Carlomagno.

40. RODRÍGUEZ CASTELAO, A.D.: *As cruces de pedra na Galiza*, Galaxia, Vigo, 1984, p. 84 e 85.

41. Cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *Códice..., op. cit.*, p. 480; a versión en castelán, en MORALEJO, A., TORRES, C. e FEO, J. (trad.): *Liber..., op. cit.*, p. 550.

42. RODRÍGUEZ CASTELAO, A.D.: *As cruces de pedra na Galiza, op. cit.*, p. 75 e 83.

3. A REPRESENTACIÓN DO APÓSTOLO SANTIAGO NALGÚNS CRUCEIROS GALEGOS SITUADOS NO CAMIÑO XACOBEO DE PEREGRINACIÓN

No tocante á presenza da figura do apóstolo Santiago nos fustes dos cruceiros de Galicia, Castelao considera que "os santos máis amados pol-o povo galego son fillos do país ou deixaron alí o ronsel do seu tránsito ou a lembranza dos seus miragres"[43]. Entre os primeiros, encabeza a súa nómina san Paio[44]; entre os segundos, destacou por riba de todos eles a figura do apóstolo Santiago que, segundo a tradición, chegou ao noso Finis Terrae galego para predicarlles o Evanxeo ás súas xentes, logo foron trasladados os seus sagrados restos a Galicia para ser enterrados no lugar onde exercera o seu apostolado e desde alí fai múltiples milagres en favor dos que veñen pedir con fe a súa intercesión no seu santuario de Santiago de Compostela[45].

Xa que logo, segundo Castelao, "os santiños representados na vara dos cruceiros galegos perteñecen, cáseque sempre, á devoción ecuménica, anque no seu contenente se revele a particular emoción do noso povo […]. Os santiños dos cruceiros galegos teñen un non sei qué propio do país. Sí, na vara dos cruceiros galegos están presentes, en pedra esencial, as mesmas imaxes que se veneran nas ermidas dos montes ou nos santuarios da zona. Son os santiños amigos, que sandan as doenzas do corpo e do espírito, os benfeitores do agro e das facendas, aos que as xentes enxebres fan romería e respetan como seus advocados"[46].

Aínda que Castelao só atopou dous cruceiros na Bretaña que tivesen no seu fuste a figura dun santo, e ningún deles era o noso Apóstolo, si descubriu un Santiago no calvario de Tronöen, erguido nun camposanto prehistórico no último cuarto do século XV, polo que pode ser un dos máis antigos; o santo preséntase de pé, barbado e con media melena, ataviado con sombreiro e roupa de peregrino, e porta na man dereita o bordón en forma de tau e na esquerda, o Libro dos Apóstolos, segundo mostra o seu espléndido

43. *Idem*, p. 138.

44. O galego Paio, no primeiro cuarto do século X, cando aínda era un neno, foi capturado xunto ao seu tío, o bispo de Tui, e levado a Córdoba diante do emir Abderramán III (912-929), que quixo que renegase da súa fe e tentou forzalo con prácticas de pederastia e sodomía; como o rapaz non abxurou da súa fe nin aceptou as libidinosas propostas do emir, este mandou que o matasen e desmembrasen. Para unha información máis completa, véxase Concheiro Pérez, S. *et al.*: *Notas haxiográficas*, en García Iglesias, J.M. (dir.): *En olor de santidade. Relicarios de Galicia*, Santiago de Compostela, 2004, p. 660.

45. O *Códice Calixtino* recolle no seu Libro II o relato de vinte e dous milagres realizados por Santiago a prol dos seus peregrinos; cfr. López Díaz, X. (trad.): *Códice..., op. cit.*, p. 335-373; a versión en castelán, en Moralejo, A., Torres, C. e Feo, J. (trad.): *Liber..., op. cit.*, p. 327-384. Ademais, no capítulo XVII do Libro I, no sermón coñecido como *Veneranda Dies*, o papa Calisto asegura que "a santa virtude do Apóstolo, trasladada das terras de Xerusalén á zona de Galicia, brilla cos seus divinos milagres. Pois moi a miúdo o Señor obra divinos prodixios na súa basílica pola súa mediación. Chegan os enfermos e son curados, os cegos recobran a vista, os coxos érguense, os mudos falan, os posesos son liberados, dáselles consolo aos tristes e, o que é máis importante, aténdense as oracións dos fieis, déixanse alí as pesadas cargas dos pecados e desátanse as ataduras dos pecadores"; cfr. *idem*, p. 209; na versión en castelán, p. 190.

46. Rodríguez Castelao, A.D.: *As cruces de pedra na Galiza, op. cit.*, p. 139.

debuxo[47]. Tamén Humbert Jacomet sinala que Castelao atopou, nestes territorios onde queda a forte pegada da cultura celta, como o é a Bretaña, moitas representacións xacobeas e pensa que "toda a serie da iconografía bretoa de Santiago proba que existe máis ca unha simple coincidencia entre estas imaxes sentadas do Apóstolo e a maxestade do santo venerada en Compostela. Son como a transposición na pedra ou a madeira das peregrinacións vividas […] e levan nelas unha especie de reflexo do santuario de Galicia"[48]. Para este prestixioso investigador francés, "ningún sector da Bretaña histórica chegou a ignorar o culto a Santiago"[49], mais "cómpre agardar a chegada dos séculos XIV e XV para asistir ao nacemento, na Península armoricana, de cativadoras imaxes de Santiago talladas en basto granito […]. Nunhas aparecen as imaxes do Apóstolo Peregrino, con todos os seus atributos […]; noutras, pola contra, dominan as efixies sentadas e solemnes"[50].

A representación do apóstolo Santiago o Maior como peregrino ou evanxelizador é a máis amada, segundo Castelao, polos galegos, até o punto de que nun debuxo titulado *Os dous espritos* e publicado o vinte e cinco de xullo 1923, no diario de Vigo *Galicia*, dirixido por Valentín Paz Andrade, identifica a figura do Apóstolo peregrino, evanxelizador e universal, como o é o Camiño de Santiago, co Noso, o dos galegos, fronte á imaxe belicosa do Matamouros, ao que lle chama o Deles, o dos españois. Así mesmo, como asegura Silvia Gaspar, "Castelao constata a imaxe eminentemente viaxeira, peregrina e pacificadora que a figura do Apóstolo ten na Atlántida francesa, en aberta antítese coa de matamouros da épica castelá"[51].

Así pois, a figura do Noso Santiago, como lle chama Castelao, e non a do Deles, a dos españois, é a que aparecerá representada nas cruces de pedra de Galicia, e mesmo tamén nas de Portugal. Esta imaxe do Apóstolo, pacífico e evanxelizador, nos cruceiros ten dúas tipoloxías fundamentais; por unha banda, sedente e en maxestade no trono celeste, como no parteluz do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela, e pola outra, de pé, co bordón de peregrino, como na Porta Santa, onde recibe os peregrinos nos Anos Xubilares, ou na fachada do Obradoiro do mesmo santuario.

Nas representacións de Santiago sedente e en maxestade, o Apóstolo adoita aparecer co báculo en forma de tau nunha man e a filacteria, onde están recollidas as Sagradas

47. Pode verse esta imaxe en RODRÍGUEZ CASTELAO, A.D.: *As cruces de pedra na Bretaña, op. cit.*, p. 65, figura 128.

48. Véxase JACOMET, H.: *Unha aproximación á iconografía de Santiago na Galicia dos séculos XIV e XV*, en SINGUL, F. (dir.): *Os Capítulos da Irmandade. Peregrinación e conflito social na Galicia do século XV*, Santiago de Compostela, 2006, p. 502-537, especialmente a 524.

49. *Idem*, p. 503.

50. *Ibidem*.

51. GASPAR, S.: *A Xeración Nós e o Camiño de Santiago*, Santiago de Compostela, 1996, p. 43.

Escrituras ou unha cartela co seu nome, na outra. O tau é a última letra do alfabeto hebreo e a décimo novena do grego e foi utilizado na *Biblia* para identificar os que debían ser librados do castigo e os que serían salvados[52]. Desde que no IV Concilio de Letrán (1215-1216) o papa Inocencio III (1198-1216) convidou os cristiáns a se comprometer coa defensa da fe e a utilizar o tau como signo de conversión e de salvación, esta letra simboliza a cruz na que Cristo morreu para se erixir en redentor dos homes. Na catedral de Santiago de Compostela, nunha columna relicario presidida por unha imaxe de Santiago Peregrino, no lado da Epístola, estivo gardado, segundo Fernández Sánchez e Freire Barreiro, "o bordón que usaba o Santo Apóstolo […]. Dentro do sepulcro encontrou este precioso obxecto o santo bispo Teodomiro […]; é unha especie de bastón de ferro, de pouco máis dun metro de alto, e con forma de tau, semellante á do báculo que teñen na man as dúas imaxes do Apóstolo que hai no Pórtico da Gloria"[53]. Segundo López Ferreiro, "así permaneceu ata non hai moitos anos"[54]; contra 1880 estaba xa "case enteiramente oxidado; e para que non se acabase de reducir a po, encheuse o tubo dunha masa de cal, en data non moi remota"[55].

Pola contra, cando é figurado como Santiago Peregrino, o santo adoita aparecer de pé, en actitude de camiñar, co Libro dos Apóstolos, como signo do labor evanxelizador que Xesús Cristo lle encomendara[56]. Santiago viste, decote, unha humilde túnica[57], acotío con esclavina, adoita cubrir a cabeza cun sombreiro e pode levar tamén un pequeno zurrón, que ás veces se adornan con cunchas de vieira; outro dos atributos do santo é o bordón coa cabaza[58].

52. Véxanse o *Libro de Ezequiel*, 9, 4-6, e o *Libro do Apocalipse*, 7, 3, obra do apóstolo Xoán, irmán de Santiago.

53. Tomado de García Iglesias, J.M.: *O Apóstolo Santiago o Maior e o culto ás súas reliquias*, en García Iglesias, J.M. (dir.): *En olor…, op. cit.*, p. 301.

54. *Idem*, p. 302.

55. *Ibidem*.

56. Véxanse, entre outros, *Marcos*, 16, 15-20, ou *Feitos dos Apóstolos*, 1, 4-14.

57. Xesús Cristo, cando lles falou aos apóstolos sobre como tería que ser o seu comportamento na súa misión evanxelizadora, "recomendoulles que non levasen nada para o camiño, fóra dun caxato, nin pan, nin alforxas, nin cartos na faixa. Que calzasen sandalias, pero que non levasen máis ca unha túnica"; cfr. *Marcos*, 6, 8-9.

58. Cando os peregrinos se dirixían a Compostela, recibían a bendición do bispo ou da persoa na que o prelado delegase, que lles proporcionaba, ademais, o zurrón e o bordón. Este rito foi recollido no códice XLVIII do *Misal de Vic*, datado en 1038 e conservado na Biblioteca Capitular de Vic: "Surgentes a terra imponat eis episcopus sive presbyter sportas et det baculum". Tamén o *Códice Calixtino*, no *Veneranda Dies*, fala desta cerimonia e explica o significado dos atributos do peregrino cos que Santiago é representado; cfr. López Díaz, X. (trad.): *Códice…, op. cit.*, p. 213-216; a versión en castelán, en Moralejo, A., Torres, C. e Feo, J. (trad.): *Liber..., op. cit.*, p. 196-198. Ademais, o capítulo XII do Libro II do mesmo *Códice Calixtino* conta que "a un cabaleiro en terras de Apulia inchóuselle a gorxa coma un odre cheo de aire. E ao non atopar en ningún médico remedio que o sandase, confiado no apóstolo Santiago, dixo que, se puidese atopar algunha vieira das que adoitan levar consigo os peregrinos que volven de Santiago e tocase con ela a súa gorxa enferma, tería remedio inmediato. E ao atopala na casa dun peregrino veciño seu, tocou a súa gorxa e sandou. E desde alí marchou ao sepulcro do Apóstolo en Galicia"; cfr. *idem*, p. 356; na versión en castelán, p. 355. Por outra parte, o sermón *Veneranda Dies* fala da necesidade de que a cabaza sexa pequena para non caer no vicio da borracheira; cfr. *idem*, p. 221; na versión en castelán, p. 203.

O bordón de Santiago podía adoptar a figura do tau, sobre todo cando o Apóstolo era representado sedente e en maxestade, pois, ao ter forma de cruz, simbolizaba o instrumento da Paixón no que Cristo padeceu a súa morte redentora e as penalidades que os seus seguidores terían que pasar para acadar o premio da Salvación[59]; pero, cando se representaba o Apóstolo como peregrino, o bordón era máis alongado e adoitaba portar na súa parte máis alta unha cabaza, na que se podía levar unha pequena cantidade de auga ou viño para beber.

Os cruceiros coa imaxe de Santiago no seu fuste están espallados por moitas encrucilladas da ruta xacobea en Galicia, pero tamén se poden atopar en Portugal. Un dos máis curiosos que se encontran en terras lusas é o que se dispón xunto á igrexa Matriz de Barcelos, no que se representa o milagre do aforcado[60].

4. OS CRUCEIROS COA IMAXE DO APÓSTOLO SANTIAGO NO CONCELLO DE PONTEDEUME

Se, como xa se dixo, Castelao afirmaba que os cruceiros galegos acollían no seu varal ou fuste as imaxes dos seus santos máis amados, Pontedeume non ía ser unha excepción. A devoción polo patrón de España, tan espallada por toda Galicia desde a *inventio* ou descubrimento dos sagrados restos do apóstolo Santiago no *Locus Sancti Iacobi* no primeiro cuarto do século IX, e a lendaria lembranza da súa predicación nestas terras, que fixo que Teodoro e Atanasio o trouxesen desde Jaffa a Iria Flavia para enterralo no territorio que evanxelizara, levaron a que entre as freguesías que lle solicitaran a Afonso X o Sabio (1252-1284), segundo di o privilexio outorgado por este rei en 1270, "hun lugar, qual touiesemos por bien, en que poblasen e les otorgasemos los nuestros realengos e todos los nuestros derechos que auiamos e auemos e deuemos por auer en esta tierra e en estas feligresias sobredichas"[61], cinco estivesen baixo o padroado do apóstolo Santiago; cita así o privilexio real as freguesías de "Santiago de Boeure[62] […], Santiago de Villa

59. No caso de Santiago, a dura proba chegou até o martirio pola espada.

60. Santiago aparece, co seu bordón de peregrino, debaixo do condenado á forca para impedir que este morra afogado pola presión da soga. Conta a lenda que un peregrino a Santiago foi condenado inxustamente á forca por un xuíz. O reo, para demostrar a súa inocencia, dixo que un galo cantaría cando morrese aforcado. Mentres o xuíz comía un galo asado, o animal morto cantou e o maxistrado correu onda o condenado e salvouno de morrer; di tamén a lenda que, en agradecemento a Santiago, o reo liberado mandou facer o cruceiro. O milagre V do Libro II do *Códice Calixtino* recolle unha versión algo diferente dos feitos, que esta vez acontecen en Tolosa; o peregrino ía co seu pai a Santiago e foi condenado á forca por un xuíz; o seu pai continuou o Camiño e, cando regresou de Compostela, atopou, trinta e seis días máis tarde, o seu fillo vivo e colgado da soga, que lle dixo: "Non chores, amantísimo pai […] porque o santísimo Santiago, sosténdome coas súas propias mans, reconfórtame con toda a súa dozura"; logo foi baixado da forca e marcharon xuntos; cfr. *idem*, p. 346 e 347; na versión en castelán, p. 341 e 342. Por outra parte, a versión que aparece no poema CLXXV das *Cantigas de Santa María*, de Afonso X o Sabio (1252-1284), atribúelle a intercesión á Virxe; cfr. METTMANN, W. (ed.): *Cantigas de Santa María. Alfonso X, o Sabio*, t. I, Vigo, 1981, p. 573-576.

61. Tomado de MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *Toponimia…, op. cit.*, p. 191.

62. Actual parroquia de Santiago de Boebre; concello Pontedeume e arciprestado de Pruzos.

Matheu[63] […], Santiago de Dragonte[64] […], Santiago de França[65] […] e Santiago de Perlio[66] […] que ellos pueblen en el lugar que dizen Pontedeume e que fagan y villa"[67]. Pouco despois da fundación *ex novo* da vila por mor do devandito privilexio, a tamén nova freguesía de Pontedeume acolleuse así mesmo ao padroado de Santiago. No actual concello eumés hai hoxe dúas parroquias dedicadas a Santiago, as de Pontedeume e Boebre. No tocante á toponimia menor, destaca a rúa de Santiago, situada na cuadrícula principal da vila xa desde o século XVII.

Por outra banda, as autoridades municipais de Pontedeume, nun documento de dezanove de xuño de 1621, amoestan aos sacerdotes e mesmo aos propios veciños pola pouca solemnidade dos oficios divinos na honra do glorioso patrón da vila, o apóstolo Santiago, e mandan que se multe co pagamento de seis reais a cadanseu capelán que non acuda á celebración das vésperas ou da misa cantada[68].

Ademais, as representacións iconográficas do Apóstolo son tamén moi abundantes no concello eumés. Na igrexa de Santiago de Pontedeume, cómpre destacar a valiosa figura pétrea, de mediados do século XIV, de Santiago sedente e en maxestade que preside o retablo maior. O contrapunto, tamén en pedra, a esta representación de Santiago no trono da Gloria foi posto pola imaxe do Matamouros que o Arcebispo Rajoy (1751-1772) mandou esculpir na fachada do templo parroquial, rematada no ano 1763, segundo consta na inscrición que figura sobre o escudo da casa dos Andrade. No tocante ás imaxes realizadas en madeira, hai tamén na igrexa parroquial de Pontedeume unha que o mostra como evanxelizador e peregrino, que se podería datar contra os últimos anos do século XVIII e na actualidade ocupa o ático do retablo do Sagrado Corazón de Xesús, e outra na que aparece como Matamouros, que, pola súa semellanza coa realizada por José Gambino para a catedral de Santiago de Compostela, poida que fose tallada na segunda metade do século XVIII e hoxe é acollida nun discreto lugar na entrada do templo parroquial, no lado do Evanxeo. Ademais, o retablo maior da igrexa parroquial está dedicado ao apóstolo Santiago e quer no templo quer no adro podemos atopar símbolos xacobeos dabondo, como as cunchas de vieira, o bordón, a cabaza, o zurrón, a cruz vermella con forma de espada, o sepulcro apostólico alumeado pola estrela que lle indicou ao eremita Paio o *Locus Sancti Iacobi*, a espada e a palma do seu martirio, a representación en pedra da Virxe Peregrina ou de numerosos santos relacionados co Camiño de Santiago; entre os

63. Hoxe parroquia de Santiago de Vilamateo; concello de Vilarmaior e arciprestado de Pruzos.

64. Na actualidade parroquia Santiago de Adragonte; concello de Paderne e arciprestado de Pruzos.

65. Hoxe parroquia de Santiago de Franza; concello de Mugardos e arciprestado de Bezoucos.

66. Actual parroquia de Santo Estevo de Perlío; concello de Fene e arciprestado de Bezoucos.

67. Cfr. *idem*, p. 190 e 191.

68. Véxase Couceiro Freijomil, A.: *Historia de Pontedeume..., op. cit.*, p. 362.

que o *Códice Calixtino* recomenda visitar o seu santuario no Camiño Francés destacan san Xoán Bautista e san Nicolás de Bari; entre os santos peregrinos e viaxeiros, san Roque, san Francisco de Asís ou san Cristovo; entre os taumatúrxicos relacionados co Camiño de Peregrinación, santa Lucía ou santa Catarina, que aparecen tamén no pórtico románico do Hostal dos Reis Católicos; entre os que compartiron un lugar no Colexio Apostólico con Santiago, Pedro, o seu irmán Xoán Evanxelista ou Paulo; tamén aparecen recollidas escenas bíblicas presenciadas por Santiago, como a Ascensión do Señor; dos *Evanxeos Apócrifos*, como a Asunción da Virxe; ou mesmo lendarias, como a aparición en Zaragoza da Virxe do Pilar[69].

Pola súa parte, na capela das Virtudes, situada tamén na parroquia de Santiago de Pontedeume, o seu retablo maior acolle na fornela central do lado do Evanxeo deste espléndido moble barroco unha pequena imaxe, pouco coñecida e un aquel desproporcionada, pero moi interesante desde o punto de vista iconográfico, de Santiago sedente e en maxestade. O seu rostro barbado, sen a auréola que simboliza a santidade, presenta un peiteado que lle divide os cabelos pola metade e mostra unha grande expresividade nos seus ollos. Viste unha túnica escura que lle chega aos pés calzados e unha esclavina que lle cobre os ombreiros. O bordón vermello que porta na man dereita ten a forma da cruz espataria da Orde de Cabaleiros de Santiago, que tamén levan bordada os cóengos do Cabido catedralicio compostelán, e representa, por unha banda, a cruz salvadora de Cristo Redentor e, pola outra, a espada do martirio de Santiago que o fixo merecente do trono de Gloria que ocupa na talla; ademais, a Orde de Santiago tiña encomenda a defensa dos peregrinos a Compostela, mesmo coa espada se fose preciso, e exercía con eles as virtudes da caridade e a hospitalidade que caracterizan os Camiños Xacobeos. Coa man esquerda suxeita a filacteria, que levaría impresas as Sagradas Escrituras ou o nome que identifica o santo e que sinala co seu dedo índice. Tamén as parroquias do concello de Pontedeume están cheas de símbolos xacobeos ou de imaxes relacionadas co Camiño de Peregrinación, pero entre elas destaca a igrexa dedicada a Santiago en Boebre, que acolle unha valiosa talla do Apóstolo como Peregrino no retablo maior e outra do Matamouros na nave da Epístola, que sae en procesión o vinte e cinco de xullo[70].

Desde outro punto de vista, a presenza constante de peregrinos que pasan por Pontedeume a través do Camiño Inglés e que foron acollidos xa en tempos de Fernán Pérez de Andrade no hospital da ponte que o primeiro señor de Pontedeume mandara construír na vila, entre 1380 e 1386, acredita tamén a súa vinculación co mundo xaco-

69. Véxase FONTE SARDIÑA, J.M.: *El paso por Pontedeume de la ruta jacobea y su incidencia dinamizadora en la villa eumesa*, en II Edición. "Becas de Investigación Caminos Jacobeos. Año 2008", Santiago de Compostela, 2009, p. 37-79.

70. Agradézolles aos amigos Piñeiro e Leonardo, sancristáns das Virtudes e de Boebre, a súa colaboración.



Imaxes do Santiago sedente da capela das Virtudes e do Peregrino da igrexa parroquial de Boebre

beo[71]. Xa que logo, en lembranza deste labor hospitalario, a construción do novo albergue de peregrinos en Pontedeume, malia que de xeito provisional, foi a mellor noticia xacobea para o concello eumés no pasado Ano Santo Compostelán, pero tamén para os peregrinos que visitan a vila, que poderán así gozar da gran riqueza do seu patrimonio artístico, natural, cultural e mesmo gastronómico.

Así pois, no municipio de Pontedeume atopamos cinco cruceiros que acollen a representación do apóstolo Santiago[72]: un situado preto dunha das portas do vello recinto amurallado, na praza das Angustias, na mesma ruta xacobea; dous na parroquia de Santa María de Centroña; un na de Santiago de Boebre e outro nunha casa particular no camiño cara á ermida románica de San Miguel de Breamo. O cruceiro das Angustias, que é o único que se encontra en pleno Camiño Inglés, presenta a imaxe de Santiago sedente e en maxestade, como tamén acontece cos parroquiais de Centroña e mais de Boebre, pero, a diferenza destes, sitúa a figura do Apóstolo no reverso da cruz, no canto do fuste anverso. Pola súa parte, os cruceiros do Muíño, na parroquia de Santa María de Centroña, e do Falucho, na de San Miguel de Breamo, representan a Santiago como peregrino e alóxano tamén no fuste anverso. Por outra banda, os cinco acollen no seu anverso, que mira sempre cara ás respectivas igrexas parroquiais, a imaxe do crucificado e no reverso, a da Virxe María, malia que en diversas advocacións.

5. O CRUCEIRO DA PRAZA DAS ANGUSTIAS

Na encrucillada da praciña das Angustias, en pleno Camiño Inglés a Compostela ao seu paso pola vila de Pontedeume, está chantado o cruceiro das Angustias, que aloxa no seu reverso, na cruz que non no fuste, a imaxe sedente e en maxestade do apóstolo Santiago, debaixo da Piedade; no anverso está representado Cristo morto e crucificado. Como ben di Castelao, "a cruz é a parte principal dos cruceiros. Non somentes é o máis prezado obxecto da nosa veneración; é tamén a fror e o froito, en pedra, da nosa arte popular. No anverso represéntase o supricio de Xesús; no reverso represéntase a door de María"[73]. Esta cruz de pedra eumesa responde, xa que logo, á tipoloxía da meirande parte

71. Xa se tratou con máis amplitude este tema en Fonte Sardiña, J.M.: *El paso por Pontedeume…*, *op. cit.*, p. 37-79. Véxanse tamén, entre outros, López Calvo, J.A.: *Peregrinacións, hospitalidade e pegadas xacobeas na comarca eumesa*, "Cátedra", 6, Pontedeume, 1999, p. 163-186; López Calvo, J.A.: *Los hospitales para peregrinos del Camino Inglés a Santiago*, "Estudios Mindonienses", 20, 2004, p. 729-771; López Calvo, J.A.: *El convento agustino de Pontedeume. Estudio Histórico y Colección Documental*, Pontedeume, 2006; Breixo Rodríguez, C., Macedo Cordal, C., López Calvo, A. e Sáez Taboada, B.: *Pontedeume, vila e ponte no Camiño a Santiago*, Pontedeume, 2004; de Castro Álvarez, C. e Vázquez Arias, J.C.: *La iglesia de Santiago de Pontedeume. Historia y patrimonio artístico*, A Coruña, 2003; ou Correa Arias, J.F.: *A Ponte do Eume*, "Cátedra", 2, Pontedeume, 1995, p. 15-56.

72. A análise que realizaremos centrarase nos aspectos iconográficos, pois os artísticos e estilísticos xa están ben tratados en Burgoa Fernández, J.J.: *Cruceiros e cruces de Pontedeume. Apuntamentos históricos, artísticos e etnográficos*, "Cátedra", 5, Pontedeume, 1998, p. 41-63.

73. Rodríguez Castelao, A.D.: *As cruces de pedra na Galiza, op. cit.*, p. 146.

dos cruceiros galegos. Segundo Castelao, a figura de Cristo na cruz esculpida en pedra aparece por primeira vez nas cruces celto-británicas do século VII; nos últimos anos desta centuria ocupa o reverso das cruces procesionais −que tiñan, por suposto, a Cristo no anverso− a figura da Virxe María, representada coa súa dor e angustia. Como di Castelao, "nos primitivos cruceiros de Galiza, todos eles de tipo gótico, percíbense as cruces procesionais trasladadas do metal â pedra"[74]; mais, tamén asegura o noso patriarca que, "o cruceiro galego chegou a ser tal no século XVII, xa entrado na estética enxebre do noso país, cando se desprendeu dos bultos decorativos da cruz e apareceu a Virxe das Angustias na cara envesa do crucifixo, é decir, cando se estabrece un equilibrio antre a door do Fillo e a door da Nai"[75].

Así pois, o lado anverso ou cara principal do cruceiro das Angustias presenta sobre a cruz a imaxe de Cristo morto e redentor do xénero humano a través do seu sacrificio, orientada cara á igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume. Xesús aparece co rostro barbado lixeiramente inclinado á dereita, como se xa lle tivese entregado o espírito ao Pai. Nas primeiras representacións occidentais do Crucificado, Xesús estaba aínda vivo, coa cabeza erguida, ás veces mesmo mirando cara ao Ceo, pero é a partir do século XIII cando se xeneraliza a figura de Cristo morto nas cruces de pedra; como afirma Castelao, "así se vé na inmensa maioría dos nosos crucifixos, dacordo coa narración evanxélica, e nunca endexamáis se vé coa cabeza deitada cara o lado esquerdo"[76]. Os cabelos do Salvador, que case lle chegan aos ombreiros, aparecen retirados da cara e suxeitos pola coroa de espiño, que simboliza a imaxe dun rei sacrificado porque o seu Reino non é deste mundo. Os seus brazos, espetados na cruz por medio dos cravos, preséntanse estendidos e deixan ver a súa musculatura, e os dedos das mans están lixeiramente apertados, case en forma de puño. O corpo de Cristo só está cuberto por un pequeno pano de pureza anoado á dereita e a súa delgadeza deixa asomar, incipientes, os ósos das costelas, aínda que non se percibe se ten xa a ferida da lanza coa que o soldado romano traspasara o seu costado dereito[77]. As pernas únense á altura dos xeonllos e só se cruzan nos pés, o dereito sobre o esquerdo, suxeitos á cruz por un único cravo. Afirma Castelao que, durante a Alta Idade Media, "sempre aparescía o Redentor encravado na cruz con catro cravos, conforme o testemoio de San Ciprián, que viveu no tempo en que aínda se praiticaba o sacrificio da crucifixión; pero a partir do século XIII xa se representou ao Redentor cos dous pés encravados xuntos e cun soio cravo, cicáis para conseguir un efeito de maior tortura […]. Agora ben, nos cruceiros galegos e bretóns endexamáis se vé o crucifixo con catro cravos, senón con tres,

74. *Idem*, p. 149.

75. *Ibidem*.

76. *Idem*, p. 152.

77. Véxase *Xoán*, 19, 34. No lado destro das representacións aparecían os elementos positivos, como o sangue sacramental e fonte de vida vertido por Cristo na cruz e recollido, segundo as lendas artúricas, tamén incorporadas da cultura celta, no cáliz do Santo Graal, relacionado co milagre do Cebreiro e que se atopa tamén no escudo de Galicia.





Anverso do cruceiro das Angustias e detalle da cruz

ao xeito renacentista, coa particularidade de que sempre, sempre, o pé dereito sobremonta o esquerdo"[78]. Novamente, o cruceiro eumés respecta a tipoloxía dos cruceiros galegos e dos outros países relacionados coa cultura celta.

Ao pé da cruz, tamén no anverso deste cruceiro das Angustias, disponse, no lado esquerdo, a figura de Xoán, que foi o único apóstolo de Xesús, segundo relatan as Sagradas Escrituras, que acompañou á Virxe María no momento máis doloroso da súa vida[79]; o seu rostro imberbe, propio da súa xuventude, reflicte tamén a dor que sentiu ao ver morrer o seu Mestre na cruz; viste unha longa capa con pregos, que lle chega aos pés, suxeita coa man esquerda, e que deixa ver o seu brazo zurdo. No lado dereito está Pedro que, malia ter negado tres veces a Xesús[80], como o propio Mestre lle anunciara[81], foi nomeado por Cristo como cabeza da súa Igrexa[82]; Pedro está representado cos seus atri-

78. RODRÍGUEZ CASTELAO, A.D.: *As cruces de pedra na Galiza, op. cit*., p. 151.

79. Cfr. *Xoán*, 19, 25-27.

80. Cfr. *Xoán*, 18, 16-27.

81. Cfr. *Xoán*, 13, 38.

82. "Ti es Pedro e sobre esta pedra vou edificar a miña Igrexa, e as portas do Inferno non prevalecerán en contra dela"; cfr. *Mateo*, 16, 18.

butos habituais, xa que porta na man esquerda a chave, que representa o poder de decisión da Igrexa na Terra e mais no Ceo[83], e na dereita, o Libro dos Apóstolos, símbolo da súa evanxelización.

A presenza destes dous discípulos de Xesús, no anverso do cruceiro, xunto a Santiago, o seu compañeiro no Colexio Apostólico, que aparece no reverso, destaca unha vez máis o feito de que eran os discípulos predilectos do Mestre. Só eles o acompañaron cando resucitou á filla de Xairo[84], tamén foron os escollidos para contemplar a Transfiguración do Señor no monte Tabor[85], e mesmo cando se retirou a orar no monte das Oliveiras en Xetsemaní, antes que ser entregado á súa Paixón, Morte e Resurrección, só levou consigo a eles os tres[86]. Por outra banda, o capítulo II do Libro I do *Códice Calixtino* afirma que "así como por riba dos doce fillos de Israel puxo a tres patriarcas, isto é, Abrahán, Isaac e Xacob, así dos doce apóstolos elixiu tres baróns e mestres con preferencia aos demais, a saber, Pedro, Santiago e Xoán"[87]. Ademais, tamén despois de mortos foron venerados de xeito especial os santuarios que gardan os seus restos pola cristiandade[88].

A imaxe da Virxe das Angustias, co seu Fillo no regazo, ocupa a parte superior do reverso da cruz. Asegura Castelao que "endexamais vin no reverso da cruz outra imaxe de santo que a da Virxe, nalgunha das súas advocacións; as máis das veces é Nosa Señora das Angustias con Xesucristo morto no colo […]. A Nosa Señora das Angustias ten na Bretaña a mesma popularidade que ten na Galiza, aínda que as características iconográficas desemellen bastante. Aparece nos cruceiros bretóns pousada no capitel ou enriba do canzorro; contadas veces figura enclavada no centro da cruz tal como está nos cruceiros galegos […]. A Piedade bretona é dun arte cicais máis requintado que o noso, pero menos

83. "Dareiche as chaves do Reino dos Ceos: todo o que ates na Terra ficará atado no Ceo e todo o que desates na Terra ficará desatado no Ceo"; cfr. *Mateo*, 16, 19.

84. Cfr. *Marcos*, 5, 35-42.

85. Cfr. *Marcos*, 5, 35-42.

86. Cfr. *Marcos*, 14, 32-42.

87. Cfr. López Díaz, X. (trad.): *Códice..., op. cit.*, p. 72; a versión en castelán, en Moralejo, A., Torres, C. e Feo, J. (trad.): *Liber..., op. cit.*, p. 31.

88. Así, di o capítulo XIX do Libro IV do *Códice Calixtino* que "a relixión cristiá adoita venerar con razón especialmente tres sés apostólicas principais sobre todas no mundo, a saber: a romana, a galega e a de Éfeso. Pois como o Señor distinguiu entre todos os apóstolos a tres, Pedro, Santiago e Xoán, aos cales revelou máis claramente que aos demais os seus segredos, segundo consta nos Evanxeos, do mesmo xeito determinou que estas tres sés fosen por mor deles reverenciadas sobre todas as demais do mundo […]. Con razón se considera a Roma a primeira sé apostólica, porque Pedro, o príncipe dos apóstolos, consagrouna coa súa predicación, co seu propio sangue e co seu sepulcro. Con dereito tamén se ten a Compostela pola segunda sé, porque Santiago, que […] nos ceos ten o primeiro posto entre eles [foi o primeiro dos apóstolos en sufrir o martirio e gañou así o trono de Gloria onde aparece sentado neste cruceiro], fortaleceuna antigamente coa súa predicación, sendo o primeiro laureado co martirio, consagrouna co seu santísimo sepulcro e agora ilústraa cos seus milagres e non cesa de enriquecela constantemente cos seus inesgotables beneficios. Chámase terceira sé con razón Éfeso, porque san Xoán Evanxelista compuxo nela o seu Evanxeo […] e o seu *Apocalipse* […] e consagrouna coas súas predicacións e milagres e coa basílica que edificou nela e ata coa súa propia sepultura"; cfr. *idem*, p. 430; na versión en castelán, p. 480 e 481.

espontáneo e variado"[89]. No cruceiro de Pontedeume, a figura da Virxe das Angustias ten un tamaño algo maior có seu Fillo, como acontece na meirande parte das desta tipoloxía que se poden atopar en Galicia, o que é xustificado por Castelao con razóns de carácter estrutural e sentimental. "Se a Piedade estivese pousada […], a súa silueta tería â forma triangular i entón a figura de Xesucristo aumentaría a forteza da base; pero a Piedade dos cruceiros está dependurada, e os nosos artistas de pedra escolleron a forma romboidal para distribuiren mellor os pesos. En canto ao caráiter ideolóxico […], os nosos canteiros, deixándose levar pol-o sentimento, non podían maxinar un home no colo da nai. Para os artistas canteiros, Xesucristo sempre é pequeno, sempre é o Neno, porque é o Fillo, e os fillos somos sempre pequenos no colo das nosas nais"[90].

A tipoloxía da escena da Nai de Cristo co seu Fillo morto no regazo é moi variada nos cruceiros galegos. No de Pontedeume, a Virxe sostén o tronco de Xesús, envolto nun sudario, co seu brazo dereito e inclina, chea de dor, a cabeza cara a ese lado para contemplar o rostro exánime do seu Fillo, que mantén inerte a súa cabeza e os ollos pechados mentres que María o acariña coa man. O brazo dereito do Salvador, demasiado grande en proporción co resto do corpo, está caído e sen vida. Co brazo esquerdo, a Nai agarra as pernas encollidas de Cristo, como cando o acochou no seu colo no humilde portal de Belén onde nacera. A muller que lle dera a vida ao Fillo de Deus acolle o corpo indefenso de Xesús no momento final da Paixón que lle tocou sufrir para poder resucitar como Redentor de todos os homes; así aparece a Virxe no primeiro intre da vida de Cristo e mais na hora da súa morte. A dor como camiño de salvación é unha metáfora do Camiño de Peregrinación, "que é algo excelente, pero estreito, pois estreito é o camiño que leva ao home á vida […], ausencia de vicios, mortificación dos corpos, aumento das virtudes, perdón para os pecadores, arrepentimento para os penitentes, vieiro dos xustos, amor para os santos, fe na resurrección e na recompensa dos benaventurados, afastamento do Inferno, acercamento ao Ceo"[91], segundo o sermón *Veneranda Dies* do *Códice Calixtino*.

No Pórtico da Gloria, meta da peregrinación, está a imaxe do Salvador, que mostra as feridas das mans, dos pés e do costado, e debaixo do Redentor, Santiago, que, despois do seu martirio pola espada por mandato de Herodes Agripa, foi merecente de sentar no trono da Gloria, como a figura que o representa no parteluz; igualmente Santiago, "a cantos, animados e de bo desexo, van peregrinando onda el á terra de Galicia, a outros tantos fai pasar do mar do mundo de Galilea ao lugar do Paraíso"[92]. Así tamén, sedente e en maxestade, triunfante sobre a morte, aparece no cruceiro de Pontedeume coa filacteria na

89. RODRÍGUEZ CASTELAO, A.D.: *As cruces de pedra na Bretaña, op. cit*., p. 32.

90. RODRÍGUEZ CASTELAO, A.D.: *As cruces de pedra na Galiza, op. cit.*, p. 164.

91. Cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *Códice..., op. cit*., p. 213; a versión en castelán, en MORALEJO, A., TORRES, C. e FEO, J. (trad.): *Liber..., op. cit.*, p. 195.

92. Véxase o capítulo VII do Libro I do *Códice Calixtin*o; cfr. *idem*, p. 138; na versión en castelán, p. 101.






Reverso do cruceiro das Angustias e detalle do capitel

man dereita, na que foron copiadas as Escrituras, que mostran o modelo de vida que teñen que seguir os cristiáns, e o bordón en forma de tau, que simboliza, así mesmo, a cruz salvadora, na esquerda. O rostro de Santiago ten barba, como en todas as representacións que del coñecemos, pero non está coroado de Gloria nin nimbado, como en moitas das imaxes en maxestade das que sabemos. Así tamén, sen coroa nin auréola, foron labradas a figura pétrea que preside o retablo maior da igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume e a de madeira das Virtudes.

Non é moi habitual a presenza da imaxe de Santiago na cruz dos cruceiros galegos, que si adoita aparecer nos fustes ou varais. Como asegura Castelao, "o varal dos cruceiros galegos non é tan simpre como o dos calvarios bretóns, pois néstes é rarísimo ver santiños esculpidos, antramentras que nos de Galiza vense a decotío"[93]. Así e todo, o cruceiro do Home Santo, chantado na praza Oito de Marzo, preto de San Domingos de Bonaval e da Porta do Camiño, en Santiago de Compostela, pola que entraban no recinto amurallado os peregrinos procedentes do Camiño Francés, acolle no anverso da cruz a imaxe de Santiago co bordón e os atributos de peregrino, acompañado polos seus discípulos Teodoro e Atanasio. Ademais, tampouco é frecuente que se dispoña no reverso do monumento,

93. Rodríguez Castelao, A.D.: *As cruces de pedra na Galiza, op. cit.*, p. 137.



Detalle da cruz do reverso do cruceiro das Angustias

como no das Angustias, senón que, decote, se aloxa no anverso. O capitel do anverso, igual que o do reverso, está decorado por tres follas de acanto a cada lado da cabeza dun anxo, que semellan tamén as súas ás.

Pola súa parte, o fuste, no anverso, ten gravado en relevo o escudo de Pontedeume, sen coroa real, que acolle o Torreón dos Andrade, sostido polas cabezas do oso e mais do xabaril, símbolos da Casa dos Andrade, que se dispoñen sobre unha ponte de tres arcos



Detalle do escudo eumés no anverso do fuste do cruceiro das Angustias

onde van morrer á ría de Ares as augas do Eume; a ponte, que acolleu antano un hospital de peregrinos a Santiago, e mais o río forman o nome de Pontedeume; nos outros tres lados o fuste é liso.

Debido á inclinación da rúa de San Agustín, o cruceiro está chantado sobre catro chanzos no lado anverso e cinco no reverso.

6. O CRUCEIRO PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE CENTROÑA

Na parroquia de Santa María de Centroña, no concello de Pontedeume, podemos atopar dous cruceiros que teñen no seu fuste a figura do apóstolo Santiago. Preto da igrexa parroquial, chantado nunha encrucillada, atópase o primeiro, a carón dunha fonte con pía para lavar moi ben conservada, polo camiño que baixa cara á praia. A figura de Cristo cravado na cruz, que mira cara ao templo parroquial, preside o lado anverso. A imaxe do Redentor presenta un certo hieratismo que o diferencia do das Angustias de Pontedeume. O rostro de Cristo, barbado e con longa melena, disponse, como é preceptivo, cara ao lado dereito, lixeiramente inclinado, indicando que xa lle entregara a súa alma ao Pai. Na posición dos brazos estendidos e suxeitos cos cravos á cruz é onde se percibe con máis claridade o devandito hieratismo. O seu escuálido corpo, só cuberto por un pano de pureza anoado ao lado dereito, deixa ver as costelas, pero non se percibe a ferida da lanza pola que verteu o seu prezado



sangue mesturado con auga. As pernas xúntanse á altura dos xeonllos e só se cruzan para que o pé dereito monte sobre o esquerdo e un único cravo sexa o que os espete na cruz salvadora na que remata a Paixón de Xesús. A coroa de espiño, que lle cingue a cabeza, e o letreiro situado na parte superior da cruz, no que cómpre supoñer que estaba inscrito o acrónimo INRI, porque non se chega a ler, certifican que Cristo é rei, malia que o seu Reino Celestial non sexa deste mundo.



Anverso e detalle do reverso do cruceiro da igrexa parroquial de Santa María de Centroña

O devandito cruceiro presenta na cruz do seu reverso a imaxe da Virxe do Carme, sobre unha pequena peaña unida ao capitel pola cruz. Cobre o seu corpo cunha túnica e un amplo manto e está coroada de Gloria. Leva no seu colo, suxeito co brazo esquerdo, o seu Fillo neno, que semella esbozar un pequeno sorriso. Da man dereita da Nai de Deus pende o seu escapulario bendito. A Virxe fixo a promesa de que quen o levase consigo no momento da súa morte non sufriría as penas do Inferno. Así aparece en moitos petos de ánimas espallados por toda Galicia a imaxe da Virxe do

Carme rescatando as benditas ánimas do Purgatorio co escapulario nas mans. Do mesmo xeito, no arco da columna do fornelo que acolle a talla da Virxe do Carme na fachada da igrexa do seu convento compostelán, por onde chegan á catedral os peregrinos procedentes de Pontedeume a través do Camiño Inglés, está gravada a inscrición que garante que "quien muriere con este escapulario no padecerá el Fuego Eterno". Como afirma Castelao, "non é que na Galiza se deixe de pensar no Inferno; pero preferimos o Purgatorio e non deixamos de saber cánta é a fondura do abismo que arreda o ben do mal. En Galiza o demo non é un persoaxe tan terribel como se pinta, porque o vemos vencido baixo os pés de San Miguel[94] […]. A idea consoladora do Purgatorio responde moito mellor que o terribel Inferno âs creencias saudosas e antergas do povo galego, concordando íntimamente cos fondos insobornables da nosa relixiosidade […]. A idea do Purgatorio produxo a espansión dos cruceiros e a invención dos retábulos das Ánimas, que na veira dos camiños demandan esmolas e preces"[95].



Imaxe de Santiago sedente e da estrela no anverso do fuste do cruceiro parroquial de Centroña

No capitel está representada a cabeza dun anxo rodeado de follas de acanto como elemento decorativo, tanto no anverso como no reverso.

No trono celeste, gañado polo seu martirio pola espada, pero tamén polo sacrificio de Cristo, está representada a figura de Santiago sedente e en maxestade no anverso do varal do cruceiro, debaixo do Redentor, dun xeito practicamente idéntico que no parteluz do Pórtico da Gloria, onde foi colocado baixo a imaxe do Salvador que mostraba as chagas da súa Paixón. O rostro barbado de Santiago, que deixa ao descuberto unha

94. Como na imaxe procesional acollida na capela do santo no monte de Breamo.

95. RODRÍGUEZ CASTELAO, A.D.: *As cruces de pedra na Galiza, op. cit*., p. 133-135.

ampla fronte, aparece nimbado, como símbolo da súa santidade, que o fixo merecente do Paraíso, e a auréola está decorada con pequenos vultos pétreos, que lembran as pedras preciosas que orlan a do Apóstolo no parteluz do devandito Pórtico da Gloria na catedral de Santiago. Como o seu modelo compostelán, o Santiago do cruceiro de Centroña viste unha humilde túnica e porta na man dereita o pergameo no que estaban gravados o seu nome ou as Sagradas Escrituras e na esquerda, o bordón con forma de tau, que tamén utilizan como símbolo da cruz os irmáns da Orde de San Francisco, peregrino a Santiago no ano 1214 e impulsor da hospitalidade no Camiño.

A figura de Santiago disponse sobre unha pequena peaña e debaixo dela está esculpida a estrela de seis puntas[96] que alumeou o sepulcro que gardaba os restos do Apóstolo no *Locus Sancti Iacobi* e que lles permitiu ao eremita Paio e ao bispo Teodomiro (¿810?-847) descubrir, de xeito milagroso, o prezado tesouro das súas sagradas reliquias. O varal do cruceiro parroquial de Santa María de Centroña forma un prisma hexagonal desde o capitel ata a imaxe sedente de Santiago e a partir desta presenta só catro caras. O fuste non acolle santo ningún no seu reverso.

O cruceiro está erguido sobre catro chanzos por cadansúas caras.

7. O CRUCEIRO DO PARQUE DO MUÍÑO EN CENTROÑA

Tamén na parroquia de Centroña, no parque do Muíño, á beira dereita da estrada que vai á Coruña pola costa, hai un cruceiro, cuxo Cristo mira cara á igrexa parroquial. No anverso da súa cruz, disponse a figura do Redentor, que o canteiro que o labrou suxeita con tres cravos, un que lle perfora os dous pés −o dereito sobre o esquerdo, como marca o canon establecido− e os outros dous para as mans. O hieratismo que presenta é mesmo maior que o do seu compañeiro e veciño de parroquia. O escuálido Salvador mostra as incipientes costelas núas, só está cuberto pon un pano de pureza anoado ao seu lado dereito, e volve o seu rostro barbado, coroado de espiño e cunha melena que lle cobre os ombreiros, cara á dereita, como é normativo. A cabeza aparece lixeiramente inclinada e os ollos pechados, como se acabase de morrer. Sobre a coroa de espiño pode verse o letreiro no que non está gravado a acrónimo INRI que designaba a Xesús o Nazareno como rei dos xudeus.

O reverso do cruceiro do Muíño acolle na súa cruz a imaxe da Asunción de María, que é a advocación da parroquia de Centroña. A súa figura cobre a cabeza cunha touca e viste unha túnica con amplos pregos que non lle chega a tapar os seus pés descalzos.

96. Burgoa Fernández di que é un "antigo símbolo grego e romano da divindade"; cfr. Burgoa Fernández, J.J.: *Cruceiros…*, *op. cit.*, p. 52.

Subida nunha pequena nube, a Virxe ascende ao Ceo, cun amplo sorriso e coas mans dereitas, como símbolo da aceptación da vontade de Deus, que marcou a súa vida desde que o arcanxo Gabriel lle anunciara que sería a Nai do Salvador[97]. Neste momento do tránsito de María cara á Gloria, representado no cruceiro, foi despedida por Santiago e outros dos apóstolos, segundo o relato dos *Evanxeos Apócrifos*.



Os capiteis, idénticos nas catro caras do cruceiro, están decorados con follas de acanto, que lle serven de marco a unha vieira xacobea, que é o complemento dos atributos de peregrino que Santiago porta no varal, é dicir, o Libro dos Apóstolos, o bordón e mais a cabaza.

O fuste presenta un prisma de catro caras e no seu anverso, sobre unha pequena peaña con forma de vieira, disponse unha imaxe de Santiago Peregrino, na que tamén domina o hieratismo e cuxa figura mostra unha notable desproporción nas súas medidas, sobre todo nas mans, que teñen un tamaño

97. "Velaquí a escrava do Señor. Cúmprase en min o que dixeches"; cfr. *Lucas*, 1, 38.



Anverso e detalle do reverso do cruceiro do Muíño en Centroña

algo máis grande que a cabeza e moitísimo maior cós pés. O santo aparece ergueito, co seu bordón de camiñante coroado pola cabaza que garda a auga ou o viño para calmar a sede. Sostén o bordón, no que semella que non se apoia, coa súa man dereita e coa esquerda leva onda o corazón o Libro dos Apóstolos, o que nos indica que evanxelizou estas terras e que está disposto a todo por difundir a mensaxe de Xesús, mesmo ao martirio, como aconteceu en Xerusalén cando Herodes Agripa mandou que lle cortasen a cabeza cunha espada. Viste unha longa túnica pola que lle asoman os pés espidos. O seu rostro barbado, cunha media melena retirada que deixa ao descuberto unha ampla fronte, mostra, nos seus ollos pechados, o cansazo dos peregrinos cando se deteñen para coller folgos no medio do Camiño, pero tamén a paz que lles proporciona esta ruta xacobea de peregrinación, sabedores de que ao final lles agarda na súa meta a Porta do Paraíso, se entran na catedral compostelá pola fachada da Acibechería, ou o Pórtico da Gloria, se é que o fan pola do Obradoiro. A meta

do Camiño de Peregrinación é unha metáfora do Ceo como premio aos que se esforzan por seguir a Cristo, que é "o Camiño, a Verdade e mais a Vida; ninguén chega onda o Pai máis que por Min"[98].

Esta imaxe de Santiago representado como peregrino nos fustes dos cruceiros, aínda que talvez non sexa tan habitual como a de Santiago sedente e en maxestade, está tamén moi estendida nas cruces de pedra de Galicia e mesmo de Portugal.

O cruceiro atópase erguido sobre tres chanzos.

8. O CRUCEIRO PARROQUIAL DE SANTIAGO DE BOEBRE

O templo parroquial de Santiago de Boebre, no concello de Pontedeume, ten chantado no seu adro un cruceiro coa imaxe do Apóstolo no anverso do seu varal. O Cristo que se dispón na cruz do seu anverso inclina a cabeza coroada de espiño, que cae lixeiramente cara á dereita, como marca o canon estabelcido. Non presenta un hieratismo tan marcado como os anteriores, aínda que si ten en común con eles o feito de que está suxeito á Cruz por tres cravos, dous nas extremidades superiores, un en cadansúa man, e o outro nos pés, que aparecen sobrepostos, o dereito enriba do esquerdo; así como a súa case extremada delgadeza no rostro e no corpo, que só está cuberto por un pequeno pano de pureza tamén anoado no lado dereito; e a ausencia do acrónimo INRI no cartel da parte superior da cruz.



Imaxe de Santiago Peregrino no varal do cruceiro do Muíño en Centroña

98. *Xoán*, 14, 6.



Anverso e reverso do cruceiro do adro da igrexa parroquial de Santiago de Boebre

O reverso deste cruceiro de Boebre acolle a imaxe da Virxe do Carme, cunha feitura moi semellante á que xa describimos no cruceiro da igrexa parroquial de Santa María de Centroña. Así e todo, a súa figura presenta unha labra algo menos fina, requintada e rica en detalles.

Tamén dispón no seu capitel, como nos outros cruceiros que analizamos, agás o do parque do Muíño, que estaba decorado con cunhas de vieira, a cabeza dun anxo no medio rodeado de follas de acanto como elemento ornamental.

O fuste, no seu anverso, acolle sobre unha pequena peaña unha imaxe de Santiago sedente e en maxestade case idéntica á do Apóstolo do cruceiro da igrexa parroquial de

Santa María de Centroña. A auréola que acredita a súa condición de santo presenta unha decoración que trata de imitar as perlas preciosas que ten o nimbo do Santiago do parteluz do Pórtico da Gloria, con cuxa imaxe garda unha enorme semellanza. Viste unha humilde e longa túnica que deixa ver os seus pés espidos, o seu rostro é barbado, porta na man dereita a filacteria, na que se escribiron as Sagradas Escrituras ou unha cartela co seu nome, e na esquerda, o bordón con forma de tau, símbolo da cruz salvadora, e aparece sentado no trono celeste que obtivo como recompensa polo seu martirio por mandato de Herodes Agripa.

O cruceiro está chantado sobre unha pequena rocha e presenta un só chanzo, bastante elevado, en cadansúas catro caras.



Imaxe de Santiago sedente e en maxestade no varal anverso do cruceiro de Boebre

9. O CRUCEIRO DO FALUCHO NO CAMIÑO A SAN MIGUEL DE BREAMO

Por outra parte e como dato curioso, ao pé do camiño da romaría de San Miguel de Breamo, na súa beira esquerda, na subida que comeza despois do tramo final das escaleiras de Vista Alegre, hai tamén un cruceiro no chalé coñecido como O Falucho, que ten no anverso do seu varal a imaxe de Santiago Peregrino.

O Cristo do anverso da cruz mira á igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume. Presenta un acusado hieratismo na posición dos seus brazos, que non se corresponde co do resto do corpo, igual que o desmesurado tamaño destas extremidades superiores, maior en proporción que o tronco e as pernas. A cabeza, coroada de espiño, disponse levemente inclinada sobre o ombreiro dereito e semella inerte, como se o Salvador xa tivese padecido o seu martirio redentor. O escuálido tronco aparece espido até a cintura, desde onde se inicia un lixeiro escorzo das súas pernas cara á esquerda, que só se cruzan á altura dos pés cravados na cruz, o dereito sobre o esquerdo, como é preceptivo. Xesús só está cuberto por un pano de pureza, que aparece anoado ao lado dereito e debuxa dous amplos pregos. O letreiro que indica que é Xesús Nazareno, o rei dos xudeus, está pendurado no alto da cruz, pero as letras apenas chegan a verse.



Anverso e reverso do cruceiro con Santiago Peregrino no camiño cara a San Miguel de Breamo

O reverso da cruz salvadora acolle unha imaxe da Asunción da Virxe María que sobe cara ao Ceo nunha nube. Cobre a súa cabeza cun amplo manto que lle chega aos pés e lle cingue a súa esvelta figura. O rostro levemente inclinado, os ollos pechados e as mans dereitas á altura do corazón, en actitude de oración, simbolizan a entrega á vontade de Deus que caracterizou a súa vida e o éxtase que para ela supón a súa asunción ao Ceo, como recollía o relato dos *Evanxeos Apócrifos*, contemplada por Santiago e outros apóstolos.

Os catro capiteis están decorados por cabezas de anxos rodeadas por follas de acanto que semellan as ás.

O fuste presenta catro caras e aloxa no seu anverso unha pequena imaxe de Santiago Peregrino, que leva a cabeza descuberta e ten unha media melena que deixa ver unha ampla fronte. O santo mostra o seu rostro barbado, viste unha longa túnica pola que asoman os seus pés espidos e reflicte un acusado hieratismo na súa figura. Coa man dereita agarra un bordón de peregrino no que se apoia levemente, que lle chega á altura da cabeza e leva pendurada a cabaza onde se gardaba a pequena dose de bebida, e coa esquerda sostén por debaixo o Libro dos Apóstolos. Empoleirado sobre a súa peaña con forma de vieira, Santiago contempla unha das máis fermosas vistas da vila da que é padroeiro, da ría de Ares e do golfo Ártabro polo que chegaran os celtas a estas terras antes de que el viñese para as evanxelizar.

O cruceiro está ergueito sobre tres chanzos.

Á esquerda deste cruceiro levántase outro dos nosos símbolos ancestrais, o hórreo. Como este, moitos hórreos teñen como elemento decorativo a cruz exenta, que adoita mirar cara á igrexa parroquial, o mesmo que acontece co anverso dos cruceiros, que, porén, acollen normalmente o Xesús Cristo na cruz. Moito se ten discutido sobre a súa orixe prerromana, castrexa ou romana, verbo das súas tipoloxías ou dos seus elementos decorativos e simbólicos, pero aínda hoxe as conclusións non son definitivas[99]; así e todo, ninguén dubida da súa importancia na Etnografía de Galicia. Segundo Castelao, "o hórreo galego […] é unha ucha sagra, que garda o pan de todo o ano […], un relicario, que garda o corpo do Noso Señor. Os estranxeiros que visitan o noso país toman os hórreos por capeliñas ou por moimentos funerarios, a causa do seu feitío relixioso, sempre coroado por unha cruz [...]. A feitura relixiosa dos hórreos galegos provén do respeto que sentimos polo pan. Ningún galego criado na lentura relixiosa pode poñer o seu pé enriba dunha frangulla de broa, que recolle do chan dándolle un bico, e co mesmo respeto se tratan as espigas do centeo, do trigo e do millo. En moitos logares de Galiza, cando o ceo ameaza serabia, os labregos poñen un cacho de pan no peitoril das fiestras que dan cara os nubeiros e tronantes −deidades malinas− «para que Deus non consinta que se apedrée o seu corpo». E os hórreos gardan o pan, e por eso teñen a feitura de relicarios. Tanto é así que algunhas veces o piorno está enriba do portalón, porque ten máis virtudes e máis poderío que unha simple cruz"[100].

99. Véxase GEADA UZAL, A.: *Tipoloxía de hórreos na comarca do Eume*, "Cátedra", 10, Pontedeume, 2003, p. 7-41.

100. Cfr. RODRÍGUEZ CASTELAO, A.D.: *As cruces de pedra na Galiza, op. cit.*, p. 94 e 96.

NENOS, PLANTADE EUCALIPTOS!
Centenario das Festas da Árbore na provincia da Coruña

Xabier Brisset Martín

A finais do século XIX, consumado o desastre forestal, a industria de derivados da madeira vese obrigada a importar máis da metade da materia prima que necesita. En Cataluña comezan a celebrar as Festas da Árbore que axiña se estenden polo Levante peninsular, xa en proceso de desertización. No ano 1904 un real decreto oficializa esas festas. No 1908 o ministro de Fomento, o galego Augusto González Besada, presenta a Lei de repoboación forestal. Por fin, o 12 de marzo de 1911, celebrouse na Coruña a primeira *Festa da Árbore"* da provincia con masiva presencia de autoridades. Ao ano seguinte, Pontedeume foi a primeira vila que se sumou a esta cita festiva que, andando o tempo, chegou a todos os recunchos. Neste artigo comentarei os precedentes, como se desenvolveron estas festas na provincia e os seus vínculos directos coa política de repoboación forestal. Principiemos co real decreto asinado por Afonso XIII, preguntándonos pola intencionalidade da interpretación ideolóxica que transmite.

Incitando e arroupando ás Festas da Árbore o R. D. do 12 de marzo de 1904 é precedido por unha Exposición que xustifica a necesidade de que teñan a maior incidencia e colaboración. Este texto creará escola pois, entre os seus argumentos, sinala *al pueblo* como responsábel da desastrosa realidade forestal que sen demora debía repararse. A partir dese momento, identificouse a poboación rural como a culpábel da *destrucción de los montes españoles*, polo que a sabia lexislación e o poder, *sempre ben intencionado*, necesitan colaboración para educar a *masa general del país*, que debe *coadyuvar* co mandato imperativo da lei.

Pero realmente, o desastre forestal observábel hai cen anos era debido ás malas prácticas da poboación rural?

A lectura da lexislación anterior para nada inculpa as poboacións campesiñas. Antes o contrario, a voracidade do poder sobre a riqueza forestal maniféstase, ao longo dos séculos, cunha constante: Reservarse sempre a explotación e aproveitamento do máis

substancioso dese patrimonio natural. Para isto perseguiuse implacabelmente, con todo o peso da lei, a aqueles individuos ou comunidades que ousaran entremeterse nese couto exclusivo do rei medieval, do soberano imperial, do monarca absolutista ou constitucionalista, do caudillo ou do dictador.

Existen catro traballos[1] que, no seu conxunto, repasan polo miúdo esa amplía lexislación e a realidade forestal peninsular, polo que me limitarei a citar rapidamente dous períodos de principal importancia: a *militarización* dos bosques, iniciada antes pero xeneralizada coas *Ordenanzas para la cría, conservación, plantíos y cortas de los Montes* de 1748 e, posteriormente, a privatización que deu pé ao neolatifundismo, consecuencia das leis de desamortización, principalmente a de Madoz de 1855. En total suman uns douscentos anos de xestión forestal –globalmente séculos XVIII e XIX– sendo os precedentes do reinado de Afonso XIII e, por tanto, períodos nos que se fraguou o tal desastre.

1. A MILITARIZACIÓN DOS BOSQUES (XVIII) E A PRIVATIZACIÓN (XIX)

Ao longo dos setecentos, tras da Guerra de Sucesión, os catro primeiros reis da familia francesa aceptaron o reto de converter a monarquía hispánica nunha gran potencia naval capaz, xunto os seus parentes de París, de derrotar a flota británica e conquistar o dominio dos mares. Foron cen anos de fortalecemento da mariña onde o Arsenal de Ferrol e as fragas da provincia de Betanzos tiveron gran protagonismo. Centuria de investimentos fabulosos, planificación detallada, éxitos tecnolóxicos e arrasamento de bosques.

Para cumprir tan ambicioso programa, a Mariña precisaba dispoñer nos estaleiros das pezas de madeira adecuadas para a construción naval. A ferramenta legal foron as ordenanzas de 1748 que lle concedían o dereito a visitar os montes do reino, fosen privados, comunais ou de reguengo, seleccionando e marcando os exemplares que precisase, fundamentalmente carballos de máis de 150 anos. Toda tala precisaba da súa aprobación.

A extraordinaria produción do Arsenal de Ferrol –equivalente á suma dos demais arsenais peninsulares– obrigou a cortas masivas en Galicia e cornixa Cantábrica, destruíndo os últimos bosques primarios que podían quedar na península. Xa no 1774, a Mariña

1. Sobre a situación dos montes españois a mediados do século XIX *Memoria de la Junta Facultativa del Cuerpo de Ingenieros de Montes* publicada por entregas na *Gaceta* os días 28 e 29 de outubro e 01, 03, 05, 07 e 10 de novembro de 1855.
   Sobre a situación forestal, *Arboles y Montes,* Avelino de Armenteras, A. (1903) Reeditado en 2006 por Librerías París-Valencia S.L..
   Sobre a lexislación forestal, *Los montes de España en la historia,* Bauer, E. (1980). Reeditado 2007 Fundación Conde Valle Salazar.
   Sobre a lexislación e o bosque atlántico, especialmente no golfo Ártabro, *O poder e as fragas,* Brisset Martin, X. En "O Retorno" 2010, revista do Museo Etnográfico da Capela.

Real estaba seleccionando e marcando milleiros de carballos nas profundidades astures, nos bosques de Muniellos, onde hoxe ten a súa reserva o oso pardo.

Este período, que remata coa derrota de Trafalgar, foi seguido por outro peor. Morto Fernando VII e finiquitado o absolutismo, corresponderá aos liberais desmilitarizar os montes para privatizalos por medio das desamortizacións. Para facer caixa puxeron en venda os bosques. Especuladores absentistas fixéronse, a prezo de saldo, cos montes máis doados de explotar, aínda que as máis das veces foran comunais. Na procura da rendibilidade talaron polo pé as existencias. Para vagóns e travesas do ferrocarril, postes de telégrafo e electricidade, caixas e toneis, vigas para a construción, entarimados, cubertas, revestimentos, taboleiros, alcohois e acetatos, resinas, fibras textís, apeas para as minas... sen preocuparse de replantar. Como consecuencia, en 1900 se impórtase o 54% da madeira consumida. En pasta de papel a dependencia chega ao 95%[2]. Testemuñas da desfeita foron as primeiras promocións de enxeñeiros de montes que, aínda que o intentaron, non puideron evitar que os bosques terminaran como ermos.

Polo tanto as poboacións labregas quedan liberadas de responsabilidade sobre a penosa situación forestal. De feito, na literatura legal previa, en ningún momento son sinalados como culpábeis. Certo que interactuaban co bosque, pero dende a necesidade de non esgotar os recursos, dende unha mínima capacidade de incidencia pola carencia de circuítos comerciais. Autoconsumo e pouco máis.

Daquela, por que o real decreto de 1904 adxudica o papel de viláns ás comunidades rurais?

2. PREPARANDO O TERREO

Pasados cen anos a resposta parece clara: Porque a repoboación forestal debía realizarse nos montes públicos, fundamentalmente comunais. Estes, como complemento da economía de subsistencia, eran necesarios para a supervivencia das familias labregas. Ante o conflito previsíbel[3] era preciso desautorizar calquera oposición.

Nun exercicio de arrogancia cultural e co pretexto de *despertar en el pueblo el amor a los árboles,* a mensaxe será asumida polos medios oficiais ou oficiosos e, doada-

2. Iriarte Goñi, Iñaki. "La inserción internacional del sector forestal español" 1849-1935.

3. Repoboar os montes comunais era privar a poboación rural do dereito de pastoreo, roturación e aproveitamento dos seus montes. Coa desamortización privatizáronse moitos, dando lugar a un proceso de neolatifundización que converteu a moitos campesiños en braceiros. O conflito, especialmente duro no sur peninsular, encheu de contido a reivindicación *"A terra para quen a traballa"* pola que loitou e morreu tanta xente.
Comparativamente, as desamortizacións do XIX afectaron pouco os montes comunais galegos. Pero no XX, serán obxectivo preferente na política de reforestación.

mente manipulado polos sucesivos poderes, conseguirá ser dominante ao longo de todo o século próximo pasado. O poder e os seus aliados (cura, médico, alcalde e mestre) deben educar e guiar a todas as localidades na celebración das Festas da Árbore para enriquecer e adornar a Patria cos valiosos produtos forestais. Esta mensaxe significou, na práctica, a aceptación dun tipo concreto de repoboación, a de especies de medre rápido para subministrar materias primas ás industrias de derivados da madeira. Calquera oposición da poboación rural, calquera cuestionamento desa política quedaba directamente anatematizado.

Tamén é preciso citar algúns precedentes autóctonos que presentan os intereses contraditorios que marcarán a política forestal en Galicia en todo o século XX.

MINISTERIO DE AGRICULTURA,
INDUSTRIA, COMERCIO Y OBRAS PUBLICAS

EXPOSICIÓN

SEÑOR: La conveniencia, cada día más notoria, de repoblar la zona forestal española aconseja despertar en el pueblo el amor á los árboles y el respeto á los montes, á fin de que las disposiciones que para acometer aquella empresa se dicten encuentren en las costumbres nacionales el apoyo de que necesitan las leyes más sabias para ser eficaces. Nuestra legislación forestal y la historia de la destrucción de los montes españoles prueban con triste elocuencia que el buen deseo que para la conservación del arbolado brilló siempre en las alturas del poder, nunca encontró eco en la masa general del país, y que es preciso, por lo tanto, procurar que las costumbres populares, con su fuerza natural, coadyuven á los propósitos del mandato imperativo de la ley.

Espíritus patrióticos introdujeron en España y fuera de ella diversas costumbres encaminadas á poner al ciudadano en contacto directo con el árbol, para que se diera cuenta de los bienes que proporciona; y, entre todas ellas, obtiene hoy la supremacía, por voto unánime de todos los pueblos cultos, la conocida con el nombre de *Fiesta del Árbol*, que busca en las vivas impresiones de la niñez el medio de hacer amables los árboles y los montes.

No es necesario, por fortuna, dar á conocer esta fiesta, ni preocuparse de establecerla en España: que establecida está ya por la iniciativa particular, y no hay que cuidar más que de extenderla. Sin el apoyo oficial se ha abierto paso, y son varios los pueblos de la Nación que pueden enorgullecerse de haberla celebrado. Empeños dignos de encomio pregonaron sus excelencias, y el fruto provechoso de estas predicaciones reclama que el Gobierno, que dispone de medios para hacerlas llegar á todos los pueblos, se inspire en tan laudables iniciativas, para difundirlas y encauzarlas al mejoramiento de las costumbres y al desenvolvimiento de la riqueza nacional.

Debe el Gobierno, á juicio del Ministro que suscribe, sin llegar al mandato, procurar que la *Fiesta del Árbol* vaya extendiéndose á todos los pueblos del Reino; estimulándoles á celebrarla con premios y recompensas, y recabando para esta empresa el apoyo de los más indicados á prestárselo. El Cura párroco, por ser aquella fiesta ejemplo de sanas costumbres; el Médico, por la reconocida influencia del arbolado en la higiene pública; el Maestro de Escuela, por su misión de educar el alma de la niñez; y los Alcaldes, como representantes del Gobierno, tienen cada uno una predicación especial en esta obra, y todos ellos un estímulo común, ya que dicha fiesta, por lo mismo que el que siembra y planta un árbol no es generalmente el que se aprovecha de sus beneficios, se inspira en el noble sentimiento del amor á la Patria, adornándola con las galas de la vegetación y enriqueciéndola con sus valiosos productos.

La *Fiesta del Árbol* persigue, principalmente, fines educadores; pero es indudable la utilidad de que, al propio tiempo que éstos se cumplan, se siembren y planten los árboles en condiciones que garanticen su arraigo y en aquellos sitios en que más beneficios puedan reportar, como lo es igualmente la de procurar que no se encierre su misión educadora en los estrechos límites del árbol, sino que busque en la grandiosidad del bosque sus naturales y convenientes expansiones. El Cuerpo de Ingenieros de Montes es el llamado, por razones de competencia, á señalar á esta costumbre las orientaciones que el bien público demanda y á guiar á los pueblos para el mejor éxito de las siembras y plantaciones.

No basta la repetida fiesta para resolver el problema que la destrucción de los montes ha planteado en España, y que no puede satisfacerse sólo con sembrar y plantar, sino que exige todos los auxilios de la técnica forestal, pero puede contribuir á darle solución; y por esto y por sus fines educadores se justifica suficientemente la conveniencia de consignar en los presupuestos generales del Estado una partida destinada á generalizarla.

Atendiendo á las precedentes consideraciones, el Ministro que suscribe tiene el honor de someter á la aprobación de V. M. el siguiente proyecto de Decreto.

Madrid 11 de Marzo de 1904.

Exposición introdutoria do real decreto que institucionaliza as Festas da Árbore, publicado na *Gaceta de Madrid* o 12 de marzo de 1904

REAL DECRETO

Á propuesta del Ministro de Agricultura, Industria, Comercio y Obras públicas;

Vengo en decretar lo siguiente:

Este control de carga e descarga, de tributación por estadía e ancoraxe, aínda que con flutuacións segundo as circunstancias, mantívose até a época que nos ocupa, provocando moitos abusos no dereito de embargos para diversos fins, ben militares ben fiscais, o que fixo minguar o tráfico comercial. As enormes cargas e impostos ao que estaban sometidos polos señores e mesmo polos mosteiros como o de Montefaro evitaron o establecemento dun desenvolvemento comercial activo ou das actividades económicas que podían escapar ao control directo dos señores[4]. Como non todos os portos estaban habilitados para importar ou exportar mercadorías, os arrendatarios das rendas reais tiñan gardas ao longo do litoral costeiro que selaban as mercadorías e expedían o correspondente *albalá* de guía para a súa libre circulación.

En calquera caso, a principal fonte de riqueza para estes portos de marea residía na pesca da sardiña, aínda que feitos concretos tamén podían animar a actividade comercial dos portos galegos neste tempo. Por exemplo: o equipamento de provisións en xaneiro de 1496 para a Armada que, partindo de Laredo, conduciría á princesa Xoana de Castela a Flandes para casar co arquiduque Filipe. Así dispoñía a Real cédula da procedencia das provisións: "El bizcocho en Sevilla y Jerez. Asimismo, vinagre, aceite, habas, garbanzos y sal, cecinas, pescados, vacas, carneros en pie, toneles y todas las otras cosas en Betanzos y los otros puertos de Galicia"[5].

3. "No conocemos bien el papel de Fernán Pérez de Andrade O Boo en el auge que experimentó Betanzos en su tiempo, ya que el comercio de esta villa, al efectuarse en su mayoría a través de La Coruña, se nos escapa. Sus sucesores Fernán Pérez II y su hijo Diego de Andrade fueron, entre los grandes nobles gallegos, los más directamente interesados en el comercio. Fernán Pérez armó naves en varias ocasiones; Diego acosando continuamente Betanzos, metido no siempre en negocios honrados, intervino también en el tráfico de pescado. Los dos protegieron a los mercaderes que venían a sus tierras y consiguieron la gran baza de atraer a Ferrol las galeras de Venecia y las grandes naves de la carrera de Flandes, obteniendo buenos ingresos con las rentas de los puertos y los obsequios de los mercaderes y patrones de las naves". Cf. E. Ferreira Priegue, *Galicia en el comercio marítimo medieval*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza 1988, 92-93 e 348.

4. Cf. J. A. Carneiro Rey – M. A. Rodríguez Vázquez, *Historia de Mugardos*, Mugardos, Concello – Reganosa 2004, 95-96.

5. A. López Ferreiro, *Galicia en el último tercio del siglo XV*, Vigo, Faro de Vigo 1968, 212-213.

2.2 No século XVI

Cando se pensa no século XVI, de inmediato vén á memoria o Renacemento e a Reforma como eventos diferenciados dunha liña ideolóxica. Pero tamén cómpre engadir un incipiente capitalismo se tamén se quere marcar a liña económica. Un capitalismo inicial que apunta sobre todo no comercio pero que non exclúe unha economía feudal, coexistindo ambas as dúas nunha estraña ensamblaxe.

Exportábanse materias primas de gran valor: la, seda, ferro... e importábanse despois os produtos manufacturados, co que o que se vendía por valor dun, mercábase logo por valor de dez. A pesar de que houbo propostas de aplicar un estrito control aduaneiro, o certo é que son as grandes compañías dedicadas ao comercio colonial, convertidas en auténticas entidades públicas ou paraestatais, as que limitan ou favorecen segundo o caso, a expansión deste tipo de comercio[6].

Outra proposta para inverter o estado de crise económica xeneralizada estaba en impedir o beneficio dos rexedores de vilas e cidades (os actuais concelleiros) que, ao ser os seus cargos de carácter vitalicio, beneficiábanse mediante pequenos monopolios do abastecemento dos sectores básicos: carne, peixe, la, aceite..., encarecendo os produtos para aumentar as ganancias[7].

Carecemos de probas documentais para saber en que momento a testeira da ponte de pedra cede a función de lugar de atraque e descarga a un peirao ou rampla. Do comercio marítimo destas épocas soamente hai noticias soltas, entre elas as do licenciado Bartolomeu Sagrario de Molina, na súa *Descrición del Reino de Galicia*, que data da primeira metade do século XVI, cando tenta describir os principais portos de mar galegos di de Pontedeume:

> *"En esta villa de las Puentes de Eume, donde dije arriba que está aquella maravillosa puente, es pueblo de tanta frescura de árboles, y de tan deleitable asiento y vista, que se puede llamar el vergel de Galicia; abunda de muchas frutas. Tiene tan agradables que en toda Castilla y en otras muchas partes se haría gran fiesta de ellas"* [8].

6. Cf. B. Barreiro Mallón, *Las ciudades y villas costeras del norte de Galicia en el contexto internacional del siglo XVI. Lección inaugural en la solemne apertura del Curso 1999-2000*, A Coruña, Universidade 1999, 13-ss.

7. Cf. M. Fernández Álvarez, *Felipe II y su tiempo*, Barcelona, Círculo de Lectores 2000, 169-170.

8. Cf. *Descripción del Reino de Galicia por el Licenciado Molina. Introducción, transcripción, notas y comentarios de José Antonio Parrilla. Prólogo de Ramón Villares,* A Coruña, Supervisión y Control S.A. 1998, 111. Cómpre facer notar que, máis que unha descrición obxectiva, a redacción deste documento obedece ao obxectivo de facer unha loanza subxectiva de Galicia, pero eso non implica a falla de veracidade do dato que, en xeral, as vilas costeiras galegas tiñan unha brillante vida pesqueira.

A actividade da pesca e o seu comercio viña regulada polos gremios de mareantes sendo, nalgunhas praias e portos, unha actividade comunitaria ou gremial, como por exemplo acontecía en Pontevedra co uso do aparello coñecido como *cerco real*. Posibelmente fose Viveiro, neste século, o gran porto de marea galego[9].

Tamén é desta época o esforzo defensivo das vilas costeiras de Galicia fronte ás hostilidades corsarias, tanto de proxectos defensivos territoriais como de organización de milicias. Se en anos anteriores o principal teatro de operacións militares da monarquía hispana era o Mediterráneo por mor da loita contra o imperio turco, a raíz do problema flamengo (1567) e a anexión do imperio portugués en 1580 será o Atlántico o que soporte o groso das operacións navais. Neste contexto Galicia preséntase como unha área privilexiada pola súa situación entre Portugal e Inglaterra e o interese da Coroa increméntase dun xeito considerábel[10].

Enxeñeiros italianos como Tiburcio Spanochi axudan a ver Ferrol, ademais dun excelente porto de refuxio para os barcos en tránsito, sobre todo os de pesca, a ser cotizado como posíbel arsenal que Alonso de Bazán desexaba construír para o abastecemento da Armada de Filipe II. O perito toscano afirma do porto de Ferrol: "uno de los más seguros y capaces que yo haya visto (…) con su canal estrecho y su puerto natural de dos leguas de largo, y sobre todo sus dos ensenadas muy anchurosas: en la punta de una de ellas, a la mano izquierda, está la villa de Ferrol (…) y de la otra parte, en la otra ensenada de mano derecha, hay la villa de Mugardos". Nesta punta suxire Spanochi que se fagan os estaleiros e depósitos pero insiste en que este porto é particularmente vulnerabel dende a ría de Ares, polo que o seu equipamento levaría consigo en todo caso a fortificación desta ría, especialmente na zona chamada do Pieiros. Este plano tarda varios decenios en ser realidade, pero cando nos inicios do século XVIII a vila de Ferrol presenta á Coroa demanda da súa total reconstrución por mor das obras de instalación da Armada no seu recinto, producese unha emigración considerábel cara ás vilas de Viveiro, Cedeira, Pontedeume e Bentanzos, pasando Ferrol duns 250 veciños ben acomodados a uns 100 indixentes[11].

2.3 No século XVII

A economía da sociedade española anterior ao século XVII tiña unha dobre base: a agricultura e a minería americana. Pero á chegada do 1600 este dobre pivote sufrirá unha transformación.

9. Cf. J. García Oro – M. Romaní, *Viveiro en el siglo XVI*, en: "Estudios Mindonienses" 5 (1989) 14-35.

10. Cf. M. C. Saavedra, *Ferrol a finales del siglo XVI: Actividad militar y desarrollo económico*, en "Estudios Mindonienses" 3 (1987) 267.

11. Cf. J. García Oro – M. J. Portela Silva, *Noia en 1599.* A experiencia da guerra e da peste na Galicia do Renacemento, Noia, Edicións do Círculo Filatélico e Numismático 2004, 35-37.

A falta de melloras nas técnicas e sistemas de produción implica que sexan as colleitas (sempre en función das condicións meteorolóxicas) as que determinan a riqueza do país. Pero, as mortíferas epidemias, as inesgotábeis guerras e a falta de cereal panificábel, converteron o século XVII nunha época de crise xeneralizada e depresión demográfica.

Nas *Memorias del Arzobispado de Santiago*, redactadas en 1607 polo cóengo dignidade de cardeal do cabido da catedral compostelá, Jerónimo del Hoyo, no capítulo dedicado a Pontedeume atopamos esta descrición do porto:

> *"Esta villa está fundada junto a un río caudaloso por el cual sube la marea cuando crece el mar y por él entran navíos cargados de todas mercaderías y así es esta villa puerto de mar (...) Por este río como hemos dicho, suben muchos navíos de Francia y de Flandes y de Vizcaya y de Portugal y de otras muchas partes, con todo género de mercancías, y así, en la dicha villa hay hombres que tratan en ellas y que en breve se suelen hacer ricos. También se embarca en este río todo género de vinos de lo que se coge en la tierra y se lleva a Asturias y a Vizcaya y a otras partes"* [12].

No 1602 a parte da ponte que facía de peirao atopábase tan mal polo desgaste do traballo do mar que motivou reparacións que non ampliacións[13]. A reparación foi custeada polos propios mareantes: "En el año de 1602, por ante Gregorio López, escribano de número, los mareantes se obligaron a pagar al Maestro que compusiese el peirao"[14].

No 1637 desenvólvese un preito entre mareantes de Ferrol, A Graña e Mugardos, contra os de Ares, respecto aos lugares, tempos e artes de pesca, autorizándoselles que pescaran nas costas de Centroña pero sen innovacións, só coas artes do xeito, de noite e conforme os costumes tradicionais[15].

Foi o segundo terzo dese século unha época de importante asentamento de mercadores ingleses en Pontedeume. Pero as problemáticas relacións entre Inglaterra e a monarquía hispana provocaron a súa expulsión e o embargo dos seus bens, freándose así unha importante actividade comercial.

12. J. del Hoyo, *Memorias del Arzobispado de Santiago. Trascripción del manuscrito original del año 1607, que se guarda en el Archivo de la Mitra Compostelana*, Santiago de Compostela, Porto Editores 1944, 306-307.

13. Cf. C. de Castro Álvarez, *Calles, Plazas y Jardines de Pontedeume. Denominación, Morfología y Actividad en el espacio Público (1270-1970)*, Pontedeume, Concello 2007, 66.

14. J. A. López Calvo, *El Libro Registrador de Propiedades del Concejo en el Fondo de Patrimonio del Archivo Municipal. Unos apuntes sobre Pontedeume y su alfoz en el siglo XVIII*, en: "Compostellanum" 41 (1996) 3-4, 542.

15. *Ibíd*., 538-539.

2.4 No século XVIII

Unha das maiores preocupacións que tiveron os ilustrados foi o fomento do comercio, sendo este o sector económico que obtivo o maior desenvolvemento no século XVIII. A dinastía borbónica e a Ilustración defenderon e animaron o estímulo e a liberdade do comercio por vía marítima, en especial a colonial, criticando as taxas, os impostos e a regulamentación excesiva sobre a compra ou venda de produtos e mercadorías[16].

En 1785 comeza a funcionar na Coruña o *Consulado del Mar*, unha institución de corte ilustrado dedicada a fomentar as fontes de riqueza naturais seguindo parámetros de corte fisiócrata francés. O *Consulado del Mar* entendía de asuntos de navegación, industria e comercio. Daquela especie de academia nacerán as institucións docentes máis representativas da vida coruñesa como a *Escola de Comercio*, a *Escola de Náutica* e a *Escola de Artes e Oficios*. Este consulado mantiña un tribunal con xurisdición en toda Galicia e competencia en asuntos de navegación, industria e comercio. Podía impoñer sancións (polo xeral multas) e cobraba algún tipo de contribución[17].

Pero, malia esta preocupación ilustrada, neste século comezou a declinar o movemento portuario en Pontedeume, pois ao ser porto de marea quedaba moi comprometida a tonelaxe dos navíos: "Su barra y poco fondo hace que no puedan entrar embarcaciones de más de 30 toneladas en marea llena. No necesitan muelle, ni lo tienen, y las embarcaciones del tráfico atracan al puente de la villa para su carga y descarga"[18].

Obvio é que a proximidade dos portos da Coruña e Ferrol non fixeron medrar as demandas comerciais marítimas, quedando estas reducidas á exportación de peixe, viño, madeira e froita, facendo tamén innecesarios grandes investimentos en infraestruturas. Con todo, en 1765 a Corporación Municipal do Concello de Pontedeume manda compoñer o peirao, pois considerábase xa pequeno para carrexar e embarcar ou desembarcar[19].

Outra circunstancia que fixo minguar o desenvolvemento portuario de Pontedeume foi a Guerra de Sucesión entre os pretendentes á Coroa de España, Filipe de Borbón, Duque de Anjou, e o arquiduque Carlos de Austria. A *Matrícula de Mar*, o alistamento de

16. Cf. J. J. Burgoa Fernández, *O Porto Comercial do Ferrol da Ilustración. O Real Consulado e a Sociedade de Amigos do País*, en: "Estudios Mindonienses" 24 (2008) 413-433.

17. Cf. E. González López, *Historia de Galicia*, A Coruña, La Voz de Galicia 1980, 500. Por Real Cédula de Filipe III, en 1621, pouco antes do seu pasamento, créase na Coruña a primeira Escola Náutica de Galicia denominada Seminario de Muchachos de Mar, unha escola de pilotaxe e mariñeiría. A Coruña e Ferrol eran as bases onde elevaban áncoras os buques da escuadra defensora das rutas atlánticas, do comercio con Ultramar e daquela escola saíron numerosos prácticos que prestaron servizos nas mariñas de guerra e mercante para dirixir arribadas e escalas de buques nos portos galegos.

18. Arquivo do Museo Naval de Madrid, Sección: *Diversos Mariña, Atado 472, folio 355, citado por* A. Meijide Pardo, *Aspectos de la vida económica de Pontedeume en el siglo XVIII*, en: "Anuario Brigantino" 16 (1993) 70, nota 32.

19. C. de Castro Álvarez, *Calles, Plazas y Jardines de Pontedeume…, o. c.,* 67.

moitos mareantes para engrosar as tripulacións dos barcos de guerra, fixo agravar máis o estado no que xa se atopaba a pesca. Foron bastantes os mariñeiros que, involucrados á forza, sufriron directamente as represalias nas súas actividades produtivas e fiscais como consecuencia de tomar partido.

Pero o que realmente supón un gonzo no desenvolvemento deste comercio foi a chegada, na metade deste século, dos *fomentadores* cataláns. O seu asentamento en Galicia supuxo un cambio en todo o sistema de pesca que, de ser unha actividade artesanal e agremiada, pasou a verse dominada polo sistema capitalista. Unha das novidades é que pescaban con *xábega* (pesca de arrastre), e non coa traíña. Cunha xábega pescábase 36 veces máis que cunha traíña, pero aquel era un aparello caro, e os mareantes galegos non o podían mercar. Outra novidade estaba na maneira de salgar a sardiña: os cataláns prensábana e quitábanlle a graxa para que se conservase mellor e poder enviala aos mercados do Mediterráneo onde ocupou o sitio do pescado inglés e do bacallau do norte. Estes sistemas fan que, nin os mareantes nin os comerciantes galegos puideran competir e que os mareantes pasasen a pescar para o catalán ben ao xornal, ben no fornecemento de peixe fresco. Os cataláns chegaron a pagar estes traballos adiantándolles aos mareantes convertidos en xornaleiros viño e augardente que traían de Cataluña[20].

No 1798, Xoán Valentín García, párroco de Pontedeume redacta un manuscrito co título: *Descripción de la Villa de Puente de Heume*, seguramente como resultado do estudo pedido por parte do xeógrafo da Corte de Madrid Tomás López y Vargas Machuca (1731-1802), para a confección dun atlas do conxunto do territorio nacional[21]. O manuscrito tivo varias publicacións de diferente deseño editorial. Cinguímonos á reprodución publicada na revista "Cátedra":

> *"6º El puerto de Puentedeume. La situación de dicha Villa es algo repechosa a la falda del encumbrado Monte de Breamo, su forma es redonda, su capacidad reducida, siendo por clara tradición de la antigüedad de la Villa el Puerto, y Concha, que cubre la mar, y que en su circuito pasa de tener legua y media terminando en dicha concha estas Parroquias; inmediatas; de forma, que se puede decir que es uno de los mejores Puertos de Galicia en su tamaño, aunque en él no entran Barcos mayores; y como este Puerto se halla abrigado, no ofenden los Vientos, ni temporales las embarcacio-*

20. Cf. P. Saavedra Fernández, "Historia da Idade Moderna 1480-1808", en AA.VV., *Historia de Galicia*, Barcelona, Cilsa 1980, Vol. II. 51-52.

21. Despois dunha estadía en París para a súa formación en relación co proxecto de levantamento do mapa de España presentado por Jorge Juan e Antonio de Ulloa ao Marqués de la Ensenada, crea un gabinete xeográfico en colaboración coa Real Academia da Historia. No plano de confección do mapa empeza a través dun interrogatorio enviado ás distintas autoridades locais e párrocos, con quince cuestións sobre a descrición do territorio, produción, mercados, equipamentos e mesmo preguntas sobre historia local. Cf. G. Méndez Martínez, *Cartografía antigua de Galicia,* Pontevedra, Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1994, 78-80.

> *nes, antes bien se hallan seguros y sin riesgo, como en una laguna, o charco por estar en bajo, y las feligresías, que lo circundan tener su principio en alturas, o montes, viniendo con declinación a tocar las márgenes de dicho Puerto, de tal forma, que todas ellas producen todo fruto, y diversidad de frutas"* [22].

O 6 de marzo de 1783, por mor de grandes riadas, deterióranse catro arcos da ponte de pedra quedando cortada a comunicación entre ambas as ribeiras do río Eume[23]. Dada a importancia desa vía como punto de unión entre A Coruña e o Arsenal ferrolán, o gobernador xeral do Reino contrata tres comerciantes da vila para que, inicialmente por dous anos, axustasen unha contrata para efectuar o transporte do correo, pasaxeiros e mercadorías por medio de barcas dun estremo ao outro do río. Antonio Mejide Pardo dá conta da existencia no Arquivo Xeral de Simancas dun atado titulado *Barcas de pasaje en Puente Deume con motivo de la ruina del Puente*[24], nel pormenorízanse todas as incidencias habidas verbo das condicións da contrata.

A urxencia de conseguir un servizo de comercio e comunicación que non paralizase a actividade económica obrigou á toma de decisións por parte da Capitanía Xeral de Galicia as que, axiña, provocaron a denuncia do gremio local de mareantes, por considerarse discriminados ao non ser eles os contratados. Achegamos un fragmento da impugnación:

> *"No es dable darse vado al pasaje, ni manejarse estas lanchas con tres o cuatro hombres, cargadas de gente, y atravesando, casi a la continua, las corrientes de las mareas que suben y bajan, y la fuerza de las aguas de un caudaloso río en el invierno, y en una extensión en que ha de haber fuerza de remo. Los asentistas aminoran la tripulación para sacar más ganancia, de que resultan que los marineros se revientan, y no pudiendo sujetar las embarcaciones contra las corrientes, están expuestos con la gente que conducen. Que ésta es una de las causas que desvían a los marineros de servir a los asentistas, por que sobre la poca paga es el trabajo intolerable"* [25].

Non consta que, para os efectos inmediatos, esta situación mudase, aínda cando as ordenanzas de Carlos III obrigaban a que este tipo de contratas se fixesen a través da

22. Cf. J. R. Soraluce Blond, *Descripción de la Villa de Puente de Heume. Año de 1798*, Pontedeume, Imprenta López Torre 1984. Reprodución en facsímile en: "Cátedra" 10 (2003) 347.

23. Hai quen apunta a que a desfeita acaeceu no 1782 e que foron nove os arcos estragados. Cf. C. de Castro Álvarez, *Calles, Plazas y Jardines…, o. c.,* 138.

24. Cf. A. Meijide Pardo, *Aspectos de la vida económica…, a. c.,* 72.

25. *Ibíd*. Tamén cf. Arquivo Xeral de Simancas, Fondo: Mariña, Sección: *Matrícula*, Atado 292, 1783.

Matrícula do Mar. E non será até 1796 cando se libren algúns fondos dende o Real Consello de Castela para a reparación das pontes de Pontedeume e a das Pontes de García Rodríguez.

2.5 Nos inicios do século XIX

Reproducimos a descrición que, en 1804, publica Xosé Lucas Labrada na súa *Descripción Económica del Reino de Galicia*:

> *"Hasta el puerto de Pontesdeume suben pataches con la marea. Su vecindario asciende a 2506 vecinos; hállase en el fondo de la ría a la parte del sur, a donde desagua el río Eume, que nace hacia el monte Xistral nueve leguas al este de dicha villa en la provincia de Mondoñedo (...) La pesca de sardina se puede regular allí en treinta mil millares, que se extraen a varios puertos del reino. Son excelentes todos los pescados que se cogen en aquella ría. No es tampoco despreciable la extracción que se hace de los vinos del país, especialmente al Ferrol; pues en año común excederá seguramente de ciento cincuenta pipas; también es considerable la que se hace al citado puerto de vigas, pontones y tablas de roble y castaño, facilitada por el expresado río Eume, el cual viniendo por entre montañas abundantes de estas maderas facilita su conducción por agua. En el año de mil setecientos ochenta y seis se extrajeron para La Coruña y El Ferrol veinticuatro vigas, cinco mil novecientos noventa y seis pontones y seiscientas noventa y ocho tablas. La mayor parte de la leña que se consume viene de allí. Las mujeres del país, y una gran parte de las de aquellas inmediaciones, suelen ocuparse en conducir víveres a la plaza del El Ferrol, hilar cáñamo para redes de pesca, y en el hilado y tejido del lino del país"* [26].

As siluetas de barcos de vela seguiron a ser familiares no porto e ría de Pontedeume ao longo do século XIX. Posibelmente cargados dende rutas do Levante con sal, viño, aceite, laranxas ou mesmo outras mercadorías máis baratas. Non é obxectivo deste estudo profundar neste segmento de tempo. O desenvolvemento das vías de transporte terrestre tamén ofrecían posibilidade de comercio. Remitímonos a estudos particulares sobre este tempo[27].

26. J. Lucas Labrada, *Descripción Económica del Reino de Galicia*, Vigo, Galaxia 1971, 34-35.

27. Cf. X. Carmona Badía, *Producción textil rural e actividades marítimo-pesqueiras en Galicia (1750-1905)*, Tese inédita de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela, 1983.

3. AS ACHEGAS DA CARTOGRAFÍA

Os portolanos medievais non ignoraban que os saíntes costeiros galegos eran unha encrucillada de ventos e correntes mariñas que convertían os seus portos en escala natural das rutas e áreas comerciais atlánticas e mesmo mediterráneas. Malia que os ventos podían xogar malas pasadas, aínda así o curruncho galego era unha zona de respiro para a navegación e un acceso directo e rápido de barcos con destino a Flandes e Inglaterra.

A cartografía axudou á valoración deste litoral e ao coñecemento dos portos. Desta época é a máis antiga representación da cidade da Coruña[28] e incluso de localidades e territorios da contorna como Betanzos, Pontedeume e Ferrol. Certamente, o rigor deste mapa, dende o punto de vista cartográfico, deixaba moito que desexar, e aínda que a intención orixinal fora o apoio para incursións militares, o certo é que difundiron as favorábeis condicións dos fondeadoiros e até onde podían internarse os navíos nas rías de Betanzos e Pontedeume.

Outro plano, este de 1634, formaba parte do conxunto do atlas do xeógrafo portugués Pedro Teixeira (1595 – 1662)[29]. Describe a ría como a confluencia dos ríos Eume e Mandeo, formando deste xeito dous brazos navegábeis, facendo sobresaír a categoría urbana de Betanzos e Pontedeume en detrimento doutras localidades como Ares, Mugardos, Sada, Fontán e Redes, catalogadas neste atlas como lugares ou aldeas de desigual potencial demográfico dedicadas á pesca.

Das cartas náuticas das rías de Pontedeume, Betanzos e Ferrol do século XVIII, destacamos dúas de 1787 e 1789 respectivamente[30], a primeira de Vicente Tofiño San Miguel e a segunda de Miguel de la Puente. Achegan importantes datos para unha segura navegación respecto de mareas, medidas de sondaxe e calidade dos fondos mariños, todo en escala gráfica de 4000 varas de Burgos igual a 12 cm.

4. AS MERCADORÍAS DE COMERCIO: VISIÓN SINCRÓNICA

Esta actividade humana do comercio, consistente na actividade económica que axusta a relación entre oferta e demanda, se ben se considera como unha actividade pro-

28. Cf. J. A. Sánchez García, "Vista de Pontedeume en el mapa de A Coruña y sus alrededores B.L. Manuscripts, Cotton MS. Augustus I.ii.112 ca. 1589"; en: A. Vigo Trasancos (Dir.), *Planos y dibujos de arquitectura y urbanismo. Galicia en los siglos XVI y XVII,* Santiago de Compostela, Consello Galego de Colexios de Aparexadores e Arquitectos Técnicos 2003, XLVIII.

29. Cf. P. Teixeira, "Descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos", en: F. Pereda – F. Marías (Eds.), *El Atlas del Rey Planeta*, Hondarribia 2002, fol. 33 r.

30. Cf. L. Martí-Merás – B. Rivera (Eds.), *Catálogo de Cartografía histórica del Museo Naval,* Madrid, Ministerio de Defensa, 1990.

dutiva, pois consigue aumentar o prezo dos produtos e facelos accesíbeis aos consumidores, no caso da explotación pesqueira nestes portos de marea, pódese dicir que as mercadorías producidas sufriron sempre un secular atraso na súa estrutura, o que orixinou a aparición de empresas puramente especulativas que levaron unha gran parte do prezo final sen que o produtor tivese participación ningunha.

Imos, a continuación, facer unha sinxela descrición dos obxectos protagonistas da comercialización e do tráfico marítimo de Pontedeume, dándolle un posto especial ao peixe e á salga.

4.1 O peixe

A vida económica eumesa, ao longo da idade moderna, pendía fundamentalmente da explotación dos recursos mariños. De feito, no século XVIII, os mareantes constituían dous terzos do total da poboación activa[31]. A sardiña era a especie máis traballada no porto de marea de Pontedeume e supuña a súa maior riqueza produtiva. Algúns filólogos derivan o nome deste peixe ó produto salgado elaborado en Sardeña que acabou por consolidarse como nome do peixe. En calquera caso trátase do rei dos portos galegos, tanto pola súa abundancia como polas súas propiedades. Como subproduto da sardiña extráese o saín (*sangimen*), a graxa que solta a cabeza e as tripas do peixe cocidas nos *magueiros* que se usaba para engraxar o coiro ou mesmo como combustible para candís[32].

Os mareantes eumeses adoitaban capturar ao ano ao redor de trinta mil sardiñas, cantidade pequena comparada coas oitenta mil que se capturaban en Ares – Redes, das setenta mil de Combarro, ou das sesenta mil que capturaba Cangas do Morrazo. A súa actividade prolongábase dende o verán até o outono. Para proverse desta pesca concorrían a Pontedeume mercadores foráneos procedentes de Asturias e Euskadi, ademais de arrieiros maragatos. Outras especies comercializadas eran: pescada, congro, abadexo, linguado, robalo e mero. Tampouco faltaban mariscos, sendo os camaróns os máis estimados segundo o ilustrado e contemporáneo comentario de Xosé Cornide "por su tamaño y por el delicado escabeche en que los conservan"[33]. A venda do produto facíase por ducias no comercio polo miúdo, e por millar ao por maior, con un prezo en dependencia da escaseza ou abundancia existente, sen outra mediación que o que ordenaba a Xustiza e Rexemento da Vila. No 1670, os pescadores da vila de Pontedeume consentiron en pagar como imposto ao Concello un terzo da sardiña que pescaran[34].

31. Cf. A. Meijide Pardo, *Aspectos de la vida económica de Pontedeume..., a. c.,* 62.

32. Cf. F. Carrillo Boutureira, *La actividad pesquera en la Galicia de los siglos IX – XIII, a través de la diplomática medieval y la toponimia actual*, en: "Anuario Brigantino" 22 (1999) 105-134.

33. J. A. Cornide Saavedra y Folgueira, *Ensayo de una historia de los peces y otras producciones marinas de la costa de Galicia*, A Coruña 1788, 170. Citado en: A. Meijide Pardo, *Aspectos de la vida económica..., a. c.*, 63.

34. Cf. J. A. López Calvo, *A. c.*, 540.

A arte máis empregada para a captura da sardiña era a *traíña*. Consistía nun aparello de 400 brazas de longo e 10 ou 20 de alto, con mallas de dúas polgadas e media, sen chumbo ou peso ningún. Guindábase a unha distancia non máis aló de 300 brazas da costa. Son abundantes os litixios entre os diversos portos de marea do arco ártabro respecto da arte a empregar para a explotación. Os mareantes de Ares, Redes, Pontedeume, Betanzos, e Sada utilizaban a traíña. Pero os de Ferrol, A Graña, Mugardos, Perlío e Maniños, facíano co *xeito*. Os primeiros denunciaban que o xeito espantaba a sardiña minguando, en consecuencia, o volume de capturas[35].

No século XVIII, os mareantes eumeses dispoñían dunhas vinte ou trinta embarcacións de pesca. No Catastro de Ensenada censáronse 4 galeóns, 6 barcos, 7 lanchas e 6 dornas[36]. Aos seus donos imputáronselle unha ganancia líquida anual de 250, 160, 130 e 80 reais respectivamente. Tomamos o seguinte cadro sobre embarcacións e mareantes censados nesta época nos portos da provincia marítima de Ferrol e publicado en 1993 por A. Meijide Pardo[37]:

Porto / Ano	1738	1750	1772
A Graña	0 barcos - 3 mareantes	10 barcos – 5 mareantes	17 barcos – 8 mareantes
Ferrol	44 barcos – 40 mareantes	18 barcos – 37 mareantes	12 barcos – 13 mareantes
Neda	9 barcos – 3 mareantes	10 barcos – 6 mareantes	10 barcos – 2 mareantes
Perlío - Fene	8 barcos – 16 mareantes	8 barcos – 12 mareantes	4 barcos – 6 mareantes
Barallobre	13 barcos – 14 mareantes	13 barcos – 10 mareantes	10 barcos – 3 mareantes
Maniños	6 barcos – 13 mareantes	8 barcos – 9 mareantes	12 barcos – 2 mareantes
O Seixo	7 barcos – 8 mareantes	7 barcos – 6 mareantes	8 barcos – 9 mareantes
Mugardos	43 barcos – 41 mareantes	65 barcos – 29 mareantes	81 barcos – 29 mareantes
Ares	17 barcos – 83 mareantes	23 barcos – 57 mareantes	18 barcos – 24 mareantes
Pontedeume	18 barcos – 84 mareantes	20 barcos – 53 mareantes	21 barcos – 21 mareantes

35. Cornide Saavedra describe a traíña deste xeito: "Es una red de 400 brazas de largo y de diez hasta veinte de alto, y sus mallas de dos pulgadas y media, sin plomada ni peso alguno. Lárgase siempre que se reconoce sardina en las rías a 300 brazas de la costa, formando una especie de semicírculo, o elipsoide, y cuidando, siempre que se reconoce cría, de abatir la corchada para que esta se cuele. Y, en hallándose a cinco brazas de fondo, se va estrechando y reduciendo el corto espacio de 24 brazas de box, y levantándola a los barcos que la acompañan, sostenida la pesca en las aguas, se saca a canastas a las lanchas a donde se mantiene viva, hasta que su mismo peso y la diferencia de elemento la oprimen". Cf. A. Meijide Pardo, *La economía marítima de Sada y Fontán en la época precapitalista: los salazoneros catalanes*, en: "Anuario Brigantino" 18 (1995) 94. En troques, a rede de xeito confeccionábase con liño, ti ña cada unha cento cincuenta mallas e de longo doce brazas, logo de entrallada, y por cada unha das mallas debía entrar o dedo polgar. Cf. A Romaní García, *Catalanes en las costas de Galicia*, en: "Cuadernos de Estudios Gallegos" 37 (1987) 102, 183-226.

36. Cf. S. Daviña Sáinz, *Pontedeume a través del Catastro de Ensenada,* en "Cátedra" 8 (2001) 113-157.

37. A. Meijide Pardo, *Aspectos de la vida económica…, a. c.,* 64. Cf. M. Santalla López, *Os individuos do Gremio de Mar da vila de Pontedeume contra o Concello da Vila*, no ano 1803, en: "Cátedra" 10 (2003) 121.

No século XVII, o gremio de mareantes de Pontedeume tiña en exclusividade a pesca do reo no río Eume. Trátase dun peixe que mestura sabores de mar e río cunha cor moi exquisita. Era un bocado preferido na corte de Carlos III e chegaba á mesa real en Madrid nunha viaxe de tres xornadas de duración. Normalmente realizábase unha remesa semanal á Corte, e cada animal de transporte cargaba dúas ou tres banastras, de 8 a 15 reos en total. Envíase en fresco con limóns cortados á metade ou ben en escabeche, xa que o rei Carlos III pedía que os escabechados fosen co coidado que lles cumpría[38]. Os reos do Eume converteron Pontedeume nun dos principais provedores deste peixe para a Casa Real. Dende xuño a setembro, facíanse de tres a catro remesas ao mes de reos e salmóns para o Pazo da Granxa en Segovia. Os correos reais a cabalo encargábanse de conducilos até o seu destino final[39].

A defensa dos intereses gremiais foi fonte de disputas e sentenzas. Así, o 24 de maio de 1713, Pedro Gayoso y Parga, alcalde maior e xuíz ordinario dos estados de Andrade, primeira autoridade en Pontedeume, dicta auto contra os pescadores de Santa María de Miño prohibíndolles vender peixe en Betanzos e, nos demais sitios, nunca facelo máis que segundo os pesos e medidas estabelecidas, sen posibilidade de regateo, como seica era costume inmemorial. Nin que dicir ten que os citados mariñeiros fixeron caso omiso daquel auto e aquela actitude, se cadra inxenua, conséguelles penas de cadea e multa das que ten que resolver a mesma Real Audiencia da Coruña. Logo de sucesivos recursos e reclamacións en 1714, e grazas á intervención dun mozo avogado de nome Bartolomé Rajoy y Losada en funcións de asesor do xuíz, conveñen en levantar as penas aos mariñeiros de Miño conciliándose estes ao cumprimento das ordenanzas da venda de peixe e ao pago das custas xudiciais[40].

4.2 A salga

Ao pouco de fundarse a póboa, concretamente no 1296, atopamos a primeira mención ao porto no que xa se carga e descarga sal[41]. Coñecemos tamén a existencia dunha porta das murallas denominada da Salga[42]. A salga é, posibelmente, o procedemento máis antigo de consumo do pescado e, de feito, a exportación do pescado baseábase na dispoñibilidade do sal. Artigo moi precario e que cumpría importalo xunto cos panos. A evolu-

38. Cf. M. Santalla López, *Os individuos do Gremio de Mar da vila de Pontedeume contra o Concello da Vila, no ano 1803*, en: "Cátedra" 10 (2003) 121.

39. Cf. A. Meijide Pardo, *Remesas gallegas de pescado fresco a la Corte borbónica (1740 – 1790),* en: "Cuadernos de Estudios Gallegos", 79 (1971) 187–312.

40. Cf. J. R. Núñez Varela y Lendoiro, *La pesca en Miño en el siglo XVIII*, Betanzos, Concello de Miño 2000, 16.

41. Cf. A. Martínez Salazar, *Documentos Gallegos de los siglos XIII al XVI*, A Coruña, Gráficas do Castro-Moret 1981, nº XLVII, 97, citado en: C. de Castro Álvarez, *Sobre os nomes das rúas, prazas e xardíns de Pontedeume*, en: "Cátedra" 12 (1993) 115.

42. Cf. C. de Castro Álvarez, *Calles, Plazas y Jardines de Pontedeume…, o. c.*, 66-67.

ción na idade contemporánea da industria da salga foi estudada a nivel xeral por Elisa Ferreira Priegue e, a nivel local por Antonio Meijide. Aos seus estudos remitímonos para coñecer a continuidade cronolóxica[43].

Nas *Memorias del Arzobispado de Santiago* de 1607, dáse noticia da existencia na vila dun alfolí da sal:

> *"En esta villa de Puente-deume hay un alholí de la sal que se probé toda la tierra para salar las carnes de la montaña y los pescados de la mar, y, con ocasión de venir por la sal, traen la gente de la comarca muchas cosas a vender a la dicha villa"* [44].

Este despacho de sal tivo dúas sedes coñecidas. Unha primeira que até 1713 estaba situada na beiramar xunto a ponte de pedra, e unha segunda que existe até 1849 no que hoxe coñecemos como praza do Pan[45]. As partes proporcionais que debían servir como imposto á Coroa foi ocasión de litixios entre o Concello e o funcionario ou fiel coñecido como *Medidor do Sal*:

> *"En el año de 1630 el señor Alcalde Mayor, a fin de evitar los gravísimos perjuicios que ocasionaba el Medidor de la Sal, llevando por cada fanega que medía, un cuarto, le mandó que pena de doscientos azotes, no lo ejecutase lo que se le hizo saber, y consintió"* [46].

Temos constancia da arribada dalgún barco dende Francia: "Cristóbal Roberto, francés maestre del patache nombrado La María surto del puerto de Saint Diho y Jobine, cargado de sal del reino de Francia…". E tamén, o 13 de setembro de 1624, o navío *La Catalina* chegado do porto bretón de Morbián descarga no porto de Redes sal para o industrial aresán Juan Montero[47].

Tamén o Catastro de Ensenada, en 1751, refírenos a existencia en Pontedeume de tratantes en sardiña e recetores (tesoureiros que reciben caudais públicos) das salinas da vila de Ferrol[48].

43. Cf. A. Meijide Pardo, *Aportación a la historia económica y social de Pontedeume en la primera mitad del siglo XIX*, en: "Anuario Brigantino" 23 (2000) 239-254; E. Ferreira Priegue, *Galicia en el comercio marítimo…, o. c.*, 156-172.

44. J. del Hoyo, *Memorias del Arzobispado de Santiago…, o. c.,* 307.

45. Cf. C. de Castro, *Calles, Plazas y Jardines…, o. c.,* 98.

46. J. A. López Calvo, *A. c.,* 538.

47. Cf. AHMP, *Libro de Visitas a Navíos*. Atado 171.

48. Cf. S. Daviña Sáiz, *A. c.*, 128.

4.3 Sombreiros, lenzos e panos

No século XVII en Pontedeume, o mesmo que noutros puntos de Galicia, practicábase a industria da sombreirería que precisaba la, tanto fina como vasta[49]. Ningunha cidade galega, a finais do século XVIII, deixaba de ter algunha fábrica de sombreiros ou de pasamanería e cintas. Por un preito sobre apropiación de dominios públicos no Souto da Vila sabemos que, en 1682, estaba asentado o industrial sombreireiro Martín Varela[50].

As descricións de carga dos barcos que atracan en Pontedeume no século XVII corroboran o abastecemento continuo de materias primas para este sector. Que chega atraer a tratantes ingleses:

> *"Un navío nombrado el Roberto de quien es maestro Thomas Printops, inglés que dijo ser de la ciudad de Londres, reino de Inglaterra, y la mercaduría que trae dicho maestro dijo era del reino de Inglaterra que venía remitida desde allá a Ricardo Barquer, mercader inglés que al tiempo prestaba en esta villa y así, mirando la hacienda y mercadurías que venían en dicho navío y abriendo los fardos en que venía se halló lo siguiente: textiles, munición y ovillos para cosidos".*

Outras teas que aparecen mencionadas nos instrumentos de recoñecemento fiscal son: *bombasí*, tecido groso policromado de algodón que semellaba como engomado; *fustán*, tea de algodón que servía polo xeral para forro de vestidos, e *orillo*, tecido vasto, polo xeral usado para a confección de zapatillas. Tamén veñen dende Inglaterra: *fustanes*, faixas de colores, *sempiternas*, *sargas* e *bastes*. En xuño de 1651, o navío inglés "Thomas" patroneado por George Laly descarga en Pontedeume: "damasquillo, perfumes, medias para niños y hombres, sombreros y cera"[51].

4.4 Os viños

O viño é sempre sinónimo de comercio, pois a súa colleita esixe sempre produción, transporte e venda. Pódese dicir que, na idade moderna, cada veciño de Pontedeume era un colleiteiro[52]. O coidado do viñedo estaba moi regulado nas ordenanzas municipais, e non foron poucos os preitos e reclamacións feitas dende o Concello contra a introdución de caldos foráneos, mesmo os obtidos en Galicia.

49. Cf. A. Couceiro Freijomil, *Historia de Puentedeume y su comarca*, Santiago, Editorial Compostela 1944, 315.

50. Cf. J. A. López Calvo, *A. c.,* 539.

51. AHMP, *Libro de Vistas a Navíos*. Atado 171.

52. "A la veinte y nueve dijeron que no hay tabernas públicas ni señaladas puestas por esta villa o su Común porque cada vecino cosechero vende particularmente el vino en su casa como regularmente se hace en todo Galicia", en S. Daviña Sáinz, *A. c.*, 122.

Entre os adiantos vitivinícolas do século XVIII podemos enumerar o uso do xofre en adega, a utilización do tapón feito de cortiza e a xeneralización da botella como unidade de comercio e consumo. A partir destes descubrimentos perderon valor os viños de moita graduación e perfiláronse con gran futuro viños antes considerados frouxos como o Rioxa[53].

Pero unha serie de circunstancias desfavorábeis (pobreza alcohólica dos viños, guerra comercial coas provincias meridionais galegas, competencia cos viños franceses e portugueses...) combináronse no século XVIII para arruinar a produción vinícola das tres provincias do Reino de Galicia (Mondoñedo, Betanzos e A Coruña). A estas circunstancias uniuse a competencia dos fomentadores cataláns que, chegados nun primeiro momento como salgadores axiña se converteron en comerciantes de peixe e, nas viaxes de volta, traían nos seus barcos viños do Mediterráneo.

Coa chegada de comerciantes mediterráneos a Pontedeume, nos mediados do século XVIII, comezan as importacións masivas de viños cataláns. Esta actividade foi sempre cuestionada polos, naquel entón moi abundantes, cultivadores locais de viñedo. Finalmente, o Real Consello de Castela dicta provisión pola que se prohibe aos cataláns e máis traficantes que realizaban este comercio importar viños foráneos mentres non estivesen totalmente consumidos os viños da terra, ao que os cataláns afincados na Vila se aveñen sen maior problema.

O mesmo Concello de Pontedeume reclamou sucesivas veces á Coroa contra a introdución destes viños cataláns, que eran cualificados como "adulterados, artificiais e causantes de enfermidades e falecementos"[54]. Sobre estes viños cataláns, Couceiro Freijomil achega o testemuño do primeiro cirurxián da Real Amada, Pedro Temprano de Olivares:

> *"(...) dichos catalanes recogen el vino que se halla perdido en dicha villa (de Pontedeume) y le echan palo de campeche, uva de saúco exprimida y piedra lumbre, le dejan fermentar y tienen prevenida una vasija que ha encerrado salmuera fuerte, echando dos partes de esta composición con el vino del país y la una del de Cataluña o Valencia, el que clarifican con tierra llamada de vino, de que ha resultado que todos aquellos que estaban viciados en el uso de él padecieron unas fiebres que les quitó la vida al séptimo día, sin haber alcanzado ninguna medicina"* [55].

53. Cf. M. Ruiz Hernández, *El transporte marítimo y la calidad de los vinos,* en: "Ferrol Análisis" 23 (2008) 270-283.

54. Cf. L. Alonso Álvarez, *Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del Antiguo Régimen (1750-1830),* Madrid, Akal 1976, 106.

55. A. Couceiro Freijomil, *O. c.*, 307.

En 1778, por real orde, Carlos III expide a prohibición do tráfico destes viños. Aínda que esta normativa foi sucesivamente recorrida diante da Real Facenda, a principios do século XIX a corporación municipal de Pontedeume seguía a ter o uso e goce da franquía[56]. Aínda, en 1811, a corporación local eumesa decreta o embargo dun barco cargado de víveres, propiedade de Xosé Antonio Martí, acusándoo de "acaparador dos produtos que o pobo necesitaba, mentres introducía viños e outros artigos innecesarios penados polas leis"[57]. Non foi un caso illado en Galicia, pois durante os anos que seguiron á invasión francesa a crise de subsistencias provoca o acaparamento de víveres por parte dos tratantes. No caso das prácticas acaparadoras do catalán Martí, en palabras do xustiza maior da Vila, o concello estaba agoniado cos clamores do pobo e temeroso dun tumulto, decidindo que as mercadorías embargadas se repartisen entre os pobres e enfermos da vila[58].

4.5 Coiro

O curtido do coiro vacún comportou dende o último terzo do século XVIII a principal manifestación de índole fabril observada na antiga provincia de Betanzos. De feito, entre 1770 e 1814, estabelecéronse nas ribeiras do arco ártabro (Narón–Neda–Pontedeume–Miño–Betanzos) unhas 20 fábricas de curtidos ou tenerías[59]. A Lei de libre comercio con América, promulgada en 1778 por Carlos III, fomentou decisivamente o desenvolvemento desta industria que tiña así asegurada a materia prima enviada, principalmente, dende Bos Aires e Montevideo. Precisamente, cando mingua a exportación dos coiros de Bos Aires no primeiro tramo do século XIX, esta industria coñece un irreversíbel declive.

Nun recente e premiado estudo das investigadoras Carola Macedo e Lucía Costas, dásenos a coñecer o inicio da actividade do curtido industrial en Pontedeume que a vinculan á familia Roberes[60]. De feito, Tadeu Roberes, como culminación dunha incipiente célula de actividade artesán e gremial, chega a instalar na fronte marítima da vila a primeira fábrica de curtidos. Un lugar que, dende entón, recibe o nome de Pelamios, naquel intre liña divisoria das parroquias de Breamo e Centroña, hoxe rúa Frei Gumersindo Placer, sendo moi notábel no transcorrer dos anos o seu rendemento comercial, tanto por abastecer aos mercadores de Pontedeume como aos de comarcas máis arredadas. Que xa

56. Cf. A. Meijide Pardo, *Aspectos de la vida económica de Pontedeume..., a. c.*, 69.

57. A. Couceiro Freijomil, *O. c.*, 307.

58. Cf. L. Alonso Álvarez, *Industrialización y conflictos sociales..., o. c.*, 123.

59. Cf. Id., *Entre 1770 y 11814 se establecen 14 fábricas de curtidos en la comarca ferrolana*, en: "Anuario Brigantino" 21(1998) 167-182; cf. tamén R. Núñez Barros, A industria do curtido en Pontedeume, en: "Cátedra" 1 (1994) 7-18.

60. Cf. L. Costas Fernández – C. Macedo Cordal, *Achega ao gremio de curtidores e zapateiros de Pontedeume nos séculos XVII – XVIII*, en: "Cátedra" 15 (2008) 315-321.

aparecera o topónimo *pelamios* (ou *pelambres*) xa nos da noticia dunha actividade relacionada co curtido da pel. De feito, o Catastro da Ensenada xa contabiliza, contando cos zapateiros, 26 persoas nesta actividade[61].

4.6 Madeira

A madeira no só servía como material de construción. O carballo galego era moi apetecido para os que traballaban nos estaleiros, para os curtidores -pois as súas cortizas utilizábanse para as súas tenerías- e tamén para os fornos e fundicións, pois xunto co piñeiro usábase para combustible. Esta demanda produciu, na época do Austrias, unha completa deforestación en Galicia, especialmente nas zonas veciñas aos estaleiros de Ferrol. Os ilustrados motivaron campañas de repoboación, sobre todo de carballos e piñeiros.

Logo da indixencia na que queda a vila de Ferrol por mor da construción dos arsenais, de como quedaron arrasados moitos viñedos e os montes foron tallados e sen madeira, son dúas as concesións que se solicitan da Coroa en 1603 para remediar aquela situación de indixencia: a celebración dunha feira franca no mes de outubro e a licenza para exportar madeiras a Portugal. Segundo os seus munícipes, os cen mil carros de madeira previstos non minguarían sensibelmente a dotación de madeira que presenta a zona. A contorna de Ferrol aseguraría en todo momento o consumo local e a demanda de madeira das reais armadas, pois en toda esta zona abondan as devesas e fragas, actividade que, dente tempo atrás, xa se viña realizando. A Real Audiencia, sen opoñerse á concesión, suxire que se controle máis atentamente a extracción de madeira da zona[62].

En sesión extraordinaria de 7 de abril de 1862, o alcalde de Pontedeume manifesta á Corporación Municipal a conveniencia de elevar á Coroa unha solicitude para que se faga, por conta do goberno do Estado, un peirao na ribeira da vila, posto que carece de "embarcadero y punto o local depósito de maderas, leños y otros efectos fundamentales"[63].

4.7 Cereais e plantas industriais

Como xa temos notado, estes séculos XVII e XVIII son épocas dunhas inxentes necesidades de toda clase de produtos ante a pobreza da circundante contorna. Mesmo a circunstancia de que Ferrol, como cidade de novo cuño, foi un acicate para a chegada de certas elites estranxeiras que, co tempo, chegaron a monopolizar determinadas actividades artesáns e comerciais. Tal foi o caso dos franceses e a fabricación de pan é innegábel

61. Cf. C. de Castro Álvarez, *Calles, Plazas y Jardines…, o. c.,* 215.

62. *Ibid*.

63. C. de Castro., *Sobre os nomes das rúas…, a. c.,* 116.

a importancia xogada polos comerciantes franceses no Ferrol do século XVIII. Por unha banda o abastecemento dos produtos de primeira necesidade -en entre eles o pan- para afianzar a calma social, a pobreza agrícola da súa comarca incapaz de abastecer un centro urbano das dimensións do ferrolán, as nefastas comunicacións terrestres, os particulares bloqueos navais que impedían a chegada de provisión de cereal o convértena nunha localidade moi necesitada do comercio marítimo externo para contrarrestar o seu déficit de cereal. Boa parte do abastecemento do pan veu monopolizada polos comerciantes franceses que importaban trigo francés dende Baiona ou mesmo da meseta castelá a través dos portos cántabros[64].

Os comerciantes franceses, sabedores destes problemas de abastecemento, depositaban nos seus almacéns os barrís de fariña esperando o momento máis propicio para especular o que provocou que as autoridades emitisen ordenanzas obrigando ao seu fornecemento. Tamén para abaratar os custos de desprazamentos e posibilitar maior ganancia, investiron en muíños como os de Xubia.

Fronte ao convento agostiño da Vila existía un mesón ou alfándega, unha casa do Concello destinada para a compra e venda de froitas e cereais no que se fiscalizaba o pago dun arbitrio. Servía tamén de depósito de gran cobrándose na época que nos ocupa dous marabedís por cada ferrado de froito vendido. A renda cobrada polos conceptos de mesón e azougue entre os séculos XVI e XVIII oscilou entre os dez mil e vinte mil marabedís[65].

O *Consulado del Mar* tivo como unha das súas principais preocupacións o fomento do cultivo do liño e o cánabo. Os lenzos de liño de tempo inmemorial foi o tecido básico de Galicia. A súa demanda supera ao que se producía en Galicia, polo que axiña houbo que importalo sobre todo dos países nórdicos e bálticos. O cánabo resultaba fundamental para o trenzado da corda pero a súa produción non era moi importante na nosa zona, pois a Mariña esixía a comparecencia persoal do produtor en Ferrol para o seu libramento, o que supuña importantes gastos para o labrador.

4.8 Ostras en escabeche

No século XVII exportábase a Castela ostras en barrís de escabeche. Gaspar de Herrera era un dos exportadores coñecidos. En contrato redactado en Pontedeume o 19 de xaneiro de 1639, comprométese a ceder oito cargas de escabeche embarrilado de ostra a dez arrobas galegas cada carga, a razón de 108 reais cada unha. Outro exportador de ostra era Xácome de Puga, veciño de Pontedeume, quen a 9 de febreiro de 1657 vendeu cinco

64. Cf. A. Martín García, *Guerra e mar no Ferrol da Ilustración*, Ferrol, Embora 2006, 29-31.

65. Cf. C. de Castro Álvarez, *Calles, Plazas y Jardines…, o. c.*, 96.

cargas de barrís de escabeche de ostra, de doce arrobas e media de peso a carga, pagadas cada unha a sete ducados[66].

5. BUQUES E TRIPULACIÓNS

Na Idade Media eran *baixeles* os navíos que máis se movían polos pequenos portos como o de Pontedeume para o tráfico de mercadorías. Na Carta Póboa de 1270, o rei resérvase o portádego de: "baixeles et de los otros navíos que aportaren o que vinieren a pescar de otra parte". De feito, no 1382, é un *baixel* o único navío armado que sabemos existía en Pontedeume[67]. Con este termo de *baixel* desígnase a un mixto de vela e remos, da familia das *pinazas*, barcos dun único mastro con aparello cadrado duns sete metros de eslora.

Nos documentos manexados correspondentes ao século XVII, case todos os barcos que se rexistran son identificados, dun xeito xeral, como *navíos* sen maior especificación. Á hora da súa identificación nos instrumentos documentais, estes buques son recoñecidos polo seu nome e teñen a nacionalidade do seu patrón. Son navíos de cabotaxe que seguían a manter, como o baixel e a pinaza da Idade Media, a función de carrexo de mercadorías dende un porto principal ós pequenos portos das rías.

Do século XVIII, polas transcricións de convenios entre o gremio de mareantes e a Real Armada, sabemos que en 1773 había en Pontedeume "tres traíñas, varios barcos e dornas que andaban ao xeito, había rapelas, pescadores de liñas, pescadores do cazón e todo oficio de volantes ou rascos, fretadores para fóra das puntas da Torrella e Miranda e fretadores para leña, pedra, viño ou outro calquera frete que se fixera dende o porto de Redes até a Pedra de Auga do río Eume"[68]. Imos, xa que logo, facer unha sumaria descrición dos mesmos.

5.1 Pataches

Orixinariamente era unha embarcación a vela de guerra, unha mestura entre bergantín e goleta, con dous mastros destinada nas escuadras para levar avisos, recoñecer costas ou mesmo gardar a entrada aos portos. Nesta época só se usaban con fins mercantís e de aprovisionamento. Trátase do tipo de barcos que describe Lucas Labrada como aqueles que máis a miúdo arriban até Pontedeume nos finais do século XVIII e principios do XIX. Eran moi lixeiros, de pouco calado e de non máis de trinta toneladas de peso.

66. Cf. A. Couceiro Freijomil, *O. c.*, 312.

67. Chamábase o "Santo Antón" e estaba patroneado por Xoán do Casal. Cf. E. Ferreira Priegue, *Galicia en el comercio marítimo…, o. c.*, 265, nota 144.

68. P. Pérez Constanti, *Notas viejas galicianas*, Santiago, Xunta de Galicia 1993, 73.

5.2 *Saetías* ou *Sagetias*

Nos finais de 1755 temos a primeira noticia da chegada de cataláns a Pontedeume. Arribaron en catro *sagetias* con tripulantes que traían a intención de fabricar sardiña e erguer un almacén no areal da vila para comercializar pescado. Era a *sagetia* ou *saetia*, xunto coa fusta, a galeota, o bergantín e a fragata, un membro menor da familia das embarcacións de remo típicas da navegación polo Mediterráneo e herdadas da Idade Media. Coñecemos un contrato de data 12 de xullo de 1690 para a construción dun destes navíos, onde se describen as súas medidas: 13,72 metros de mastro a mastro; 2,59 de obra viva e 3,40 metros de abertura[69]. O contrato non especifica cantas bancadas tiña ou que aparello arboraba.

5.3 Lanchas comúns e lanchas planas

Como xa indicamos en apartados anteriores, con motivo dos estragos causados na ponte de pedra nos finais do século XVIII, foi necesario artellar un sistema de transporte de correo, mercadorías e mesmo pasaxe dunha ribeira á outra do río Eume. As descricións da época detallan que, para tal comercio, usábanse dúas lanchas comúns a remos para o tránsito de pasaxeiros, correos e mercadorías e outras dúas planas con capacidade para transportar unha ducia de cabalarías. Ambas as dúas eran manexadas por non máis de tres ou catro tripulantes que percibían como salario cinco reais por xornada. O servizo debería realizarse dende o amencer até o serodio toque de oracións[70].

5.4 Galeóns

Xa sinalamos anteriormente que o Catastro de Ensenada censa en Pontedeume 4 galeóns, 6 barcos, 7 lanchas e 6 dornas. O *galeón* era un barco que se usa a partir do século XVI. Tratábase dunha embarcación grande e monumental derivada da *carraca* duns 30 a 45 metros de eslora e tres mastros, feito con madeira de teca que podía chegar a pesar entre 300 e 800 toneladas. Evidentemente non son estes tipos de galeóns os que cita o catastro, pois xa sabemos que nun porto de marea, só con marea alta podían arribar barcos de non máis de 30 toneladas. Efectivamente, novos deseños son postos en práctica segundo pasa o tempo, e fan que este navío pase de servir para a guerra e dedicarse ao transporte de mercadorías, primeiro no comercio ultramarino e despois no comercio de cabotaxe. Na época que nos ocupa, este galeóns terían entre seis e dez metros de eslora e estarían tripulados por catro homes.

69. Cf. A. García Sanz, *Història de la Marina Catalana*, Barcelona, Aedos 1977, 341- 342.

70. Cf. A. Meijide Pardo, *Aspectos de la vida económica…, a. c.,* 72.

5.5 Goletas

Son as embarcacións típicas do tráfico de cabotaxe no século XVIII. Os armadores procuraban embarcacións pequenas e rápidas, de mediana tonelaxe, pouca tripulación e aparellados *á cangrexa*[71]. Deste xeito, facíase máis sinxelo o seu manexo por navegar de orza na costa aforrando brazos a bordo, deixando así para as rutas transoceánicas as fragatas, corvetas e bergantíns, barcos máis robustos dos que o seu aparello redondo ía mellor nas empopadas.

E se falamos de buques e tripulacións, cómpre facer mención do traballoso oficio de tripulante e das súas múltiples penalidades: carestía de fretes, reparto de beneficios, espazadas singraduras por mor do mal tempo, fame derivada da falla de provisións e, obviamente, dos naufraxios.

6. OS MERCADORES E ALGUNHAS DAS SÚAS PRÁCTICAS COMERCIAIS

Sabemos por un informe enviado dende Pontedeume ao corrixidor de Betanzos de data 1618 que: "se celebraba feria franca todos los últimos domingos de cada mes, y en todo el de Diciembre la que era útil al país y no causaba perjuicio a otro"[72]. Pero unha visión máis xeral do volume do comercio marítimo no século XVI ofrécenola Couceiro Freijomil:

> *"Menudeaban los contratos que los armadores y traficantes efectuaban con marineros de la comarca para la pesca en otros puntos, y así vemos como en 26 de marzo de 1633 contrata Gaspar de Herrera, vecino de la villa a dos mareantes ferrolanos para ir a la pesca de congrio y ollos moles a la mar de Frouxeiras y otras partes, obligándose a entregar el pescado fresco y sin tripa al dicho Gaspar de Herrera para hacer escabeche para enviar al reino de Castilla y otras partes, y se lo ha de pagar a diez maravedises cada libra veintena y seis maravedises por cada ollomol y besugo siendo grande. El mismo Herrera, que debía ser traficante de consideración, aparece, en 15 de mayo del mismo año de 1633, concertando con Pedro de Lara, vecino de Quintanilla de Somoza, en tierra de Astorga, el*

71. Consistente en dotar cada mastro dunha vela trapezoidal disposta no sentido proa – popa, envergada coa axuda de botavara e pico e dotadas nas partes superiores de pequenas velas chamadas escandalosas. O mesmo cargaban no trinquete dúas ou tres gavias de feitura rectangular, completando o aparello os foques, que son unha velas triangulares situadas na proa. Cf. S. MÖRLING, *As embarcacións tradicionais de Galicia*, Santiago de Compostela, Consellería de Pesca da Xunta de Galicia, 1989.

72. Cf. J. A. LÓPEZ CALVO, *A. c.*, 544.

transporte de recuas de escabeche a la villa de Medina de Rioseco, en el reino de Castilla, estipulando en 68 reales el alquiler de cada carga" [73].

Por testemuños como o anterior e pola documentación que manexamos, pódese dicir que, en xeral, no comercio desta época, mercador e mariño están fundidos nunha única persoa. A súa actividade mercantil baséase fundamentalmente na comercialización de produtos do mar nunha escala bastante artesanal e próxima ás orixes do produto. Satelizando con estes hai tamén un colectivo de medio tratantes, medio mariñeiros que, segundo as épocas, mantiñan unha relación máis de veciñanza que de gremio. O sistema contábel estaba normalmente confiado ás escrituras notariais que dan a necesaria cobertura legal ás transaccións entre mercadores, patróns e fornecedores.

Imos agora a ofrecer unha sinxela descrición dalgúns aspectos de práctica comercial e da variedade de tratantes deste comercio marítimo local. Comezamos pola fiscalidade.

6.1 Fornecementos e impostos: a *Décimo do Mar* e o *Alfolín da Sal*

Ademais dos xa referidos de *alcabalas*, *centos* e *sisas*, tamén se rexistraban os seguintes tributos: a *Décimo do Mar* e o *Alfolín*. Cando chegaban os navíos a porto, e aínda que o tratante non tivera intención de vender, debía someterse ao rexistro do fiel local ou do escribán do décimo. O patrón debía notificar a súa chegada no caso de que a escala durase máis dun día. Nos días inmediatos á entrada en porto, o escribán asentará nos seus libros o cargamento do buque, comprobando a súa veracidade e comprobando o correspondente *albalá*. Feito o pago, o escribán estendía un documento para o paso franco tanto cara a un novo porto como para os controis viarios se as mercadorías se desprazaban polo interior.

No tocante ao décimo do mar, tratábase dun imposto sobre o comercio marítimo exterior, polo que a Coroa percibía uns dereitos nos portos galegos. Normalizado dende o século XIII supoñía un gravame aduaneiro. En Pontedeume aplicábase, polo menos dende o ano 1633[74]. Ademais do *Libro de Visitas a Navíos*, son os protocolos notariais unha boa fonte para calibrar na súa xusta medida a actividade fiscal relacionada co comercio marítimo. Respecto á aplicación da décimo do mar, reproducimos, a continuación, parte dun instrumento redactado en Pontedeume o 1 de xullo de 1647 polo escribán Juan Raposo. Ao non estar presente o alcalde ordinario para facer a correspondente visita, solicita os servizos deste notario o que, xunto con Jacinto Peceñe, funcionario denominado *Fiel do*

73. A. Couceiro Freijomil, *O. c.*, 311.

74. Curiosamente, non se conservan documentos de rexistro do Décimo do Mar en Galicia anteriores ó século XVI Cf. J. A. López Calvo, A. c., 551.

Décimo do Mar, pasan revista ao barco *La Susana* fretado por Baltasar Nutt mercador inglés con residencia en Pontedeume:

> *"(...) fui con el señor dicho Jacinto Peceñe a la riberamar que cae a la Puerta del Turrón de esta dicha villa y del barco del dicho Domingo Díaz, el Baltasar Nutt sacó las mercadurías siguientes: ocho frasqueras de aguardiente ordinario; otra frasquera con (...) frasquitos de vino; más descargó siete cajas, y habiéndose abierto cada una se halló lo siguiente: en la caja nº primero, seis piezas de bombasí; ocho piezas de ovillos de colores; y en la caja nº dos, 19 piezas de bombasí; y en otra caja nº seis, cinco mazos de orillos pardos y dos escarlatas; y en la caja nº cuatro, catorce docenas de fajas de colores; y en la caja nº siete, ocho mazos de muestras y quince de bombasí y fustanes; y en la caja nº cinco, siete mazos de orillos, tres de escarlata y cuatro blancos, y dos docenas de fajas; y en la nº 8, seis mazos de orillos escarlata y una docena de muestras, más un mazo de orillos pardos, más cuatro mazos de cuerdas alquitranadas; una barrica de alquitrán; más se abrió un cofre pequeño y en él se halló calzón y ropilla y capa negra de paño y una camisa que dijo el dicho Baltasar Nutt venía para Tomás (...), su cuñado"* [75].

En 1649, Thomas Mosley, tratante inglés desexa descargar o seu barco e, polo tanto, solicita ao correspondente fiel ou tenente do alcalde ordinario a aplicación do décimo do mar para: "dos pipas de zumo de limón, ciento sesenta cuatro millares de limón y 22 millares de naranja, con dos pipas más de su zumo"[76].

O *Alfolín do Sal* era o monopolio real do sal. Ademais das alcabalas e décimos, este imposto opérase a través dos alfolíes. Non todos os portos, a pesar de que existía unha ordenanza real neste senso, mantiñan aberto un alfolín do sal. Non obstante, o de Pontedeume xa contaba en 1607 con un, como temos sinalado anteriormente. Os beneficios aos Propios da Vila polo arrendo da súa xestión presentan flutuacións segundo as épocas: entre 1592 a 1617 estivo arrendado en 220 reais; entre 1617 e 1671 en 275; de 1803 a 1818 en 1000 reais[77].

O sistema de percepción destes impostos realizábase de xeito diverso, tendo en conta se a vila portuaria galega fose de reguengo, de señorío secular ou do Arcebispado de Santiago. Nun primeiro momento fixéronse a través de oficiais pero, pouco a pouco este oficio arrendouse a particulares, polo que estes tributos estarán nas mans dun arrendador–recadador que operará como axente fiscal, que á súa vez manterá unha nómina de

75. AHPNC, Escribán: *Juan Raposo, Pontedeume 1 de xullo de 1647,* Atado 86.

76. AHMP, *Libro de Visitas a Navíos*. Atado 171.

77. Id., 98. Cf. tamén: J. A. López Calvo, *A. c.*, 554.

recadadores locais que se ocuparán da percepción directa. Estes encargados da xestión dos impostos a nivel local recibían o nome de *hombres buenos* ou *fieles* que eran nomeados polas corporacións municipais. Cada seis anos, a Facenda Real sacaba a poxa o oficio por unha cantidade calculada a partir das recadacións anteriores. Os *fieles*, nos que caía a responsabilidade do control do tráfico portuario, cobraban un salario do 3 % da recadación, á parte dos acordos aos que puidesen chegar cos mercadores sobre beneficios extras. O control dos ingresos levábase nuns *Cuadernos*. Mal pagados, xa podemos intuír que tratasen de redondear os seus ingresos de todos os xeitos posíbels, primeiramente a custa dos propios mercadores, mesmo facendo trampas para requisarlles as mercadorías ou facerlles pagar por elas o dobre[78]. Son moitas as denuncias por unha abusiva práctica deste oficio en case todos os portos galegos, tamén en Pontedeume. Un caso de 1649:

> *"(...) Tomas Childe, mercader inglés, dijo que por cuento le compele Jacinto Peceñe, fiel y cobrador del derecho del uno por ciento a la paga de dicho derecho y pretende no se le debe sacar dichos derechos por ser mercader inglés, y por ser conforme a las capitulaciones de las paces, no debe pagar dicho derecho y por cuanto no se le quiere dar despacho sin que primero pague al dicho Jacinto Peceñe 117 reales que tocan a los dichos derechos un por ciento, por tanto protestó ante mi, escribano, que la dicha paga hace compulso y (...) por redimir su vejación y protesta no le pare (...)"* [79].

A organización da navegación comercial, durante a época que nos ocupa, aínda mantén as formas de metodoloxía de mercado propias da Idade Media. Á parte dos impostos da Coroa, tamén os concellos (aínda que poucos) podían afectar con novas cargas. Así antigas ordenanzas municipais obrigaban aos mareantes eumeses a abastecer o mercado municipal de, cando menos, un terzo do peixe capturado[80]. Tamén en Pontedeume o Concello tiña ao seu cargo o arrendo da produción e comercio da augardente[81].

6.2 Pesos e medidas

Na Idade Media a unidade de conta mercantil era a ducia, unha unidade moi variábel, que non sempre constaba de doce pezas. Había ducias pequenas e grandes, ducias de doce e de vinte e tres pescadas. Semella que esta unidade de medida era a máis empregada en Ortigueira, A Coruña, Noia, Betanzos e Baiona, e aínda aparece un terceiro tipo de ducia en Noia[82].

78. Cf. E. Ferreira Priegue, *O. c.*, 374-376.

79. AHPNC, Escribán: *Juan Raposo. Pontedeume, 20 de xullo de 1649.* Atado 88.

80. AMP, Sección 1.1 Goberno, *Libros de actas capitulares ou de Pleno 1771–1785*, Sesión de 3 de novembro de 1779, Atado 5.

81. Cf. J. A. López Calvo, *A. c.*, 551.

82. Cf. E. Ferreira Priegue, *O. c.,* 143.

Para contrastar e unificar pesos e medidas, as administracións dos séculos XVII e XVIII rexíanse polos acordos e regulamentos das distintas Corporacións. Mesmamente podían manter a actividade dun funcionario ou fiel que vixiaba o cumprimento das regras estabelecidas. As medidas acordadas polo Concello de Pontedeume servían de referencia para todo o territorio da xurisdición do señorío, pois por aquel entón, Pontedeume era a residencia ordinaria do alcalde maior dos antigos estados dos Andrade[83]. En calquera caso, sempre se mantiveron polos tipos sinalados dende a antiga provincia de Betanzos, onde se usaban de xeito indiferente as denominadas libras castelás (16 onzas) e a galega (20 onzas), de xeito que cen libras galegas fan doce castelás, e cen libras castelás compoñen 80 galegas. Os artigos que se pesaban con libra galega eran as carnes, manteigas e liños. A unidade de arqueo expresábase en xeral en fardos e toneis. Respecto da moeda utilizada, se en séculos anteriores eran comúns o florín de Aragón, a coroa e o ducado, nestes séculos que nos interesan as contas despachábanse en reais e maravedís.

6.3 Os mercadores españois

Son patróns de orixe cántabra os que primeiro aparecen rexistrados nos instrumentos notariais manexados, o que nos fai pensar que a ruta Bermeo–Laredo–Xixón–Ribadeo–Viveiro (a ruta medieval gascona), tiña tamén a Pontedeume como porto de paso ou destino.

A procura dunha maior eficiencia na xestión empresarial animou a chegada do capital catalán. Na década dos anos 55-65 do século XVIII afíncase en Pontedeume, con certa estabilidade, negociantes cataláns[84]. Como xa sinalamos, estes simultaneaban o tráfico da sardiña salgada a escala nacional coa introdución dos viños do seu país. Os cataláns Ramón Rafols e Josef Solé conseguen do Concello eumés permiso para abastecer de viño catalán o mercado local. Contra estes e outros permisos máis, proliferaron as queixas pois os cataláns negábanse a pagar o arbitrio das banastras e lesionaban os intereses dos comerciantes e produtores locais[85].

Os irmáns Josef e Tomás Vadell (naturais de Vilanova i la Geltrú), Jaume Moret, Josef Solé e o seu fillo Cristobo centraron a súa actividade comercial na importación de viños cataláns. É obvio dicir que, de seguido, os viticultores da contorna opuxéronse á licenza para este tráfico pois ao pouco de estabelecérense xa adquiriran bens raíces e mesmo os vendían "en tabernas que tienen en los contornos de la villa"[86].

83. Cf. J. Montero Aróstegui, *Historia y descripción de El Ferrol,* Pontedeume, Imprenta López Torre 1972, 308.

84. Cf. A. Meijide Pardo, *Aspectos de la vida económica…, a. c*., 66.O propio autor deixa claro que a chegada de cataláns até Pontedeume non foi tan importante en número como o que aconteceu en portos e vilas próximas como Ferrol ou Mugardos.

85. AMP, Sección: 1.1 Goberno, *Libros de actas capitulares ou de Pleno*, 1746-1770, Atado 4.

86. Tomás Vadell adquire unha casa na rúa principal de Pontedeume. Cf. A. Meijide Pardo, *Aspectos de la vida económica..., a. c.*, 67.

6.4 Os mercadores franceses

No primeiro terzo do século XVII son franceses a case totalidade de barcos que manteñen carga importante de mercadorías de importación en produtos coloniais na ría e porto de Pontedeume. Pero esta tendencia desaparece en favor dos tratantes ingleses a partir de 1635. A causa é que a Francia do chanceler Cardeal Richelieu declara a guerra a España. A Guerra dos Trinta Anos deixa de ser unha guerra de relixión para dirimir cuestións claramente menos espirituais, pois o que busca Francia é acabar coa secular hexemonía hispana. A guerra e os impostos, lonxe de favorecer aqueles intereses comerciais, non fixeron outra cousa que dificultalos e mesmo impedilos.

Tratábanse de barcos e patróns dos que a maioría tiñan o seus portos base na Bretaña, concretamente nas vilas de Morbihan e Conquet. As circunstancias da época condicionan o produto máis demandado: trigo e outros cereais. Xa apuntamos anteriormente unha relación causa efecto deste comercio. Chama a atención de que entre 1620 e 1635 se produce un desembarco significativo de trigo e centeo no porto de Pontedeume dende os barcos de orixe francesa, fornecidos seguramente dende Niza. O agro español, a principios do século XVII, encaixa golpes durísimos: predomino gandeiro, expulsión dos mouriscos (1609) que priva á agricultura de man de obra cualificada e polo tanto de produción suficiente para a demanda existente.

Pero toda esta tendencia de comercio muda a partir da alianza que Carlos I de Inglaterra, e máis concretamente o seu embaixador na Coruña, Sir Walter Aston, fai coa Coroa española para frear as pretensións de Luís XIII de Francia e o poderío político do seu goberno, instigando en 1638 as incursións militares das unidades da flota real ao mando de Lope de Hoces en La Rochelle e Dunquerque.

A resposta francesa non se fai esperar e, no 8 de xuño de 1639, avístase dende A Coruña a flota francesa ao mando do arcebispo de Burdeos. Pero, ao comprobar as súas defensas, non chegaron a penetrar na baía coruñesa, vingando o seu fracaso no retorno a Francia incendiando os portos cántabros de Laredo, Santoña e Colindres[87]. Até o 1713, ano da sinatura do Tratado de Utrech e remate da Guerra de Sucesión española, non se regularizaron de xeito sistemático as viaxes comerciais de tratantes franceses.

6.5 Os mercadores ingleses

Dende o punto de vista comercial, ao longo da maior parte do século XVII as relacións entre España e Inglaterra foron boas, en especial para os mercadores ingleses pois resultaron beneficiados con privilexios, fronte a outras entidades territoriais europeas, no

87. Cf. M. Rodríguez Maneiro, *Historia de La Coruña a través de su puerto*, A Coruña, Marineda 1996, Vol. I, 65-68.

tráfico marítimo con España. Foron varios os tratados asinados para manter unha colaboración e un entendemento comercial[88]. En xeral todos os portos galegos fornecían de materias primas necesarias para as manufacturas inglesas, o mesmo que algúns produtos como viño, aceite e froitas. Por engadido, o transporte facíase case sempre en barcos ingleses. Pola contra, nestes barcos británicos chegaban até nós produtos xa manufacturados de la, peixe seco ou salgado (especialmente o bacallau), cera e manteiga. Unha das claves da expansión comercial inglesa foi este mercado español e o anexo negocio da reexportación.

Como xa observamos no apartado anterior, é a partir de 1635 cando os navíos ingleses toman o relevo dos proscritos barcos franceses. O normal era que, cada tres meses, entrase na ría e porto de Pontedeume un barco inglés. Os nomes de tratantes e patróns de barco como Richard Barquer, Thomas Mosley, George Laly, Thomas Printops e Salomón Cribes, e de navíos como: *El Thomas*, *El Robert*, *El Simon* ou *El Juan de Londres*, ao longo dos anos se converten en asiduos visitantes das ribeiras eumesas e vellos coñecidos do comercio local. No apéndice documental, reproducimos autos de visitas a estes barcos e aplicacións do *ciento* ás súas mercadorías con que podemos facer unha cabal aproximación dos produtos achegados.

Pero, tralo triunfo da Revolución inglesa, a política exterior do Parlamento mudou por completo a traxectoria destas relacións. Este século XVII é a era das manufacturas, da conquista de mercados, do interese por adquirir metais das Indias, da produción naval..., circunstancias que, dunha banda, conforman o motor do progreso económico pero, doutra, tamén serán os motivos que desencadearán unha guerra económica entre as grandes potencias europeas. O chanceler inglés Cromwell mellorou a franceses e portugueses en detrimento dos españois. A toma de Xamaica e o bloqueo do porto de Cádiz pola armada inglesa entre os anos 1654 e 1656, levaron a Filipe IV a decretar a expulsión dos súbditos británicos así como o embargo dos seus ben e efectos. De feito, entre os represaliados máis prexudicados figuran mercadores ingleses con intereses en Pontedeume: Baltasar Nunt, Thomas Mosley e Esteban Laque que viron embargadas as súas facendas na vila e na cidade de Santiago. Outros como Guillerme Acel pasaron polo mesmo en Cedeira, e Samuel Iberes en Pontevedra.

Algúns comerciantes procedentes doutras cidades e vilas de Galicia, e mesmo de Pontedeume, que debían cartos a estes mercadores nunca fixeron o pago das súas débedas. As facendas que se venderon e embargaron aos ingleses no Reino de Galicia ascenderon a máis de 25.000 reais, dos que unha boa parte se destinaron para o mantemento do presidio da Coruña[89].

88. Cf. A. Domínguez Ortíz, *Guerra económica y comercio extranjero en el reinado de Felipe IV*, en: "Hispania" 89 (1963) 71-110.

89. Cf. A. Alloza Aparicio, *La represalia de Cromwell y los mercaderes ingleses en España (1655-1667)*, en: "Espacio, Tiempo y forma, serie IV, Historia Moderna", 13 (2000) 83-112.

6.6 Os tratantes flamengos

Os tratantes españois asentados en Bruxas, punto terminal da ruta da la, chegaron a artellar relacións comerciais, sobre todo por mar, máis alá da política das grandes empresas e das relacións internacionais. Este comercio con Flandes estivo moi activo principalmente na primeira metade do século XVI; mesmo mercadores de Santiago de Compostela, afastados en decenas de quilómetros da costa, fretaban barcos cargados con viño para Flandes.

O comercio flamengo era o centro de redistribución dos produtos para os mercados europeos; mesmo o norte peninsular consumía regularmente ao longo do século XVI cereais transportados por franceses e holandeses. As manufacturas da industria téxtil flamenga son coñecidas polo lugar de produción e nas mesas españolas eran moi apreciados os queixos de Flandes[90].

Tamén as fontes manexadas, achegan informacións de mercadores e tratantes flamengos con intereses en Pontedeume. Algúns mesmo con problemas de mala práctica comercial, roubo e até contrabando:

> *"(...) Julien Carton, maestre y dueño del navío nombrado San Pedro, surto en el puerto de esta villa y vecino del puerto de Dunkerke en los estados de Flandes, da todo su poder al Doctor don Antonio Montejano para que, en su nombre, pueda pedir a unos barqueros de esta villa, cuyo nombre se calla por la causa criminal, una barrica de sebo de peso de cuatro quintales que le llevaron en la ciudad de La Coruña descargando en su barco otras veinte barricas de dicho porte para Su Majestad y la trajeron ocultada y la vendieron a mercaderes de esta villa, habiendo vendido a Su majestad a precio de a once ducados"* [91].

7. INDUSTRIAS E SERVIZOS DO SECTOR

A vila de Pontedeume era, máis que nada, un pobo de mareantes, é dicir de pescadores e transportistas que achegaban á vila a principal riqueza que consumía e exportaba: o peixe. Esta actividade estaba en relación directa coa salga e a cestería que, na época que analizamos debían ter o seu peso específico no Concello.

90. Cf. I. Velo Pensado, *La comarca brigantina en la relación España – Flandes durante la Edad Moderna*, en: "Anuario Brigantino" 15 (1992) 25-40.

91. AHPNC, Escribán: *Juan Raposo, Puentedeume 12 de octubre de 1645*, Atado 84.

7.1 A Casa da Banastraría

A división do traballo e a especialización nas distintas ramas da produción esixían unha mínima estrutura para asegurar a eficacia do intercambio. Unha destas actividades mantiña un edificio polo que velaba a xurisdicción da vila: a Casa da Banastraría.

Dentro do instrumental que non podía faltar en ningunha casa de labranza estaba a cestaría. Do mesmo xeito a actividade pesqueira esixía o traballo artesanal dos fabricantes de canastros, tecedores de cestas de vimbio ou de costelas de madeira delgadas e entrelazadas. Podían ser de varios tipos, aínda que as banastras máis usadas eran as chamadas *abadengas* e *maragatas*, as primeiras de maior capacidade que as segundas, que eran un pouco máis baixas, pero as dúas con tapa. O uso destes dous tipos foi cambiando ao longo dos anos[92].

A vila posuía o privilexio sobre a súa fabricación e comercio, xunto coa corda e a esteira. Nunha casa situada ás costas da casa do Concello, existía un obradoiro de banastraría, propiedade da vila[93]. No capítulo de Propios y Arbitrios do Concello advírtese como correspondía á pesca a máis importante fonte de ingresos para as arcas municipais. Só na banastraría para a sardiña acadaba, a mediados de século XVIII, uns ingresos de mil reais anuais. Arbitrio por aquel entón destinado, preferentemente, para atender as reparacións dos peiraos e da ponte de pedra[94].

> *"El arriendo de la renta de cestería de la sardina fue siempre objeto de muy puntual normativa por parte del Ayuntamiento. En la escritura de asiento, obligación y fianza signada en 1728, vemos que el nominado Concejo como fiel administrador de la Casa de Banastería, que lo fue Pedro Pardo de Carballeira, obligábase a recoger dentro de la dicha Casa toda la banasta, tapa, esteras y cuerda que se le entregare y comprare para el consumo. También se prescribe que dicho asentista ha de avisar un mes antes de agotarse las banastas existentes en dicha Casa, para que se puedan encargar y comprar los banasteros (...) y ha de celar siempre dicha renta y administración, para que ningún mercader, ni tratantes de sardinas, arriero, ni asturiano, pueda comprar banasta, ni esteras, a ninguna persona, sino que las ha de consumir de las que se entregaren en dicha Casa de la Banastería"* [95].

92. Cf. X. M. Veiga Ferreira, *Un acercamento ó imposto de banastrería en Pontedeume*, en: "Cátedra" 6 (199) 147-162.

93. Cf. J. A. López Calvo, *A. c*., 526-527.

94. *Acta da sesión Plenaria do Concello de Pontedeume de 4 de agosto de 1747*, en: AMP, Sección: 1.1 Goberno, *Libros de actas capitulares ou de Pleno*, 1746-1770, Atado 4.

95. A. Meijide Pardo, *Aspectos de la vida económica…*, a. c., 61.

A Casa da Banastraría estaba situada ás costas da actual casa do Concello, na rúa dos Ferreiros, e desaparece en 1863 ao ser anexada ao edificio do Concello. O imposto da banastraría foi o máis importante da primeira metade do século XVIII, superando, con moito, os demais censos ou xuros da época[96]. A progresiva industrialización da pesca e os cambios que trouxeron os cataláns nas artes e explotacións da pesca supuxeron o declive deste imposto. En 1766 os impostos de banastraría deixaron de cobrarse.

7.2 Lonxas

A necesidade de almacenamento fixo que xurdise a creación de servizos públicos ou mancomunados para esta actividade. O 3 de xullo de 1765 a Corporación manda compoñer o peirao. Segundo Couceiro Freijomil esta intervención conta co mecenado do Arcebispo Rajoy. Non foi a única achega do arcebispo compostelán á súa vila natal. Couselo Bouzas refire o seguinte:

> *"La munificencia de Rajoy con su pueblo natal no sólo se refría a las obras que se relacionan con la religión y el culto sino a las que tenían por objeto los intereses terrenos y bienestar material de sus habitantes. A esto tendían las lonjas que este prelado determinó edificar en su pueblo el año de 1763. El mismo cura, D. Tomás Moreira y Montenegro, en virtud de orden y facultad del Arzobispo, hace contrato con Ricoy, en 28 de septiembre de dicho año, residente en la villa de más de cuatro años a esta parte, de la edificación de diez lonjas o bodegas para en ellas fabricar sardina salada y otras cosas, en la ribera del mar, frente a la muralla que cierra la huerta de la Excma. Sra. Condesa de Lemos y torre pegada a su palacio. Cada lonja (fábrica de fomento o salazón que se dice hoy), tendría de largo 18 varas en hueco y 8 de ancho. Entre la huerta de la Condesa y la lonja quedaría un hueco en que quepan dos carros a la par. Pagaría Rajoy por esta obra 112.000 reales"* [97].

Sábese que o contratista Alberte Ricoy realiza un recoñecemento e orzamenta a obra. Posibelmente desta época e actuación sexan as hoxe coñecidas como *Lonxas de Rajoy*, edificadas fronte á liña de costa existente pero, a pesar das referencias de Couselo Bouzas a certos protocolos notariais, polo momento, esta referencia non se pode apoiar documentalmente[98].

96. Cf. C. de Castro Álvarez, *Calles, Plazas y Jardines…, o. c.*, 98-99.

97. J. Couselo Bouzas, *Galicia Artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX*, Santiago de Compostela, Instituto Teológico Compostelano 2005, 566. Tamén: M. D. Vila Jato, "Aspectos del mecenazgo del Arzobispo Rajoy: sus construcciones en Pontedeume", en: AA.VV., *Homenaje al polígrafo eumés Don Antonio Couceiro Freijomil en el primer centenario de su nacimiento (1888-1988)*, A Coruña. Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial 1990, 191.

98. C. de Castro Álvarez, *Calles, Plazas y Jardines…, o. c.*, 67.

8. CONCLUSIÓN: A EVOLUCIÓN DUNHA ACTIVIDADE PRIMORDIAL

O contraste das fontes e estudos manexados permítenos sinalar tres etapas nesta descrición da evolución de comercios e mercados marítimos no porto de marea de Pontedeume nos séculos XVII e XVIII. Non se trata dunha análise total, pois se ben achegamos informacións de fontes fiscais, describindo os impostos que gravaban o consumo e o trasfego de materias primas e produtos finais, e calibrar o nivel de mercantilización da economía marítima local, o certo é que cumpriría en orde a unha análise máis global investigar a evolución dos prezos, a aparición das feiras e a comparación con outros tipos de comercios ademais do marítimo[99].

8.1 Primeira etapa: A resposta á depresión

Serían os anos do primeiro cuarto de século XVII (1600-1635) os anos onde a ponte e o peirao sofren importantes obras de mellora. Xa asentado o paso do reguengo á señorialización do porto, a nivel de comercio marítimo a situación desta etapa non era a mellor das desexábeis: o comercio de Indias estaba en recesión, había unha excesiva dependencia de industrias estranxeiras para abastos de mastros, cordame e velas e a escaseza de traballadores cualificados para a construción naval. A política de prohibición de importacións amosouse como un auténtico fracaso, pois non había posibilidade de substituír con produción local a importación de artigos manufacturados. Este subdesenvolvemento do país convertía España nun bo mercado de exportación para bens manufacturados, e nunha fonte de recursos para certas materias primas. Ao teren os estranxeiros (sobre todo os flamengos) os produtos, o capital e mesmo os barcos, conservaban nas súas mans toda a operación de importación e exportación reducindo aos seus equivalentes españois a simples consignatarios.

Así, nesta etapa, o porto de marea de Pontedeume albisca unha interesante actividade, dunha banda pola chegada de navíos europeos -fundamentalmente franceses-, doutra polo feito que, certo número de industrias lixeiras, alimentadas con materias primas locais e destinadas ao mercado interior, permaneceron en funcionamento e substituíron eficazmente ás importacións cando estas estiveron prohibidas. Son tamén os anos onde o peirao existente recibe unha concienciuda reparación que aínda que non supuxo ampliación ningunha, si o tornou ao seu estado primixenio.

99. Cf. L. Alonso Álvarez, "A esfera da circulación de mercadorías na Galiza do século XVIII. Historia e Fontes", en: Arquivo do Reino de Galicia (Ed.), *Fuentes para el estudio del siglo XVIII en Galicia. Historia económica y social*, Sada – A Coruña, 1991, 37–46.

8.2 Segunda etapa: A reforma borbónica

Propoñemos o segmento de anos entre 1635 e 1755, entre unha tendencia autárquica de produción agraria e a chegada dos primeiros fomentadores cataláns. O incremento da poboación no século XVIII significou tamén un incremento da demanda de bens necesarios (alimento e vestido) que estimulou a produción de mercados. As familias, para subsistir, víronse na obriga de alternar as actividades puramente agrícolas coa produción de manufacturas téxtiles (lenzos) e a transformación de derivados da pesca (salgas). A nivel xeral continúa o comercio de cabotaxe pero con miras á exportación e ao produto colonial. Estes son tamén os anos da expansión comercial a través da creación de compañías con privilexios (Iucatán e Campeche), pero os gremios que regulan dende o século XVI a produción, non as viron con bos ollos, pois podían motivar a creación de fábricas que escaparían ao seu control. Se facemos caso ás achegas de Lucas Labrada as primeiras industrias de Galicia neste momento son as dos lenzos.

A nivel de comercio marítimo local é a época na que comeza o relevo dos navíos e mercadores franceses polos ingleses, logo da declaración de hostilidades entre España e Francia por mor da evolución da Guerra dos Trinta Anos, até a posta en práctica dos acordos do Tratado de Utrech asinado en 1713.

8.3 Terceira etapa: A colonización catalana

A partir de 1750 comeza o asentamento dos cataláns e a aplicación das novidades nos sistemas de produción e comercialización marítima. No 1765 componse o peirao pero son tamén os anos da ruína da ponte de pedra. As augas vivas do río Eume e a mesma acción do mar provocan, entre a segunda metade do século XVII e as primeiras décadas do XVIII, o entullado de 10 dos seus 68 arcos orixinais, comprometendo así o carrexo de mercadorías.

APÉNDICE DOCUMENTAL

(1)

1651, decembro 31, Pontedeume

O escribán Jacinto Peceñe, fiel do un por cento, fai comprobación das mercadorías do navío inglés "El Juan de Londres" atracado no porto de Pontedeume.

AHMP, Fondo Xeral, Sección: Facenda. *Libro de Visitas a Navíos*. Atado 171.

"En la villa de Puentedeume a treinta y un días del mes de diciembre de mil y seiscientos cincuenta y uno, por delante de mi Jacinto Peceñe, fiel administrador del nuevo derecho del uno por ciento, en lo tocante a él dijo que, por cuanto en la ría y puerto de esta dicha villa a bordo del navío nombrado "El Juan de Londres" del que es maestro Salomón Cribes, natural de Londres y habiendo ido a dicho navío para saber las mercadurías que están y tiene, halló las mercadurías siguientes: treinta docenas de medias de diferentes colores, grandes y pequeñas; ocho docenas de cascabeles y seis millares de tachuelas de bronce; diez piezas de (…); doce piezas de sempiternas de diferentes colores; dieciséis piezas de ovillos de diferentes colores; trece piezas de sargas de diferentes colores; cuatro medias piezas de paño colorado; seis fardos de bastes negras; treinta docenas de fajas de colores y dos mazos de ovillos pardos; treinta piezas de fustanes y veinte de bombasí; cuarenta quintales de munición en ciento cuarenta y seis barriles pequeños y grandes; más en cinco barriles y uno pequeño que son seis quintales de estaño labrado. Con lo cual y por no hallar más mercaduría en dichos fardos que dicho navío trajese, aunque se han hecho las buscas que se requerían, dicho Jacinto Peceñe la dio por fenecida y le dio licencia en cuanto hace por su parte como la del nuevo derecho, para que pueda descargar y sacar de dicho navío y de mar a tierra la dicha hacienda, sin por ello incurrir en pena alguna. Y yo, el dicho escribano le hago cargo al dicho Jacinto Peceñe de los derechos que montase y sumase. Siendo testigos: Bernardo Ordóñez de Figueroa; el Capitán Miguel Rodríguez do (…) y Alonso de Losada, vecinos y residentes en la dicha villa de Puentedeume".

(2)

1634, enero 30, Pontedeume

Valoracións dos produtos cargados no navío francés "La Juana".

AHMP, Fondo Xeral. Sección: Facenda. *Libro de Visitas a Navíos*. Atado 171.

Juan Biçena, mercader francés vecino de Conques, maestro del navío nombrado "La Juana". Digo que yo llegué a la ría y puerto de esta dicha villa con mi navío en diecisiete días del próximo pasado, en el cual se haya y se registró las mercadurías siguientes: cinco barricas de centeno, que se hayan doce anegas y media que vendí en esta villa, a tres reales la anega, que monta ciento sesenta y dos reales y medio; y tres barricas de trigo que traían nueve anegas y media que vendí en esta villa a dieciséis reales que montaron ciento cuarenta y cuatro reales. Un quintal de cáñamo que vendí a cincuenta y cuatro reales. Cincuenta libras de velas en cincuenta reales. Lo mismo docena y media de postes de hierro que vendí a ciento quince reales y medio. Sesenta libras de (…) en noventa reales. Un quintal de sebo en cien reales. Catorce libras de cera en setenta y siete reales. Dos varas de cordelaje en ciento setenta y dos reales, que dejó en ciento setenta y seis. Treinta piezas pequeñas de mantela que vendí en ciento veinte reales. Ochenta libras de almidón en ochenta reales y seis maravedíes. Y así, lo procedido de dichas mercadurías, mil trescientos y veinticinco reales de vellón, de los cuales emplea los novecientos setenta en limón y naranja, que con la (…) y su contorno que tengo hallado en dicho navío, y los trescientos cincuenta y cinco reales restantes, los que hallé en mi persona".

(3)

1652, Pontedeume

Thomas Mosley, tratante inglés residente en Pontedeume describe a actividade dos seus barcos.

AHMP, Fondo Xeral. Sección: Facenda. *Libro de Visitas a Navíos*. Atado 171.

"Thomas Mosley mercader inglés residente en esta villa de Puentedeume, por lo que me toca y en nombre de Ricardo Barquer, asimismo mercader inglés, digo que por nuestra cuenta han venido y descargado en el Puerto de esta dicha Villa, sendos navíos con mercadurías según consta del registro de carga y descarga que son los siguientes: El "Thomas" de Londres de que es maestro Jorge Laly que se registró en mayo del año pasado de 1651 y montó las mercadurías que vinieron por mi cuenta según el ajustamiento de cuenta y saca que hizo la justicia, en setenta mil reales con más lo que vino por cuenta de dicho maestro que montó ocho mil quinientos y sesenta y cinco reales. Y las mercadurías que vinieron en el segundo navío que se llama "El Juan de Londres" que descargó en el mes de agosto de 1651 más de doce mil reales y se empleó en dicho navío cinco mil quinientos y noventa y dos reales. Y en el "Próspero" que así mismo se llama el "Juan de Londres" del que es maestro Salomón Cribs, que descargó en diciembre de dicho año pasado y montó las mercadurías, según la saca, setenta y tres mil doscientos y noventa y cuatro reales, y se volvió a remitir en el dicho navío para la villa de Gijón, mil reales, de manera que todas dichas mercadurías que he descargado montan ciento sesenta y tres mil ochocientos y cincuenta y nueve reales en esta villa, como consta en el libro de registro de cargo y descargo. Con más cierta cantidad que tengo empleado a la ciudad de Málaga, de que tengo de haber testimonio. Y ahora, del restante de ese dinero que me ha quedado, tengo necesidad de remitir en un navío que al presente está surto en la Ría de esta villa cargado de bacalao para la ciudad de Bilbao y para la villa de Laredo, quince mil reales de vellón, para emplear en hierro y otras materias de la tierra, suplicando mande dar licencia para cargar dicho navío y despachar testimonio".

(4)

1624, 5 de xullo, Pontedeume

Guillerme Guillán, mercador francés, vende sal no alfolín de Pontedeume.

AHMP, Fondo Xeral. Sección: Facenda, *Libro de Visitas a Navíos*, Atado 171.

"En cinco días del mes de julio de mil y seiscientos veinte y cuatro años, el Doctor Alonso Tenreiro, Lugarteniente del Alcalde Mayor de estos estados, habiendo tocado fondo en este puerto un navío, el cual halló por maestro y señor de él a Guillermo Guillan, según dijo llamarse, que tiene de nombre el dicho navío "Buenaventura", que dijo ser natural de Morbihán en Bretaña, en que había traído sal que había cargado con Angill, reino de Francia. Que lo vendía por su cuenta en el alfolí de esta Villa, y aunque se miró todo no se halló otra cosa sino dos barricas de harina, y otras dos de alquitrán para secar y reparar el dicho navío".

(5)

1751, 17 de agosto, Pontedeume

Listado de mercadores e tendeiros existentes en Pontedeume incluído no interrogatorio da Real Única Contribución (Catastro de Ensenada).

Publicado por Santiago Daviña Sáinz, en "Cátedra" 8 (2001) 127-128.

"Sebastián Fuertes, mercader de paños y proveedor de aguardiente, de 37 años, casado, tiene un criado, una criada y de utilidad en su industria como tal mercader 40 reales al año, y por la aguardiente 750, que en todo hacen 790.

Francisco Fernández de Loredo, de 40 años, viudo. Tiene de utilidad por la industria de mercader 2.000 reales.

Baltasar Martínez, de 30 años, casado, tiene un hijo y un hijastro de menor edad, otro de 18 años, cuatro hijastras, y tres criadas; y de utilidad por su industria al año 2000 reales.

José Varela, mercader de por mayor; tratante en sardina y administrador de la capilla de la Purificación. De 43 años, casado, tiene dos hijos, el uno mayor de 18 años, el otro menor; un criado mayor de 18 y dos criadas; y por su industria como mercader [tiene] 1.500 reales al año; como tratante en sardina 12.096 por 672 cargas que ha beneficiado este año al respecto de 18 reales de utilidad en cada una, según noticia del Ayuntamiento y como administrador 550 reales, que el total es de 14.146 reales.

Juan de lago, de 37 años, tendero. Casado, tiene de utilidad por su industria 70 reales.

Juan Antonio Vidal, de 22 años, casado; tiene de utilidad por su industria al año 100 reales.

Sebastián de Ortega de 34 años, casado tiene un hijo de menor edad, y por su industria al año 100 reales.

José Caruncho, mercader y recetor de salinas, de 42 años. Tiene tres hijos de menor edad, un criado mayor de los 18 y tres criadas; y de utilidad por su industria de mercader 20 reales al año, y como recetor de salinas de la villa del Ferrol otros 20, que en el todo hacen 40.

Ignacio de la Iglesia, de 60 años, mercero, viudo; tiene en su compañía a una huérfana; y de utilidad por su industria al año 40 reales.

Domingo Ferrera, de 56 años, casado. Tiene de utilidad por su industria al año 50 reales."

APÉNDICE: *Barcos que descargan en Pontedeume entre 1623 e 1655 dos que se conserva rexistro*

Data	Barco	Orixe	Patrón	Carga
19 abril 1623	*Buenaventura*	Morbihan Bretaña (Francia)	J. Roldán	Sal
13 maio 1623	*Espíritu Santo*	Camiña - Portugal		Viño e caixas de marmelada
5 xullo 1624	*Buenaventura*	Morbihán Bretaña (Francia)	Guillerme Guillán	Sal
13 setembro 1624	*La Catalina*	Morbihan Bretaña (Francia)		
2 maio 1625	*San Andrés*	Ribadeo	Bartolomé del Burgo	Trigo, papel e la.
25 maio 1625	*Espíritu Santo*		Basilio Medelbarg	Trigo
1 abril 1627	*Nª Sª de a Guía*	Comillas (España)	Domingo de la Torre	
1633	*Julian*	Conquer Bretaña (Francia)	Guillerme Migll	Cánabo, sebo, cera, postes de ferro e novelos de la
30 xaneiro 1634	*Santa Juana*	Francia	Jean Biçena	Centeo, trigo, cánabo, sebo, cera, estaño labrado, velas e amidón
25 marzo 1634	*Santa María*	Conquer Bretaña (Francia)	Dumaçón	Sal, cánabo, viño e cera
15 abril 1634	*La Juana*	Lablete (Francia)	Claude de Legrón	Centeo
12 maio 1634	*La Francesa*	Francia	Roland Ledgabel	Trigo
24 xullo 1634	*La Juana*	Francia e A Coruña	Claude de Legrón	Trigo
12 setembro 1634	*La Esperanza*	Rouen - Normandía (Francia)	Abrám Marçón	Cereais e panos
8 xuño 1650	*La María*	Francia	Nicolás Coco	Laranxas e limóns
19 novembro 1650	*El Bautista*	Comillas Cantabria	Roberto Pérez	
26 febreiro 1651	*La María*	Francia e Xixón	Josef Bargo	Sal
8 xuño 1651	*El Thomas*	Inglaterra	George Laly	Tecidos, perfumes, sombreiros e cera
31 decembro 1651	*El Juan de Londres*	Inglaterra	Salomon Cribes	Tecidos, munición e la
9 marzo 1652	*El Thomas*	Inglaterra	George Laly	Camisas, sombreiros e tecidos
18 marzo 1652	*Santa Lucía*	Comillas Cantabria	Rodrígo Martínez	Brea
11 maio 1652	*El Juan de Londres*	Inglaterra	Thomas Mosley	Estaño labrado, tecidos e sombreiros
5 xuño 1652	*El Simon*	Inglaterra	Simon Thru	Estaño, cera, nobelos de la de colores, tecidos
15 decembro 1652	*El Simon*	Inglaterra	Simon Thru	Estaño labrado, tecidos, la e cera
28 abril 1653	*El Roberto*	Inglaterra	Thomas Printops	Nobelos de la e tecidos
20 agosto 1653	*El Roberto*	Inglaterra	Thomas Printops	Medias, tecidos, Nobelos de la
19 novembro 1654	*Cardossa*	Inglaterra	Thomas Printops	Tecidos, la e faixas
7 abril 1655	*La Esperanza*	Inglaterra	Bernabé Payn	La, tecidos e munición

LAS DISCIPLINAS ARTÍSTICAS EN LA TRILOGÍA *"VIDAS DE INFANCIA"* DE RAMIRO FONTE

María Fidalgo Casares
Doctora en Historia del Arte

" En memoriam Ramiro Fonte Fernández"

"Estivo entre nós como poeta,
viviú como poeta e morreu como poeta"
Suso de Toro

BIOGRAFÍA Y TRAYECTORIA LITERARIA DE RAMIRO FONTE

Ramiro Fonte Crespo no sólo fue una de las figuras fundamentales de la poesía gallega del último siglo, sino sobre todo una de las voces más importantes de la lírica europea contemporánea.

Licenciado en Filosofía y Letras, profesor de Lengua y Literatura, narrador, ensayista, crítico y gran estudioso de la literatura, fue poseedor de una magna cultura humanista: *"Si el cáncer no hubiera truncado su vida, sería una Enciclopedia viva de la talla de Otero Pedrayo"*[1] y miembro de la Real Academia Galega, así como Director del Instituto Cervantes de Lisboa desde 2005 hasta su muerte.



Ramiro con su abuela Berta y sus hermanas ante la palmera del Jardín de Lombardero

Salgado Fernández[6], secretario; nela atopamos tamén e Joaquín Vázquez, o pai de María, o cal evidencia no só a súa cercanía aos ambientes republicanos, se non también a influencia que poido exercer na vocación política da filla.

A dereita agruparase en torno ao lerrouxista Partido Republicano Radical, sendo os seu principal impulsor o mestre Teófilo González Calatrava. As formacións de esquerda amosan un denvolvemento máis lento e tardío.

A reforma do ensino que puxeron en marcha os primeiros gobernos da República –e no que xogaron papel destacado os socialistas, especialmente Fernando de los Ríos– foi un dos piares do novo réxime. Non é este o lugar para desgranar todo amplo abano de medidas, inspiradas na corrente racionalista, humanista e laicista que se foi propagando en España desde finais do século anterior, pero toda unha xeración de novos mestres identificarase con este programa.

María é unha delas. Proba da súa adhesión entusiasta aos postulados pedagóxicos da nova escola é o seu interese pola formación e pola aplicación dos modernos métodos educativos. Nos cursos de perfeccionamento aos que asiste na Coruña a principios dos anos trinta terá ocasión de frecuentar a figuras da talla da pedagoga María Barbeito, responsable da introducción en Galicia do método Montessori e depurada logo durante o franquismo. Este interés tamén latexa nas numerosas saídas escolares que organiza co mestre José Salgado, como a visita aos talleres da Constructora Naval en Ferrol, á redacción de La Voz de Galicia na Coruña, ao transformador eléctrico de Cambre ou a Santiago, para visitar a catedral e a tumba de Rosalía de Castro. Non faltan tampouco excursións a lugares senlleiros na historia do galeguismo, como o Monumento aos Mártires de Carral, diante do cal as alumnas entonaron o himno galego.



Visita escolar a La Voz de Galicia

Paralelamente á súa labor docente, María desenvolverá nesta época unha incesante labor política nas filas do socialismo. O partido non dispuña en Miño dunha estrutura organizativa e os primeiros actos efectúanse baixo a iniciativa do Comité Socialista de Ferrol, como o mitin celebrado na localidade en xuño de 1931.

6. Pérez Medín, R., García López, X.X. e López González, R. Mª., *op. cit.*.

Debió llegar a Miño con sus padres sobre el año 1932 (sic). Por estas fechas fundamos la Agrupación Socialista de Miño varias personas, entra las que estaban Pepe Salgado y Maruja.
Desde luego sus ideas no iban con la Iglesia. Fue una mujer adelantada a su tiempo. Persona muy inteligente y una gran maestra.
Iba mucho a Coruña. Mi mujer Francisca López, que también era maestra se encargaba de sustituirla en clase.

Ricardo Pérez Medín, 30-7-2007[7]

A súa primeira intervención nun acto político tivo lugar en setembro de 1932, cando pronuncia un discurso no mitin celebrado en Miño, ao que asisten tamén Manuel Cuervo Cortés, secretario municipal, afiliado á agrupación socialista da Coruña e á UXT[8] e a quen moitos ven como mentor político de María; o mestre Víctor Martínez, do Partido Republicano Gallego; o deputado socialista Edmundo Lorenzo e os tamén socialistas José Salgado, que proviña das filas do PRRS, compañeiro da mestra, e Manuel Albar. Neste primeiro discurso María suliñaba *"cuanto la República hizo a favor de la mujer, haciendo resaltar dichos beneficios y aconsejando a las mujeres de Miño no se dejen engañar por caciques"*. O corresponsal destacaba o feito de que María Vázquez fose "*la primera mujer que habló al público en Miño*"[9].

A partir de entón María participa nunha intensa campaña de mitins e actos agrarios, onde volvemos a atopar a Manuel Cuervo, aos deputados socialistas Ramón Beade e Edmundo Lorenzo e a Manuel Montero, secretario provincial da UXT. Así, en decembro de 1932 María é una das oradoras dos mitins convocados en Leiro e Nogueirosa, onde se debate sobre a lei agraria, a formación de tribunais mixtos da propiedade rústica e o proxecto de lei de arrendamentos. En xaneiro de 1933, nun mitin celebrado en Redes, María tomou a palabra para defender as reformas levadas a cabo polo goberno republicano-socialista, facendo fencapé na política educativa e nas conquistas da muller en materia de dereitos. Novos mitins celebráronse nas semanas seguintes en Cabanas e Fene; neste último, organizado pola sociedade agraria *La Necesaria*, interviron, ademáis de Manuel Cuervo, Manuel Montero e María Vázquez -que explicou o alcance da lexislación laica republicana[10]-, o socialista Ramón Souto e o mestre de Mugardos, tamén socialista, Ángel Mato, morto durante a revolta de 1934.

7. O socialista Ricardo Pérez foi o alcalde de Miño na breve anque intensa etapa que vai desde maio ata xullo de 1936

8. *LVG*, 02-05-1933 e 24-06-1933. *El Compostelano*, 13-02-1932. Procedente de Dumbría, o novo secretario municipal toma posesión en Miño en 1932.

9. LVG, 01-09-1932

10. *El Obrero. Ferrol,* 28-01-1933

Esta frenética actividade non se ve sequera interrumpida pola enfermidade do seu pai a finais de xaneiro de 1933[11]. En febreiro asiste aos actos conmemorativos da Festa da Árbore en Miño, que contou cun ampla representación de concelleiros; entre os oradores volvemos a atopar a Manuel Cuervo.

O retrato político de María non quedaría completo sen unha referencia ao seu firme compromiso cos dereitos da muller e a defensa da súa participación na vida política. Xunto á educación, éste é un dos temas recurrentes nos mitins onde participa e nos que a presenza das mulleres é en ocasións significativa, como as traballadoras da fábrica de Présaras[12]. A mestra estivo en contacto, además, co asociacionismo femenino de signo republicano. O seu achegamento á Liga Internacional de Mujeres Ibéricas e Hispano-Americanas y Cruzada de Mujeres queda patente na conferencia que imparte no local da Liga sobre "La escuela laica" en febreiro de 1933[13]. A organización fóra fundada en Madrid por Carmen Burgos, pioneira do periodismo feminino en España, e contaba cun importante núcleo coruñés desde 1932. Outros convidados ás coferencias da Liga foron os socialistas Manuel Cuervo, que durante esas xornadas departiu sobre o tema "La mujer en sus diversos aspectos, e Manuel Montero, cunha intervención sobre "Por qué emigra la mujer del campo a la ciudad y sus consecuencias"[14].

Outra asociación coa que motivo estreitos vínculos foi a Agrupación Femenina Republicana que, constituída en 1933, sucedeu á Liga. Os seus obxectivos eran a promoción cultural da muller, a igualdade de dereitos e a defensa dos valores republicanos e democráticos. Pola súa sede desfilaron políticos e intelectuais republicanos e galeguistas como Roberto Blanco, Antón Villar, Víctor Casas, Alexandre Bóveda ou Santiago Casares, impartindo charlas sobre a problemática da muller na sociedade española, a cultura galega, etc.


Interesantes Conferencias

La maestra nacional de la escuela de niños de Miño, señorita María Vázquez (1) y el secretario de nuestro municipio don Joaquín Martín (2) con la directiva de la sociedad Ibero Americana y Cruzada de Mujeres Españolas, después de las interesantes conferencias que dieron días pasados en dicho centro (Foto Cancelo)

María na conferencia da Liga Internacional de Mujeres Ibéricas e Hispano-Americanas y Cruzada de Mujeres

11. *El Pueblo Gallego*, 29-01-1933

12. Pereira, C.: Muller e res publica, en Emilio Grandío Seoane (dir.): República e Republicanos en Galiccia, Ateneo Republicano de Galicia, A Coruña, 2006

13. *LVG*, 08-02-1933

14. *LVG*, 24-2-1933 3 *LVG*, 17-3-1933

Dato revelador é a presencia na sociedade dun número importante de mestras como Amparo López Jean, Elvira Bao, que presidirán a asociación, ou a propia María Barbeito[15].


Los Cursillos Escolares

La cultísima inspectora doña María Barbeito rodeada de los maestros nacionales que actualmente asisten a lo scursillos prácticos de orientación y perfeccionamiento, después de la visita que efectuaron a las Escuelas Da Guarda, que dirige

(Foto Cancelo)

Mestres cursillistas con María Barbeito

Existen evidencias da relación de María coa Asociación Femenina Republicana. O seu nome aparece na listas de socias en abril de 1936, na que consta como profesora nacional de Miño. Hai tamén unha mención nunha nota de prensa de xullo de 1933, onde se comunica a visita a Miño e Pontedeume de membros da AFR. Na primeira localidade son recibidas pola mestra María Villar[16], que é calificada pola periodista como *"entusiasta afiliada a la Agrupación"* e a quen probablemente debamos identificar coa propia María Vázquez.

Ao longo de 1933 María dita varias conferencias. Unha, con motivo do segunda aniversario da proclamación da República, que ten lugar no local da sociedade agraria de San Pantaleón das Viñas (Paderne) e na que fala sobre a situación do campesiñado e a condición da muller. E a que pronuncia en Cabana (Ponteceso) sobre "Enseñanza laica" na compaña de Manuel Montero e Manuel Cuervo. Prosegue, además, as súas actividades de formación, como o curso de perfeccionamento de mestres que se desenvolve na Coruña, onde asiste a unha disertación de Lugrís Freire sobre literatura galega, se lle imparten cursos de hixiene escolar, visita centros fabrís, como a Fábrica de Gas ou a de Tabacos, o Sanatorio de Oza e monumentos artísticos da comarca.

É nesta época, concretamente en xuño de 1933, cando formaliza o seu ingreso na Asociación de Trabajadores de la Enseñanza de Ferrol y Comarca, sección de ensino da UXT[17], da que será elexida vicetesoreira en abril de 1935. Además, en 1933 pasa a formar parte da agrupación socialista de Pontedeume, que fora fundada en 1931[18]. Por últi-

15. Pereira, C., *Mulleres e República*, Rev. "Anuario Brigantin"o, nº 21, 1998. O autor suliña o feito de que unha das razóns da depuración de María Barbeito fora a súa pertenza a AFR.

16. *LVG*, 19-7-1933. Non existe ningunha mestra en Miño con ese nome durante esas datas.


17. *El Obrero*, 10-6-1933

18. Presidíana Manuel López Seijo e entre membros da directiva figuraban Luis Nodar, Albino Couceiro, Eduardo Fonte, José Losada ou José Ramón Fernández. En 1934 María é designada vogal. A partir de 1936 moitos deles sufriron persecución e algúns, como Ramiro Vázquez Salido, *O Mona*, o mestre José Ramón Fernández Barral e o concelleiro Luis Nodar Castro foron executados.

mo, en outubro de 1933, participa na fundación da agrupación do PSOE de Miño xunto a coñecidos socialistas da localidade, como Abelardo López Varela e José Salgado[19].

Logo da represión do movemento revolucionario de outubro de 1934, que tivo unha ampla repercusión en toda a comarca, a agrupación atravesa momentos difíciles. E desde este momento ata 1936 a súa presenza é prácticamente inexistente. No medio do ambiente xerado pola victoria da Fronte Popular, en febreiro de 1936, reconstitúise a agrupación e, na asemblea celebrada en marzo dese ano no local do Pósito de Pescadores, é elexido presidente do comité executivo José Mª Maceira Serrano, *Seis horas* –que tamén dirixía o Sindicato de Oficios Varios-, vicepresidente José Rico e secretario Abelardo López.

O comité designará a Ricardo Pérez Medín para encabezar a xestora que sustitúa a Rodrigo González ao fronte do Concello, decisión que contará co aval do Goberno Civil. Deste xeito Pérez Medín accederá en maio de 1936 á alcaldía de Miño, desprazando a


'o exterioriza'os en contra 'e la buena 'octrina Socialista.
Artículo 17: Esta agrupación cuan'o lo crea conveniante, creará los sub comites 'e 'istrito o barrio, que juzgue conveniente, tenien'o estos un 'elega'o que los represente en el Comite.
La agrupación Socialista 'e Miño tiene su 'omicilio en la parroquia 'e Miño
Miño 15 octubre 'e 1.933
Por la Comisión organiza'ora
Abelardo Lopez
María Vázquez Suárez
José Salgado.
Presentado a los efectos del artículo 4º de la Ley de Asociaciones.
Coruña 23 de Octubre de 1933.
El Gobernador Civil.

Firma de María no documento de constitución da agrupación socialista de Miño, en outubro de 1933

19. Pérez Medín, R., García López, X.X. e López González, R. Mª., *op. cit*.. Pérez Medín tamén inclúe a Manuel López González.

Rodrigo González que, a pesar da súa militancia socialista, fora derivando cara a posicións claramente conservadoras, ata o punto que o goberno mantívoo no cargo despóis do triunfo das dereitas nas eleccións de novembro de 1933 e foi confirmado no mesmo a raíz do levantamento militar de xullo do 36.

A integración de María Vázquez no PSOE e na UXT non foi meramente testemuñal, como demostra o feito de que no cuestionario elaborado a instancias do Goberno Civil en 1935 para indagar sobre a situación política dos concellos da provincia, María era sinalada xunto co seu compañeiro José Salgado como destacada socialista[20]. E no informe da Garda Civil anexo á causa 925/37, sobre os sucesos que tiveron lugar en Miño en xullo de 1936, táchaselle de *"elemento peligrosísimo"*[21].

En xuño de 1934 morre dona Andrea Suárez, a súa nai[22]. O enterramento civil é un motivo máis que se ía sumar á longa lista de recriminacións que a dereita de Miño e Pontedeume acumulan contra a mestra.

A partir desde momento, e salvo algunha aparición pública esporádica**,** como en xullo de 1935, con motivo da campaña de apoio aos mestres presos durante os sucesos de outubro do 34[23], non volvemos a ter noticias de María ata o momento da súa detención a principios de agosto de 1936. Nen sequera a veremos figurar na directiva da nova agrupación socialista que se constitúe en marzo de 1936. O afastamento da política pola mestra estaría moi posiblemente relacionada coa morte da nai e a enfermidade do pai.

DETENCIÓN E MORTE

Coñecida a sublevación militar a partir do 19 de xullo, as corporacións republicanas organizan a precaria resistencia. María atopábase por esas datas na Coruña co seu pai e, polo tanto, non tivo participación activa nos intentos frustrados de resistencia fronte ás forzas militares que chegaron ao pobo o día 24.

Logo de constituirse o Concello en sesión permanente, procedeuse á incautación de armas e o alcalde Ricardo Pérez Medín, ao fronte dun grupo, dirixiuse á Coruña a madrugada do día 22 coa intención de colaborar na defensa, pero vista a inutilidade dos

20. Goberno Civil. Mazo 4369. ARG: *"Cuestionario que se hace a los Ayuntamientos por orden del Ministerio de Gobernación. Influencias a los efectos de consulta electoral: Año 1935. Los maestros de Miño José Salgado y María Vázquez, los dos de matiz socialista"*.

21. Causa 925/37 Serie Terra. Ferrol. T IV A Coruña.

22. *El Pueblo Gallego*, 09-06-1934.

23. *El Sol*, 02-07-1935.

seus esforzos, regresaron a Miño. Un día antes, o 21, produciuse o asalto á igrexa de Santa María[24] e a detención dos curas de San Xoan de Vilanova e de Bañobre por un grupo de persoas dirixidas por Agustín Somorrostro Pena, secretario do Sindicato de Oficios y Profesiones Varias de Miño e vogal da agrupación socialista, que sería acusado de ser un dos organizadores da resistencia[25]. Sen embargo o novo alcalde contivo aos mais exaltados e ordenou a liberación dos cregos, actitude que contribuiu, sen dúbida, a evitar a súa posterior detención. Anque uns meses despóis o medo ás represalias obrigouno a embarcar na lancha *La Golondrina* cun grupo de perseguidos da zona, arribando ás costas de Francia ao cabo duns días[26].

Como podemos comprobar na causa 925/37, María non se atopa entre os *"responsables de todo lo que hubo en Miño y sus contornos"*, pero sí o seu pai. O mestre Salvador Díaz Manso, natural de Miño e veciño de Ortigueira, un dos declarantes na causa, sinala entre os "responsables" a José Varela Bouza, *Pepe do Lobo*, de Callobre, acusado de requisar armas; a José Antonio Sánchez Moreira, *Calafríos*; ámbolosdous vinculados ao asalto á igrexa de Santa María e executados extraxudicialmente ese verán. Tamén son citados Manuel López González que, na compaña de dous carabineiros, controlaba os accesos na estrada nacional os días seguintes ao alzamento militar; José Lago Chao, comerciante; José Ponte Rodríguez, *O Manco da Ponte*; un tal Rocha, o alcalde Ricardo Pérez, a súa muller Francisca del Río, mestra e amiga de María; Joaquín Vázquez, pai de María (*"ya fusilada*"); José Salgado (*"el cual está en el manicomio de Conjo"*), Luis Villar, practicante municipal; e os irmáns coñecidos por *Los Catalanes*.

José Salgado, segundo o historiador e parente seu Bernardo Máiz, foi salvado por un cabo da garda civil que o baixou do camión pouco antes de que o levaran. Posteriormente foi ingresado no Hospital Psiquiátrico de Conxo, de onde saiu algúns anos despóis**.**

> *(...) Cando Pepe estaba a bordo do camión nos que o levaban a fusilar, un cabo da Garda Civil que lle estaba agradecido polas clases que lle dera e que lle permitiran ascender, obrigouno a baixar, meterse en casa e non sair dela. Ou que non sei é se foi a Conxo por estar tolo (cando menos, sei que collera unha depresión) ou se o meteron alí para telo protexido. O caso é que alí toleu de vez.*
>
> *Bernardo Máiz Vázquez, 2010*

24. Causa 935/36 Serie Terra. Ferrol. T IV A Coruña

25. Pai de Balbina, unha das nosas informantes; en 1939 foi condenado a morte, pero se lle conmutou a pena e saiu do cárcere en 1943.

26. Pérez Medín, R., García López, X.X. e López González, R. Mª, *op. cit.*.

María, que se atopaba na Coruña por esas datas, foi detida na cidade a principios de agosto e desde alí trasladada ata o cárcere de Pontedeume. Desta localidade saiu o grupo de gardas civís e falanxistas que a deteu na Coruña. Non ten fundamento a opinión dalgúns segundo a cal, a noite en que foi paseada, o comandante do posto da Garda Civil de Miño, o cabo Juan Gago, na compaña do tamén garda civil Gerardo Casanova, ao que chamaban *"el de los cien"*, foi a buscala á prisión da Coruña para, a continuación, levala á praia de Centroña, onde sería asasinada. Outras testemuñas, cuia información non poido ser contrastada, afirman que cando a meteron no camión case lle levan a man que mantiña alzada nun puño mentres berraba vivas á República.

A ella la cogieron en Coruña. Creo que estaba pasando allí una temporada y después la trajeron para la cárcel de Pontedeume.
A partir de ese momento su padre iba todos los días a Pontedeume para ver a su hija. Lo hacía desde el jardín que quedaba frente a la cárcel. Ella lo saludaba con una pieza de ropa desde la ventana, hasta que un día dejó de hacerlo. Recuerdo que el padre vino a mi casa y medijo: "Ricardo, mataron a Maruja". A mi pregunta de cómo podía saber eso, él me respondió que no lo había saludado como de costumbre. Y por desgracia así había sido.

Ricardo Pérez Medín, 30-7-2007

Cando a subiron á camioneta a ela metérona diante cos gardas civís, pois atrás xa ía cheo. Antes de subir empezou a berrar vivas á República co puño pechado, entón eles pecharon a porta colléndole a man; dicían que a levaba case colgando.

Z. Andrade, 19-3-2003

Ella iba casi todos los días a Coruña, a la sede del partido. Se fue una tarde y ya no volvió más. Creo que la cogieron los falangistas en La Coruña y en un coche la trajeron directamente para Pontedeume. Allí la metieron en la cárcel y le hicieron mil perrerías. Cuando yo iba a visitar con mi madre a mi padre que también estaba en la cárcel de Pontedeume, venía con nosotros el padre de María. A él nunca le dejaron pasar para entregarle ropa o comida a su hija. Recuerdo sus gritos pidiendo que la sacaran de allí. Estaba sola en el primer piso y de vez en cuando asomaba la cara entre los cristales. Su padre se comunicaba con ella por señas mediante trapos.
Una vez aquel desgraciado falangista que era el que más gritaba y siempre estaba apuntando a todo el mundo con el mosquetón nos dijo: "¿véis estos

zapatos manchados de sangre', es la sangre de vuestra profesora. Un día la habían sacado de la prisión a las dos de la mañana y la mataron en el cementerio de Pontedeume (sic), fueron los falangistas de Pontedeume. Después de su muerte su padre se puso medio loco. Quemaron todos los libros que había en la casa. Su madre murió en Miño y está enterrada en el cementerio del pueblo.

Balbina Somorrostro. Miño, 23-9-2009

No cárcere de Pontedeume María Vázquez coincidiu co numeroso grupo de detidos da vila, capturados nas datas seguintes ao levantamento de xullo, entre eles o boticario Leonardo Díaz Rosado, o seu xenro e secretario municipal de Ares Rodrigo Álvarez Pardo, o mestre e compañeiro de María na executiva local do PSOE José Ramón Fernández Barral, o alcalde de Monfero pola Fronte Popular Pablo Rico Couceiro, o labrego deste concello Juan Rico González, o mariñeiro de Pontedeume Santiago Rodeiro Rodríguez, o empregado do ferrocarril e veciño de Astorga Segundo Martín Martín, o socialista Ramiro Vázquez Salido, *O Mona,* ou o secretario da sociedade agraria de Grandal (Vilarmaior), José Mª Varela Salido. Por aquí tamén pasaron os irmáns Sardiña, de Izquierda Republicana; Manuel Prado Allegue, asesor do alcalde López Seijo e Ramón Agras Fernández, éstes tamén de I.R., e outros máis.

Descoñécense as xestións levadas a cabo por Joaquín Vázquez para liberar á filla, pero non resultaría desacertado supoñer que desde a súa condición de militar podía ter intentado facer valer as súas influencias para lograr a excarcelación de María[27]. A imposibilidade de evitar a súa morte estará sen dúbida na orixe da forte depresión na que caeu pouco despois e da que nunca chegou a recuperarse.

A finais de xullo comezan as "sacas" na localidade de Pontedeume. A mediados do mes de agosto a actividade recrudécese. Os días 18 e 19, en concreto, falanxistas e gardas civís, dirixidos os primeiros polo xefe local da Falanxe eumesa Nicolas Pardo Armas, *Pasiego*, *Cubano,* os segundos ás ordes do comandante militar, o tenente de carabineiros Antonio Arias Amado, traballaron a reo. Durante esas horas terribles executaron preto de Vilasuso (A Capela) aos irmáns Sardiña, a Manuel Prado e a Ramón Agras; no cemiterio de Caaomouco (Redes) a Leonardo Díaz, a José Ramón Fernández, a Pablo Rico, a Juan Rico, a Santiago Rodeiro, a Segundo Martín, a Ramiro Vázquez e a José Mª Varela; en na praia de Miño a María.

Ata onde sabemos, María foi conducida o 19 de agosto desde o cárcere de Pontedeume ata a praia de Miño por un grupo de falanxistas e gardas civís de

27. Campos Pérez, Alfonso, *A casiña do capitán, op. cit.*.

Pontedeume. Además da testemuña de Ricardo Pérez Medín, dando conta da presenza de falanxistas desta vila na localidade de Miño nas datas seguintes ao golpe militar[28], é esclarecedora a declaración do garda civil Serafín Martínez Ortíz, que involucra a Nicolás Pardo. Na causa aberta contra éste en xullo de 1937 por traizón e roubo a man armada acúsaselle, entre outros delitos, de saquear as tumbas de varios represaliados, como a de Manuel Prado Allegue, asesor do Concello de Pontedeume, e a de María Vázquez. O garda civil sostén:

> *"Que cuando la muerte de la Maestra Nacional de Miño, destacada extremista, al ir a enterrarla el Nicolás Pardo Armas quiso quedarse con el portamonedas que contenía monedas, con el reloj de pulsera y otras alajas (sic) que llevaba, impidiendoselo el que depone y su compañero de pareja, que obligaron fuera todo a la fosa, no sabiendo si después este individuo desenterraría el cadaver, porque lo cree capaz de ello. Que eso mismo quiso hacerlo cuando murió el asesor del Frente Popular [Manuel Prado], lo que se le impidió, entregandole todos los objetos a la esposa del mismo"*[29].

O mesmo Nicolás Pardo recoñece que entregara o bolso da mestra no cuartel da Garda Civil. Fora él quen levou a cabo a detención na Coruña de Manuel Prado o 7 de agosto, nas mesmas datas nas que se producira o apresamento de María[30]. Outro declarante na causa, o secretario municipal de Pontedeume Ramón Álvarez Placer, afirma: *"Fue a desenterrar unos cadáveres en Monfero para robarles las alhajas, pero sus familiares los habían desenterrado y llevado para el cementerio*". E pola súa banda, Francisco Fernández Vales, *Cacholo*[31], coñecido matón da Falanxe de Pontedeume, coincide na súa declaración: *"Se negó a ir a Monfero con Pardo para desenterrar cadáveres y quitarles el dinero que tuvieran y luego entregárselo al Ejército, mientras no obtuviese el consentimiento de sus jefes para desplazarse de aquella localidad"*. Tratábase dos represaliados José Antonio Marcos Silvar e Andrés García Marcos.

Non queda dúbida, polo tanto, que Nicolás Pardo, un dos responsables das matanzas levadas a cabo no distrito de Pontedeume no verán do 36, foi quen trasladou a María ata o lugar da execución na compaña do grupo de falanxistas e gardas civís de Pontedeume. Foi éste o responsable directo do seu asasinato. As atrocidades que cometeu

28. Pérez Medín, R., García López, X.X. e López González, R. Mª, *op. cit.*.

29. Causa 163/37. Serie Terra. Ferrol. T-IV. A Coruña

30. LVG, 07-08-1936. No periódico recóllese a información de que Manuel foi arrestado por catro falanxistas no Concello da Coruña.

31. Sobrino Ceballos, J. e Domínguez Ferro, M. *Antonio Manso: crónica dunha morte ignorada*.Revista "Cátedra". 75 anos da II República. Monografia, nº 2, 2006.Éste último foi o responsable do asasinato, en 1937 do carpinteiro de Cabría, Antonio Manso

foron de tal calibre que provocaron o rexeitamento de elementos da dereita de Pontedeume, que acabaron denunciándoo, sendo condenado a cadea perpetua e expulsado da Falanxe, anque posteriormente se lle conmutou a pena[32].

O xefe da Falanxe de Miño, Andrés Quintás, sobre quen recaeu a sospeita inxustificada da violación da mestra, foi tamén responsabilizado do crime. O alcalde Ricardo Pérez nega rotundamente a súa participación. Asegura, además, que o falanxista era amigo da mestra e que cando se enterou de que a colleran regaloulle unha botella de licor a Quintas para que coidara dela.

Queda por desentrañar as responsabilidades de individuos como o mestre do Pósito de Pescadores e dirixente do Partido Radical Teófilo González, quen, segundo Balbina Somorrostro, manifestaba unha aberta hostilidade contra María Vázquez. Tamén a do mestre de Carantoña Pascual Zaera Rojo, antigo dirixente do Partido Agrario Radical Gallego[33] e presidente da Sociedad Agraria Republicana de Leiro, Castro y Carantoña, que en xullo de 1936 foi designado polas novas autoridades presidente do consello local de Primeira Ensinanza, ingresando nas filas de Falanxe, na que chegou a ocupar a xefatura local.

É interesante constatar cómo, ao longo do período republicano, os mestres da vila, como sucedeu en tantos lugares, formarán dous bloques ideolóxicamente enfrontados: mentres na escola nº 2 coincidiron os mestres progresistas (María Vázquez e Pepe Salgado), na nº 1 atopamos aos conservadores Lucio Fernández Martínez, Gregoria Rosario Campillo –que despóis da morte de María ocupou a súa praza na escola nº 2[34]- e na escola do Pósito ao mencionado Teófilo González[35].

Protagonista excepcional foi o secretario municipal, Manuel Cuervo Cortés, que nun inesperado xiro, despóis do levantamento militar integrouse nas filas de Falanxe e convertiuse nun fogoso propagandista do ideario fascista, como revelan as súas frecuentes intervencións nos actos públicos da Falanxe en Miño, acompañando moitas vecés á Pilar Franco, como en ocasión do discurso pronunciado en agosto de 1937 para celebrar a toma de Santander polos nacionais, onde exhortaba aos veciños a ingresar na Falanxe[36].

En canto ao lugar da execución, a maioría dos nosos informantes sitúano na praia Bañobre (Ponte Baxoi-Miño), como así semella confirmalo o informe anexo da Garda

32. Sobrino Ceballos, J. e Domínguez Ferro, M., *op. cit.*.

33. Sobrino Ceballos, J. e Domínguez Ferro, M.,*„ Amador Rodríguez Guerra: unha voz silenciada do agrarismo eumés,* Rev. "Cátedra", nº 17, 2010.

34. Ver na pax. 3 as declaracións de Balbina Somorrostro.


35. Unha noticia aparecida en *La Voz de Galicia*, o 31-10-1934, onde se da conta da homenaxe de mestres nacionais á forza pública e na que participan, entre outros, Pascual Zaera e Gregoria R. Campillo é reveladora da actitude destes mestres.

36. Pérez Medín, R., García López, X.X. e López González, R. Mª, *Memorias. Ricardo Pérez Medin*, 2009

Civil na causa 925/37, que afirma que o cadáver de María aparecera o 20 de agosto na praia de Bañobre. Outros sinalan a paraxe da Fonte dos Polos, na parroquia de Centroña (Pontedeume). E o ex alcalde Medín menciona a praia de Ver, na mesma parroquia, e afirma que antes de chegar ao lugar, os falanxistas e gardas civís que levaban á mestra obrigáronna a continuar a pé para fusilala polas costas. Pola súa banda, Balbina Somorrostro sostén que a María matáronna no cemiterio de Pontedeume e atribúe tamén a acción aos falanxistas de Pontedeume.

> *Sobre su muerte se contaron muchas cosas. Yo no te puedo asegurar con certeza dónde la asesinaron, pero creo que fue en la playa de Ver. Sobre el asunto escuché en cierta ocasión un comentario de unos guardias civiles que decían que la maestra increpó a sus asesinos cuando la quisieron matar por la espalda. Ella se dio la vuelta y les plantó cara y les gritó: "¡cobardes, sed valientes y disparad de frente a una mujer!".*
>
> *Ricardo Pérez Medín, 30-7-2007*

O día 13 de agosto a prensa da conta da detención de mestres[37]. O 14 aparece publicado o cese de María Vázquez[38]. Un día antes daquel fatídico 19 de agosto, o xefe local da Falanxe de Miño, Andres Quintás, lle fai entrega a ésta da notificación de destitución do seu posto de mestra. Advírtese a firma temblorosa de María ao pé do documento. Días despóis, o 25 de agosto, cando xa se ten producido o asasinato, o presidente do consello local de Primeira Ensinanza, o mestre Pascual Zaera, nuha comunicación informa que María se atopa en paradeiro descoñecido. O kafkiano proceso segue o seu curso e, en decembro de 1938, a Comisión Depu-radora del Magisterio informa da reposición de mestres para co-brir as baixas dos que foran depurados, entre eles María Vázquez e José Salgado. E con data de 1942 a Comisión Depuradora del Magisterio da Coruña comunica a separación definitiva do servizo de María[39].


Notificación da destitución de María

37. *LVG*, 13-08-1936

38. *El Pueblo Gallego*, 14-08-1936.

39. No listado aparece tamén X.R. Fernández Barral, mestre da escola nº 1 de Pontedeume e membro tamén da agrupación socialista local.

Na acta de defunción que se conserva nas oficiñas do Rexistro Civil figura a data do 19 de agosto, pero a morte, producida "como consecuencia de heridas de bala", non quedou rexistrada ata decembro de 1936.

Despóis do asasinato de María o pai recibe a orde de abandonar Miño. Parece ser que se dirixiu primeiro á súa residencia na Coruña para posteriormente establecerse en Vilaescura, onde viviría cunha sobriña ata 1950, cando morreu á idade de 83 anos.

> *[Logo da morte da mestra] El padre de Maruja recibió una orden por la cual en dos horas tenía que abandonar el pueblo, lo que hizo marchándose para Monforte.*
>
> *Ricardo Pérez Medín. Miño, 30-7-2007*

Pérez Médín refire tamén que a casa dos Vázquez foi saqueada e a biblioteca queimada[40], dato que tamén confirma Balbina Somorrostro.



Retrado de María firmada polo seu pai coa lenda: "Maruja Vázquez Suárez -maestra de Miño– fusilada por los fascistas de Puentedeume el 21 de agosto de 1936.

Nos anos corenta Leopoldo Díaz, fillo do farmaceútico de Pontedeume, Leonardo Díaz Rosado, encargouse de que os restos de María fosen depositados no panteón que a súa familia tiña no cemiterio de Pontedeume.

> *Foi nos anos corenta cando Leopoldo Díaz mandoume meter no mesmo nicho á mestra de Miño, á que mataron na Fonte dos Polos. Fixeran un escarnio con ela.*
>
> *Ferraces. Pontedeume, 2005*

Xa instalado definitivamente en Sober, Joaquín viviu os seus últimos días sumido nunha fonda depresión; de feito, nunca foi capaz de superar a morte da filla, da que se sentía responsable. Frecuentaba a compañía

40. PÉREZ MEDÍN, R., GARCÍA LÓPEZ, X.X. e LÓPEZ GONZÁLEZ, R. Mª, *op. cit.*.

dalgúns represaliados da zona e, sobre todo, buscaba a soidade nunha pequena coba cerca de Penabión, antigo refuxio de pastores, que empezou a ser coñecida a partir de entón como a Casiña do Capitán.

A morte non poderá acalar as súas voces.

Agradecementos: Asociación O Colado do Vento (Sober), Juan Beceiro Cabezal, Ramón Infante López, José Alfeirán. Rodríguez, Fernando do Cantiño e á familia de María Vázquez en Vilaescura.

El Cartulario de Caaveiro y el proceso de cartularización en Galicia. NUEVA DOCUMENTACIÓN ALTOMEDIEVAL SOBRE EL MONASTERIO DE SAN XOÁN DE CAAVEIRO[1]

Ainoa Castro Correa
Universitat Autònoma de Barcelona
Ricardo Pichel Gotérrez
Universidade de Santiago de Compostela–Instituto da Lingua Galega

Son ya muchos los investigadores que han dedicado su atención al estudio del monasterio de Caaveiro, incrementando con sus estudios –la mayor parte publicados en esta revista[2]– nuestros conocimientos acerca de este cenobio gracias a la recopilación y revisión de las fuentes manuscritas conservadas para el período altomedieval[3]. Sin embargo, como veremos, aún quedan diversos aspectos a tratar en relación con esta abadía.

Hace poco expusimos en las VII Jornadas de la Sociedad Española de Ciencias y Técnicas Historiográficas un resumen del estudio del manuscrito 3567 de la *Biblioteca de Catalunya* (Barcelona) conocido como *Cartulario de Caaveiro* en el que centramos nuestra tesina de doctorado[4]. Este trabajo, además de sacar a la luz una nueva fuente documental del monasterio que permanecía inédita, nos permitió estudiar el cartulario en escritura

1. Este artículo se ha realizado gracias a los proyectos *La escritura visigótica en el noroeste peninsular* y *Libros, memoria y archivos: cartularios monásticos del noroeste peninsular (ss. XII y XIII)*, concedidos por el Ministerio de Educación y Ciencia a la Universitat Autònoma de Barcelona (HUM 2005-07254) y a la Universidade de Santiago de Compostela (HAR 2009-09529), respectivamente.

2. A modo de ejemplo: Barón Faraldo, A. (2006): *O grupo aristocrático dos Fróilaz nas terras do Eume. Implantación territorial e estructura do dominio durantes os séculos XI e XII*, "Cátedra", nº 13, pp. 355-433; de Castro Álvarez, C. (1996): *S. Juan de Caaveiro: Estado de la cuestión, fuentes, historia y problemas*, "Cátedra", nº 3, pp. 21-62; Fernández de Viana J. I., Pablos Ramírez, J. C., González Balasch, Mª T. (1996): *El Tumbo de Caaveiro*, "Cátedra", nº 3, pp. 244 y ss. e Id. (1997), nº 4, pp. 221 y ss.; López Sangil, J. L. (1996): *Un privilegio de 1117 y el obispo mindoniense don Pedro, retirado en Caaveiro*, "Cátedra", nº 3, pp. 63-78; Id. (2006): *Un nuevo documento de 1117 del Monasterio de Caaveiro*, "Cátedra", nº 13, pp. 165-188; Porta de la Encina, A. (1996): *El Cartulario de Caaveiro como fuente para escribir la historia*, "Cátedra", nº 3, pp. 91-108; Yáñez Cifuentes, C. (1996): *A formación e explotación do dominio territorial do mosteiro de Caabeiro*, "Cátedra", nº 3, pp. 109-124; Zaleska, M. (1996): *Un privilegio de Alfonso X a Caaveiro confirmando el dado por Alfonso VII*, "Cátedra", nº 3, pp. 79-90.

3. Recordemos que las fuentes principales para este período son el Tumbo de Caaveiro (AHN., Cód. 1439B; recoge 272 documentos con fechas extremas 714-1253) y los documentos de la carpeta 491 del mismo archivo –sobre la que volveremos más adelante-. Gran parte de la documentación relativa al monasterio ha sido estudiada y editada (vid. nota 2), pero aún quedan gran número de diplomas, como los originales de la Real Academia Galega o del Archivo General de Simancas, o las copias del Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela, que permanecen inéditos. Dada la continuidad cronológica de la documentación conservada sería interesante un estudio que agrupase toda la información.

4. Castro Correa, A. (en prensa): *El Cartulario de Caaveiro: aproximación paleográfica*. En: "Actas de las VII Jornadas de la Sociedad Española de Ciencias y Técnicas Historiográficas: La escritura de la memoria. Los Cartularios" (Universidad de Huelva, 18 y 19 de junio de 2009).

visigótica más antiguo de Galicia del que se tenía noticia, así como un ejemplo único de la evolución de la escritura en esta zona concreta durante aproximadamente un siglo. Desde entonces, nuevos proyectos nos han permitido avanzar en el estudio de la documentación de este cenobio –y en general de Galicia[5]–, y en uno de los aspectos más particulares que presentaba este manuscrito, su estructura: podemos decir ahora que éste no es el Cartulario más antiguo de Galicia en este tipo de escritura[6] pero sí el que nos permite iniciar el estudio del proceso de cartularización en territorio gallego. Será este, así pues, uno de los aspectos novedosos tratados en este artículo, al tiempo que ofrecemos una sucinta recapitulación de lo expuesto en el trabajo antes citado y damos a conocer los nuevos documentos que nos brinda el Cartulario.

1. ANÁLISIS CODICOGRÁFICO[7]

Conservado bajo la signatura 3567 en el archivo de la *Biblioteca de Catalunya* (=BC) encontramos una nueva fuente documental del monasterio de Caaveiro: el denominado Cartulario de Caaveiro (=CC). Este manuscrito está compuesto por dos folios de pergamino independientes de grandes dimensiones que pasamos a denominar perg. A (540 x 470 mm aprox.) y perg. B (665 x 390 mm aprox.). La materia prima del primero es pergamino de color amarillento, bastante grueso, mientras que el segundo es mucho más fino y de color marrón pálido. En conjunto reúnen actualmente copias de 42 documentos[8] en relación directa con el monasterio, especialmente donaciones, aunque es posible que este número variase en origen debido a que al menos uno de estos documentos es palimpsesto (nº 7). El documento más antiguo copiado en este manuscrito es del año 1087 (nº 4) mientras que el más moderno lleva fecha de 1247 (nº 32).

Ambos pergaminos, ya antes de que se depositase en ellos la escritura –tal y como demuestra el hecho de que el espacio correspondiente a las dobleces verticales en el verso del perg. A y horizontales en ambos perg. no hayan recibido escritura–, fueron plegados como un mapa tal y como queda indicado en las figuras 1 y 2 mediante líneas onduladas. Estas dobleces sirvieron de guía –tanto en el recto del perg. A como en el perg. B (recto y verso)– a la hora de efectuar en ellos la copia de los documentos, quedando así divididos en cuatro y tres columnas respectivamente. Como vemos en la primera figura, en el verso


5. Castro Correa, A. *"La escritura visigótica en Galicia I: diócesis lucense y mindoniense". Tesis doctoral en curso de elaboración.*

6. Hemos encontrado otro cartulario de características similares procedente de la Catedral de Lugo que, tras un estudio gráfico preliminar, consideramos cronológicamente anterior. Esperamos poder presentar en breve el análisis de esta fuente manuscrita (Sánchez Mairena, A.; Castro Correa, A.).


7. Vid. apdo. 5.

8. Conviene indicar que actualmente los documentos 6, 8 y 12 resultan ilegibles.

del perg. A no se respetaron las marcas verticales, por lo que el pergamino se divide en tres columnas.




Img. 1. Perg. A (recto y verso)




Img. 2. Perg. B (verso y recto)

En ninguno de los dos pergaminos se observan marcas de pautado, por lo que tanto los intercolumnios como los márgenes son muy irregulares: los primeros oscilan entre los 2 y los 10 mm mientras que los segundos o bien son prácticamente inexistentes o llegan a los 10 mm aproximadamente. Todos los documentos del Cartulario van precedidos de una numeración arábiga correlativa que fue dada por algún poseedor anterior a su compra por la BC[9]. En el caso del perg. B se numeró primero los documentos del verso. Aunque después volveremos sobre esta cuestión, anotamos aquí que esta numeración no se corresponde con el orden cronológico ni con el orden de escritura de los documentos.

La decoración es prácticamente inexistente, limitándose a algún crismón elaborado o bien iniciales remarcadas en la misma tinta que se emplea para la copia de documentos (Img. 3). Sí destacan los abundantes *signa* que también encontramos en el *Tumbo de Caaveiro* (=TC)[10].



Img. 3. Detalle del inicio del doc. 7



Img. 4. Detalle docs. 30 y 38

9. Desde su fundación en 1907 como biblioteca del Institut d'Estudis Catalans, la *Biblioteca de Catalunya* ha ido aumentando progresivamente sus fondos documentales, en gran parte gracias a donaciones pero también mediante compra directa. Así pasaría a formar parte del archivo de la Biblioteca el manuscrito objeto de este estudio, comprado en 1989 a la librería anticuaria Delstres de Barcelona, que a su vez lo compraría a la librería Porter de la misma ciudad..

10. Vid. PACHECO SAMPEDRO, R. (1997): *El signum manuum en el cartulario del monasterio de San Juan de Caaveiro (s.IX-XIII)*, "Signo. Revista de historia de la cultura escrita", nº 4, pp. 27-37.

El perg. A presenta dos numeraciones preexistentes, una en tinta azul en el ángulo superior izquierdo de la parte que corresponde al doc. 1 (el primero del recto) que seguramente correspondería a la signatura anterior a la llegada a la BC (nº 7). También conserva una numeración en la parte superior del recto (*9, 11100/225*) dada por la Librería Porter. En el verso encontramos la signatura actual en el ángulo inferior izquierdo (*Ms. 3567 I*). En el ángulo inferior derecho se observa una nota moderna *Sincuras y heredades*. En el recto del perg. B encontramos la signatura actual de la BC en el ángulo inferior derecho (*Ms. 3567 II*). En el verso hay diferentes marcas: en la zona superior, en la primera columna, aparece *11100/226* escrito a lápiz, que corresponde a la signatura dada por la Librería Porter; en el espacio central de la segunda columna leemos *Donaciones ... y otras*; en la zona central de la primera columna a mano alzada de trazos largos vemos "*efga* (?)"; en la zona inferior, a la izquierda, leemos *Donaciones de Maninos Johannes*; y en la zona central se registra también la anterior numeración a tinta azul (*nº 8*).

El estado de conservación de ambos pergaminos es, en general, bueno, a pesar de algunas manchas de humedad y el desgaste producido por las dobleces.

2. ANÁLISIS PALEOGRÁFICO

Nos centraremos ahora en el análisis gráfico de los documentos copiados en el CC y en su evolución. Ambos pergaminos comenzaron a ser escritos por la esquina superior derecha.

A simple vista podemos diferenciar tres grandes grupos atendiendo al tipo de escritura empleado: ciclo visigótico, ciclo carolino y ciclo gótico[11].

Dentro del primer grupo (ciclo visigótico) encontramos un total de 15 documentos. Podemos dividir a su vez este grupo en dos tipos: el primero corresponde a una escritura de base visigótica redonda con influencias de la visigótica cursiva y alargamiento de astas propio de la escritura documental, al tiempo que comparte formas de la posterior escritura carolina (docs. nº 1, 2, 4, 5, 10, 11, 13, 14 y 17); y el segundo tipo a escritura visigótica redonda con persistencia de elementos cursivos e influencia continental, pero sin alargamiento de astas (docs. nº 3, 9, 15, 18, 22 y 24). El ciclo carolino (21 documentos) se compone a su vez de tres tipos conforme va evolucionando la escritura. Así, en el primero encontramos escritura carolina evolucionada con pervivencias visigóticas (docs. nº 19 y 20), en el segundo escritura carolina de base pero donde ya se aprecia el cambio de pluma que anuncia la protogótica (docs. nº 16, 21, 23, 25-28, 33-38, 40 y 41) y en el tercero escritura carolina evolucionada con influencia de la escritura documental (docs. nº

11. La denominación de los tipos de escritura resulta conflictiva en algunos casos, ya que las formas al uso pueden resultar muy imprecisas. Por este motivo, anotamos las características que resultan más relevantes más que limitarnos a clasificarlas.

7, 30, 32 y 39). El último ciclo está representado por tres documentos en escritura gótica cursiva (docs. nº 29, 31 y 42).

El primer detalle a tener en cuenta es que estos tres tipos de escritura se hallan intercalados además de mostrar un uso muy desigual. Así, en el perg. A encontramos ejemplos de visigótica de astas alargadas y redonda en el recto, a los que se le une la carolina de tipo 1 y 2 en el verso; mientras que el perg. B fue copiado en carolina de tipo 2 y 3 y en gótica cursiva. Por tanto, siguiendo el orden de copia de los documentos en ambos pergaminos, vemos cómo la escritura visigótica de astas alargadas fue coetánea a la visigótica redonda, a partir del documento 18 la segunda es simultánea a la carolina[12], y ya en el perg. B esta última es coetánea a la gótica cursiva, que es el tipo gráfico que cierra la copia del cartulario.

Una vez definidos estos grupos, atendiendo a las características morfológicas y (braqui)gráficas de cada documento, diferenciamos las posibles manos que los copiaron y perfilamos su tipología gráfica para tratar de establecer una cronología aproximada. Así pues, identificamos un total de trece tipologías que describiremos a continuación.


Visigótica tipo 1: mano 1 (docs. 1, 2, 4, 5, 10 y 17; img. 5)[13], mano 2 (doc. 11; img. 6)[14] y mano 3 (docs. 13 y 14; img. 7)[15]. Correspondería a una cronología aproximada de finales del s. XII, c. 1160-1170.

12. Un ejemplo claro de poligrafía lo encontramos en el documento nº 16, en escritura carolina, en el que vemos una palabra (*roboramus*) que abrevia su terminación de tres modos diferentes empleados a la vez: el signo similar a la clave de sol propio de la visigótica cursiva, el semicolon que vemos en la visigótica redonda pero que es propio de la carolina, y el signo similar a un 4 de la terminación *–um* (valor que aquí modifica) formado al cortar por un trazo vertical el final alargado de *m*.


13. Es la más antigua por la morfología del alfabeto y el sistema abreviativo, que carece de letras sobrepuestas. Enlaces con *a* erguida+nasal, *e, g, q, r, s* (*s*+*t*), *t* (distinción de las dos formas de *ti/tj*). Nexos con *e* abierta o *t* similar a beta invertido. Destacamos: forma predominante de *a* erguida, alargamiento de astas bajo la línea de escritura en *d, f* con ojo, *g* siempre similar a un 8, *q* con lengüeta, *t* similar a beta invertido incluso si no forma nexo, remarque del punto de ataque de astas ascendentes por engrosamiento o ondulación. Signo general de abreviación: línea horizontal sobrepuesta sin punto. Destacamos: de influencia cursiva formas de *pro, qui* y signo semejante a la clave de sol para indicar las terminaciones *–um/us*; de influencia continental formas de *per, pre*, algún caso aislado de uso de semicolon para indicar la terminación *–us* y abreviaturas de *apostolus, eclesie, episcopus, nomine, quod*. Abreviaturas por contracción, *nomina sacra*, suspensión (*de, qui presentes fuerunt*) y nota tironiana (*et*).

14. Presenta menos influencia de la escritura visigótica cursiva y más de la continental, sobre todo en el sistema abreviativo. Enlaces con *a, e, f, q, r, s* (*s*+*t*), *t* (distinción *ti/tj*) y nexos con *a, o, t*. No emplea *d* uncial, sólo una forma de *e, f* sin ojo, *o* con lengüeta, el ojo de *t* no descansa siempre sobre la línea de escritura. El signo que indica abreviatura en general o de nasal en particular es una raya horizontal sobrepuesta sin punto que puede ondularse mucho formando un semicírculo. De influencia cursiva mantiene la forma de *qui* y la terminación *–um* como clave de sol; de influencia continental incorpora el uso del semicolon para *–us* y la forma de *per*. Abreviaturas por contracción, *nomina sacra*, suspensión (*de, qui presentes fuerunt, kalendas*), nota tironiana (*con*) y letras sobrepuestas (*pra, pro*).


15. Más moderna que las anteriores: la influencia de la cursiva en la morfología del alfabeto es menor y analizando el sistema abreviativo observamos que el signo similar a la clave de sol como indicativo de *–us* comienza a ser sustituido por el semicolon y el punto y coma, que serán habituales en la escritura carolina. Enlaces con *a, e, q, r, s* (*s*+*t*), *t* (distinción *ti/tj*) y nexos con *e, o, t*. Mantiene la *a* erguida pero ahora es habitual la forma redonda e incluso hay algún caso de *a* carolina, continúa el alargamiento de *d, r, s* bajo la línea de escritura. Abreviaturas de *per, qui*, *-us*/*-um* de influencia cursiva, pero uso habitual de semicolon y punto y coma. Además: *nostro* con *r*, *quod* como *qd* y *uobis* como *ub* de influencia continental.



Img. 5. Mano 1: docs. nº 1, 2, 4, 5, 10 (perg. A recto) y 17 (perg. A verso)




Img. 6. Mano 2: doc. nº 11 (perg. A recto)



Img. 7. Mano 3: docs. nº 13 y 14 (perg. A verso)

Visigótica tipo 2: mano 4 (docs. 15 y 24; img. 8)[16] y mano 5 (docs. 3, 9, 18 y 22; img. 9)[17]. Cronología aproximada de finales del s. XII[18].




Img. 8. Mano 4: docs. nº 15 y 24 (perg. A verso)

22. Para datas anteriores só se conservan en Pontedeume (1607) e en Centroña (1586), cuxos libros están custodiados no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela.

23. Esta práctica de unir dous ou tres parroquias respondeu, aínda que non sempre, a unha racionalización da administración e/ou da dotación mínima do culto e do clero, dado o minifundismo parroquial que caracterizaba o territorio galego. Na diocese compostelá, na década de 1740, había 922 freguesías das cales 235, é dicir, o 25% eran anexos. Véxase BARREIRO MALLÓN, B., *La diócesis de Santiago en la época moderna*, en GARCÍA ORO, J. (coord.), *Iglesias de Santiago de Compostela y Tuy-Vigo,* Madrid, 2002, p. 180 e SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *A Galicia do Antigo Réxime (ca. 1480-ca. 1835). A Sociedade. Frades, cregos e fidalgos*, en BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., VILLARES PAZ, R., (dirs.), *A Grande Historia de Galicia*, A Coruña, 2007, tomo VII, vol. 1, p. 130. Sobre esta cuestión a nivel nacional véxase GONZÁLEZ NOVALÍN, J. L., *Religiosidad y Reforma del pueblo cristiano*, en GARCÍA VILLOSLADA, R., *Historia de la Iglesia en España,* Madrid, 1980, vol. 4, pp. 355-358.

24. COUCEIRO FREIJOOMIL, A., *op. cit.*, p. 304.

25. Sobre esta cuestión véxase *ibidem*, pp. 305-310.

26. *Ibidem*, p. 305.



División parroquial do Concello de Pontedeume
Extraida de FARIÑA JAMARDO, X., *op. cit.*, p. 504

1.2 O apadriñamento e a onomástica a través dos libros de bautismo

É de sobra coñecido que os libros sacramentais, en particular, e a documentación eclesiástica, en xeral, se converteron nunha fonte fundamental para a realización de estudos demográficos, sociais ou de mentalidades no mundo pre-estatístico. Por iso, co fin de analizar, por unha parte, as relacións de parentesco espirituais nacidas do sacramento do bautismo e, por outra, os factores que influíron e determinaron a imposición dun determinado nome aos neófitos, traballamos cos libros de bautizados de San Cosme de Nogueirosa e San Martiño de Andrade, custodiados no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela. Aínda que algúns sínodos galegos anteriores ao Concilio de Trento esixiran levantar acta da administración do primeiro sacramento[27], foi a partir de entón cando se estabeleceu a obriga de rexistrar as partidas dos bautismos, matrimonios e defuncións que tiñan lugar anualmente nunha parroquia, tarefa que debía ser desempeñada con celo polos curas párrocos e que sería controlada polas visitas pastorais[28].

Para Nogueirosa consérvanse os libros de bautismo dende 1614. O seu estado, agás o volume correspondente ao período transcorrido entre 1614-1720[29], é bo e os datos ofrecidos demostran unha fiabilidade aceptábel para un estudo destas características, se ben é

27. Barreiro Mallón, B., *op. cit.*, p. 212.

28. Acerca da evolución, características e importancia das visitas pastorais véxase Pérez López, S. L., *La Iglesia en la Galicia bajomedieval (1215-1563),* Santiago de Compostela, 2003, pp. 124-140.

29. Nós puidemos consultalo pero, debido ao deteriorado estado de conservación, xa non é posíbel traballar con el.

certo apréciase un subrexistro notábel de mulleres. Así, a relación de masculinidade ao nacer é de 125, debendo situarse entre 98 e 112 segundo o estabelecido por L. Henry no seu manual de demografía[30], a taxa de nacementos anuais realizada para 1752, posto que coñecemos a poboación total recollida no Persoal de Leigos do Catastro, é de 45,4 ‰, mentres que para 1836, empregando os datos do censo realizado nese ano, como consecuencia da constitución de novos municipios a comezos do réxime liberal, é de 27,8 ‰. Non obstante cremos que a poboación ofrecida para a parroquia nesta data é demasiado elevada pois ascendería a 146 fogares e 647 habitantes fronte aos 78 e 330 reflectidos no Catastro, é dicir, case o dobre en oitenta e catro anos. No caso de Andrade parece que non se dá este problema de ocultación, sendo a relación entre homes e mulleres ao nacer de 102 e a taxa de nacemento de 42,14 ‰ e de 48,69 ‰ para 1752 e 1836, respectivamente. Outros elementos cualitativos, como a indicación dos bautismos realizados con auga de socorro ou da morte dalgún dos recén nacidos, así como a constancia dos lugares de procedencia de pais, avós e padriños, indícannos a rigorosidade dos párrocos.

Debido a que o baleirado de todos os libros de bautismo entre comezos do XVII e mediados do XIX era imposíbel polas limitacións dun traballo destas características seleccionáronse catro catas de quince anos, tres no caso de Andrade, para que, por un lado, as cifras fosen representativas e, por outro, se puidese analizar a evolución do apadriñamento e a onomástica ao longo de tres séculos. Os períodos temporais escollidos foron 1673-1688[31], 1735-1750, 1775-1790 e 1835-1850 e o número total de bautizados en cada un é para Nogueirosa de 127, 186, 279 e 312, respectivamente, mentres que para Andrade, tendo en conta que para a primeira etapa non temos rexistros, é de 184, 251 e 215; iso supón que traballamos con 904 partidas para a matriz e 650 para o anexo. Así mesmo consultamos as listas de confirmados que se conservan para os anos 1829, 1844, 1872 e 1880 as cales nos ofrecen, como veremos, unha información cualitativamente moi interesante.

A primeira cata e a última formuláronnos unha serie de problemas que pasamos a comentar sucintamente. Nos datos ofrecidos para o último terzo do Setecentos detectamos lagoas no rexistro sistemático das partidas (entre 1670 e 1672 só se recollen as partidas de catro bautizados) que parece solucionarse a partir de 1673. O outro obstáculo, do que se deixa constancia na fonte, atópase no período transcorrido entre 1829 e 1850. Neste caso atopámonos que o cura párroco de Nogueirosa e Andrade entre 1829 e 1847, Isidro Frances, non realizou os asentos pertinentes nos libros sacramentais e, por iso, o seu sucesor no cargo, Antonio María Gómez, pon en aviso[32] ao Fiscal Eclesiástico, Ramón

30. HENRY, L., *Manual de Demografía Histórica*, Barcelona, 1983, pp. 78-79.

31. Para os anos 1670/71/72 os rexistros son moi escasos; ese é o motivo polo que os límites foron estabelecidos entre 1673 e 1688.

32. *Es altamente lamentable el estado en que ha dejado los libros parroquiales de Bautizados, Casados y difuntos el finado cura Don Isidro Frances, quedando por firmar muchas partidas que habían estendido los ministros de los Sacramentos y*

Francisco Caamaño, quen pide ao arcebispo de Santiago, Rafael Vélez, o 12 de marzo de 1847, que faculte

> *al actual párroco para que certificado de la legalidad de las estampadas en los libros de ambas parroquias las autorize espresando la facultad concedida, y en cuanto a las que quedaron en membrete reunir información sumaria de testigos por ante un escribano que le sirva de secretario y constando la realidad las transcriba en su correspondiente lugar y después de autorizadas remita los libros parroquiales a la secretaría de V. E. para su aprobación o para acordar lo que haia lugar*[33].

Deste modo e unha vez recibido o permiso do arcebispo o 27 de abril do mesmo ano, o párroco, con axuda de Jacinto María Pol, presbítero patrimonista da parroquia de Santiago de Pontedeume, procede a realizar as indagacións necesarias para cubrir ese baleiro documental e farao substituíndo as follas do libro cubertas por Isidro Frances por outras nas que se recollen as partidas resultantes das súas investigacións e que serán aprobadas polo prelado en carta do 21 de febreiro de 1850.

Para o baleirado sistemático destes documentos creamos unha base de datos composta por catorce campos –nome do bautizado, data de nacemento, data de bautismo, sexo, nome dos pais, nome dos avós polas dúas liñas, nomes dos padriños e observacións (lugar de procedencia dos que interveñen no acto se non eran naturais da parroquias, padriños cuxos apelidos coinciden co dos pais, etc.)–. Con todo, a información ofrecida polos libros de bautismo non é homoxénea ao longo do tempo senón que varía e se incrementa como resultado das normas estabelecidas polos visitadores pastorais. No caso que nos ocupa destaca a introdución da data de natalicio, dende mediados do XVIII, e do nome e procedencia dos avós a partir de 1771, tras a advertencia recibida do visitador ese mesmo ano.

Na bisbarra eumesa van ser moi frecuentes os nomes compostos por dous, tres ou máis antropónimos, especialmente, no século XVIII. As múltiples posibilidades de combinación existentes suporían, se tivésemos en conta os compostos como unha unidade individual, unha redución da importancia porcentual que adquiren determinadas eleccións. É por iso que, seguindo as recomendacións realizadas por diversos especialistas[34], decidimos descompoñer cada un nos nomes sinxelos para facer os recontos, atopándonos, desta forma, con 1.697 nomes nun total de 904 partidas en Nogueirosa e de 1.312 en 650

otras en membrete, por cuia razón no haien fee en juicio ni fuera de el. AHDS, Fondo de San Cosme de Nogueirosa, Serie Libros Sacramentales, 4, f. 146r.

33. AHDS, Fondo de San Cosme de Nogueirosa, Serie Libros Sacramentales, 4, f. 146v.

34. Dupâquier, J., *Introduction*, en Dupâquier, J., Bideau, A., Ducreux, M.-E. (coords.), *Le prénom mode et histoire. Les entretiens de Malher 1980*, París, 1984, p. 9.

rexistros en Andrade, o que non implica renunciar a estudar a frecuencia das combinacións. É necesario sinalar tamén que, ante a pluralidade de grafías empregadas para a escritura dos antropónimos, decidimos homoxeneizalos de acordo coa utilizada actualmente[35] e que para os topónimos manexamos os recollidos na toponimia da Xunta de Galicia[36].

2. O APADRIÑAMENTO: UN PARENTESCO ESPIRITUAL

2.1 A institución do apadriñamento: dende as súas orixes ás consecuencias das reformas tridentinas

Os momentos máis importantes da existencia dos individuos estaban marcados polas cerimonias relixiosas, o que explica, entre outras cuestións, o papel fundamental que a Igrexa xogaba na súa vida, en particular, e na sociedade, en xeral. Sen dúbida, un dos puntos cruciais no devir dos cristiáns era o do seu nacemento ou rexeneración espiritual posto que, a través da ablución bautismal, quedaban redimidos do pecado orixinal e entraban a formar parte da comunidade de fieis, distinguíndose así dos *impíos* e cumprindo un requisito fundamental para participar no Reino de Deus. Por iso, xa con anterioridade ao Concilio de Trento, as visitas pastorais prestaron especial atención ao coidado das pías bautismais das igrexas, chegando a sancionar aos infractores coa privación temporal das súas rendas e mesmo coa do exercicio da administración parroquial[37].

Pero a relevancia deste rito de paso, seguindo a terminoloxía de Arnold Van Gennep, superaba os límites do estritamente relixioso, ao converterse nun acto social polo cal se lle outorgaba ao neófito a súa propia identidade e se insería na comunidade, grazas á imposición dun nome e á pertenza a un grupo de parentesco, ampliado nese instante pola relación espiritual que se creaba *ex novo* cos padriños[38]. Non en balde o bautismo era, así mesmo, un momento para a expansión, reconfiguración, fixación e mobilización dunha rede de relacións sociais formais a través da institución do apadriñamento, enormemente vinculadas a outras de veciñanza, parentesco ou amizade[39] que, como teremos oportunidade de ver para a bisbarra eumesa, supera amplamente o concepto de fogar e o de familia.

35. Un problema similar acontece coa identificación de apelidos, como se deixa constancia en DARLU, P., *Patronymes et démographie historique*, "Annales de démographie historique", 2 (2004), pp. 54-55.

36. Dispoñible en *http://www.xunta.es/nomenclator/busca.jsp*

37. BARREIRO MALLÓN, B., *op. cit.,* p. 221.

38. CHACÓN JIMÉNEZ, F., *Identidad y parentescos,...*, pp. 39-40.

39. Véxase ALFANI, G., *I padrini: patroni o parenti? Tendenze di fondo nella selezione dei parenti spirituali in Europa (XV-XX secolo)*, "Nuevo mundo. Mundos Nuevos" (Coloquios 2008), 2008, URL: *http://nuevomundo.revues.org/30172* e ALFANI, G., *Godparenthood and the Council of Trent: crisis and transformation of a social institution (Italy, XV-XVIIth centuries)*, "Obradoiro de Historia Moderna", 18 (2009), p. 55.

É máis, ao acto en si adoitaba seguirlle a celebración dunha festa na que se exhibían os vínculos recén creados ante a comunidade e o círculo máis próximo[40].

A figura do padriño –cuxos precedentes foron os *fideiussores* ou *sponsores* dos primeiros séculos do cristianismo, é dicir, os encargados de garantir no bautismo de adultos e na formación previa do candidato, a idoneidade e dignidade do que ía recibir o sacramento–[41] non estaba recollida nas Sagradas Escrituras senón que naceu a raíz da instauración do bautismo de nenos entre os séculos V e VI. En teoría, o rito esixía tanto a participación activa do protagonista como o uso da palabra así que, co fin de solucionar este problema, xurdiron os padriños, encargados de responder polo infante e de asegurar a súa educación espiritual[42]. Non obstante, a formulación teolóxica e legal que distinguiu entre o parentesco espiritual e o carnal foi máis tardía[43] e as prohibicións referentes ao incesto foron incrementándose, até tal punto que, nas vésperas do Concilio de Trento, era practicamente asimilable á consanguinidade[44], limitando as posibilidades matrimoniais nalgunhas comunidades.

O problema xurdiu de que, nos séculos medievais, a razón de ser dos padriños, exercer de titor espiritual do seu afillado, deixou paso á súa conversión nun instrumento empregado para alcanzar obxectivos socio-relacionais e, máis concretamente, para consolidar a rede de relacións dos pais, xa fosen de carácter amigábel, solidario, de protección, etc., priorizando os seus intereses sobre os do bautizado[45]. Desta forma o obxectivo inicial do apadriñamento quedou completamente desvirtuado, feito ao que coadxuvou a fragmentación da devandita práctica, propia da baixa Idade Media e dos comezos da Moderna.

Esta dispersión, que coñecemos mellor para Italia grazas aos traballos de Guido Alfani, caracterizouse pola existencia de múltiples variables e usos locais. A falta de estu-

40. Sobre esta cuestión véxase Alafani, G., Gourdon, V., *Fêtes du baptême et publicité des réseaux sociaux en Europe occidentale. Grandes tendances de la fin du Moyen-âge au XXe siècle*, "Annales de Demographie Historique", 1 (2009), pp. 153-189.

41. Alfani, G., *Fathers and Godfathers...*, p. 14.

42. Alfani, G., *La Iglesia y el padrinazgo: ¿una institución social rebelde? (Italia, España y Europa desde el siglo V hasta la actualidad)*, "Revista de Demografía Histórica", vol. 26-1 (2008), p. 90.

43. Sobre a cuestión da orixe do apadriñamento, o parentesco espiritual e o incesto previo ao Concilio de Trento véxase Alfani, G., *Fathers and Godfathers...,* pp. 13-26.

44. *Basta con recordar que cuando, en 1140, una parte de los textos antiguos recogidos en la colección canónica de Graciano, muy difundida en Europa y ampliamente utilizada en épocas sucesivas, ya estaban bien delineados los tres componentes del "sistema" de parentesco espiritual que caracterizan los siglos finales de la Edad Media: la* paternitas spiritualis, *o sea, el vínculo directo entre padrino/madrina y ahijado/a; la* compaternitas spiritualis*, que enlazaba a los padrinos/madrinas con los padres de su ahijado/a; la* fraternitas spiritualis, *que instituía el parentesco espiritual entre los hijos de los padrinos/madrinas y su ahijado/a. Además de las ya citadas relaciones, consideradas "directas", existen también otras, las "indirectas": entre el ahijado y la mujer del padrino; entre los padres del niño y sus padrinos y madrinas.* Alfani, G., *La Iglesia y el padrinazgo…*, p. 91.

45. *Ibidem*, p. 89.

dos que corroboren tal afirmación, este autor atopa dúas grandes áreas en Europa: unha Norte conformada por Inglaterra, Holanda, Flandes, Dinamarca, Suecia, a Alemaña Setentrional e Francia, onde predominaría o modelo ternario, é dicir, dous padriños e unha madriña para os nenos e viceversa para as mulleres, fronte a unha Centro-Meridional, composta por Italia, España e o resto de Alemaña, cuxo elemento característico sería o apadriñamento múltiple e unha grande fragmentación das prácticas[46]. Á súa vez, nestes grandes bloques as prácticas serían diferentes en cada territorio, e mesmo en cada diocese, debido á existencia de diversas regras e costumes locais, diverxencias que G. Alfani vincula á dimensión, estrutura social, actividades económicas, etc., das distintas comunidades[47]. Isto, por un lado, ofrecía a posibilidade de estabelecer relacións no seo dunha comunidade cos membros de diversos estratos sociais e, sobre todo, de reforzar e consolidar a rede de enlaces dos pais[48], mais non parece que todos estes padriños exercesen a función que lles correspondía cos seus afillados. Por outro lado, dificultaba á Igrexa o control das devanditas actividades e a pesar de que houbo numerosos intentos para regulamentar e ordenar a institución do apadriñamento e as relacións de parentesco espiritual que del emanaban, non foi até o Concilio de Trento cando se levou ao cabo unha regulación definitiva.

Distintos indicios fan pensar que en España o *multiapadriñamento* foi o máis frecuente. Aos xa recollidos por G. Alfani para o conxunto da Península[49], engadimos agora outros dous exemplos. O primeiro é a prescrición que o cardeal González de Mendoza, arcebispo de Sevilla entre 1473 e 1482 estabeleceu na súa diocese, pola cal cada bautizado non podía ter máis de catro padriños, unha norma que segundo José Luis González Novalín se foi impoñendo noutras igrexas da metrópole[50]. O segundo, máis interesante, fai referencia a un precepto recollido no *ordo* de bautismo dun ritual de orixe castelá e elaborado entre os séculos XIV e XV, que actualmente se conserva na Biblioteca Capitular Colombina (Sevilla, BCC, ms. 56-1-19), no que se estipula *guárdesse el clérigo que non reçiba más de dos padrinos e dos madrinas, o si fuere varón tres padrinos e una madrina, o si fuere muger tres madrinas e un padrino* (f. 22 v)[51]. Se esta información é de por si intere-

46. ALFANI, G., *Fathers and Godfathers...,* p. 40 e ALFANI, G., *I padrini: patroni o parenti?...*.

47. ALFANI, G., *Godparenthood and the Council of Trent...*, p. 48.

48. ALFANI, G., Fathers and Godfathers..., pp. 197-198.

49. Trátase dos seguintos casos: un edicto da Orde de Santiago de la Espada, datado en 1440 e recollido por George M. Foster nun artigo de 1953 titulado "Cofradía and compadrazgo in Spain and Spanish America", no que se pedía aos sacerdotes que aceptasen unicamente dous padriños de cada sexo por bautismo, criticando a modalidade que permitía a presenza dun número elevado deles; os catro ou cinco padriños e madriñas atribuídos ao recén nacido na diocese de Cartaxena-Murcia a mediados do Catrocentos, segundo os resultados das investigacións realizadas por Chacón Jiménez; ou as cifras ofrecidas para San Nicolás de Granada por Bernard Vincent, que mostran unha media de dous padriños, debida probabelmente á condición mourisca da poboación. *Ibidem*, p. 38 e ALFANI, G., "La Iglesia y el padrinazgo...", p. 95.

50. GONZÁLEZ NOVALÍN, J. L., *op. cit*., p. 360.

51. Agradecemos a Mercedes López-Mayán a cesión desta información, así como todos os seus consellos para facer fronte a este traballo.

sante, pois nos indica que esta práctica de nomear varios padriños e madriñas estaba estendida polo territorio castelán, éo máis, sen dúbida, o feito de que a parte final, que fai referencia á elección de tres padriños e unha madriña se fose neno ou viceversa no caso dunha nena, apareza riscada por unha man posterior, o que nos indica unha posíbel modificación, co tempo, deste costume que quedou reflectido nun libro litúrxico de uso frecuente.

No que respecta a Galicia as normativas derivadas dos sínodos celebrados nas distintas dioceses entre finais do Catrocentos e a primeira metade do Cincocentos inciden nesta situación. Nas constitucións emanadas destas reunións atopamos, pois, numerosas advertencias dirixidas aos párrocos para que non admitisen máis de tres padriños, dous do mesmo sexo que o neófito e un do contrario. Tal é o caso, entre outros, da disposición establecida por Diego de Muros, bispo de Tui, en 1482: *E non tomen nin reçiban* [os clérigos] *mas de tres padrinos, dos padrinos e una madrina si fuere varon, o dos madrinas e unn* (sic) *padrino si fuere fenbra, salvo si para ello toviere nuestra liçençia e facultad que para ello le demos por alguna causa e razón que a ello nos movera. Qualquer clerigo que mas padrinos reçebiere, pague seysçientos maravedis de pena para la nuestra camara e mas este a la pena e castigo que nos por ello le mandaremos dar*[52].

Como adiantabamos, os intentos de reforma coa dobre finalidade de limitar a excesiva proliferación de padriños e de homoxeneizar esta práctica, que parecía fóra do control das autoridades eclesiásticas, sucedéronse sen éxito con anterioridade ao Concilio de Trento[53]. Foi nesta xunta ecuménica, celebrada entre 1545 e 1563 e que supuxo un punto de inflexión no seo da Igrexa Católica ao estabelecer, grazas ás súas disposicións, a orde institucional e a claridade doutrinal que se manterían nos séculos modernos e que se converterían nas directrices básicas da Igrexa contrarreformista, cando se modificaron as cuestións relativas ao bautismo e ao apadriñamento. A preocupación por esta cuestión explícase non só polo desexo de vixiar e garantir a correcta administración do sacramento e da institución do apadriñamento, senón tamén polas críticas que Lutero vertera sobre o parentesco espiritual, que non estaba recollido nas Sagradas Escrituras e que el consideraba o resultado dunha superstición, ademais dun mecanismo para incrementar as arcas eclesiásticas a través das dispensas papais emitidas para permitir o matrimonio entre este tipo de parentes. Agora ben, respectou a figura dos padriños aos cales lles recoñecía un papel importante na educación relixiosa dos afillados[54]; por iso, as igrexas reformadas mantiveron a devandita institución pero eliminaron o vínculo que se estabelecía entre ambos os dous e, en consecuencia, desapareceu o problema do incesto.

52. Véxase García y García, A. (dir.), *Synodicon Hispanum*, Tomo I: *Galicia*, Madrid, 1981, pp. 364-365.

53. Sobre esta cuestión véxase Alfani, G., *Fathers and Godfathers...*, pp. 23-26.

54. *Ibidem*, pp. 68-69.

Con este mar de fondo, no marco do Concilio prestouse especial atención aos sacramentos e á súa doutrina, entre os que o bautismo gozaba dunha posición privilexiada e, por consecuencia, ao apadriñamento. Tras un proceso longo e non exento de discusións e posicións atopadas[55] recalcouse, tal e como quedou reflectido no Catecismo para os párrocos, a importancia e función dos padriños:

> *"*[…] *A todos parecerá que esto* (a intervención dos padriños na ablución) *se dispuso con muchísima razón, teniendo presente que el Bautismo es la regeneración espiritual, por la cual nacemos hijos de Dios; pues de ella dice San Pedro: como niños recién nacidos, apeteced la leche espiritual sin mezcla de fraude. Pues así como, después de haber uno nacido, necesita de nodriza y de ayo, con cuyo medio y cuidado sea educado e instruido en doctrina y buenas artes, así también es necesario que los que comienzan a vivir espiritualmente, desde la fuente bautismal sean entregados a la confianza y prudencia de alguna persona, por quien puedan aprender los preceptos de la Religión cristiana e instruirse para todos los actos de piedad, y de este modo poco a poco ir creciendo en Cristo, hasta que al fin, con la divina gracia, lleguen a ser varones perfectos; mucho más cuando a los sacerdotes, que están al frente del gobierno público de las parroquias, no les queda tiempo necesario para poder tomarse el cuidado especial de instruir a los niños en los rudimentos de la fe.*
>
> *Conviene también enseñar a los fieles cuales son los deberes del padrino. Porque este cargo es tenido en tanto desprecio en la Iglesia, que sólo ha quedado el simple nombre de su ejercicio; y parece que ni siquiera se imaginan los hombres la santidad que en él encierra. Así, pues, tengan siempre esto presente los padrinos en general: que por este cargo están especialmente obligados a tener siempre bajo su cuidado a los hijos espirituales, y en las cosas que miran a la instrucción de la vida cristiana procuren solícitamente que se muestren tales toda la vida, cuales prometieron que habían de ser en aquella solemne ceremonia"*[56].

Así mesmo se estableceron os límites do parentesco espiritual e o número máximo de padriños, sendo o máis axeitado un ou como moito dous, un home e unha muller:

> *"Determinó la Santa Iglesia que contraigan parentesco espiritual no sólo el que bautiza con el bautizado, sino también el padrino con el que apadri-*

55. *Ibidem*, pp. 71-90.

56. *Catecismo para los párrocos según el decreto del Concilio de Trento mandado publicar por San Pío V, pontífice máximo y después por Clemente XIII,* Madrid, 1911, pp. 157-158.

na y con los padres legítimos de este, de modo que no puede celebrarse legítimo matrimonio entre todos estos y son nulos los celebrados.

Se estableció también por el Concilio de Trento que no saquen muchos al bautizado de la pila bautismal, sino uno solo, sea hombre o mujer, o a lo mas uno y una; ya porque podría perturbarse el orden de la educación y de la enseñanza siendo muchos los maestros, ya porque convenía evitar que se aumentaran muchos parentescos de esta clase, las cuales impedirían se propagase más la sociedad humana por el vínculo legítimo del matrimonio"[57].

Estas disposicións perseguían o obxectivo de limitar os obstáculos matrimoniais e evitar o incesto, ao reducir os vínculos do parentesco espiritual, pero, sobre todo, de homoxeneizar as prácticas e controlar a elección do padriño para que respondese realmente a un desexo de protección para o bautizado e non a un mecanismo de consolidación ou formación de redes sociais, pretendendo, desta forma, converter o *compadrazgo* nunha relación entre iguais. Porén, as investigacións de G. Alfani demostran que, cando menos en Italia, a limitación da selección de padriños en lugar de favorecer unha *horizontalización* fomentou unha *verticalización*. E así, neste territorio, polo menos até mediados do XVIII, mentres as familias dos sectores máis elevados escollían os titores espirituais dos seus fillos entre os seus iguais, os membros dos grupos máis humildes buscaron individuos que gozasen dun status social elevado e, polo tanto, dispuxesen de maiores recursos materiais[58]. Este fracaso da reforma, que non conseguiu que o padriño fose alguén con quen os infantes puidesen *aprender los preceptos de la Religión cristiana e instruirse para todos los actos de piedad*, fixo que as autoridades eclesiásticas potenciasen, xa dende comezos do século XVII, outros mecanismos para a instrución relixiosa dos nenos como o reforzo da catequese[59].

A finais do Setecentos parece que as preferencias na elección do apadriñamento se volven modificar, agora si tendendo a unha *horizontalización*, e asístese a un novo proceso polo cal van gañando importancia os padriños escollidos entre a familia ou os máis achegados, é dicir, practicamente como se mantivo até os nosos días. Así, por exemplo, para España sabemos que á altura de 1787 en Albacete máis do 43% dos padriños eran elixidos entre a familia máis próxima (avós, irmáns e tíos), isto é, o parentesco erixírase no principal criterio de selección, seguido do intento de reforzar vínculos entre determinados grupos profesionais ou de protexer as relacións de traballo[60].

57. *Ibidem*, pp. 158-160.

58. Alfani, G., *La Iglesia y el padrinazgo...*, p. 106.

59. Alfani, G., *Godparenthood and the Council of Trent...*, pp. 66-67.

60. Investigación realizada por García González e Gómez Carrasco. Datos ofrecidos en ibidem, pp. 115-116.

Tras esta máis que sucinta exposición da historia do apadriñamento na Europa cristiá e católica, propoñémonos aproximarnos a esta institución en San Cosme de Nogueirosa e San Martiño de Andrade entre finais do XVII e mediados do XIX. Para iso, nun primeiro momento, analizaremos brevemente os datos obtidos do estudo diacrónico do número de padriños, da relación existente entre eles no caso de que sexan dous, así como entre estes e o bautizado, do seu lugar de procedencia e da súa posición social, para, a continuación, determinar os seus trazos característicos e a súa evolución no tempo.

2.2 A evolución do apadriñamento en Nogueirosa e Andrade[61]

Dado que as fontes utilizadas son posteriores ao Concilio de Trento descoñecemos as particularidades locais que caracterizaban esta institución nos séculos previos e tamén se foi habitual nesta bisbarra a práctica do *multiapadriñamento*. En termos globais, no período que nos ocupa, hai un predominio maioritario dos bautismos con padriño e madriña, sendo a media en Nogueirosa de 1,84 e de 1,81 en Andrade. Non obstante, asistimos a un proceso polo cal os padriños únicos, ou *in solidum*, empregando o termo que se rexistra nas actas, van gañando importancia. Así, fronte ao 98,4% dos bautismos que na parroquia matriz tiñan padriño e madriña entre 1673 e 1688, a mediados do XIX reduciranse até o 70%. En Andrade, pola súa banda, fronte ao 85,7% dos casos en que os atopamos entre 1735 e 1750, un século despois estarán presentes nun 75,6%. A principal diferenza entre ambas as dúas parroquias provén de que mentres en Nogueirosa son os homes os que van adquirindo maior peso como padriños únicos (o 17% dos casos a mediados do XIX, fronte ao 8,6% das madriñas), en Andrade, dende finais do XVIII, van ser estas as máis relevantes e así, entre 1835 e 1850, estiveron soas no 18,6% dos bautizos. Un contraste que podería deberse a que nesta freguesía a emigración masculina era frecuente e, por iso, era preferíbel escoller unha muller que puidese facerse cargo das obrigas que implicaba o apadriñamento.

Entre as 1.554 partidas baleiradas, unicamente nos atopamos con dez nas que non figuraba ningún padriño: en seis das ocasións sabemos que se debe a que foron bautizados de socorro, noutra a que o párvulo faleceu antes de que puidese recibir o primeiro sacramento, en dous casos o cura non indica a causa da ausencia de padriños, –pensamos que é o froito dun bautismo de necesidade– e, por último, rexístrase un no que non constan padriños pero si tres testemuñas, feito que responde a que no momento do rito se identifica o pai do neófito, fillo dunha muller solteira.

A análise das relacións que unían os padriños cos seus afillados, ou máis ben cos seus compadres, presenta, de partida, un problema derivado da propia fonte. Na maioría

61. Agradecemos moi especialmente as suxestións realizadas por Ofelia Rey Castelao e Baudilio Barrerio Mallón que nos guiaron para analizar os datos do xeito máis produtivo.

	SAN COSME DE NOGUEIROSA										
	AMBOS		PADRIÑO		MADRIÑA		NINGÚN		TOTAL BAUTIZADOS		TOTAL PADRI.
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	
1673-1688	125	98.4	0	0	1	0.79	1	0.79	127	100	251
1735-1750	169	90.7	15	8.1	1	0.54	1	0.54	186	100	354
1775-1790	239	85.7	26	9.3	13	4.6	1	0.3	279	100	517
1835-1850	231	70	53	17	27	8.6	1	0.3	312	100	542
TOTAL	764	84.5	94	10.4	42	4.6	4	0.4	904	100	1664

CADRO 1. O número de padriños en Nogueirosa

	SAN MARTIÑO DE ANDRADE										
	AMBOS		PADRIÑO		MADRIÑA		NINGÚN		TOTAL BAUTIZADOS		TOTAL PADRI.
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	
1735-1750	158	85.7	21	11.4	1	0.5	4	2.2	184	100	338
1775-1790	210	83.7	25	10	16	6.4	0	0	251	100	461
1835-1850	163	75.8	10	4.6	40	18.6	2	0.9	215	100	376
TOTAL	531	81.7	56	8.6	57	8.8	6	0.9	650	100	1175

CADRO 2. O número de padriños en Andrade

dos rexistros non consta o vínculo previo, se é que o había, existente entre ambas as dúas partes, se ben, no caso de ser familia (avós, tíos ou irmáns), si se deixa constancia. O obxectivo dos datos que presentamos nos cadros 3 e 4 é, polo tanto, coñecer as relacións de parentesco anteriores ás espirituais creadas co bautizo. Para intentar superar a falta de precisión da fonte e detectar algunhas relacións de consanguinidade ocultas nas actas, recollemos aqueles casos nos que os padriños teñen un apelido similar ao dos seus afillados. Iso non implica, por un lado, que todas as ocasións nas que coincida teña que existir necesariamente algún nexo entre ambos os dous, nin, por outro, que non existan este tipo de relacións entre algúns individuos que non levan o mesmo apelido como, por exemplo, parentes políticos. De feito, en moitos casos nos que detectamos un apelido similar entre un dos padriños e o seu afillado, o outro é o seu cónxuxe e, ao cabo, tamén habería que consideralo familia do neófito.

Os procesos atopados son similares para ambas as dúas freguesías. Como acabamos de ver, na maioría das partidas (o 69,2% en Nogueirosa e o 62,3% en Andrade) non se recolle ningún dato que nos informe acerca da relación que une os dous protagonistas do primeiro sacramento, sendo a porcentaxe de descoñecidos máis elevada na matriz porque no período transcorrido entre 1673-1688, os rexistros das cales non conservamos para o anexo, apenas se deixa constancia de ningunha. Con todo, co paso dos anos coñécense cada vez máis os vínculos preexistentes e iso explica que en Nogueirosa o tanto por cento

	PADRIÑOS													
	IRMÁN		AVÓ		TÍO		OUTRO		NON CONSTA		AP. SIM.		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1673-1688	0	0	2	1.6	0	0	0	0	100	80	23	18.4	125	100
1735-1750	0	0	9	4.9	2	1.1	0	0	151	82.1	22	11.9	184	100
1775-1790	0	0	35	13.2	13	4.9	1	0.4	200	75.5	16	6	265	100
1835-1850	3	1	30	10.6	38	13.4	0	0	168	59.1	45	15.8	284	100
TOTAL	3	0.3	76	8.8	53	6.2	1	0.1	619	72.1	106	12.3	858	100

	MADRIÑAS													
	IRMÁ		AVOA		TÍA		OUTRA		NON CONSTA		AP. SIM.		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1673-1688	1	0.8	2	1.6	0	0	0	0	110	87.3	13	10.3	126	100
1735-1750	0	0	9	5.3	0	0	0	0	133	78.2	28	16.5	170	100
1775-1790	1	0.4	40	15.9	9	3.6	1	0.4	181	71.8	20	8	252	100
1835-1850	3	1.2	49	19	40	15.5	2	0.8	109	42.2	55	21.3	258	100
TOTAL	5	0.6	100	12.4	49	6	3	0.4	533	66.1	116	14.4	806	100

	AMBOS													
	IRMÁNS		AVÓS		TÍOS		OUTROS		NON CONSTA		AP. SIM.		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1673-1688	1	0.4	4	1.6	0	0	0	0	210	83.7	36	14.3	251	100
1735-1750	0	0	18	5	2	0.6	0	0	284	80.2	50	14.1	354	100
1775-1790	1	0.2	75	14.5	22	4.2	2	0.4	381	73.7	36	7	517	100
1835-1850	6	1.1	79	14.6	78	14.4	2	0.4	277	51.1	100	18.4	542	100
TOTAL	8	0.5	176	10.6	102	6.1	4	0.2	1152	69.2	222	13.3	1664	100

CADRO 3. As relacións de parentesco entre padriños e afillados en San Cosme de Nogueirosa

	PADRIÑOS													
	IRMÁN		AVÓ		TÍO		OUTRO		NON CONSTA		AP. SIM.		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1735-1750	1	0.5	5	2.8	0	0	0	0	150	83.8	23	12.8	179	100
1775-1790	0	0	37	15.7	21	8.9	1	0.4	158	67.2	18	7.6	235	100
1835-1850	1	0.6	37	21.4	25	14.4	1	0.6	72	41.6	37	21.4	173	100
TOTAL	2	0.3	79	13.4	46	7.8	2	0.3	380	64.7	78	13.3	587	100

	MADRIÑAS													
	IRMÁ		AVOA		TÍA		OUTRA		NON CONSTA		AP. SIM.		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1735-1750	0	0	5	3.1	1	0.6	0	0	116	72.9	37	23.3	159	100
1775-1790	0	0	49	21.7	12	5.3	2	0.9	142	62.8	21	9.3	226	100
1835-1850	1	0.5	44	21.7	31	15.3	2	1	88	43.3	37	18.2	203	100
TOTAL	1	0.2	98	16.6	44	7.5	4	0.7	346	58.9	95	16.2	588	100

	AMBOS													
	IRMÁNS		AVÓS		TÍOS		OUTROS		NON CONSTA		AP. SIM.		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1735-1750	1	0.3	10	40788	1	0.3	0	0	266	78.7	60	17.7	338	100
1775-1790	0	0	86	18.6	33	7.1	3	0.6	300	65.1	39	8.4	461	100
1835-1850	2	0.5	81	21.5	56	14.9	3	0.8	160	42.5	74	19.7	376	100
TOTAL	3	0.2	177	15.2	90	7.7	6	0.5	726	62.3	173	14.8	1165	100

CADRO 4. As relacións de parentesco entre padriños e afillados en San Martiño de Andrade

daqueles en que non temos coñecemento diminúa dende un 83,7% nese primeiro tramo de finais do XVII a un 51,1% entre 1835 e 1850, e en Andrade dun 78,7% entre 1735 e 1750 a un 42,5% cen anos despois. Isto débese a que, dende mediados do século XVIII, os padriños se escollen con maior frecuencia entre os membros da familia, especialmente entre avós e tíos. Os primeiros gañan importancia no terceiro cuarto do XVIII: en Nogueirosa pasan de estar presentes no 5% dos casos ao 14,5%, mentres que en Andrade ascenden do 2,9% ao 18,6%. Os segundos gañarán relevancia máis tarde, sendo a mediados do XIX cando exerzan de titores espirituais dos seus sobriños no 14,4% dos casos da matriz e no 14,9% dos do anexo.

Pola súa banda, as cifras daqueles que teñen un apelido similar son bastante homoxéneas para as dúas freguesías e para os distintos períodos, con porcentaxes que oscilan entre o 6 e o 23,3. Chama a atención a repentina redución que este grupo sofre entre 1775 e 1790 con respecto aos anos anteriores pero que, en consonancia co incremento de familiares como padriños dos neófitos, se recupera e aumenta na última cata estudada, o que posibelmente se explique pola presenza doutros parentes como os curmáns.

Os datos son por si sós enormemente expresivos. En Nogueirosa a finais do XVII, recoñecendo como parentes aqueles que compartían patronímico, unicamente detectamos algún vínculo familiar ente padriños e afillados no 16,3% dos casos, cifra que irá en progresivo aumento (19,7% en 1735-1750 e 26,3% en 1775-1790) até alcanzar o 48,9% entre 1835 e 1850. Algo similar acontece en Andrade onde do 21,2% de bautismos que entre 1735 e 1750 presentaban unha relación de parentesco, vaise pasar ao 34,7% a finais do XVIII e ao 57,2% a mediados do XIX. Así mesmo, é necesario resaltar que era máis frecuente que se elixisen entre a parentela ás madriñas que aos padriños.

Outra variable de grande interese no estudo desta institución é a relación existente entre os padriños, sempre que sexan dous, para o cal contamos coa información que nos proporciona a propia fonte. Como se pode ver nos cadros 5 e 6, os matrimonios son os casos maioritarios (o 56,1% en Nogueirosa e o 58% en Andrade), incrementándose o seu número notabelmente entre finais do XVII e do XVIII para reducirse lixeiramente a mediados do XIX. Unha perda que se explica polo aumento dos padriños que entre eles son irmáns, é dicir, os tíos en relación aos afillados que sinalabamos nos cadros anteriores, ou pais e fillos que, en boa parte das ocasións, son avós e tíos do infante. Outro tipo de relacións como sogros e fillos políticos, avós e netos, cuñados, tío e sobriña ou amo e criada, tiveron unha presenza puntual. Son moitos os bautizos nos que descoñecemos a relación existente entre os padriños pero perden peso co paso do tempo. Deste modo, fronte ao 58,4% que representaban na matriz entre 1673 e 1688 redúcese a un 21,2% entre 1835 e 1850, mentres que no anexo do 47,5% a mediados do XVIII diminúe até 17,2% un século despois.

Foi moi habitual que os que exerceron como padriños fosen naturais dunha parroquia diferente á do seu afillado, sendo a súa procedencia un indicio da extensión das redes de relación e de parentela. En moitos casos isto explícase porque a orixe das familias dos bautizados se atopaba noutra freguesías, tal e como se observa ao analizar a proveniencia dos avós dos neófitos, xa sexa maternos ou paternos. A finais do XVII en Nogueirosa o 44,1% das partidas contaban cun ou cos dous padriños de fóra da parroquia, cifra que se mantivo case estábel até mediados do XVIII (44,6%), pero a partir de entón perderon peso

	MATRI-MONIO		IRMÁNS		PAIS/ FILLOS		SOGROS/ FILLOS		AVÓS/ NETOS		DESC.		OUTROS		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1673-1688	43	34.4	2	1.6	4	3.2	2	1.6	1	0.8	73	58.4	0	0	125	100
1735-1750	86	50.9	2	1.2	8	4.7	2	1.2	0	0	70	41.4	1	0.6	169	100
1775-1790	179	74.9	3	1.3	14	5.9	0	0	0	0	40	16.7	3	1.3	239	100
1835-1850	121	52.4	23	10	30	13	5	2.2	0	0	49	21.2	3	1.3	231	100
TOTAL	429	56.1	30	3.9	56	7.3	9	1.2	1	0.1	232	30.4	7	0.9	764	100

CADRO 5. As relacións de parentesco entre os padriños en San Cosme de Nogueirosa

	MATRI-MONIO		IRMÁNS		PAIS/ FILLOS		SOGROS/ FILLOS		AVÓS/ NETOS		DESC.		OUTROS		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1735-1750	73	46.2	3	1.9	4	2.5	2	1.3	1	0.6	75	47.5	0	0	158	100
1775-1790	143	68.1	5	2.4	17	8.1	2	0.9	0	0	43	20.5	0	0	210	100
1835-1850	92	56.4	21	12.9	20	12.3	0	0	0	0	28	17.2	2	1.2	163	100
TOTAL	308	58	29	5.5	41	7.7	4	0.7	1	0.2	146	27.5	2	0.4	531	100

CADRO 6. As relacións de parentesco entre os padriños en San Martiño de Andrade

representando o 35,5% entre 1775 e 1790 e o 24,7 entre 1835 e 1850. En Andrade acontecía algo similar aínda que observamos unha diferenza no proceso de perda de relevancia. No primeiro período estudado consta que o 29,9% dos rexistros tiñan algún padriño procedente doutra parroquia pero, en contraste co acontecido na matriz a finais do XVIII, o número incrementouse até o 34,7%, se ben dende ese momento se reduciu e a mediados do XIX só estiveron presentes no 20,9% dos bautismos.

Sen dúbida, resulta de grande interese coñecer a procedencia dos padriños non residentes nas parroquias dos bautizados, observando algunha diferenza entre a matriz e o seu anexo[62]. Nas dúas predominan os naturais de Santiago de Pontedeume, representan-

62. Véxanse anexos 6.5. e 6.6.

	SAN COSME DE NOGUEIROSA									
	AMBOS		PADRIÑO		MADRIÑA		TOTAL BAUTISMOS CON PADRIÑO DE FÓRA		TOTAL BAUTISMOS	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1673-1688	45	35.4	8	6.3	3	2.4	56	44.1	127	100
1735-1750	70	37.6	10	5.4	3	1.6	83	44.6	186	100
1775-1790	64	22.9	18	6.4	17	6.1	99	35.5	279	100
1835-1850	44	14.1	14	4.5	19	6.1	77	24.7	312	100
TOTAL	223	24.7	50	5.5	42	4.6	315	34.8	904	100

CUADRO 7. Número de padriños de fóra de Nogueirosa

	SAN MARTIÑO DE ANDRADE									
	AMBOS		PADRIÑO		MADRIÑA		TOTAL BAUTISMOS CON PADRIÑO DE FÓRA		TOTAL BAUTISMOS	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1735-1750	41	22.3	12	6.5	2	1.1	55	29.9	184	100
1775-1790	65	25.9	11	4.4	11	4.4	87	34.7	251	100
1835-1850	31	14.4	7	3.3	7	3.3	45	20.9	215	100
TOTAL	137	21.1	30	4.6	20	3.1	187	28.8	650	100

CUADRO 8. Número de padriños de fóra de Andrade

do o 42,2% na primeira e o 23,8% na segunda, pero despois en Nogueirosa adquiren importancia os provenientes de Ombre (17,5%), Vilar (15,2%) e Doroña (6,1%), mentres que en Andrade o fan os de Carantoña (14,2%), e como sucedía na anterior, Vilar (12,3%) e Doroña (7,7%). Imperan, polo tanto, os procedentes das freguesías que conforman a xurisdición de Pontedeume pero hai unha presenza máis que notábel dalgúns que habitaban en lugares máis distantes.

A última cuestión a analizar é a dos padriños que pertencían a un grupo social privilexiado e que nos libros se distinguen polo identificativo de don ou dona que precede aos seus nomes. A súa presenza é cuantitativamente escasa pero de grande interese para coñecer as preferencias na elección do apadriñamento. En Nogueirosa atopamos este tipo de padriños no 8,2% dos bautismos e en Andrade no 4,1%, sendo o máis habitual que ben sexan ambos os dous os que levan o distintivo, ben sexan os homes. Ao longo do século

e medio analizado detectamos que é cada vez máis infrecuente que os pais busquen os titores dos seus fillos en sectores elevados. Por iso, do 12,3% dos ritos nos que estaban presentes entre 1673 e 1688 na matriz pasan ao 4,5% a mediados do XIX e do 6,5% entre 1735 e 1750 que atopamos no anexo redúcense a 1,4%.

	SAN COSME DE NOGUEIROSA									
	AMBOS		PADRIÑO		MADRIÑA		TOTAL		TOTAL BAUTISMOS	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1673-1688	15	11.8	1	0.8	0	0	16	12.3	127	100
1735-1750	7	3.8	5	2.7	5	2.7	17	9.1	186	100
1775-1790	8	2.9	18	6.4	1	0.3	27	9.7	279	100
1835-1850	6	1.9	6	1.9	2	0.6	14	4.5	312	100
TOTAL	36	4	30	3.3	7	0.8	74	8.2	904	100

CUADRO 9. Bautismos con padriños co identificativo de don/a en Nogueirosa

	SAN MARTIÑO DE ANDRADE									
	AMBOS		PADRIÑO		MADRIÑA		TOTAL		TOTAL BAUTISMOS	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1735-1750	3	1.6	9	4.9	0	0	12	6.5	184	100
1775-1790	5	2	6	2.4	1	0.4	12	4.8	251	100
1835-1850	0	0	3	1.4	0	0	3	1.4	215	100
TOTAL	8	1.2	18	2.8	1	0.1	27	4.1	650	100

CUADRO 10. Bautismos con padriños co identificativo de don/a en Andrade

É necesario sinalar que no primeiro período analizado en Nogueirosa entre as familias residentes había dous de orixe nobre e, dos 16 bautismos nos que figura algún padriño co identificativo de don, nove son dos seus descendentes. A maior parte destes individuos eran veciños de Pontedeume e, entre eles, atopamos un rexedor, dous escribáns, un mestre de arquitectura, un secretario da vila e outro da súa maxestade e de número, un estudante e, sobre todo, membros do estamento eclesiástico entre os que adquiren especial relevancia os pertencentes ao clero secular como os curas párrocos, cuxo mellor exemplo é Pedro Ramón Mesía, que exerceu como tal catro veces en Andrade e nove en Nogueirosa, ou os presbíteros.

2.3 Cara a unha familiarización do apadriñamento na bisbarra eumesa

Entre a segunda metade do século XVII e mediados do XIX, a selección e características dos padriños dos nenos bautizados en San Cosme de Nogueirosa e San Martiño de Andrade foron modificándose en función dos distintos procesos paralelos que fomos analizando a partir dos datos ofrecidos no capítulo anterior. O paulatino incremento do apadriñamento simple, a cada vez máis frecuente elección de padriños no marco da familia así como o aumento das relacións de parentesco existentes entre eles mesmos, a perda de importancia dos pertencentes a un grupo social máis elevado e a redución do número de titores espirituais procedentes doutras parroquias son as variables que definen esta institución no período estudado.

Estes resultados perfilan un panorama moi similar ao que, segundo as últimas investigacións realizadas[63], caracterizaría o apadriñamento no conxunto da Europa católica a partir de finais do XVIII e, sobre todo, no XIX, marcado por unha nova directriz: a selección entre a parentela[64]. Un fenómeno que levaría consigo a perda de importancia desta institución como instrumento para crear, configurar ou expandir novas redes de relación até o punto de que para algúns autores, como G. Alfani, escoller o padriño entre a propia familia suporía estabelecer un vínculo espiritual inútil pois entre este e o seu afillado predominaría o lazo de consanguinidade[65]. Non obstante, cremos que esta afirmación, que pode ser válida para o caso italiano, debe ser matizada no territorio que nos ocupa. En primeiro lugar porque a pertenza a unha mesma familia non implica necesariamente a existencia dunha boa relación entre os seus membros. En segundo lugar porque nesta bisbarra predominaban os fogares de tipo nuclear, é dicir, formados por pais e fillos, e, en menor medida, os extensos e, polo tanto, descoñecemos as relacións que, unha vez abandonada a casa patrucial, se manteñen entre irmáns, pais e fillos, curmáns, etc. En terceiro lugar porque, en paralelo a este proceso de familiarización do apadriñamento, se asiste, como se verá no seguinte apartado, a un incremento na transmisión dos nomes dos titores aos neófitos, o cal implica, na nosa opinión, dada a importancia que o antropónimo adquire na vida do individuo, un recoñecemento máis que notábel da figura do padriño. Todo iso lévanos a pensar que as relacións de parentesco espiritual estabelecidas no rito do bautismo non son en absoluto escurecidas polos vínculos consanguíneos preexistentes senón que, ao contrario, os reforzan, creándose un lazo especial que vai máis alá do puramente familiar e que axudaría a consolidar distintas alianzas. Para acabar de esclarecer a cuestión relativa á familiarización do apadriñamento sería necesario coñecer as interioridades das eleccións, para o que habería que empregar outras metodoloxías como a

63. Véxase ALFANI, G., *I padrini: patroni o parenti?...* e ALFANI, G., *La Iglesia y el padrinazgo...*, pp. 109-117.

64. *Ibidem*, p. 110.

65. *Ibidem*, p. 120.

reconstrución de familias ou a xenealoxía. Clarificar se había algunha orde determinada na elección dos familiares como, por exemplo, os avós como padriños do primeiro fillo dun matrimonio, podería axudarnos a comprender as transformacións sufridas nesta institución no tránsito da Idade Moderna á Contemporánea.

Non obstante, é necesario recordar que, malia o incremento dos padriños parentes a mediados do XIX en Nogueirosa e Andrade, existe aínda un elevado número de titores, o 51,1% e o 42,5% respectivamente, dos cales descoñecemos se tiñan algún vínculo previo e dos que presupoñemos que a maioría foron elixidos no círculo próximo dos pais (amigos, compañeiros, veciños, etc.), é dicir, entre iguais. Cremos, polo tanto, que o apadriñamento continúa tendo cara ao 1850 un papel relevante na articulación das comunidades como instrumento para, máis que crear, consolidar redes sociais.

Resta no tema relativo ao apadriñamento preguntarnos que acontecía no sacramento da confirmación, o único que, ademais do bautismo, xeraba un parentesco espiritual. A diferenza do acto polo cal o recén nacido pasaba a formar parte da comunidade de fieis e que era celebrado polo cura párroco ou outro relixioso que exercía estas funcións no seu nome, aquel sacramento debía ser administrado polo bispo da diocese ou o seu vicario. Isto explica que se celebrasen cando algún deles visitaban a bisbarra. Para Nogueirosa e Andrade entre finais do XVII e mediados do XIX conservamos as listas de confirmados para dous anos: 1829, celebradas polo arcebispo Rafael Vélez, e 1844, realizadas en Pontedeume en dous días consecutivos por frei Manuel San Lucas, bispo de Sidonia e auxiliar de Santiago. Con posterioridade á reforma parroquial de 1867, que supuxo que Andrade pasase a ser anexo de San Pedro de Vilar, celebráronse outras dúas: unha en Nogueirosa en 1872, oficiada polo cardeal Miguel García Cuesta, e outra en Vilar en 1880 para os fregueses de Andrade presidida polo arcebispo Miguel Payá.

A principal diferenza con respecto ao bautismo deriva de que na confirmación hai unicamente un padriño e unha madriña para o conxunto de persoas que van recibir o sacramento. Coñecemos os padriños para as confirmacións de 1844, 1872 e 1880. No primeiro ano as celebracións tiveron lugar en Pontedeume os días 13 e 14 de outubro, sendo os padriños para ambas as dúas parroquias don Nicolás Varela e a súa filla dona Natalia, veciños de Pontedeume, o 13, e don Manuel Azpilcueta e a súa irmá Eulogia, o 14. Na de 1872, oficiada cos veciños de Nogueirosa, foron don José María Roberes e a súa esposa dona Indalecia Alonso, mentres que en 1880, a que tivo lugar en Vilar para os habitantes de Andrade, se distingue entre o padriño *para los hombres*, Manuel Blanco, e a madriña *para las mujeres*, María Teresa de la Asunción Blanco. As relacións que se poderían establecer entre estes, xeralmente pertencentes a grupos sociais superiores, e os seus afillados de confirmación, tendo en conta que o número medio era de 117 por celebración, parece, pois, inexistente e a súa importancia como instrumento para consolidar ou estabe-

lecer relacións sociais irrelevante. Non obstante, coñecer os mecanismos de elección destes padriños, quen o facía e por que, e o que implicaba para eles en termos económicos, de prestixio social, etc., permitiríanos aproximarnos a outra cara deste apadriñamento espiritual, menos coñecida pero non por iso menos relevante.

3. A ONOMÁSTICA NA BISBARRA EUMESA: ENTRE A FAMILIA E A DEVOCIÓN

A atribución dun nome (ou varios) ao neófito durante o bautismo alcanzou unha gran transcendencia tras o Concilio de Trento. En primeiro lugar porque só a partir dese momento as familias tiveron a obriga de outorgar a cada un dos seus fillos un nome de pía, pero tamén porque dende entón[66] a Igrexa propagou unha *pedagoxía* relixiosa do antropónimo, insistindo na relación que se establecía entre o bautizado e o santo do que tomaba o nome, erixido no seu protector e nun modelo a seguir[67], o que explica que todos eles debesen ser recoñecidos pola autoridade eclesiástica e estar incluídos no calendario cristián. Deste modo foron excluídos, por unha parte, os nomes pagáns, que tiveran grande importancia nos séculos anteriores, e, por outra, os do Antigo Testamento, que eran os empregados polos recén escindidos protestantes[68], desenvolvéndose, mesmo, unha forte oposición á masculinización ou feminización dos apelativos debido, precisamente, á relación que se estabelecía co santo. Todas estas cuestións quedaron recollidas no Catecismo para párrocos resultante do Concilio:

> *"Por qué y qué clase de nombre se ha de poner al bautizado: por último, se pone al bautizado un nombre, el cual debe tomarse de alguno, que por la heroica virtud y perfección de su vida esté incluido en el número de los Santos: porque de este modo se conseguirá fácilmente que por la semejanza del nombre se excite uno a imitar su santidad y su virtud; y por otra parte suplique también a aquel, a quien desea imitar, y confíe que llegará a ser su abogado, para defender su vida, así la espiritual como la corpo-*

66. Nalgúns sínodos anteriores ao Concilio de Trento xa se reflicte a preocupación por estes asuntos. Un exemplo atopámolo no sínodo ourensán de 1543 onde o prelado obrigaba aos párrocos que se impuxesen *nombres de sanctos e sanctas que están en el cielo, porque se les deis por abogados, e no Héctor ni Roldán, ni otros que habéis acostombrado a les poner.* Recollido por SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, Barcelona, 1994, pp. 322-323. A este respecto véxase tamén PORTELA SILVA, E., PALLARÉS MÉNDEZ, M. C., *Edad Media: la iglesia de la historia*, en GARCÍA QUINTELA, M. V. (coord.), *Las religiones en la historia de Galicia*, Santiago de Compostela, 1996, p. 125.

67. Véxase BOZON, M., *Histoire et sociologie d'un bien symbolique, le prénom*, "*Population"*, 1 (1987), p. 86 e DUPÂQUIER, J., *op. cit.*, p. 6.

68. Así o afirmaba Michel de Montaigne, seguidor da reforma protestante, nos seus ensaios: *¿No dirá la posteridad que nuestra actual reforma ha sido escrupulosa y estricta, pues no sólo se ha opuesto a errores y vicios, y ha llenado el mundo de devoción, humildad, obediencia, paz y toda especie de virtudes, sino que ha llegado hasta el extremo de oponerse a los nombres antiguos de nuestros bautismos –Carlos, Luis, Francisco– para poblar el mundo de Matusalenes, Ezequieles y Malaquías, que evocan mucho mejor la fe?*. MONTAIGNE, M., *Los ensayos (según la edición de 1595 de Marie de Gournai)* (ed. e trad. J. Bayod Brau), Barcelona, 2007, p. 402.

ral. Por lo cual son dignos de represión los que buscan con gran solicitud y ponen a sus hijos nombres de gentiles, y sobre todo de los que fueron los más perversos de todos, pudiendo deducirse de esto en que aprecio creen se debe tener la profesión de la Religión cristiana aquellos que parece se deleitan tanto en el recuerdo de hombres impíos, que desean resuenen por todas partes nombres profanos de esta clase en los oídos de los fieles"[69].

Con estas e outras medidas, como as relativas ao apadriñamento, a xerarquía eclesiástica pretendía controlar, ademais do referido ao culto, todas as facetas, tanto públicas como privadas, da vida dos individuos, nunha sociedade onde o deslinde entre o ámbito civil e relixioso resultaba moi complexo e no que as prácticas relixiosas se converteron, segundo Pegerto Saavedra, nun *medio para dominar la naturaleza, sorteando las amenazas de un mundo imprevisible, lleno de sobresaltos, y para asegurar la salvación personal y hasta la de toda la comunidad parroquial*[70]. Para iso servíronse da igrexa parroquial, centro neurálxico da comunidade, como un dos vehículos de difusión destas doutrinas contrarreformistas, e, pola mesma razón, púxose tanta atención no seu coidado como lugar sagrado, na formación do clero, na reorganización da vida interna e na administración dos sacramentos e o seu rexistro[71].

Aínda que xa Lucien Febvre suxerira en 1941 o estudo cuantitativo dos nomes mencionados nos inventarios *postmorten* como método para medir a influencia das ordes relixiosas, de determinadas devocións ou de testemuños de fidelidade monárquicos ou rexionais[72], o recurso á onomástica como instrumento para a análise das crenzas relixiosas retrotráese aos anos sesenta e setenta do século pasado cando algúns investigadores, como Michel Vovelle para a zona da Provenza ou Mª Norberta Amorim para Rebordãos, empregaron as estatísticas dos nomes recollidos nos testamentos, o primeiro, e nas actas de bautizados, a segunda, co fin de intentar medir as devocións máis populares neses lugares. Este método, utilizado dende entón por múltiples investigadores co propósito de achegarse ao estudo das mentalidades, foi empregado tamén, sobre todo para a Idade Media a partir dos traballos *do Groupe de Recherches sur l'Histoire de l'Anthroponymie Médiévale,* para aproximarse a outras cuestións como as relacións de poder, a cristianización, as migracións, etc.[73].

69. *Catecismo para los párrocos...*, p. 179.

70. Saavedra Fernández, P., *La vida cotidiana...*, p. 331.

71. Sobrado Correa, H., *Las Tierras de Lugo en la Edad Moderna. Economía campesina, Familia y Herencia, 1550-1860*, Betanzos, 2001, p. 528.

72. Zonabend, F., *Le Nom de personne*, "L'Homme", vol. 20- 4 (1980), p. 14.

73. Véxase BOZON, M., op. cit., pp. 83-84, GONZÁLEZ LOPO, D. L., *Onomástica y devoción: la difusión de nuevos cultos marianos en la Galicia Meridional durante los siglos XVIII y XIX: el obispado de Tuy*, "Obradoiro de Historia Moderna", 1 (1992), p. 166, nota 1; e MARTÍNEZ LÓPEZ, X. M., *Estudio da evolución onomástica na Parroquia de Santa Columba de Louro alcume «Cordeiro» 1630-1850*, en "II Premio de Investigación "Xesús Ferro Couselo", 1997", Valga, 1998, pp. 183-185.

Unha da principais virtudes do estudo da onomástica é que o nome, atributo que identifica e particulariza a cada unha das persoas que conforman unha comunidade e que é outorgado no momento do nacemento ou do bautismo, eríxese como un instrumento de análise universalmente estendido e constante no tempo para estudar estes fenómenos e, en ocasións, o único[74]. Con todo, aínda que os factores relixiosos sexan moi importantes na elección do nome, non se pode estabelecer unha relación directa entre este e as crenzas relixiosas do ámbito do bautizado pois existen, como veremos, outros factores que axudan a explicar a súa elección e que non responden ás preferencias reais dos individuos. Entre eles destacan os familiares –a importancia da tradición familiar ou dos padriños, que nun número elevado de casos transmiten o seu nome ao seu afillado–, os sociais –o peso dos membros máis destacados, económica e socialmente, da comunidade que condicionan a selección–, os culturais –o santo do día do natalicio ou do bautismo ou a propia moda, é dicir, a inercia na imposición dun apelativo repetidamente nunha parroquia– ou, mesmo, os rexionais –influencia de determinadas congregacións, santuarios, etc.–[75]. Esta elección que, de partida, parecía aleatoria, libre e a gusto dos pais estaba, ao cabo, sometida a unha multitude de normas, regras implícitas e hábitos que nos dan unha preciosa información sobre a mentalidade dos individuos en particular e da comunidade en xeral[76].

3.1 A evolución da onomástica en San Cosme de Nogueirosa e San Martiño de Andrade entre os séculos XVII e XIX

En Nogueirosa o neonato recibía o bautismo o mesmo día ou o seguinte ao alumeamento, cunha diferenza máxima de 48 horas. En Andrade facíao o día posterior ao nacemento ou, mesmo, 72 horas despois, aproveitando o tempo máximo que permitía postergalo o dereito canónico[77]. Presa que tiña pleno sentido nunha sociedade onde o falecemento dos párvulos era moi frecuente e na que, co fin de salvar a súa alma, se lles administraba canto antes este sacramento para ingresar na comunidade cristiá, podendo exercer a función de ministro, en caso de obrigada necesidade, "*hasta la gente de pueblo, así hombre como mujeres, cualquiera secta que profesen*, eso sí, *ni la mujer habiendo hombre, ni el seglar estando presente un clérigo, ni el clérigo delante de un sacerdote* […]*, si bien las parteras, que están acostumbradas a bautizar, no deben ser desechadas, si alguna vez lo administran en presencia de algún hombre, que esté menos instruido en hacer este sacramento, aunque por otra parte parezca ser oficio más propio del varón*"[78].

74. GARNOT, B., *Les prénoms populaires à Chartres au XVIIIe siècle*, "Revue historique", 561 (1987), p. 3.

75. A este respecto véxase VOVELLE, M., *Piété baroque et déchristianisation en Provence au XVIIIe siècle*, Saint-Amand, 1973, pp. 175-180; GONZÁLEZ LOPO, D. L., *op. cit.*, pp. 166-167; AUGUSTINI, M., *Noms de baptême dans quatre paroisses de la Beauce et du Perche au XVIIe siècle*, "Population", 2 (1989), pp. 445-451; GARNOT, B., *op. cit.*, p. 9.

76. BURGUIÈRE, A. *Un nom pour soi*, "L'Homme", vol. 20-4 (1980), p. 27.

77. PICARD, J., *Prénoms de naissance et prénoms de baptême. Prénoms usuels. Un aspect de la mentalité religieuse rurale au XIXe siècle*, "Annales de Démographie Historique", 1990, p. 350.

78. *Catecismo para los párrocos...*, pp. 156-157.

Se analizamos os datos obtidos para os catro períodos seleccionados apreciamos dous procesos paralelos e diacrónicos. O primeiro é o referido ao incremento de nomes compostos respecto aos simples[79]: na parroquia matriz entre 1670 e 1688 só 22 dos 127 nomes estaban formados por dous termos, entre 1735 e 1750 hai un predomino absoluto dos compostos por dous, tres ou máis nomes (182 de 186), na terceira etapa, entre 1775 e 1790, isto mantense e atopamos unicamente 13 simples sobre un total de 279, mentres que, a mediados do XIX, estes volven ter importancia ascendendo a 165 sobre 312; un fenómeno idéntico detectamos no caso do anexo onde a mediados do XVIII só hai 9 antropónimos simples fronte a 175 compostos e a finais da centuria 8 sobre un total de 252 pero, entre 1835 e 1850, recuperan forza e están presentes en 105 bautismos fronte aos 111 nos que figuran os compostos. Agora ben, pensamos que este incremento non responde realmente ao acontecido nos bautismos celebrados entre 1835 e 1850, senón aos problemas formulados pola fonte neste período, xa que son nas partidas reelaboradas polo párroco Antonio María Gómez (1829-1847) onde detectamos este fenómeno, volvendo a predominar os compostos nos realizados a posteriori (1847-1850). Isto débese a que na súa vida cotiá os individuos empregaban unicamente un, ou como moito dous, dos nomes que lles foran impostos na celebración do bautismo, de aí que sexan eses os recollidos nas indagacións do presbítero. Así o demostra o feito de que nas listas de confirmación, onde se enumeran polo nome e filiación aqueles que recibiron o devandito sacramento, hai un predominio absoluto dos nomes simples cando, atendendo ás partidas de bautismo, debería existir unha preponderancia dos compostos.

Este fenómeno de composición dos nomes por dous ou máis termos foi explicado por algúns autores como consecuencia do intento de diferenciación dos sectores máis altos e influentes da sociedade que, para estabelecer unha distancia entre os seus fillos e os das capas máis humildes, recorreron á elección de antropónimos complexos, estendéndose esta actitude ás clases populares nun proceso de "asimilación social"[80], e, por outros, como o resultado das recomendacións feitas polas autoridades eclesiásticas para dar aos recén nacidos un segundo antropónimo, o dun santo avogado, co fin de que, unha vez adultos,

79. Este proceso, detectado tamén por outros investigadores, foi considerado por M. Bozon como un síntoma claro da ruptura do modelo clásico no XIX, favorecida en Francia pola Revolución Francesa xa que dende as instancias superiores se intentou modificar o sistema de nominación. Este modelo *en descomposición* caracterizábase por *l'unicité du prénom, choisi parmi un stock restreint, en general plus étroit pour les filles que pour les garçons, au sein duquel dominent nettement un très petit nome de vocables de saints*. Bozon, M., *op. cit.*, p. 86. Véxase tamén Saavedra Fernández, P., *La vida cotidiana...*, p. 325, Martínez López, X. M., *op. cit.*, pp, 204-212, Larquié, C., *op. cit.*, p. 126, Garnot, B., *op. cit.*, pp. 5-9 ou Hanicot Bourdier, S. N., *Ensayo sobre la religiosidad de una comunidad vasca en los siglos XVIII y XIX*, "Procesos históricos. Revista Semestral de Historia, Arte y Ciencias Sociales", 10 (2006), pp. 3-4.

80. Schnapper, D., *Essai de lecture sociologique*, en Dupâquier, J., Bideau, A., Ducreux, M.-E. (coords.), *op. cit.*, p. 19; Martínez López, X. M., *op. cit.*, p. 204. Unha moda xa detectada polos contemporáneos no século XVII e que para o francés Jean-Baptiste Thiers, segundo escribiu en 1697 no seu *Traité des superstitions qui regardent les sacrements selon l 'Écriture saint, est venue premièrement d'Italie d'où elle a passé ensuite en Espagne, de là en Allemagne, d'Allemagne en France [...] les gentilhommes sont les premiers qui ont commencé à avoir plusieurs noms. Cet abus s'est introduit ensuite dans le Tiers-État où, par une sotte vanité, on a affecté d'imposer deux noms aux enfants.* Información extraída de Burguière, A., op. cit., p. 37.

	NENOS											
	1		2		3		4		5 e +		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1673-1688	65	90.3	6	8.3	1	1.4	0	0	0	0	72	100
1735-1750	3	2.7	88	79.3	19	17.1	1	0.9	0	0	111	100
1775-1790	11	7.5	91	62.3	37	25.3	6	4.1	1	0.7	146	100
1835-1850	86	49.4	74	42.5	14	8	0	0	0	0	174	100
TOTAL	165	32.8	259	51.5	71	14.1	7	1.4	1	0.2	503	100
	NENAS											
	1		2		3		4		5 e +		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1673-1688	40	73	15	27.3	0	0	0	0	0	0	55	100
1735-1750	1	1.3	51	68	20	26.7	3	4	0	0	75	100
1775-1790	2	1.5	73	54.9	49	36.8	6	4.5	3	2.26	133	100
1835-1850	79	57.2	51	37	7	5.1	1	0.7	0	0	138	100
TOTAL	122	0.3	190	47.4	76	18.9	10	0.2	3	0.75	401	100
	AMBOS											
	1		2		3		4		5 e +		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1673-1688	105	82.7	21	16.5	1	0.8	0	0	0	0	127	100
1735-1750	4	2.1	139	74.7	39	21	4	2.1	0	0	186	100
1775-1790	13	4.7	164	58.8	86	30.8	12	4.3	4	1.4	279	100
1835-1850	165	52.9	125	40	21	6.7	1	0.3	0	0	312	100
TOTAL	287	31.7	449	49.7	147	16.3	17	1.9	4	0.4	904	100

CADRO 11. Número de nomes por bautizado en San Cosme de Nogueirosa

puidesen encomendarse a el[81]. Non obstante, como teremos ocasión de ver máis adiante, as claves que explican a súa consolidación nestas parroquias e no conxunto da Europa católica non parecen ser estas; se ben é certo, no primeiro período estudado para Nogueirosa, todos os fillos de pais que levan o identificativo de don (nove casos) foron bautizados cun nome composto, aínda que non foron os únicos.

O segundo proceso é o que se refire á diversificación dos nomes ao longo dos séculos modernos, fenómeno observado por practicamente todos os investigadores que realizaron estudos onomásticos[82], e que no caso que nos ocupa se vinculan co incremento dos compostos, sendo, de feito, os segundos nomes máis diversificados que os primeiros. As

81. HANICOT BOURDIER, S. N., op. cit., p. 4.

82. Véxase, entre outros, SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *La vida cotidiana...*, p. 327; VOVELLE, M., *op. cit.*, p. 181; SOBRADO CORREA, H., *Evolución de las devociones populares en la Galicia interior del Antiguo Régimen a través de la onomástica*, "Boletín de estudios del Seminario "Fontán-Sarmiento" de hagiografía, toponimia y onomástica de Galicia", 19 (1998), p. 67 ou COLLOMP, A., *Le Nom gardé*, "L'Homme", vol. 20-4 (1980), pp. 54-55.

	NENOS											
	1		2		3		4		5 e +		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1735-1750	7	8.5	66	80.5	9	11	0	0	0	0	82	100
1775-1790	6	4.8	77	61.1	35	27.8	7	5.6	1	0.8	126	100
1835-1850	63	51.6	51	41.8	8	6.6	0	0	0	0	122	100
TOTAL	76	23	194	58.8	52	15.8	7	2.1	1	0.3	330	100

	NENAS											
	1		2		3		4		5 e +		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1735-1750	2	2	88	86.3	12	11.8	0	0	0	0	102	100
1775-1790	2	1.6	73	57.9	38	30.2	11	8.7	2	1.6	126	100
1835-1850	42	44.7	47	50	5	5.3	0	0	0	0	94	100
TOTAL	46	14.3	208	64.6	55	17.1	11	3.4	2	0.6	322	100

	AMBOS											
	1		2		3		4		5 e +		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1735-1750	9	4.9	154	83.7	21	11.4	0	0	0	0	184	100
1775-1790	8	3.2	150	59.5	73	29	18	7.1	3	1.2	252	100
1835-1850	105	48.6	98	45.4	13	6	0	0	0	0	216	100
TOTAL	122	18.71	402	61.7	107	16.4	18	2.8	3	0.5	652	100

CADRO 12. Número de nomes por bautizado en San Martiño de Andrade

cifras son claras a este respecto: en Nogueirosa o conxunto dos nomes masculinos ampliouse considerabelmente entre mediados do XVII e mediados do XIX, sendo o total de 88 e a súa distribución para cada período de 28, 44, 61 e 37, (cifra, esta última, que responde á redución dos antropónimos compostos); pola súa parte o grupo de nomes femininos, menor que os anteriores pois ascendían a 72, sufriu un fenómeno similar e pasou dunha variedade de 23 en 1670/88, a 32 en 1735/50, 47 en 1775/90 e 37 en 1835-1850. Polo que respecta a Andrade detectamos un elemento singular como é a maior variedade de nomes para nenas que para nenos, un feito bastante infrecuente nos estudos coñecidos. Á marxe disto, os números móstrannos unha realidade moi similar á da súa matriz: dos 59 antropónimos masculinos atopados en total, 27 foron empregados a mediados do XVIII, 49 en 1775/90 e 25 en 1835/50, mentres que dos 70 femininos, 29 rexistráronse en 1735/50, 60 a finais da centuria e 28 nas décadas centrais da seguinte. Malia iso, hai un grupo reducido de nomes, xeralmente catro ou cinco, identificados cun santo de gran devoción na parroquia e, en ocasións, no conxunto da cristiandade, que estiveron presentes na maioría das partidas de bautismo.

Entrando xa na análise pormenorizada dos resultados obtidos, recollidos nos cadros e gráficas presentados a continuación[83], observamos como, ao longo dos dous séculos, os nomes de Antonio, para os homes, e María, para as mulleres[84], foron os máis utilizados polas familias de ambas as dúas parroquias no bautismo dos seus fillos. No caso de Nogueirosa, entre os nenos, ademais de Antonio, atopámonos cun predominio dos bautizados denominados José, cuxa importancia vai en aumento co paso do tempo, Andrés, que sofre un proceso inverso ao do esposo da Virxe, Juan, Francisco ou Manuel. Pola súa parte, entre as bautizadas, coa excepción de María e a pesar das reticencias difundidas a partir de Trento a feminizar (ou masculinizar) os nomes[85], os antropónimos máis utilizados son todos adaptacións dos máis relevantes e frecuentes entre os varóns, referímonos a Antonia, Andrea, Josefa, Juana e Francisca, que seguen procesos de evolución similares aos dos nenos.

Un dos fenómenos máis destacábeis é a utilización de Antonio, que está presente, tanto na súa versión masculina coma na feminina, no 31,97% do total de bautizados, como nome secundario. De feito, no caso dos nenos, das 191 veces en que se utiliza só en 25 ocasións é o nome principal (13,08%), mentres que no das nenas, sobre o total de 98 nomes de pía nos que está presentes, unicamente ocupa a primeira posición en 14 partidas (14,28%). Esta condición diferénciao dos outros nomes que, aínda que ás veces ocupan un lugar secundario, con frecuencia adoitan ser o prioritario (María no 77,72% dos casos, José no 69,66%, Josefa no 51,66%, Andrés no 74,66%, Andrea no 40%, Juan no 86,57%, Juana no 46,93%, Francisco no 61,81% e Francisca no 35,71%[86].).

A proximidade entre ambas as dúas parroquias non impide que existan diferenzas destacábeis na elección dos nomes. En Andrade, no concernente aos nenos, atopamos que José ocupa o segundo posto pero, a mediados do XIX, chegou a desbancar a Antonio da súa posición prioritaria. A gran distancia destes, Domingo, que non lograra consolidarse no grupo dos nomes máis frecuentes en Nogueirosa, situouse no terceiro lugar do *ranking*, aínda que foi perdendo importancia paulatinamente en favor de Juan ou Manuel. Entre as nenas acontece un fenómeno similar ao que viramos para a freguesía matriz: tras María, que é o nome máis empregado entre mediados do XVIII e do XIX, atopámonos que, entre os preferidos, só hai antropónimos masculinos feminizados. Desta forma, Antonia vai

83. As porcentaxes ofrecidas nos cadros indican o número de bautizados en cuxa partida aparece rexistrado ese nome pero non hai unha identificación entre os tantos por cento e o total de neófitos. Isto débese a que, ante a importancia que os compostos teñen nesta parroquia, decidimos individualizalos para ver a transcendencia real de cada un deles.

84. Non é infrecuente atopar o nome de María nos compostos masculinos. De feito do total das 193 veces en que foi contabilizado na parroquia matriz en 28 ocasións (14,5%) pertence a homes, mentres que no anexo das 181, en 15 (8,3%) forma parte dun composto masculino.

85. AUGUSTINI, M., *op. cit.*, p. 445.

86. As porcentaxes no caso das mulleres son sensibelmente inferiores debido á importancia do nome de María, o cal ocupa, na maior parte dos casos, a posición inicial. O mesmo acontecerá no caso de Andrade.

	NOMES FEMININOS	%	NOMES MASCULINOS	%
	MARIA	38.18	ANTONIO	18.05
	ANTONIA	10.9	JUAN	11.11
	DOMINGA	10.9	FRANCISCO	9.72
	ISABEL	7.27	PEDRO	9.72
	PASCUA	7	ANDRES	8.3
TOTAL BAUTIZADOS	55		72	
TOTAL NOMES	23		28	

CADRO 13. Nomes máis frecuentes en Nogueirosa entre 1670 e 1688

	NOMES FEMININOS	%	NOMES MASCULINOS	%
	MARIA	52	ANTONIO	59.4
	ANDREA	32	ANDRES	20.7
	ANTONIA	30.6	FRANCISCO	13.5
	FRANCISCA	16	JUAN	13.5
	JUANA	16	DOMINGO	11.71
TOTAL BAUTIZADOS	75		111	
TOTAL NOMES	32		44	

CADRO 14. Nomes máis frecuentes en Nogueirosa entre 1735-1750

	NOMES FEMININOS	%	NOMES MASCULINOS	%
	MARIA	70.67	ANTONIO	43.15
	ANTONIA	25.56	JOSE	16.43
	ANDREA	19.55	JUAN	14.38
	JOSEFA	19.55	PEDRO	14.38
	JUANA	17.29	ANDRES	13.69
TOTAL BAUTIZADOS	133		146	
TOTAL NOMES	47		61	

CADRO 15. Nomes máis frecuentes en Nogueirosa entre 1775-1790

conservar a segunda posición, por diante de Josefa, que gaña importancia aínda que non tanto como a súa versión masculina, Andrea, que ve reducida a súa presenza nas partidas, e Francisca.

Igual que acontecía no caso anterior, Antonio foi empregado fundamentalmente como nome secundario, aparecendo como principal unicamente en 15 ocasións de 178

	NOMES FEMININOS	%	NOMES MASCULINOS	%
	MARIA	28.26	ANTONIO	28.16
	ANTONIA	25.36	JOSE	27.05
	JOSEFA	17.39	MANUEL	19.54
	FRANCISCA	10.86	JUAN	13.21
	JUANA	10.14	FRANCISCO	9.77
TOTAL BAUTIZADOS	138		174	
TOTAL NOMES	37		37	

CADRO 16. Nomes máis frecuentes en Nogueirosa entre 1835-1850

	NOMBRES FEMENINOS	%	NOMBRES MASCULINOS	%
	MARIA	48.12	ANTONIO	37.97
	ANTONIA	24.43	JOSE	17.69
	ANDREA	16.2	ANDRES	14.91
	JOSEFA	14.96	JUAN	13.32
	JUANA	12.21	FRANCISCO	10.93
TOTAL BAUTIZADOS	401		503	
TOTAL NOMBRES	72		88	

CADRO 17. Nomes máis frecuentes en Nogueirosa entre 1678-1850




GRÁFICO 1. Nomes femininos máis frecuentes en Nogueirosa (1678-1835)




GRÁFICO 2. Nomes masculinos máis frecuentes en Nogueirosa (1678-1835)

(8,4%) entre os homes e en 7 de 104 (6,7%) entre as mulleres, mentres que o resto dos antropónimos adoitaba ocupar, na maioría das ocasións, o lugar prioritario, a excepción de Andrea que só aparece nesta posición no 15,38% dos bautismos (María no 77,12% dos casos, José no 72,86%, Josefa no 48,44%, Domingo no 78,57%, Francisca no 45,1% e Juan no 84,21%).

Non é de estrañar, polo tanto, á vista destes resultados, que os nomes compostos máis importantes fosen Andrés Antonio (16), José Antonio (14) e Francisco Antonio (12) para os homes e María Antonia (14), María Andrea (11) e María Nicolasa (11) para as mulleres no caso de Nogueirosa; mentres que no de Andrade foron Domingo Antonio (21), José Antonio (13), Andrés Antonio (11) os máis elixidos entre os homes e María Antonia (17), María Josefa (16), María Andrea (13) e Josefa Antonia (13) os preferidos entre as femias.

Non quixéramos concluír este apartado sen referirnos moi brevemente a unha cuestión dificilmente mesurábel pero de enorme interese historiográfico como é a do idioma. Malia que a maior parte da poboación utilizaba o galego como lingua falada, sendo, en moitas ocasións, a única coñecida, os nomes aparecen escritos nas partidas de bautismo en castelán, o que nos leva a formularnos se no día a día os veciños destas parroquias se sentían identificados con eles ou se, no seu defecto, na vida cotiá empregaban a versión en galego[87].

87. Unha reflexión similar formúlase M. Segalen para unha rexión da Bretaña francesa, o Pays Bigouden, onde todos os documentos oficiais estaban escritos en francés pero os nomes, apelidos e alcumes empregábanse de cotío en bretón. Véxase Segalen, M., *Le Nom caché*, "L'Homme", vol. 20-4 (1980), pp. 63-76.

	NOMES FEMININOS	%	NOMES MASCULINOS	%
	MARÍA	57.84	ANTONIO	80.49
	ANTONIA	41.18	DOMINGO	28.05
	JOSEFA	15.69	JOSÉ	9.76
	ANDREA	14.7	PEDRO	8.54
	JUANA/DOMINGA	10.78	ANDRÉS	7.32
TOTAL BAUTIZADOS	102		82	
TOTAL NOMES	29		27	

CADRO 18. Nomes máis frecuentes en Andrade entre 1735-1750

	NOMES FEMININOS	%	NOMES MASCULINOS	%
	MARÍA	69.05	ANTONIO	68.8
	ANTONIA	28.57	JOSÉ	21.6
	JOSEFA	19.05	PEDRO	14.4
	ANDREA	13.49	FRANCISCO	12.8
	FRANCISCA	11.9	DOMINGO/JUAN	10.4
TOTAL BAUTIZADOS	126		125	
TOTAL NOMES	60		49	

CADRO 19. Nomes máis frecuentes en Andrade entre 1775-1790

	NOMES FEMININOS	%	NOMES MASCULINOS	%
	MARÍA	37.23	JOSÉ	28.92
	ANTONIA	27.66	ANTONIO	21.49
	JOSEFA	25.53	MANUEL	16.53
	MANUELA	13.83	JUAN	16.53
	FRANCISCA	11.7	ANDRÉS	14.05
TOTAL BAUTIZADOS	94		121	
TOTAL NOMES	28		25	

CADRO 20. Nomes máis frecuentes en Andrade entre 1835-1850

	NOMES FEMININOS	%	NOMES MASCULINOS	%
	MARÍA	56.21	ANTONIO	54.27
	ANTONIA	32.3	JOSÉ	21.34
	JOSEFA	7.45	DOMINGO	12.8
	ANDREA	12.11	JUAN	11.58
	FRANCISCA	10.87	MANUEL/ANDRÉS	10.36
TOTAL BAUTIZADOS	322		328	
TOTAL NOMES	70		59	

CADRO 21. Nomes máis frecuentes en Andrade entre 1735-1850




GRÁFICO 3. Nomes masculinos máis frecuentes en Nogueirosa (1678-1835)




GRÁFICO 4. Nomes masculinos máis frecuentes en Nogueirosa (1678-1835)

3.2 A elección do nome de pía

3.2.1 O peso da tradición: o parentesco carnal e o espiritual

A atribución do nome ao recén nacido converteuse no acto central do bautismo, rito que supoñía a súa entrada na comunidade cristiá, pero a súa elección non era o resultado dunha decisión libre senón que estaba sometida ao cumprimento de toda unha serie de regras sociais[88]. Se ben é certo que a pegada relixiosa tiña unha importancia determinante, non foi o único elemento a ter en conta; existía todo un conxunto de factores que axudan a explicar o porqué da presenza de determinados nomes ou cales son as influencias ás que se vían sometidos os pais na imposición dos antropónimos á súa descendencia.

Xunto á influencia relixiosa pódense apreciar na bisbarra eumesa, como no resto do orbe católico, unha serie de factores ou, se aplicamos o termo empregado por Muriel Augustini, de poderes[89], entre os que destacan o familiar, o rexional[90] ou outros, como a festividade celebrada o día do natalicio. Deixando a un lado o factor relixioso, que será tratado detidamente no seguinte apartado, a pegada máis determinante na elección dos nomes dos bautizados no Antigo Réxime foi a familiar e, dentro dela, a dos padriños. A relevancia deste factor deriva da consideración do nome como un indicador familiar, case ao mesmo nivel que o apelido, até tal punto que investigadores como A. Burguière, J. Boutier ou L. Perouas o definen como *un patrimoine familial symbolique dont la transmisión suit les mêmes règles que celle des biens réels*[91], razón que explicaría por que a transmisión de nomes de pais, padriños e avós a fillos foi tan frecuente e tan importante.

Os padriños, pais espirituais do neófito, encargados, tal e como vimos que se lles advertía durante a celebración do sacramento, de garantir a súa adhesión á fe, adquiriron, sen dúbida, un papel fundamental nesta bisbarra, ao ser eles os que elixían e, en moitos casos, transmitían o seu nome ao recén ingresado na comunidade de fieis. A elección dos padriños podía responder a diversas razóns aínda que, no período que nos ocupa, adoitaban ser ben parentes próximos do neno (avós, tíos), ben persoas do seu ámbito social, recorrendo ao *compadrazgo* como medio para reforzar unha rede de alianzas[92], ou ben persoas de certo prestixio social como o cura párroco ou o escribán público de Pontedeume, ao que atopamos asistindo en varias ocasións como padriño. Exemplificador é o caso de Pedro Ramón Mesía, ao que xa aludimos cando estudamos a institución do apadriñamen-

88. Bozon, M., op. cit., pp. 86-87.

89. Augustini, M., op. cit., p. 447.

90. Garnot, B., op. cit., p. 9.

91. Véxase Augustini, M., op. cit., p. 448 e Burguière, A., *Prenoms et parenté*, en Dupâquier, J., Bideau, A., Ducreaux, M.-E. (coords.), *op. cit.*, 29.

92. Véxase o apartado referente ao apadriñamento e o breve, pero enormemente interesante, artigo de Muriel Augustini ao que se fixo referencia con anterioridade.

to, párroco en exercicio entre 1777 e 1783 e a quen era moi frecuente encontrar de padriño xunto a unha muller chamada Margarita, veciña de Centroña, que debía asistir a aquel nas súas tarefas. Nos trece casos en que exerceu de padriño impuxo ao bautizado os dous (8 ocasións) ou, polo menos, un (5) dos seus nomes, feminizados no caso de que fosen nenas. É máis, o nome de Pedro cuxa utilización por parte dos fregueses foi bastante escasa en todo o período estudado, ascendeu considerabelmente nesta época, especialmente na súa versión feminina, Petra, que pasou de non ser empregada até entón a atoparse en 14 bautismos en Nogueirosa e 11 en Andrade entre 1775 e 1790. No caso dos varóns este nome fora utilizado en 7 ocasións entre 1670-1688, 7 en cada parroquia entre 1735 e 1750, ascendendo a 21 en Nogueirosa e a 18 en Andrade no tempo do seu reitorado e reducíndose a 7 e 4, respectivamente, entre 1835 e 1850.

O resultado das análises realizadas non deixa lugar a dúbidas acerca do peso da tradición familiar xa que, tras realizar procuras sistemáticas co fin de encontrar as coincidencias existentes entre os nomes de cada un dos bautizados cos dos seus pais, padriños e avós, tanto paternos como maternos[93], atopámonos en Nogueirosa con 210 casos (23,2%) nos que os pais transmiten o seu nome aos seus fillos, 158 (26,7%) nos que son os avós[94] os transmisores e 612 (67,7%) en que son os padriños os que impoñen o seu antropónimo ao bautizado. No que atinxe a Andrade a situación é idéntica, detectamos 181 (27,8%) bautizados que levan o nome de, polo menos, un dos seus proxenitores, 148 (31,7%) o dos avós e 482 (74,1%) o dos titores espirituais[95]. Non obstante, debemos ter en conta que estes datos non están completos e a súa incidencia real foi máis numerosa dado que, en moitas ocasións, se feminizaron ou masculinizaron os nomes dos padriños en función do sexo do neonato e se os padriños se chamaban, por exemplo, Cosme e Francisca, o bautizado será Cosme Francisco, ou no caso de Juan e Antonia, a nena será Juana Antonia.

Por outro lado é necesario sinalar que os nomes compostos, tan frecuentes nesta bisbarra, permiten que o neno herde a un tempo os nomes dos seus padriños, dos seus pais e, mesmo, dos seus avós, sendo esta a causa que, cremos, explica, se non o xurdimento, si a expansión deste fenómeno[96]. Un exemplo témolo en María Nicolasa Antonia Susana Petronila, bautizada en Andrade o 3 de xaneiro de 1780, filla de Antonio e María e afilla-

93. A abundancia de antropónimos compostos obrigou a complicar esta tarefa buscando as coincidencias que puidesen existir non só no primeiro nome senón en todos os que o formaban.

94. Teñamos en conta que as cifras dos avós só as coñecemos con posterioridade a 1775, polo que a porcentaxe se refire aos dous últimos períodos.

95. Nalgunhas rexións, como Portugalete, os padriños son importantes na transmisión do nome aos seus fillos espirituais pero non alcanzan a relevancia que teñen na bisbarra estudada. Non obstante, noutras zonas como Murcia, analizada por F. Chacón no XVI e XVII, non parece existir unha forte influencia por parte destes. Véxase Hanicot Bourdier, S. N., op. cit., p. 5 e Chacón Jiménez, F., *Identidad y parentescos,...*, p. 48.

96. Este fenómeno tamén é detectado noutras investigacións como a realizada en Santa Columba de Louros. Véxase Martínez López, X. M., *op. cit.*, p. 209.

da de Nicolás e Susana. As vantaxes da atribución de varios antropónimos a un neófito resultan, pois, evidentes: permite, en termos de crenzas relixiosas, incrementar a protección pero, sobre todo, estender os significados e ampliar as intencións, ademais de compaxinar os gustos persoais, as obrigas familiares, as tradicións e as devocións[97].

Como adiantabamos no caso dos padriños, a medida que aumenta a súa elección no seo familiar, increméntase a atribución do seu nome aos neófitos e, igualmente, acontece no caso dos pais e avós que, co paso do tempo e a consolidación dos compostos, fanse máis presentes na transmisión dos antropónimos, o cal, a falta doutros estudos que acaben de botar luz sobre esta cuestión, fai preguntarnos se, como xa sinalaron algúns investigadores, este ben simbólico, que forma parte do patrimonio familiar, emprega os mesmos mecanismos de sucesión e herdanza que as posesións materiais.

A cuestión rexional non resulta tampouco un tema banal aínda que no caso que nos ocupa non parece ter gran relevancia. Algunhas variables confirman esta teoría: en primeiro lugar, a escasa utilización dos santos da parroquia –Cosme só aparece en nove ocasións e Martín en catro– ou de Santiago, patrón de Pontedeume e apóstolo de grande influencia en Galicia debido ao culto xacobeo, que só aparece unha vez en Andrade; esta ausencia, estendida a todo o territorio galego, pode deberse, segundo Domingo L. González Lopo, aos conflitos que o pagamento do Voto de Santiago provocou durante os séculos XVII e XVIII[98]. Así mesmo as advocacións das ermidas máis importantes da bisbarra tampouco deixaron a súa pegada na onomástica como se pode observar no caso de San Miguel de

	NOME PADRIÑO		N. PADRIÑO FEMINIZ.		NOME MADRIÑA		N. MADRIÑA MASCULINIZ.		NOME AMBOS		TOTAL		TOTAL BAUTIZ.	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1673-1688	15	11.8	3	2.4	15	11.8	1	0.8	2	1.6	36	28.3	127	100
1735-1750	69	37.1	8	4.3	36	19.3	7	3.8	30	16.1	150	80.6	186	100
1775-1790	72	25.8	18	6.4	33	11.8	10	3.6	126	45.2	259	92.8	279	100
1835-1850	81	26	26	8.3	72	23.1	28	9	61	19.5	268	85.9	312	100
TOTAL	237	26.2	55	6.1	156	17.3	46	5.1	219	24.2	713	78.9	904	100

CADRO 22. Coincidencia entre nomes de padriños e bautizados en San Cosme de Nogueirosa

97. Véxase Kaplisch-Zuber, C., *Constitutions et variations temporelles des stocks de prénoms*, en Dupâquier, J., Bideau, A., Ducreux, M.-E. (coords.), *op. cit.*, p. 42 e Collomp, A., op. cit., p. 55.

98. González Lopo, D. L., *Las devociones religiosas en la Galicia Moderna. (Siglos XVI-XVIII)*, en AA.VV., *Galicia Renace*, Santiago de Compostela, 1997, p. 299.

	NOME PADRIÑO		N. PADRIÑO FEMINIZ.		NOME MADRIÑA		N. MADRIÑA MASCULINIZ.		NOME AMBOS		TOTAL		TOTAL BAUTIZ.	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1735-1750	58	31.5	15	8.1	50	27.2	3	1.6	22	12	148	80.4	184	100
1775-1790	71	28.3	15	6	50	19.9	10	4	75	29.9	221	88	251	100
1835-1850	63	29.3	12	5.6	47	21.9	15	7	46	21.4	183	85.1	215	100
TOTAL	192	29.5	42	6.5	147	22.6	28	4.3	143	22	553	84.9	650	100

CADRO 23. Coincidencia entre nomes de padriños e bautizados en San Martiño de Andrade

Breamo, cuxa romaría aínda hoxe continúa atraendo un gran número de xente co fin de bicar a súa imaxe, pero cuxo nome só é utilizado en 20 ocasións en total. Parece, pois, que as influencias zonais ou rexionais son pouco relevantes en comparación coa difusión doutro tipo de nomes vinculados ás devocións populares promovidas no tempo da Contrarreforma[99].

Xunto a estes factores que podemos considerar os máis influentes, debemos prestar atención a outros elementos que, dun modo máis ocasional, tiveron tamén a súa relevancia na elección dos nomes e, especialmente, aqueles que se refiren ás coincidencias co calendario litúrxico e o santoral. Na bisbarra eumesa non pareceu ter na decisión dos nomes unha gran influencia a festividade do día de nacemento ou do bautismo, sendo poucos os recén nacidos en que coincide o seu nome co do santo. Un dos máis significativos é o caso dun neno abandonado quen, bautizado o 28 de outubro de 1682, festividade de san Simón, recibiu ese nome. Máis peso teñen, sen dúbida, as grandes celebracións relixiosas como Epifanía ou Pascua: das 38 veces en que se rexistra o nome de Pascua (14 para varóns e 24 para mulleres) observamos que en 13 ocasións coincide coa Semana Santa. Así mesmo nos atopamos con Melchores, Gaspares e Baltasares os días 5 e 6 de xaneiro, sendo o caso máis significativo o de dous irmáns, bautizados o 7 de xaneiro de 1737 en Nogueirosa, aínda que nacidos a véspera, e chamados Domingo Melchor e Andrés Baltasar. Outro tipo de influencias como podían ser os nomes históricos ou de personaxes políticos relevantes non tiveron incidencia ningunha nesta parroquia.

99. É este un fenómeno xeneralizado en toda Galicia. Véxase Saavedra Ferández, P., *La vida cotidiana...*, p. 327. Para C. Kaplisch-Zuber isto débese a que, a partir de Trento, se promoven santos universais fronte a outros locais e rexionais, como os patróns parroquiais. Kaplisch-Zuber, C., *op. cit.*, p. 42.

3.2.2 O peso da relixión: as devocións populares en San Cosme de Nogueirosa e San Martiño de Andrade

As devocións populares[100] foron obxecto de especial atención polas autoridades[101] que intentaron non só levar ao cabo unha depuración e un control dos cultos, de marcado carácter local, senón tamén homoxeneizar estas crenzas dende o poder[102], instaurando un modelo de relixiosidade oficial e universal do que se desterrasen prácticas pagás e pouco ortodoxas. Os múltiples instrumentos utilizados para controlar e dirixir estas devocións (sermóns, formación do clero, ensinanza da doutrina, reforma das ordes relixiosas, confrarías, misións populares, etc.)[103] modificaron, aínda que non radicalmente, a relixiosidade dos fieis e tiveron unha importante repercusión na elección dos nomes pois, como veremos para o caso de Nogueirosa e Andrade, vanse impoñer aqueles vinculados ben ás ordes relixiosas máis populares, como os franciscanos en territorio galego, ben ás novas devocións fomentadas pola Igrexa postridentina[104]. Non obstante, e sen menosprezar a importancia desta reforma, é necesario destacar, por unha parte, que determinadas prácticas ou crenzas anteriores ao Concilio permaneceron ben arraigadas na mentalidade e na vida cotiá dos galegos no Antigo Réxime[105]; e, por outra, que existiron determinadas devocións con grande raizame popular que non quedaron rexistradas na onomástica[106]; de aí que sexa

100. Para poder coñecer o conxunto de devocións imperantes nesta parroquia é moi importante enmarcala na súa bisbarra pois, como vimos, as redes de parentesco e veciñanza se estendían ás freguesías circundantes, pertencentes ou non ao mesmo concello, especialmente, Doroña, Breamo, Andrade, Centroña, Grandal, Vilar, Ombre, Boebre, Limodre, Porto e Pontedeume. Tanto na vila coma nos pobos dos arredores celebrábanse, e aínda hoxe continúan facéndoo, determinadas festas e romarías moi concorridas e que, en moitas ocasións, eran demostrativas da veneración que se tiña a determinados santos. Entre elas, destacan: a festa do patrón en Nogueirosa; o Espírito Santo en Ombre (o luns de Pentecostés); San Pedro e Santa Margarida en Vilar; San Miguel, festexado o 8 de maio e o 29 de setembro, en Breamo; a Ascensión, a Virxe do Carme, a Asunción de Nosa Señora e San Roque en Centroña; Santo Andrés e Santo Estevo en Cabanas; San Lorenzo en Laraxe, Santa Eulalia en Limodre; a Virxe das Neves na Capela; San Ramón en Doroña; A Nosa Señora de Cela en Monfero; San Bartolomeu en Bañobre; San Martiño en Porto; e, entre as máis importantes as que tiñan lugar na vila, a Virxe das Virtudes (solo dende comezos do XIX), que tiña fama de milagrosa en toda a bisbarra, a Semana Santa, o Corpus e a súa Oitava, San Nicolás de Tolentino, moi popular porque se lle atribúe o milagre de tranquilizar o incendio que asolou ao pobo o 11 de agosto de 1607, a Inmaculada Concepción e a Conmemoración dos Fieis Defuntos. Distintas congregacións relixiosas estiveron tamén asentadas na zona aínda que a mediados do Oitocentos non había ningún convento no conxunto das freguesías da xurisdición. Nos séculos modernos, especial importancia tiveron os Agostiños, que, grazas a Fernando de Andrade, fundaron un convento de gran influencia en Pontedeume. Entre os mosteiros destacaron o de Caaveiro, que, aínda que de orixe benedictino, estivo até o seu abandono rexido pola orde de santo Agustiño, e o de Monfero, primeiro habitado por monxes negros pero que coa reforma pasou aos brancos. Así mesmo cabe destacar que unha parte importante das terras de Nogueirosa, que estaban aforadas na súa maioría, pertencían ao Mosteiro de Sobrado.

101. Véxase González Lopo, D. L., Las devociones religiosas..., p. 290.

102. Fernández Cortizo, C., *Los misioneros populares y la devoción del Rosario de Nuestra Señora en Galicia (siglos XVI-XVII)*, en Romaní Martínez, M., Novoa Gómez, M. A. (eds.), *Homenaje a José García Oro*, Santiago de Compostela, 2002, p. 155.

103. González Lopo, D. L., *Las devociones religiosas,...*, p. 290.

104. González Lopo, D. L., *De bárbaros a devotos: la reforma tridentina en Galicia (1550-1750)*, en Amores Carredano, J. B. (coord.), *Religión, herejías y revueltas sociales en Europa e América*, Bilbao, 2008, p. 170.

105. González Lopo, D. L., *Las devociones religiosas,...*, p. 303; López López, R. J., *Religiosidad popular en Galicia durante el Antiguo Régimen*, en AA.VV., *O Feito Relixioso...*, p. 111.

106. Sobrado Correa, H., *Evolución de las devociones populares en la Galicia interior del Antiguo Régimen a través de la onomástica*, "Boletín de estudios del Seminario "Fontán-Sarmiento" de hagiografía, toponimia y onomástica de Galicia", 19 (1998), p. 69.

necesario compaxinar esta análise coa doutras variables como son as esmolas, as confrarías, as misas, as mencións en mandas testamentarias, etc.[107].

Unha vez analizado o peso que as tradicións familiares e rexionais tiveron na imposición dos nomes aos neófitos, resta preguntarnos cal foi a incidencia real do poder relixioso ou ben, formulando a cuestión dende outro punto de vista, até que punto estas eleccións reflicten as devocións imperantes entre a comunidade parroquial. A resposta, como veremos, parece clara. Dos 160 antropónimos diferentes que foron utilizados polos veciños de Nogueirosa entre 1678 e 1850, oito deles representan o 49,38% sobre o total de nomes de bautizados rexistrados nas 904 partidas[108]. Pola súa banda, en Andrade, das 129 variables empregadas entre 1735 e 1850, nove delas supoñen o 54,57%. Non é casualidade que estes fosen María, Antonio, Antonia, Andrea, José, Josefa e Juan en ambas as dúas, ademais de Andrés na matriz e Domingo no anexo, é dicir, os pertencentes a algúns dos santos máis venerados en época moderna no mundo católico.

É por iso que podemos afirmar que o estudo da onomástica empregada nestas parroquias dende finais do XVII até mediados do XIX demostra a existencia dunha serie de continuidades e cambios nas eleccións dos nomes que, en boa medida, responden e reflicten o dinámico e complexo mundo das devocións populares no seo da relixiosidade contrarreformista e que se exemplifican nas figuras de santo Antonio, santo con gran tradición e raizame popular dende a baixa Idade Media[109], e san Xosé, cuxo culto foi potenciado polas elites eclesiásticas postridentinas como exemplo de modelo paterno.

Un dos fenómenos máis rechamantes é que os nomes máis utilizados, a excepción do da Virxe, son propios de santos que no caso das mulleres foron feminizados. A influencia de santas parece, polo tanto, de menor importancia, sendo santa Catalina e santa Ana en Nogueirosa, con presenza en nove partidas cada unha, as que aparecen con máis frecuencia, aínda que, se atendemos á súa evolución diacrónica, observamos que na primeira metade do XIX tenden a desaparecer, mentres que, en Andrade, santa Lucía e santa Rosa, con oito e seis rexistros respectivamente, son as *máis* elixidas. A figura da nai de Xesús, cuxo culto foi potenciado polo Concilio tridentino como intercesora para a salvación e que se converteu para os campesiños nun personaxe próximo e moi presente na súa

107. González Lopo, D. L., *De bárbaros a devotos,...*, p. 167.

108. Atopar que un número reducido de nomes acapara gran parte dos do conxunto de bautizados, a pesar da diversificación que van sufrir en época moderna, é un fenómeno frecuente que xa foi posto de manifesto para outras zonas de Galicia, Castela, Portugal ou Francia. Véxase Sobrado Correa, H., *Evolución de las devociones populares*..., pp. 65-68; Pereira Fernández, X. M., *A Pontevedra de Felipe II*, Valga, 2000, p. 109; Saavedra Fernández, P., *La vida cotidiana*..., pp. 324-327; Larquié, C., *op. cit*, pp. 129-133; Molinié-Bertrand, A., *Au siècle d'or l'Espagne et ses hommes. La population du Royaunne de Castille au XVIe siècle*, París, 1985, pp. 325-327; Simas Betancourt Amorim, M. N., *Rebordãos e a sua população nos sécalos XVII e XVIII (estudio demografico)*, Lisboa, 1973, pp. 55-56; Garnot, B., *op. cit.*, pp. 5-8.

109. Saavedra Fernández, P., *La vida cotidiana...*, p. 330.

vida cotiá[110], protagoniza o segundo fenómeno a destacar no referente aos nomes femininos, non tanto pola súa utilización, universalmente estendida a toda a cristiandade en todos os territorios analizados e en calquera momento de época moderna ocupa sempre o primeiro lugar a grande distancia das seguintes[111], senón pola escasa importancia que na onomástica adquiren as súas diversas advocacións, xeneralizadas ao longo dos séculos modernos, especialmente a Virxe do Rosario, difundida grazas ao labor dos dominicos, a Inmaculada Concepción, ou, xa a finais do XVIII, a Virxe do Carme ou a das Dores, popularizada pola Orde dos Servos de María[112], cuxos nomes si se foron estendendo dende a primeira década do XIX noutros lugares de Galicia como o bispado de Tui[113]. De feito nestas parroquias atopámonos unicamente con catro Carmenes, catro Concepciones, doce Dolores, unha Esperanza e unha Rosario, todas elas rexistradas a partir do último terzo do XVIII, fronte ás 374 veces en que aparece María que, se ben é certo, perde importancia na primeira metade do XIX, continúa sendo o nome feminino preponderante.

Deixando a un lado a relevancia e influencia xeneralizada e indiscutíbel do culto á Virxe, nas partidas de bautismo destas parroquias existe un predominio case absoluto de nomes de santos vinculados, por un lado, ás ordes mendicantes de orixe medieval, especialmente, a franciscana, e, por outro, aos Evanxeos, cuxa difusión se produciu a partir de 1563 polo interese, xa mencionado, da xerarquía eclesiástica de estabelecer as diferenzas cos protestantes. Aínda que san Francisco e santo Domingo tiveron unha relevancia notábel na onomástica desta bisbarra, o franciscano san Antonio é, sen dúbida, o exemplo paradigmático da influencia das ordes mendicantes, posto que o seu nome estivo presente no 31,96% dos rexistros (no 37, 97% das masculinas e no 24,43% das femininas) de Nogueirosa e no 43,38% (54,27% e 32, 30%, respectivamente) dos de Andrade.

A preponderancia de santo Antonio resulta de extraordinario interese xa que nela conflúen tres fenómenos distintos que reflicten os diversos mecanismos e dinámicas que inciden na onomástica. En primeiro lugar, responde á extraordinaria popularidade e influencia que a orde tivo en Galicia, onde dispuxo de 24 conventos, fundados en dúas ondadas e nos que, á altura de 1808, tiñan acollidos 1017 frades[114]; relevancia reflectida

110. Saavedra Fernández, P., *La vida cotidiana...*, p. 330.

111. Só nos atopamos cunha excepción en Marsella onde predomina o nome da nai da virxe, santa Ana, véxase Vovelle, M., *op. cit.*, pp. 179-180. Para Lugo véxase Sobrado Correa, H., "Evolución de las devociones populares,...", pp. 65-68 e Sobrado Correa, H., *Las Tierras de Lugo...*, p. 534; para Ourense, Saavedra Fernández, P., *La vida cotidiana...*, p. 324; para Pontevedra, Pereira Fernández, X. M., *op. cit.*, p. 109; para Castela, Molinié-Bertrand, A., *op. cit.*; para Salamanca, Saugnieux, J., *Cultures populaires et cultures savantes en Espagne: du moyen age aux lumières*, París, 1982, p. 118; para Madrid, Larquié, C., op. cit, pp. 129-130; para Rebordãos, Simas Betancourt Amorim, M. N., *op. cit.*; para distintas zonas de Francia, GARNOT, B., op. cit., p. 5 e Augustini, M., op. cit., pp. 445.

112. González Lopo, D. L., *Las devociones religiosas,...*, p. 302 e González Lopo, D. L., *Onomástica y devoción...*, pp. 169-170.

113. *Ibidem*, pp. 179-180.

114. Rey Castelao, O., *op. cit*., p. 92.

non só na onomástica senón tamén noutras decisións cruciais da vida dos individuos como a morte, sendo o seu hábito o elixido como mortalla en boa parte dos testamentos[115]. En segundo lugar porque entorno á figura de santo Antonio vaise producir un fenómeno de asimilación entre un ermitán exipcio moi popular dende a Idade Media, santo Antonio Abade, e santo Antonio de Padua quen, difundido máis tardiamente polos franciscanos, viu incrementadas as súas virtudes grazas ás do anacoreta e acabou tendo máis importancia que o propio san Francisco de Asís, aínda que a presenza deste en Andrade e Nogueirosa non é, en absoluto, desdeñábel[116]. Deste modo, o santo de Padua converteuse no defensor contra a peste, atributo inicial do santo Antonio Abade, protector dos animais, procurador de sanación de numerosas enfermidades humanas e animais, así como no santo que *atopa* os obxectos perdidos e, mesmo, marido ás mulleres solteiras[117]. En último lugar, o fenómeno que máis nos interesa neste traballo é a importante devoción que este santo tivo, e aínda ten, na zona de Pontedeume: a súa imaxe, á entrada da vila, converteuse dende antigo, en lugar de chegada de xentes das parroquias próximas co fin de ofrecerlle unha esmola ou de cumprir unha promesa; esmolas denominadas polo pobo como *o pan dos pobres* pois permitían alimentar durante todo o ano os pobres e os anciáns dependentes do asilo. En San Martiño de Andrade esta devoción manifestouse na fundación dunha confraría baixo a súa advocación que sabemos que existiu, polo menos, entre 1672 e 1849.

Emporiso, non todas as ordes mendicantes gozaron desta difusión. Por exemplo, a presenza dos agostiños na vila durante os séculos modernos non se viu reflectida na onomástica[118], a excepción de san Nicolás de Tolentino, cuxo nome foi imposto a 51 nenas e 39 nenos e cuxa devoción se debe a que a tradición lle atribúe o milagre de aplacar un incendio que asolou Pontedeume o 11 de agosto de 1607, polo que, quince anos máis tarde, o Concello tomou a decisión de efectuar un voto, aínda hoxe celebrado cada 10 de setembro[119]. Pola súa parte, o patrón dos dominicos, sen alcanzar o nivel de santo Antonio ou san Francisco, tivo tamén unha representación máis que notábel en Nogueirosa, sendo o seu nome portado por 34 nenos e 18 nenas. Non obstante, en Andrade, foi imposto a 42 e 24 respectivamente, superando no caso dos varóns ao fundador dos franciscanos.

Xunto a santo Antonio, aínda que a certa distancia, atópanse outros nomes de santos neotestamentarios, moi próximos á figura de Xesús, tradicionais algúns, e difundidos

115. *En Tui lo solicita un 85% de los testadores a comienzos del siglo XVIII, y a finales de esta centuria, un 91%, y en Santiago también en torno al 85%.* López López, R. J., "El ámbito religioso gallego durante la Edad Moderna", en AA. VV., *Galicia Renace...*, p. 100. Sobre esta cuestión véxase González Lopo, D. L., *Los comportamientos religiosos en la Galicia del Barroco*, Santiago de Compostela, 2002.

116. O seu nome é portado en Nogueirosa por 55 nenos e 42 nenas.

117. Pérez López, S. L., *op. cit.*, p. 64, González Lopo, D. L., *Las devociones religiosas,...*, p. 298 e Saavedra Fernández, P., *La vida cotidiana...*, p. 330.

118. 14 nenos portaron este nome e 4 nenas a súa versión feminina.

119. Couceiro Freijoomil, A., *op. cit.*, pp. 383-386.

ex profeso pola xerarquía eclesiástica no marco da Contrarreforma outros. O segundo lugar ocúpao o marido da Virxe, presente no 16,48% das partidas de Nogueirosa e no 20,61% das de Andrade. O culto a san Xosé foi potenciado dende Trento como modelo paterno, sempre da man do seu fillo, garante dun matrimonio feliz e axudante no bo morrer, recuperándoo así do aletargamento que sufrira nos séculos medievais e outorgándolle un papel central na representación da Sagrada Familia[120]. Non sorprende, polo tanto, que a súa presenza nos bautismos se acrecentase notoriamente entre finais do XVII e mediados do XIX (44 entre 1735-1750, 101 entre 1775-1790 e 131 entre 1835-1850).

Destacan tamén os nomes de Andrés/Andrea, Juan/Juana e Manuel/Manuela. O primeiro tivo unha especial difusión en Galicia, grazas ao seu santuario en Teixido[121] e estivo presente no 15,48% dos bautismos da matriz e no 11,2% dos do anexo. San Xoán, aínda que non sabemos se Bautista, o curmán de Xesús, ou Evanxelista, irmán de Santiago o Maior e o apóstolo predilecto, goza tamén dunha importante devoción, sendo o seu nome empregado polo 12,83% dos bautizados en San Cosme de Nogueirosa e polo 10,15% en San Martiño de Andrade. Pola súa parte, san Manuel, o neno-Deus, foi gañando relevancia paulatinamente até converterse nun dos nomes preferidos a mediados do XIX. En conxunto foi elixido para o 9,73% dos bautizados na primeira e para o 8,46% da segunda.

Finalmente outros santos como san Ramón, protector das parturientas, san Miguel, patrón da ermida máis importante da zona, san Roque, titular dunha das confrarías máis relevantes, ou san Pedro, portador das chaves do Ceo, están, en comparación cos anteriores, menos representados na onomástica pero iso non implica que o seu culto non fose popular ou non estivese xeneralizado entre os fieis. Observamos, pois, que nestas freguesías aos santos venerados dende o medievo, os predominantes, se engaden outros que responden á relixiosidade contrarreformista e barroca fomentada por diversas vías e que, artisticamente, deixou a súa pegada nas igrexas e retablos construídos no Setecentos e o Oitocentos[122]. Por iso, en liñas xerais e a excepción dos elementos tipicamente rexionais (como é o predominio absoluto de Antonio nos catro períodos analizados), as tendencias detectadas e expostas para a bisbarra eumesa son moi similares ás que xa foran postas de manifesto por diversos investigadores para outras zonas de Galicia, Castela, a Península e, en xeral, para o conxunto do catolicismo.

120. González Lopo, D. L., *Las devociones religiosas,...*, p. 300 e Saavedra Fernández, P., *La vida cotidiana...*, p. 330.

121. González Lopo, D. L., *Las devociones religiosas,...*, pp. 298-299.

122. Non por casualidade na igrexa parroquial de Pontedeume, construída a mediados do XVIII, a instancias do arcebispo Rajoy erixíronse no cruceiro catro altares dedicados á Purísima, á Virxe das Dores, á Virxe do Rosario e ao Santísimo Cristo e Ánimas, e outros catro en cada unha das naves dedicados a san Xoán Bautista, a Santísima Trinidade, a Sagrada Familia, o Ecce Homo, a Virxe das Neves, san Luis Gonzaga, a Virxe do Carme e santo Antonio. Véxase Couceiro Freijomil, A., *op. cit.*, pp. 410-411. Véxase tamén De Castro Álvarez, C., Vázquez Arias, J. C., *La Iglesia de Santiago de Pontedeume. Historia y patrimonio artístico*, A Coruña, 2003.

4. CONCLUSIÓNS

Aproximarnos á institución do apadriñamento e estudar os factores que inflúen e determinan a onomástica foron as cuestións que nos propuñamos estudar neste traballo co fin de analizar como se interrelacionaron entre si nun marco crono-xeográfico determinado: a comarca eumesa entre finais do XVII e mediados do XIX. Dúas variables enormemente interesantes por si mesmas e que, en conxunto, permitiron achegármonos ao funcionamento e articulación das comunidades nesta rexión, partindo dos casos concretos de San Martiño de Andrade e San Cosme de Nogueirosa.

Nesta bisbarra os fogares caracterizábanse polo predominio das estruturas nucleares pero as relacións sociais e familiares superaban amplamente o límite das casas. O apadriñamento é, como tivemos a oportunidade de ver, boa proba diso. Os vínculos de tipo espiritual estabelecidos entre os padriños e os afillados e, sobre todo, entre aqueles e os seus compadres, permitían crear e consolidar redes de alianzas, xa fosen o resultado de vínculos de amizade, veciñanza ou de familia, no seo da comunidade parroquial pero tamén no marco comarcal pois unha porcentaxe elevada de titores espirituais procedía de freguesías limítrofes e, até, doutros bispados. Esta institución, que foi estritamente regulada no Concilio de Trento, tendeu paulatinamente cara a unha familiarización pola que os pais elixiron cada vez máis aos padriños dos seus fillos entre os do seu sangue, especialmente entre os seus tíos e os seus avós, pero, en contra do que puidese parecer, iso non supuxo unha perda de importancia deste instrumento como mecanismo para consolidar este tipo de lazos sociais.

Pola súa banda, a onomástica, concibida tradicionalmente como medidor das devocións populares máis arraigadas así como do proceso de introdución e difusión das mesmas nun territorio, permitiunos, para o caso de Nogueirosa e Andrade, aproximarnos, efectivamente, ás mentalidades e crenzas dos seus habitantes ao longo da época moderna pero, sobre todo, deunos a oportunidade de coñecer a transcendental relevancia que outros factores tiveron na elección dos nomes impostos aos bautizados. Entre eles destaca o desexo dos familiares, sobre todo dos pais espirituais, de transmitir ao acabado de nacer un dos seus principais acenos de identidade; o que explicaría a importancia que, na comarca eumesa, adquiriron os compostos, nomes complexos de dous, tres, catro e até cinco termos que só de cando en cando serían empregados completos na vida cotiá. Iso fainos ser conscientes da relevancia que a elección dun ou doutro nome tería, pois estes formaban parte do patrimonio simbólico familiar e convertéronse nun elemento de identidade fundamental nestas comunidades.

Apadriñamento e onomástica foron, polo tanto e ao cabo, dous instrumentos de articulación das relacións sociais que nun proceso paulatino tenderon cara a unha familia-

rización, no seu máis amplo significado, converténdose en mecanismos fundamentais para a organización, consolidación e identificación destes grupos de parentesco no seo das parroquias.

5. FONTES E BIBLIOGRAFÍA

5.1 Fontes

AGS, Dirección General de Rentas, 1ª Remesa. Catastro de Ensenada. Respuestas Generales. Libro nº 156. Interrogatorio de San Martiño de Andrade.

AGS, Dirección General de Rentas, 1ª Remesa. Catastro de Ensenada. Respuestas Generales. Libro nº 159. Interrogatorio de San Cosme de Nogueirosa.

AGS, Dirección General de Rentas, 1ª Remesa. Catastro de Ensenada. Respuestas Generales. Libro nº 160. Interrogatorio de Santiago de Pontedeume.

ARG, Real Intendencia de Galicia, Catastro del Marqués de la Ensenada, Parroquia de San Cosme de Nogueirosa, Real de Legos, 1.996.

ARG, Real Intendencia de Galicia, Catastro del Marqués de la Ensenada, Parroquia de San Cosme de Nogueirosa, Real de Eclesiásticos, 1.999.

ARG, Real Intendencia de Galicia, Catastro del Marqués de la Ensenada, Parroquia de San Martiño de Andrade, Real de Legos, 115.

AHDS, Fondo de San Cosme de Nogueirosa, Serie Libros Sacramentales, 1 (Bautizados, 1614-1720; casados, 1615-1720; difuntos, 1614-1700).

AHDS, Fondo de San Cosme de Nogueirosa, Serie Libros Sacramentales, 2 (Bautizados, 1720-1779).

AHDS, Fondo de San Cosme de Nogueirosa, Serie Libros Sacramentales, 3 (Bautizados, 1779-1814).

AHDS, Fondo de San Cosme de Nogueirosa, Serie Libros Sacramentales, 4 (Bautizados, 1814-1843).

AHDS, Fondo de San Cosme de Nogueirosa, Serie Libros Sacramentales, 5 (Bautizados, 1844-1852).

AHDS, Fondo de San Cosme de Nogueirosa, Serie Libros Sacramentales, 6 (Bautizados, 1852-1857).

AHDS, Fondo de San Cosme de Nogueirosa, Serie Libros Sacramentales, 6 (Bautizados, 1858-1881).

AHDS, Fondo de San Cosme de Nogueirosa, Serie Libros Sacramentales, 12 (Casados, 1720-1857).

AHDS, Fondo de San Cosme de Nogueirosa, Serie Administración Parroquial, 1 (Libro de Fábrica, 1612-1753).

AHDS, Fondo de San Cosme de Nogueirosa, Serie Administración Parroquial, 2 (Libro de Fábrica, 1753-1860).

AHDS, Fondo de San Martiño de Andrade, Serie Libros Sacramentales, 1 (Bautizados 1715-1759; difuntos 1717-1722).
AHDS, Fondo de San Martiño de Andrade, Serie Libros Sacramentales, 2 (Bautizados, 1759-1794).
AHDS, Fondo de San Martiño de Andrade, Serie Libros Sacramentales, 3 (Bautizados, 1794-1852).
AHDS, Fondo de San Martiño de Andrade, Serie Libros Sacramentales, 4 (Bautizados, 1852-1857; casados, 1852-1857; difuntos 1852-1857).
AHDS, Fondo de San Martiño de Andrade, Serie Libros Sacramentales, 5 (Bautizados, 1857-1893).
AHDS, Fondo de San Martiño de Andrade, Serie Libros Sacramentales, 6 (Casados, 1722-1852).
AHDS, Fondo de San Martiño de Andrade, Serie Administración Parroquial, 1 (Libro de Fábrica, 1818-1858).

5.2 Bibliografía

AA. VV., *Galicia Renace*, Santiago de Compostela, 1997.
AA.VV., *O Feito Relixioso na Historia de Galicia*, Noia, 1993.
ALFANI, G., *I padrini: patroni o parenti? Tendenze di fondo nella selezione dei parenti spirituali in Europa (XV-XX secolo)*, "Nuevo mundo. Mundos Nuevos" (Coloquios 2008), 2008, URL:<http://nuevomundo.revues.org/30172 >
ALFANI, G., *La Iglesia y el padrinazgo: ¿una institución social rebelde? (Italia, España y Europa desde el siglo V hasta la actualidad)*, "Revista de Demografía Histórica", vol. 26-1 (2008), pp. 87-124.
ALFANI, G., *Fathers and Godfathers. Spiritual Kinship in Early-Modern Italy*, Farnham, 2009.
ALFANI, G., GOURDON, V., *Fêtes du baptême et publicité des réseaux sociaux en Europe occidentale. Grandes tendances de la fin du Moyen-âge au XXe siècle*, "Annales de Demographie Historique", 1 (2009), pp. 153-189.
ALFANI, G., *Godparenthood and the Council of Trent: crisis and transformation of a social institution (Italy, XV-XVIIth centuries)*, "Obradoiro de Historia Moderna", 18 (2009), pp. 45-69.
ARIÈS, P., *L'enfant et la vie familiale sous l'Ancien Régime*, París, 1973.
AUGUSTINI, M., *Noms de baptême dans quatre paroisses de la Beauce et du Perche au XVIIe siècle*, "Population", 2 (1989), pp. 445-451.
BALLESTEROS DÍEZ, J. A., *Onomástica y mentalidades en el siglo XVI*, "Espacio, tiempo y forma. Serie IV, Historia moderna", 17 (2004), pp. 27-58.
BARREIRO MALLÓN, B., *La diócesis de Santiago en la época moderna*, en GARCÍA ORO, J. (coord.), *Iglesias de Santiago de Compostela y Tuy-Vigo*, Madrid, 2002, pp. 177-408.

BOZON, M., *Histoire et sociologie d'un bien symbolique, le prénom*, "Population", 1 (1987), pp. 83-98.

BURGUIÈRE, A., *Un nom pour soi*, "L'Homme", vol. 20-4 (1980), pp. 25-42.

Catecismo para los párrocos según el decreto del Concilio de Trento mandado publicar por San Pío V, pontífice máximo y después por Clemente XIII, Madrid, 1911.

CHACÓN JIMÉNEZ, F., *Identidad y parentescos ficticios en la organización social castellana de los siglos XVI y XVII. El ejemplo de Murcia*, en REDONDO, A. (dir.), *Les parentés fictives en Espagne (XVIe-XVIIe siècles)*, París, 1988, pp. 37-50.

CHACÓN JIMÉNEZ, F., HERNÁNDEZ FRANCO, J., GARCÍA GONZÁLEZ, F. (eds.), *Familia y organización social en Europa y América, siglos XV-XX*, Murcia, 2007

CHACÓN JIMÉNEZ, F., HERNÁNDEZ FRANCO, J. (eds.), *Espacios sociales, universos familiares. La familia en la historiografía española*, Murcia, 2007.

COLLOMP, A., *Le Nom gardé*, "L'Homme", vol. 20-4 (1980), pp. 43-61.

COUCEIRO FREIJOMIL, A., *Historia de Puentedeume y su comarca*, Pontedeume, 1971.

DARLU, P., *Patronymes et démographie historique*, "Annales de démographie historique", 2 (2004), pp. 53-66.

DÁVIÑA SÁINZ, S., *Pontedeume a través del Catastro de Ensenada*, "Cátedra. Revista Eumesa de Estudios", 8 (2001), pp. 113-159.

DÁVIÑA SÁINZ, S., *Las parroquias de la jurisdicción de la villa de Pontedeume a través del interrogatorio del Catastro de Ensenada*, "Cátedra. Revista Eumesa de Estudios", 9 (2002), pp. 179-230.

DE CASTRO ÁLVAREZ, C., VÁZQUEZ ARIAS, J. C., *La Iglesia de Santiago de Pontedeume. Historia y patrimonio artístico*, A Coruña, 2003.

DUPÂQUIER, J., BIDEAU, A., DUCREUX, M.-E. (coords.), *Le prénom mode et histoire. Les entretiens de Malher 1980*, París, 1984.

FARIÑA JAMARDO, X., *Os concellos galegos (parte xeral)*, A Coruña, 1990.

FARIÑA JAMARDO, X., *Os concellos galegos (parte especial)*, A Coruña, 1993, t. VII.

FARIÑA JAMARDO, X., *A parroquia rural en Galicia*, Santiago de Compostela, 1996.

FERNÁNDEZ CORTIZO, C., *Los misioneros populares y la devoción del Rosario de Nuestra Señora en Galicia (siglos XVI-XVII)*, en ROMANÍ MARTÍNEZ, M., NOVOA GÓMEZ, M. A. (eds.), *Homenaje a José García Oro*, Santiago de Compostela, 2002, pp. 153-170.

GARCÍA Y GARCÍA, A. (dir.), *Synodicon Hispanum*, Tomo I: *Galicia*, Madrid, 1981.

GARCÍA GONZÁLEZ, F. (coord.), *La historia de la familia en la Península Ibérica (siglos XVI-XIX). Balance regional y perspectivas. Homenaje a Peter Laslett*, Cuenca, 2008.

GARCÍA PAZOS, F. (coord.), *A parroquia rural en Galicia. Pasado, presente e futuro*, Santiago de Compostela, 2009.

GARNOT, B., *Les prenoms populaires à Chartres au XVIIIe siècle*, "Revue historique", 561 (1987), pp. 3-10.

GONZÁLEZ LOPO, D. L., *Onomástica y devoción: la difusión de nuevos cultos marianos en la Galicia Meridional durante los siglos XVIII y XIX: el obispado de Tuy*, "Obradoiro de Historia Moderna", 1 (1992), pp. 165-183.

GONZÁLEZ LOPO, D. L., *Los comportamientos religiosos en la Galicia del Barroco*, Santiago de Compostela, 2002.

GONZÁLEZ LOPO, D. L., *De bárbaros a devotos: la reforma tridentina en Galicia (1550-1750)*, en AMORES CARREDANO, J. B. (coord.), *Religión, herejías y revueltas sociales en Europa y América*, Bilbao, 2008, pp. 141-171.

GONZÁLEZ NOVALÍN, J. L., *Religiosidad y Reforma del pueblo cristiano*, en GARCÍA VILLOSLADA, R. (coord.), *Historia de la Iglesia en España*, Madrid, 1980, vol. 4, pp. 351-384.

HANICOT BOURDIER, S. N., *Ensayo sobre la religiosidad de una comunidad vasca en los siglos XVIII y XIX*, "Procesos históricos. Revista Semestral de Historia, Arte y Ciencias Sociales", 10 (2006), pp. 1-16.

HENRY, L., *Manual de Demografía Histórica*, Barcelona, 1983.

KLAPISCH-ZUBER, C., *Le Nom «refait»*, "L'Homme", vol. 20-4 (1980), pp. 77-104.

LARQUIÉ, C., *Mentalités et comportements à l'époque moderne: le prénom des enfants madrilènes aux XVIIe et XVIIIe siècles*, en AMAlRIC, J-P. (ed.), *Pouvoirs et société dans l'Espagne Moderne: hommage à Bartolomé Bennassar*, Toulouse, 1993, pp. 124-147.

MARTÍNEZ LÓPEZ, X. M., *Estudio da evolución onomástica na Parroquia de Santa Columba de Louro alias «Cordeiro» 1630-1850*, en "II Premio de Investigación "Xesús Ferro Couselo", 1997", Valga, 1998, pp. 183-236.

MENJOT, D., *Los nombres de bautismo de los Murcianos durante la Baja Edad Media: un testimonio sobre su universo mental y religioso*, "Areas", 1 (1982), pp. 9-18.

MOLINIÉ-BERTRAND, A., *Au siècle d'or l'Espagne et ses hommes. La population du Royaunne de Castille au XVIe siècle*, París, 1985.

MONTAIGNE, M., *Los ensayos (según la edición de 1595 de Marie de Gournai)* (ed. y trad. J. Bayod Brau), Barcelona, 2007.

PEREIRA FERNÁNDEZ, X. M., *A Pontevedra de Felipe II*, Valga, 2000.

PÉREZ LÓPEZ, S. L., *La Iglesia en la Galicia bajomedieval (1215-1563)*, Santiago de Compostela, 2003.

PICARD, J., *Prénoms de naissance et prénoms de baptême. Prénoms usuels. Un aspect de la mentalité religieuse rurale au XIXe siècle*, "Annales de Démographie Historique", 1990, pp. 345-356.

PORTELA SILVA, E., PALLARES MÉNDEZ, M. C., *Edad Media: la iglesia de la historia*, en GARCÍA QUINTELA, M. V. (coord.), *Las religiones en la historia de Galicia*, Santiago de Compostela, 1996, pp. 91-140.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, Barcelona, 1994.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *Das casas de morada ó monte comunal*, Vigo, 1996.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *A Galicia do Antigo Réxime (ca. 1480-ca. 1835). A Sociedade. Frades, cregos e fidalgos*, en BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., VILLARES PAZ, R., (dirs.), *A Gran Historia de Galicia*, A Coruña, 2007, Tomo VII, vol. 1.

SAUGNIEUX, J., *Cultures populaires et cultures savantes en Espagne: du moyen age aux lumières*, París, 1982.

SEGALEN, M., *Le Nom caché*, "L'Homme", vol. 20-4 (1980), pp. 63-76.

SIMAS BETANCOURT AMORIM, M. N., *Rebordãos e a sua população nos sécalos XVII e XVIII (estudio demografico)*, Lisboa, 1973.

SOBRADO CORREA, H., *Evolución de las devociones populares en la Galicia interior del Antiguo Régimen a través de la onomástica*, "Boletín de estudios del Seminario "Fontán-Sarmiento" de hagiografía, toponimia y onomástica de Galicia", 19 (1998), pp. 64-74.

SOBRADO CORREA, H., *Las Tierras de Lugo en la Edad Moderna. Economía campesina, Familia y Herencia, 1550-1860*, Betanzos, 2001.

VOVELLE, M., *Piété baroque et déchristianisation en Provence au XVIII*^{e} *siècle*, Saint-Amand, 1973.

ZONABEND, F., *Le Nom de personne*, "L'Homme", vol. 20-4 (1980), pp. 7-23.

6. ANEXOS

6.1 Evolución dos nomes masculinos simples por período en Nogueirosa

NOME	1670-1678	1735-1750	1775-1790	1835-1850	TOTAL
AGAPITO	0	0	0	1	1
AGUSTIN	1	3	3	0	7
ALBERTO	0	2	4	0	6
ALEXO	0	1	0	0	1
ALONSO	1	0	3	0	4
ANDRES	6	35	20	14	75
ANGEL	0	3	0	1	4
ANIMAS	0	0	1	0	1
ANSELMO	0	0	1	0	1
ANTONIO	13	66	63	49	191
BALTASAR	0	2	1	0	3
BARTOLOME	2	3	2	0	7
BASILIO	0	0	0	1	1
BASTIAN	1	0	0	0	1
BERNABE	0	0	1	0	1
BERNARDO	0	3	4	2	9
BLAS	0	0	2	0	2
BRICIO	0	0	0	1	1
BRUNO	0	1	0	0	1
CALISTO	0	0	1	0	1
CARLOS	0	0	2	0	2
CAYETANO	0	0	3	3	6
CIPRIANO	0	4	0	1	5
CLEMENTE	0	0	2	0	2
COSME	1	2	6	0	9
CRISTOBAL	1	0	0	0	1
DAMIAN	0	1	0	0	1
DIEGO	0	4	2	0	6
DOMINGO	5	13	11	5	34
EDUARDO	0	0	1	0	1
ESTANISLAO	0	0	0	1	1
ESTEBAN	1	1	0	1	3
EUSTAQUIO	0	1	0	0	1
EVANGELISTA	0	0	1	0	1
FELIPE	0	1	1	1	3
FELIZ	0	1	0	2	3
FERMIN	0	0	1	0	1
FERNANDO	0	0	1	0	1
FRANCISCO	7	15	16	17	55
GABRIEL	0	2	13	4	19
GASPAR	1	0	0	0	1
GIL	0	1	0	0	1
GREGORIO	1	0	0	0	1
IGNACIO	2	0	1	0	3

NOME	1670-1678	1735-1750	1775-1790	1835-1850	TOTAL
IGNACIO	2	0	1	0	3
ILDEFONSO	0	0	0	1	1
INOCENCIO	0	0	0	1	1
ISIDORO	0	1	1	1	3
ISIDRO	0	2	1	0	3
JACINTO	0	0	3	1	4
JACOBO	0	4	1	0	5
JESUS	1	0	0	0	1
JOAQUIN	0	0	2	2	4
JOSE	6	11	24	48	89
JUAN	8	15	21	23	67
JULIAN	0	1	0	0	1
LINO	0	0	1	1	2
LORENZO	0	2	1	0	3
LUCAS	0	0	1	0	1
LUIS	0	1	2	0	3
MANUEL	1	4	14	34	53
MARTIN	0	1	0	0	1
MATEO	1	2	0	0	3
MATIAS	0	0	1	0	1
MELCHOR	1	1	0	0	2
MICAEL	0	0	1	0	1
MIGUEL	0	2	9	3	14
NEMESIO	0	0	1	0	1
NEPOMUCENO	0	0	1	0	1
NICOLAS	3	4	9	11	27
PABLO	0	1	1	0	2
PADUA	0	0	2	0	2
PASCUAL	2	2	3	4	11
PASTOR	0	0	0	2	2
PEDRO	7	7	21	7	42
RAFAEL	0	0	1	0	1
RAMON	0	1	7	10	18
ROQUE	4	2	5	0	11
ROSENDE	1	0	0	0	1
ROSENDO	0	0	1	1	2
SALVADOR	1	3	3	1	8
SEBASTIAN	0	1	3	0	4
SILVESTRE	0	4	0	0	4
SIMON	1	0	1	0	2
TADEO	0	0	2	0	2
TEODORO	0	0	0	2	2
TOMAS	0	0	2	2	4
TORIBIO	0	0	1	0	1
VALERIANO	0	0	1	0	1
VICENTE	1	0	0	5	6

6.2 Evolución dos nomes masculinos simples por período en Andrade

NOME	1735-1750	1775-1790	1835-1850	TOTAL
ADAN	0	1	0	1
AGUSTIN	2	1	4	7
ALBERTO	0	1	0	1
ANDRES	6	11	17	34
ANGEL	0	3	1	4
ANSELMO	0	0	1	1
ANTONIO	66	86	26	178
BALTASAR	0	1	0	1
BARTOLOME	0	1	0	1
BAUTISTA	0	1	0	1
BENITO	2	10	0	12
BERNARDO	0	6	4	10
CARLOS	0	1	0	1
CAYETANO	3	3	0	6
CIPRIAN	2	1	2	5
CLEMENTE	1	0	0	1
CORNELIO	0	1	0	1
DIEGO	0	3	0	3
DOMINGO	23	13	6	42
ESTEBAN	0	1	0	1
FELIPE	0	0	1	1
FELIZ	0	1	0	1
FRANCISCO	5	16	12	33
FROILAN	0	1	0	1
GREGORIO	0	1	0	1
HIGINIO	0	1	0	1
IGNACIO	1	2	0	3
JACINTO	2	1	1	4
JACOBO	0	1	0	1
JAVIER	0	1	0	1
JOAQUIN	0	0	2	2
JORGE	0	2	0	2
JOSE	8	27	35	70
JUAN	5	13	20	38
LORENZO	0	2	0	2
LUIS	1	1	0	2
MANUEL	3	11	20	34
MARCOS	1	0	1	2
MARTIN	1	0	3	4
MATEO	1	1	0	2
MATIAS	3	1	2	6
MIGUEL	0	3	3	6
NICOLAS	2	6	4	12
NICOMEDES	0	1	0	1

NOME	1735-1750	1775-1790	1835-1850	TOTAL
PABLO	0	1	0	1
PASCUAL	0	1	2	3
PEDRO	7	18	4	29
RAFAEL	1	0	0	1
RAIMUNDO	1	0	0	1
RAMON	5	8	3	16
ROSENDO	0	1	1	2
SALVADOR	0	3	1	4
SANTIAGO	0	0	1	1
SERAPIO	0	1	0	1
SILVESTRE	4	0	0	4
SIMON	1	2	0	3
TADEO	0	1	0	1
TOMAS	0	1	0	1
VICENTE	3	3	0	6

6.3 Evolución dos femininos simples por período en Nogueirosa

NOME	1670-1678	1735-1750	1775-1790	1835-1850	TOTAL
AGUSTINA	0	1	0	1	2
ALBERTA	0	0	2	0	2
ALEJANDRA	0	0	0	1	1
ANA	2	5	2	0	9
ANDREA	3	24	26	12	65
ANGELA	2	1	2	0	5
ANTONIA	6	23	34	35	98
BARBARA	0	1	3	1	5
BASILIA	0	0	0	1	1
BENIGNA	0	0	1	0	1
BENITA	0	0	1	0	1
BENTURA	1	0	0	0	1
BERNARDA	1	0	0	0	1
CARMEN	0	0	1	1	2
CATALINA	3	1	4	0	8
CAYETANA	0	0	1	1	2
CIPRIANA	0	3	0	1	4
CONCEPCION	0	0	1	0	1
DAMIANA	0	1	0	0	1
DOLORES	0	0	5	2	7
DOMINGA	6	4	6	2	18
ESPERANZA	0	0	0	1	1
EUGENIA	0	2	0	0	2
EULALIA	0	1	0	0	1
EUSEBIA	0	0	1	0	1
FELIPA	0	1	0	0	1
FILOMENA	0	0	0	2	2
FLORENCIA	0	0	0	1	1
FLORENTINA	0	0	1	0	1
FRANCISCA	3	12	12	15	42
GABRIELA	0	0	8	6	14
GERONIMA	0	0	1	1	2
GREGORIA	0	0	0	1	1
IGNACIA	0	1	1	1	3
INES	1	2	0	0	3
ISABEL	4	0	1	0	5
ISIDORA	0	0	1	0	1
JACINTA	1	1	2	0	4
JACOBA	0	0	1	0	1
JOAQUINA	0	0	1	2	3
JOSEFA	1	9	26	24	60
JUANA	0	12	23	14	49
LEONARDA	0	0	1	0	1

NOME	1670-1678	1735-1750	1775-1790	1835-1850	TOTAL
LORENZA	0	0	3	1	4
LUCIA	1	2	0	0	3
LUISA	1	1	2	2	6
MADALENA	1	0	0	2	3
MANUELA	0	6	17	12	35
MARGARITA	0	4	4	1	9
MARIA	21	39	94	39	193
MARIANA	1	0	0	0	1
MARINA	3	1	0	0	4
MICAELA	1	0	10	1	12
NATALIA	0	0	1	0	1
NICOLASA	0	4	10	13	27
PASCUA	4	2	7	0	13
PASTORA	0	0	0	1	1
PAULA	0	0	2	0	2
PETRA	0	0	14	3	17
RAFAELA	0	0	0	1	1
RAMONA	0	0	4	8	12
RITA	0	0	0	2	2
ROGELIA	0	0	1	0	1
ROSA	0	1	1	0	2
ROSALIA	0	0	1	0	1
ROSARIO	0	0	0	1	1
SALVADORA	0	2	1	0	3
SEBASTIANA	0	1	0	0	1
SILVESTRA	0	2	0	0	2
TERESA	1	2	2	2	7
TOMASA	1	0	1	0	2
VICENTA	0	0	1	1	2

6.4 Evolución dos nomes femininos simples por período en Andrade

NOME	1735-1750	1775-1790	1835-1850	TOTAL
AGUSTINA	0	2	0	2
ALBERTA	0	2	0	2
ANA	2	1	1	4
ANDREA	15	17	7	39
ANGELA	4	8	3	15
ANIMAS	0	1	0	1
ANTONIA	42	36	26	104
BALTASARA	0	1	0	1
BARBARA	1	0	0	1
BENITA	0	5	0	5
BERNARDA	2	3	2	7
BERNARDINA	0	1	0	1
BIBIANA	0	1	0	1
CALISTA	0	1	0	1
CARMEN	0	2	0	2
CATALINA	2	0	0	2
CAYETANA	1	1	1	3
CELESTINA	0	1	0	1
CESAREA	0	1	0	1
CONCEPCION	0	1	2	3
DOLORES	0	3	2	5
DOMINGA	11	11	2	24
DOMINICA	0	1	0	1
ESCOLASTICA	1	0	0	1
EULALIA	0	1	0	1
EUSTAQUIA	0	1	0	1
FELIPA	1	2	0	3
FRANCISCA	9	15	11	35
GABRIEL	3	7	1	11
GABRIELA	2	4	2	8
GREGORIA	2	1	0	3
IGNACIA	0	1	1	2
INOCENCIA	0	0	1	1
IRENE	0	1	1	2
ISABEL	3	1	1	5
JACINTA	0	1	0	1
JOAQUINA	1	2	0	3
JOSEFA	16	24	24	64
JUANA	11	12	5	28
JULIANA	0	1	0	1
JUSTA	0	1	0	1
LORENZA	0	1	0	1
LUCIA	3	5	0	8
LUISA	0	0	2	2

NOME	1735-1750	1775-1790	1835-1850	TOTAL
MAGDALENA	1	0	0	1
MANUELA	2	6	13	21
MARGARITA	0	3	0	3
MARIA	59	87	35	181
MARTA	2	2	0	4
MARTINA	0	1	0	1
MICAELA	3	1	0	4
NARCISA	0	0	1	1
NATALIA	0	1	0	1
NICOLASA	8	9	7	24
PASCUA	6	4	1	11
PAULA	1	0	0	1
PETRA	0	11	0	11
PETRONILA	0	2	0	2
RAMONA	0	4	0	4
RITA	0	3	1	4
ROMUALDA	0	2	0	2
ROSA	0	3	3	6
ROSALIA	2	0	0	2
ROSENDA	0	1	1	2
RUFINA	0	2	0	2
SATURNA	0	1	0	1
SEBASTIANA	1	0	0	1
SILVESTRA	0	1	0	1
SUSANA	0	1	0	1
TERESA	0	3	2	5
VICENTA	0	1	2	3

6.5 Procedencia dos padriños non naturais de San Cosme de Nogueirosa

	1673-1688		1735-1750		1775-1790		1835-1850	
ORIXE	**P**	**M**	**P**	**M**	**P**	**M**	**P**	**M**
A Coruña					1			
Andrade		2			4	4	4	4
Avilés							1	
Bergantiños					1			
Boebre					2	1	1	1
Breamo			1	1				
Camouco					2	2		
Capela							1	1
Carantoña			1	1	1		1	
Centroña	1	2				9		1
Comarcos			1	1				
Cruz de Salto								1
Doroña	2	2	7	7	5	5	2	3
Ferrol					1			
Freixeiro					1			
Grandal					2	1	4	5
Leiro		1						
Limodre			2	2				
Maniños		1						
Ombre	7	7	14	16	14	13	13	10
Perbes	1	1	1	1			1	1
Pontedeume	33	26	38	27	32	32	18	21
Porto	2		1	1	4	1	2	2
Recemal			1	1				
Vilachá				1				
Vilarmaior					1			
Vilanova		1			2	2		
Vilar	6	6	13	14	10	10	10	13
TOTAL	52	49	80	73	83	80	58	63

6.6 Procedencia dos padriños non naturais de San Martiño de Andrade

	1735-1750		1775-1790		1835-1850	
ORIXE	**P**	**M**	**P**	**M**	**P**	**M**
Coruña					1	
Cabanas	1	1				
Carantoña	7	6	12	12	5	4
Castro	1	1	5	5		1
Collergondo				1		
Comarcos					2	2
Doroña	2	4	4	4	6	5
Ferrol			4	3		
Grandal	1	1	2	2	2	2
Labrada				1		1
Leiro	1	1	2	2	2	3
Miño				1		
Monfero	1				2	3
Neda				1		
Nogueirosa	2	2	8	7	1	1
Ombre	4	2	3	4		
Perbes	1	1	2		3	3
Pontedeume	26	16	14	11	5	5
Porto			2	2		
Taboada			1	1		
Vilachá						2
Vilarmaior					1	
Vilanova	4	3	3	6	5	3
Vilar	3	4	13	14	3	3
TOTAL	54	42	75	77	38	38

Cátedra

Escolma da Nosa Historia

O libro de onde están extraidas estas páxinas, para este apartado Escolma da nosa historia, forma parte dunha colección titulada Biblioteca de Autores Españoles. A edicción deste tomo pertence a Lewis Hanke en colaboración con Celso Rodríguez.

Nestas páxinas reprodúcese unha breve reseña bibliográfica e unha anotación sobre documentos básicos existentes para cada vicerrei, neste caso de Pedro Antonio Fernández de Castro e Portugal, X Conde de Lemos. Neste número da Revista Cátedra publicamos a segunda parte..

Consello de Redacción.



BIBLIOTECA

DE

AUTORES ESPAÑOLES

DESDE LA FORMACION DEL LENGUAJE HASTA NUESTROS DIAS

(CONTINUACION)

LOS VIRREYES ESPAÑOLES EN AMERICA DURANTE EL GOBIERNO DE LA CASA DE AUSTRIA

PERU

IV

EDICION DE LEWIS HANKE
con la colaboración de CELSO RODRIGUEZ



MADRID
1979

deudas, debiéndose excesivas cantidades a la proveeduría y milicia del Callao, de suerte que los soldados desamparaban el presidio por no tener con qué sustentarse, que estoy informado que en tiempo del Conde de Santisteban trató de ausentarse la gente del mar.

Las justicias y ministros de audiencia, sin autoridad ni respeto, unos por su proceder y otros por estar la gente sin disciplina ni sujección.

Los indios inquietos, tratando de conspirar por la gran opresión que padecían y poco o ningún remedio que se daba a sus quejas.

Los religiosos sin observancia regular, mucha parte del estado eclesiástico secular con poca o ninguna virtud, causando mal ejemplo a los sedulares, siendo algunos religiosos y clérigos los principales motores de la inquietud y sedición de Puno, y esto con mucho desconsuelo porque los obispos y prelados de las religiones aunque desean la quietud, y se recojan a sus conventos y retiren de lugares tan peligrosos, no ponen la mano en el castigo de los culpados, para que les sirva de escarmiento y a los demás de ejemplo.

En este estado hallé el reino y entré al gobierno con mucha confianza de irle mejorando en todo género de materias porque he puesto mi principal desvelo y cuidado en el agrado de Dios y su Purísima Madre y servicio de S.M. Así en tres meses y medio que ha que gobierno he dispuesto lo siguiente, que por ser poco seguro el despacho lo referiré en breve y como por índice para que S. M. salga del cuidado en que le pudo poner la noticia de la turbación de este reino.

